



# PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DO CONCELLO DE VERÍN

DOCUMENTO PARA  
APROBACIÓN DEFINITIVA

MEMORIA INFORMATIVA

TOMO I

MEMORIA  
INFORMATIVA





## MEMORIA INFORMATIVA





## ÍNDICE

<b>1.</b>	<b>SINOPSE HISTÓRICA.....</b>	<b>6</b>
1.1.	O NEOLÍTICO.....	6
1.2.	O CALCOLÍTICO.....	7
1.3.	A IDADE DO BRONCE.....	7
1.4.	A IDADE DO FERRO.....	9
1.5.	A ROMANIZACIÓN.....	10
1.6.	O MEDIEVO.....	12
1.6.1.	OS CAMIÑOS DE PEREGRINACIÓN A COMPOSTELA.....	13
1.7.	A IDADE MODERNA.....	15
1.7.1.	AS GUERRAS CON PORTUGAL.....	18
1.8.	A IDADE CONTEMPORÁNEA.....	19
1.9.	BIBLIOGRAFÍA.....	24
<b>2.</b>	<b>A DEMOGRAFÍA.....</b>	<b>25</b>
2.1.	A COMARCA DE VERÍN.....	26
2.2.	O CONXUNTO MUNICIPAL.....	28
2.2.1.	PROXECCIÓN DA POBOACIÓN.....	30
2.2.2.	A EVOLUCIÓN 1900-2004.....	32
2.2.3.	ETAPAS DA EVOLUCIÓN DA POBOACIÓN.....	33
2.2.4.	AS PARROQUIAS.....	36
2.2.4.1.	Santa María de Ábedes.....	38
2.2.4.2.	San Salvador de Cabreiroá.....	39
2.2.4.3.	Santa María de Feces de Abaixo.....	40
2.2.4.4.	Santa María Feces de Cima.....	40
2.2.4.5.	Santa María de Mandín.....	41
2.2.4.6.	San Martiño de Mourazos.....	42
2.2.4.7.	San Fiz de Pazos.....	43
2.2.4.8.	San Bartolomeu de Queirugas.....	43
2.2.4.9.	San Pedro de Queizás.....	44
2.2.4.10.	Santa María da Rasela.....	45
2.2.4.11.	Santa María de Tamagos.....	45
2.2.4.12.	Santa María de Tamaguelos.....	46
2.2.4.13.	Santa Cristina de Tintores.....	47
2.2.4.14.	Santa María A Maior de Verín.....	48
2.2.4.15.	Santiago de Vilarmaior do Val.....	49
2.2.4.16.	Conclusións.....	50
2.3.	A ESTRUCTURA DA POBOACIÓN.....	51
2.4.	MOVEMENTOS NATURAIS DA POBOACIÓN. SALDOS, TAXAS E ÍNDICES.....	55
2.5.	MOVEMENTOS MIGRATORIOS.....	61
2.6.	INSTRUCCIÓN DA POBOACIÓN.....	66
<b>3.</b>	<b>O PARQUE SOCIORRESIDENCIAL.....</b>	<b>69</b>
3.1.	O CONCELLO DE VERÍN. CONTEXTUALIZACIÓN DA ANÁLISE.....	69
3.2.	EVOLUCIÓN DO PARQUE DE VIVENDAS 1960 –2001.....	70
3.2.1.	A COMARCA DE VERÍN.....	71
3.2.2.	O CONCELLO DE VERÍN.....	72
3.2.3.	AS PARROQUIAS DE VERÍN.....	73





3.2.3.1.	Santa María de Ábedes .....	75
3.2.3.2.	San Salvador de Cabreiroá .....	75
3.2.3.3.	Santa María de Feces de Abaixo .....	76
3.2.3.4.	Santa María Feces de Cima .....	77
3.2.3.5.	Santa María de Mandín .....	77
3.2.3.6.	San Martiño de Mourazos .....	77
3.2.3.7.	San Fiz de Pazos .....	78
3.2.3.8.	San Bartolomeu de Queirugás .....	78
3.2.3.9.	San Pedro de Queizás .....	79
3.2.3.10.	Santa María da Rasela .....	80
3.2.3.11.	Santa María de Tamagos .....	80
3.2.3.12.	Santa María de Tamagelos.....	81
3.2.3.13.	Santa Cristina de Tintores .....	81
3.2.3.14.	Santa María A Maior de Verín .....	82
3.2.3.15.	Santiago de Vilarmaior do Val .....	83
3.3.	OS EDIFICIOS E VIVENDAS .....	83
3.3.1.	EDIFICIOS DO CONCELLO .....	88
3.3.2.	AS VIVENDAS .....	91
3.4.	OS FOGARES .....	99
3.5.	OS LOCAIS.....	103
3.5.1.	LOCAIS ACTIVOS E INACTIVOS .....	104
3.5.2.	TIPOLOXÍAS DOS LOCAIS.....	105
3.5.3.	O CONCELLO E AS SÚAS PARROQUIAS.....	108
3.6.	AS LICENZAS DE CONSTRUCCIÓN NO CONCELLO DE VERÍN.....	110
3.6.1.	O CONXUNTO MUNICIPAL .....	111
3.6.2.	AS TIPOLOXÍAS DAS LICENZAS .....	113
3.6.3.	AS PARROQUIAS .....	118
3.6.3.1.	Santa María de Ábedes.....	118
3.6.3.2.	San Salvador de Cabreiroá .....	118
3.6.3.3.	Santa María de Feces de Abaixo .....	119
3.6.3.4.	Santa María Feces de Cima .....	119
3.6.3.5.	Santa María de Mandin .....	120
3.6.3.6.	San Martiño de Mourazos .....	120
3.6.3.7.	San Fiz de Pazos .....	121
3.6.3.8.	San Bartolomeu de Queirugas .....	122
3.6.3.9.	San Pedro de Queizas .....	122
3.6.3.10.	Santa María da Rasela .....	123
3.6.3.11.	Santa María de Tamagos .....	123
3.6.3.12.	Santa María de Tamaguelos.....	124
3.6.3.13.	Santa Cristina de Tintores .....	125
3.6.3.14.	Santa María A Maior de Verín .....	126
3.6.3.15.	Santiago de Vilarmaior do Val .....	126
3.6.4.	os datos da xunta. as licenzas nos últimos catro anos 2000-2003.....	127
<b>4.</b>	<b>A ECONOMIA E O SISTEMA PRODUTIVO.....</b>	<b>131</b>
4.1.	INTRODUCCIÓN.....	131
4.2.	A EVOLUCIÓN DA POBOACIÓN DE VERÍN E COMARCA.....	132
4.3.	O EMPREGO LOCAL E O EMPREGO NAS ÁREAS LÍMITROFES. O CONTRASTE ENTRE A ESTRUCTURA DO EMPREGO LOCAL E DA OCUPACIÓN DOS HABITANTES DE VERÍN E A COMARCA.....	135



4.4.	ESTRUTURA SECTORIAL DO SISTEMA PRODUTIVO E A SÚA DINÁMICA RECENTE.....	140
4.5.	A OCUPACIÓN POR RAMAS DE ACTIVIDADE.....	145
4.6.	O TECIDO EMPRESARIAL.....	150
4.7.	O MEDIO NATURAL E O APROVEITAMENTO AGRARIO, FORESTAL E MEDIOAMBIENTAL.....	152
<b>5.</b>	<b>O SISTEMA DE DOTACIÓNS URBANÍSTICAS.....</b>	<b>157</b>
5.1.	INTRODUCCIÓN.....	157
5.2.	DEFINICIÓN E CLASIFICACIÓN DAS DOTACIÓNS.....	158
5.3.	METODOLOXÍA. ELECCIÓN E XUSTIFICACIÓN DE ESTÁNDARES.....	158
5.4.	SISTEMA DE ESPAZOS LIBRES E ZONAS VERDES DE DOMINIO E USO PÚBLICO.....	165
5.4.1.	ESPAZOS LIBRES E ZONAS VERDES DE ÁMBITO CIDADE (SISTEMA XERAL DE ESPAZOS LIBRES E ZONAS VERDES).....	165
5.4.2.	ESPAZOS LIBRES E ZONAS VERDES DE ÁMBITO VECINDARIO (SISTEMA LOCAL DE ESPAZOS LIBRES E ZONAS VERDES).....	166
5.4.3.	OS PARQUES FORESTAIS E/OU ÁREAS FLUVIAIS.....	169
5.4.4.	PARÁMETROS COMPARATIVOS.....	170
5.4.5.	SISTEMAS DE ESPAZOS LIBRES E A SÚA DISTRIBUCIÓN ACTUAL.....	171
5.5.	SISTEMA DE ESPAZOS EQUIPAMENTOS COMUNITARIOS.....	175
5.5.1.	EQUIPAMENTO ASISTENCIAL.....	175
5.5.1.1.	Equipamentos asistenciais de ámbito cidade (Sistema Xeral de equipamentos comunitarios).....	175
5.5.1.2.	Parámetro comparativo.....	175
5.5.1.3.	Sistema de equipamentos asistenciais e a súa distribución actual.....	176
5.5.2.	EQUIPAMENTO DEPORTIVO.....	179
5.5.2.1.	Equipamentos deportivos de ámbito cidade (Sistema xeral de equipamentos comunitarios).....	179
5.5.2.2.	Equipamentos deportivos de ámbito veciñal.....	179
5.5.2.3.	Parámetro comparativo.....	180
5.5.2.4.	Sistema de equipamentos deportivos e a súa distribución actual.....	180
5.5.3.	EQUIPAMENTO EDUCATIVO.....	183
5.5.3.1.	Centros de ensino secundario (Sistema territorial pertencente ao sistema xeral de equipamentos comunitarios).....	183
5.5.3.2.	Centros de Ensino Infantil e Primario.....	183
5.5.3.3.	Escolas de ensino infantil (EEI).....	184
5.5.3.4.	Centros de ensino de réxime especial (Sistema xeral de equipamentos comunitarios).....	184
5.5.3.5.	Centros de ensino non regulado.....	184
5.5.3.6.	Gardería (Sistema Xeral de equipamentos comunitarios).....	184
5.5.3.7.	Parámetro comparativo.....	185
5.5.3.8.	Sistema de equipamentos educativos e a súa distribución actual.....	185
5.5.4.	EQUIPAMENTO SANITARIO.....	187
5.5.4.1.	Hospital comarcal de Verín (1004).....	187
5.5.4.2.	Centro de Saúde (Sistema Xeral de equipamentos comunitarios).....	187
5.5.4.3.	Centros menores.....	188
5.5.4.4.	Parámetro comparativo.....	188
5.5.4.5.	Sistema de equipamentos sanitarios e a súa distribución actual.....	188
5.5.5.	EQUIPAMENTO SOCIOCULTURAL.....	191





5.5.5.1.	Equipamentos socioculturais de ámbito cidade (Sistema Xeral de equipamentos comunitarios).....	191
5.5.5.2.	Equipamentos socioculturais de ámbito veciñal.....	192
5.5.5.3.	Parámetro comparativo.....	192
5.5.5.4.	Sistema de equipamentos sociocultural e a súa distribución actual.....	192
5.6.	AVALIACIÓN DOS ESTÁNDARES DE EQUIPAMENTOS, SEGUNDO AS NORMAS SUBSIDIARIAS PROVINCIAIS DE 1991.....	195
5.7.	DETALLE DA RELACIÓN DOS EQUIPAMENTOS.....	198
5.8.	DETALLE DA RELACIÓN DOS ESPAZOS LIBRES E ZONAS VERDES.....	204
<b>6.</b>	<b>INFRAESTRUTURAS.....</b>	<b>208</b>
6.1.	COMUNICACIÓN.....	208
6.2.	SERVIZOS URBANÍSTICOS.....	210
6.2.1.	ABASTECIMENTO DE AUGA.....	210
6.2.1.1.	Zona urbana.....	210
6.2.1.2.	Núcleos.....	211
6.2.2.	SANEAMENTO.....	212
6.2.3.	SUBMINISTRACIÓN DE ENERXÍA ELÉCTRICA.....	213
6.2.4.	REDE DE GAS.....	213
6.2.5.	SERVIZO DE EXTINCIÓN DE INCENDIOS.....	213
6.2.6.	TRATAMENTO DE RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS.....	213
6.2.7.	TRANSPORTE PÚBLICO.....	217
6.2.8.	CENTROS DE ATENCIÓN SOCIAL.....	219
<b>7.</b>	<b>AFECCIÓNS.....</b>	<b>221</b>
7.1.	PLANEAMENTO EXISTENTE.....	221
7.1.1.	PLANEAMENTO NO CONCELLO DE VERÍN.....	221
7.1.2.	PLANEAMENTO NOS CONCELLOS LIMÍTROFES.....	222
7.2.	LEXISLACIÓN SECTORIAL.....	223
7.2.1.	PATRIMONIO HISTÓRICO-ARTÍSTICO.....	223
7.2.1.1.	Proteccións xenéricas.....	223
7.2.2.	ESPAZOS NATURAIS.....	226
7.2.3.	ESTRADAS.....	226
7.2.4.	AUGAS.....	227
7.2.5.	INSTALACIÓN ELÉCTRICAS DE ALTA E MEDIA TENSIÓN.....	227
7.2.6.	INSTALACIÓNS DE TELECOMUNICACIÓNS.....	227
7.2.7.	MONTES.....	227
7.2.8.	GASODUTOS.....	227



## 1. SINOPSE HISTÓRICA

*Verín, illa de ribeira e val, xeograficamente exemplar,  
brilla na rudeza das montañas de arredor  
coa rexa e antiga forza xeórxica das viñas*

Ramón Otero Pedrayo

O municipio de Verín ocupa, ao longo dos seus 93,87 km<sup>2</sup> de extensión, a planicie aluvial do Val do Támega, “circundada por serras e macizos de rocas antigas” en palabras de Dasairas Valsa. O mesmo autor constata como a dualidade val-montaña caracteriza desde moi antigo os xeitos de vida e de cultura das xentes que habitan esta zona. Os macizos de San Mamede, A Queixa e o Invernadoiro contrastan abertamente coa planicie na que se empraiza o noso municipio, de aí que Vicente Risco gabase o “espléndido horizonte de montañas que contrastan coa igualitaria chaira do Val, un dos máis fermosos de Galiza”.

### 1.1. O NEOLÍTICO

Os antecedentes máis remotos no tempo que achamos encol do que hoxe é o concello de Verín remóntanse ao período Neolítico (-3.500 a -1.800). Nesta etapa histórica o ser humano dedicábase ao desenvolvemento de actividades agrícola-pastorís, un medio de vida que viabilizou os novos hábitos sedentarios da poboación. Desta etapa Verín conserva algúns exemplares de **dolmens** ou **mámoas** como as de *Queizás* (na parroquia homónima) ou *A Madorra* (Verín), unha voluminosa construción de carácter funerario que evidenciaba o excedente de tempo que aquela sociedade dedicaba a preparar os seus ritos postmortem.

Os dolmens ou antas eran un tipo de tumbas colectivas ou individuais autoafirmativas que constan dunha cámara funeraria á que se accede, en ocasións, por medio dun corredor de dimensións variables. Ambos elementos, cámara e corredor, aparecen cubertos por unha ou varias lousas de fasquía plana e definidos por unha serie de lousas fincadas verticalmente –tamén denominadas ortostatos- de entre 1 e 1.5 m. de altura. Esta estrutura pétreo era recuberta posteriormente con terra ata formar un túmulo que sobresaía entre 1.5 e 2 metros da ras do chan. Os dolmens situábanse en chairas elevadas, o que é interpretado por algúns estudosos como un desexo de achegar o finado a algunha das deidades do momento (o sol, a lúa, as estrelas...). Asemade os dolmens oriéntanse entre os 90 e os 120 graos, o que pode amosar unha intencionalidade representativa (a que persigue o itinerario solar dende que o astro “nace” polo leste ata que “morre” polo oeste, o que cabería interpretar como alegoría da vida humana).





En rigor podemos afirmar que este tipo de construcións é a máis antiga manifestación edilicia que conservamos na actualidade. A pervivencia destes monumentos funerarios ata os nosos días é unha auténtica milagre artística e arquitectónica que debería merecer o coidado máis esmerado e exquisito dos nosos contemporáneos, único medio dispoñible para poder legalo ás xeracións vindeiras.

## 1.2. O CALCOLÍTICO

O período calcolítico (-2.200 a -1.800) constitúe de facto o período final do neolítico. Nesta altura ten lugar a aparición da cultura do vaso campaniforme, tan común a outros lugares do continente europeo. Este tipo de vasos e cazos construídos en barro vermello adoitan posuír un escaso grosor (apenas 4 mm os menos finos), o que unicamente nos permite visualizar ao completo algúns exemplares previa reconstrución dos seus elementos esnaquizados. En Verín non temos constancia da aparición de elementos datables neste período.

Resulta curioso comprobar que non vai ser ata o tempo da Cultura Castrexa cando volvamos atopar restos cerámicos destas mesmas características, o que pode evidenciar algunha das xa apuntadas conexións culturais de carácter internacional, moi ligadas á irrupción das primeiras metalurxias do cobre.

## 1.3. A IDADE DO BRONCE

Entre os anos -1.800 e -800, Europa asiste á consolidación da cultura hallstática que trae aparellada unha nova cultura metalúrxica asociada ao bronce. A desaparición da cultura funeraria neolítica – substituída por un modelo de enterramento individual tipo cista- xunto coa desaparición dos restos habitacionais, minimizan as posibilidades de coñecermos máis profundamente como era e como vivía o ser humano nesta etapa histórica. Os historiadores especializados neste período supoñen a continuación das actividades agrícola-pastorís sedentarias xunto coa aparición dun incipiente comercio, tal e como evidencia o achado de elementos pertencentes á cultura mediterránea e continental. No caso de Galicia, o noso país fixa un intercambio e relación máis acusada co resto da fachada atlántica que cos demais pobos peninsulares.

Os **petróglifos** son a fonte principal que se nos ofrece á hora de fornecer datos sobre a cultura e as formas de vida destes homes e mulleres primitivos. Esta modalidade de inscultura prehistórica foi executada mediante técnicas percudidas en innumerables laxas e penedos situados, por norma xeral, en espazos elevados. A inexistencia de estacións rupestres en Verín, unha circunstancia moi



frecuente en toda a comarca de Verín<sup>1</sup>, así como nas demais comarcas orientais de Galicia, lévannos a barallar dúas hipóteses: ou ben este territorio estivo moi escasamente poboado naquel tempo histórico, ou ben as ocupacións dos seus habitantes non coincidían coas dos coetáneos que habitaban o que hoxe é o suroeste galego<sup>2</sup>. Todos os indicios apuntan ao primeiro enunciado como conxectura máis probable e verosímil.

Este tipo de incisións ou insculturas pétreas que son os petróglifos salienta pola combinación de simbolismo e naturalismo que transcende das escenas que representa (xeometrismo “abstracto” nos labirintos ou nas formas helicoidais e representacións “realistas” como as cúpulas de cervos, xinetes e cabalgaduras, escenas de caza maior...) o que contrasta abertamente coas representacións da mesma condición que están presentes noutras latitudes do continente europeo, ou mesmo de América e Oriente. Alí é o xeometrismo abstracto a representación máis abundosa (trísceles e tetrasqueis de filiación solar por exemplo), relegando ás representacións humanas e naturistas a un rol marxinal e secundario.

Xacementos como o do *Penedo da Moreiriña ou de Santiago* (Ábedes) ou o da *Peneda da Moura* (Tamaguelos) amosan ferraduras e motivos escutiformes respectivamente. É probable que os primeiros teñan unha datación medieval, como petróglifos de termo, se ben Taboada Chivite afirma que as numerosas insculturas de ferradura existentes na comarca (Vences por exemplo) pertencen ao *Altare Gruppe*, da clasificación de Obermaier de finais do Neolítico ou comezos do Bronce.

Con motivo da construción da Autovía das Rías Baixas viu a luz o xacemento da Fraga de Lobos (Ábedes), datado no Bronce inicial (1.800-1.500 a.C). “Situado nun importante nó de comunicacións” apunta Dasairas Valsa, “este xacemento non era estable, podéndose observar os puntos de apoio nos que se fixaban os paus das cabanas de tipo cónico. A tipoloxía da cerámica, de tipo campanense, a aparición dun muíño de mao naviforme e os distintos niveis de asentamento, aventuran unha utilización do mesmo durante distintos períodos, mesmo posteriores. Os moldes de fundición atopados e mesmo a tipoloxía da cerámica indican un forte desenvolvemento da metalurxia. De grande importancia para a análise do xacemento son as cistas existentes no lugar en cuxo interior apareceron restos humanos en bo estado de conservación debido ao proceso de momificación que sufriron e ao bo selado das foxas, en cuxo interior se atopou a cerámica e materiais de sílex, lousa, cuarzo e cuarcita.” (...) “A presenza de lareiras, subministran tamén datos sobre a economía e consumo destas xentes” conclúe o mesmo autor.

---

<sup>1</sup> Si hai constancia da existencia de petróglifos no Penedo das Ferraduras, a 2 Km da aldea de Vences (concello de Monterrei), así como no Salto do Cabalo (Vilardevos). Posiblemente todos eles teñan unha orixe medieval.

<sup>2</sup> Cabe supor que o pastoreo e a caza de cérvidos era unha práctica cotiá para os homes da Galicia da Idade do Bronce que habitaban nunha ampla extensión do suroeste de Galicia.





## 1.4. A IDADE DO FERRO

Arredor do século VIII a.C. chegan á península distintas ondadadas de pobos de orixe céltica procedentes do Mar Caspio que son portadores e coñecedores dunha nova metalurxia: o ferro. Estes pobos fixan a súa residencia en distintos lugares do territorio que os romanos ían denominar, séculos despois, Gallaecia, así como nas terras bañadas polo mar Cantábrico. Os poboados das Serras dos Ancares e O Cebreiro son fieis testemuñas da pervivencia da cultura castrexa –a variante autóctona da cultura celta europea- aínda nos nosos días; pero tamén os cultos relixiosos que outorgaban vida aos elementos da natureza (fontes, ríos, árbores, penedos...), ou mesmo o costume de prender lumes nos outeiros e encrucilladas, a celebración da primavera e dos solsticios de verán, o culto ás ánimas...

Mais o elemento de maior proxección histórica que transcendeu ata os nosos días é quizais o asentamento castrexo. Por primeira vez neste período chegan a nós os restos da “arquitectura da vida” dalgún dos pobos que habitara Galicia. Os castros foron os emprazamentos habitacionais desta peculiar civilización europea. O abandono das chairas e a colonización dos outeiros de carácter máis estratéxico (preto de ríos e de amplas zonas de cultivo, ou mesmo ao pé do mar) é o primeiro signo deste novo tempo histórico, onde ve a luz a primeira manifestación de urbanismo galaico. Os castros presentan dimensións desiguais que van dos 20 aos 500 m. de diámetro, sendo os 100 m. a extensión media común. A planta adoita ser oval ou alongada, sempre situada na croa dun monte, outeiro ou promontorio, e aparecía protexida por un ou máis muros defensivos perimetrais que daban paso a terrapléns nos que, en ocasións, se dispuñan os antecastros ou ampliacións do recinto central.

Os castros da **Igrexa dos Mouros** ou o **Castro da Viña ou Baixada de San Xosé** (ambos en Cabreiroá), son paradigma dalgún do modelo de asentamento castrexo no municipio de Verín. O primeiro deles foi, con moita probabilidade, intensamente romanizado, tal e como evidencia a presenza dalgúns elementos definatorios: pedras cilíndricas a modo de fustes, fragmentos de tixolo tipo *testae*... O castro da Baixada de San Xosé tamén sería, malia a abondosa presenza de tégula na súa superficie, paradigma dos caracteres xerais da modalidade de urbanismo primitivo: inexistencia dunha orde urbanística preestablecida, ausencia de construcións que presten servizos ao conxunto da comunidade, localización concentrada das vivendas formando “barrios” ou conxuntos diferenciados... Só nos castros máis romanizados, como é o caso do de Cabanca (Castrelo do Val) ou o do *Castro de Flor de Rei Vello*, (Vilardevós), atopamos vivendas con pequenos vestíbulos, fornos e lareiras, e mesmo canalizacións e fontes de uso colectivo. Nesta etapa histórica a comarca foi



habitada polos pobos *Tamagani*<sup>3</sup>, unha *cividade* que ocuparía, en opinión de Dasairas Valsa, as terras medievais da Capraria e da Loparzana.

Moitos destes castros, escenario de rituais relixiosos de corte pagán despois do seu abandono, foron cristianizados no medievo, á vista de que o pobo non renunciaba a recoñecer neles un escenario sacro-relixioso. A ermida de San Martiño, que se levantou na croa do castro de Cabanca, ou a que aínda existe en Florederrei Vello resultan perfectos exemplos disto que dicimos.

Neste contexto pode entenderse, malia ás reservas de Taboada Chivite, a disposición ditada o 7 de marzo de 1226 en Santiago de la Puebla, na que o rei Alfonso IX comprométese co Convento de Celanova a prohibir a reconstrución do “Castro de Berín”. En Ourense, o 15 de maio de 1232, Fernando III ratifica o antedito e o mesmo fai Afonso X o 28 de setembro de 1255 en Valladolid. O Papa Clemente IV en outubro de 1266, apoia estas disposicións advertindo ademais que “*ningún presbítero celebre en castro que estea edificado*”. Debido a esta insistencia eclesiástica, Xurxo Lorenzo e Antón Risco pensaron na existencia de rituais pagáns no lugar e que teñen parangón no concello veciño de Vilardevós por exemplo (Ermida da Nosa Señora das Portas Abertas sobre o castro de Florderrei) así como noutras partes de Galicia e na nosa comarca: Larouco, Ladairo, Laxes das Chás, Os Remedios (Campo da Parafita), Santa Ana... testemuños todos eles de cristianizacións de lugares noutrora sagrados para os nosos devanceiros.

## 1.5. A ROMANIZACIÓN

Entre os séculos I ao IV despois de Cristo a invasión do Imperio Romano trastocou seriamente a orde e as claves económicas, artísticas, sociais e mesmo idiomáticas dos pobos castrexos que habitaban o que hoxe é Galicia. A partir do ano 19 a.C. as tropas do emperador poñen fin a un longo episodio bélico (Décimo Xunio Bruto no 137 a.C.; Publio Craso no 94 a.C.; Parpenna no 71 a.C.; Xulio César no 61 a.C.) que remataría co nacemento dunha nova provincia romana: a Gallaecia. A Galicia romana convive con núcleos de resistencia castrexa, mais o denominador común desta etapa histórica pasa pola imposición do modelo de vida e de desenvolvemento socioeconómico do imperio: construción dun viario que conectaría as urbes máis relevantes (as *villae* de Lugo, A Coruña, Braga, Astorga...); a definición dun novo urbanismo planificado e ordenado con base nunha orde social xerárquica establecida polas clases dirixentes; a explotación mineira; o intercambio desigual; a escravitude incondicional dos pobos sometidos...

---

<sup>3</sup> Recordemos que Tamagos e Tamaguelos son nomes de dúas das parroquias do concello de Verín, vila regada polo río Támega.



En opinión de Dasairas Valsa “o propio nome de Verín<sup>4</sup> procede dun deses posesores romanos que controlaban coa axuda da Legio VII (mencionada nunha lápida da vila romana de Ábedes) o ámbito das terras que a cada un deles lle outorgaban”.

No que atinxe aos xacementos arqueolóxicos, Ceán Bermúdez asegura que no ano 1580 apareceu en Ábedes un apousento romano de 15 por 12 pés, e nel unha lápida alusiva á Legio VII, así como un touriño de bronce sobre unha columna de mármore. Así mesmo, no lugar da Muradella (Mourazos) atopouse unha estatua de mármore branco que representa a Dionisos (acéfalo) e Ampelos. O arqueólogo Taboada Chivite escavou este mesmo lugar, dando cos restos dunha vila romana rural protexida por un dobre muro “que ben puidese ser dun castro anterior ou para servirille á propia vila de protección”, en palabras de Dasairas Valsa. Con motivo da construción da estrada Verín-Vences atopáronse unha serie de sepulcros romanos no lugar da Pedreira. Con motivo da construción do chale de Santamarina e da casa de J. José Regueiro descubríronse restos de vivendas, moedas, muíños circulares, tégulas, ímbrices.... O barrio de San Lázaro e as rúas Blanco Rajoy e Maior permitiron atopar outros moitos restos. De orixe romana son tamén, segundo Barros Silvelo, as cimentacións da ponte de Feces de Abaixo. “A ponte antiga de Verín sobre o Támega tamén foi considerada desta época ou ao menos así o considerou quen deseñou o escudo heráldico do concello” afirma Dasairas Valsa. Ademais no lugar de San Gregorio (Pazos) deuse cun muíño circular coa inscrición LXXIII, e outro na base da desaparecida muralla verinense do século XVII. En Cabreiroá apareceron restos dun cano e, como xa apuntamos máis arriba, é posible que o xacemento da Igrexa dos Mouros ou Bouzadoiro, na mesma parroquia, se trate dun campamento romano. Así mesmo, en Vilamaior do Val atopáronse unha serie de restos de cronoloxía romana, entre eles un ara. Tamén no lugar do Telleiro ou Forno dos Mouros (entre Mandín e Feces) apareceron moitos testos, o que probaría a existencia dun centro de produción cerámica nesta época. O fondo dunha ánfora (Vilamaior), o grupo escultórico (Mourazos) completan a relación de xacementos de achados de orixe romana no noso concello.

Moi preto do núcleo de Verín, na aldea de Vences (concello de Monterrei), foi atopado un sepulcro romano de forma trapezoidal datado entre os séculos III a IV d. C. Este achado non é casual, dado que o territorio situado á dereita do Támega está moi próximo ao trazado da Vía romana secundaria que unía *Aquasflavias-Salientibus*, que transita ao longo da marxe esquerda do río.

Xa que logo, na comarca do Val do Támega tamén é posible constatar a pegada romana ao longo do viario que atravesou a actual comarca de Verín camiño da *Villae Auriense* (a Ourense da Gallaecia do Baixo Imperio Romano). Deste viario principal, o XVII do itinerario Antonino, que comunicaba Brácaro Augusta (Braga) con Asturica (Astorga)<sup>5</sup> partiu, con toda seguridade, este viario secundario de

<sup>4</sup> Verín procedería, xa que logo, de Verinius (de Verus).

<sup>5</sup> Consultar os itinerarios romanos segundo os estudos de J. Naveiro.



carácter transversal que se estendería polos vales da Limia e Verín camiño da *Lusitania*, articulando de norte a sur o territorio coñecido como *Bracaraugustannus*, un dos tres *conventos* nos que se dividía a Galicia romana xunto ao asturiano e o lucense. Esta vía presentaba dous itinerarios principais, o que transcorría por Nocelo da Pena (F. *Limicorum*), Xinzo da Limia e Augasantas (*Salientibus*), e outro paralelo que atravesaría o Val do Támega para rematar nas proximidades de Allariz. Neste contexto cronolóxico e territorial a mansión romana de *Civitas Limicorum*, situada ao pé do nacemento do río Limia, exercería o papel de reitor da vida social e económica de todo o que hoxe comprende as comarcas da Limia e Verín.

Asemade o concello estaría atravesado por unha serie de vías secundarias entre as que, segundo Dairas Valsa, salientaría a Vía Sanabria-Brigantium, que transcorrería ao longo da Gudiña, A Serra Seca, Campobeceros, Portocamba, Trez, Laza, Alberguería... Non se atopou ningún miliario que puidese verificar esta hipótese. Só a existencia das minas do Camba, de orixe romana segundo algunhas fontes, serve de principal apoio a esta tese.

Dasairas Valsa subliña tamén a importancia desta comarca en época romana, cando os invasores explotaban as veas estanníferas, moi aproveitadas tamén ao longo dos séculos XVI e XVII. O estaño non aparecía só, senón acompañado de prata, e en menor proporción, de ouro.

## 1.6. O MEDIEVO

Os sartegos antropomorfos -de cronoloxía imprecisa- atopados nos concellos de Castrelo do Val, Monterrei ou Oímbra son algunha das máis valiosas evidencias da introdución da comarca do Támega na Idade Media. Con todo, hoxe en día estamos en condicións de afirmar que o período prerrománico, isto é, aquel que se sitúa entre os séculos V ao X d.C. para englobar á etapa sueva, visigoda, asturiana, así como a denominada mozárabe ou de repoboación, non tivo unha significación especialmente relevante en Verín. Si sabemos que, segundo diversas fontes, o caudillo Frumarios arrasou esta comarca.

Segundo Sánchez Albornoz, Al-Abbas entrou en Galicia no ano 825 seguindo o curso do Támega, deixando tras de si unha terra despoboadada e arrasada ata a restauración da Sede Auriense. No ano 872 Odoario, por orde do rei Afonso III, repoboa as vilas de Pazos e Verín. Neste mesmo momento construíase, posiblemente, a primeira torre defensiva en Monterrei "... *uicos et castella erexit*". Ordoño II visita en outubro do 921 o Val de Monterrei, que queda baixo o mandado do "Comes" Gutierre Menéndez, pai de S. Rosendo de Celanova, a cuxo convento habían ficar adscritas estas terras ata a súa desmembración en 1555. Nun apeo e demarcación que encarga no 950 o rei Ramiro II, aparece citado o *Castrum Baroncelli* e a *Urbis Baroncelli* (Monterrei), o que acredita a súa defensa e poboación. Con todo, fontes relixiosas consultadas por Dasairas Valsa afirman que este Varoncelli (home do ceo) é o mesmo que o *Servo Dei* (servo de Deus), nome que recibiu o mosteiro da parroquia castrelense de





Servoi. Outro templo da comarca, o de Santa María de Mixós, revela na súa constitución mozárabe e visigótica o influxo deste momento de transición e protagonismo repoboador impulsado por San Rosendo no século X.

A raíña Urraca, durante a minoría de idade de Afonso VII, quíttalle este territorio de Varoncelli a Celanova, sendo restituído polo mesmo rei en novembro de 1145 e confirmado en 1155 segundo relato de Cid Rumbao. Nas guerras entre leoneses e casteláns, o castelo de Monterrei, centro neurálxico da comarca, foi ocupado por estes últimos en 1198, amosando unha certa febleza nas súas defensas. Desde a independencia de Portugal a fortaleza de Monterrei comeza a se converter nun punto estratéxico importante e polo tanto pretendido pola coroa.

Saltaremos agora ata os séculos XI, XII e XIII na procura de bens e elementos que nos permitan seguir o rastro da historia no termo municipal do que hoxe coñecemos como Verín.

Seguindo a Dasairas Valsa, á altura do ano 950 iníciase a plantación de videiras no Val de Monterrei – probablemente introducidas de xeito masivo polos mosteiros, tal e como sostén Álvaro Cunqueiro sendo xunto co trigo e o centeo o principal cultivo do momento. No mesmo lugar, o Mosteiro de Montederramo arrenda viñas no ano 1293 esixindo como contraprestación “*un puçal de viño a cada casa*” entre outros dezmos. Múltiples referencias ao cultivo da videira e ao viño (doazóns, foros, ordenanzas...) atoparemos de aquí en diante no devir da comarca da que é cabeceira Verín, o que proba a importancia histórica do viño na rexión suroriental de Galicia.

### 1.6.1. OS CAMIÑOS DE PEREGRINACIÓN A COMPOSTELA

No ano 997 o caudillo árabe Almanzor, axudado por condes galegos e portugueses, chega a Compostela dende o Douro para saquear e incendiar a cidade santa. Para reconstruíla os reis concédennlle privilexios coñecidos como “Votos de Santiago” que se estenderían por boa parte de Castela e Portugal. As estratexias político-militares, xunto coa mitoloxía cristián farían o resto, dando lugar á creación dunha trama de rotas que, partindo da Europa continental e de múltiples puntos da península Ibérica, ían ter Compostela como destino. O obxectivo primordial estaba ben claro: vertebrar e reforzar os reinos cristiáns de Europa contra o inimigo común, o Islam.

Neste contexto os peregrinos que dende toda Europa camiñan cara Compostela van gozar de determinados privilexios (exención do pagamento de portaxes por exemplo). O coñecido como Camiño Portugués, que partía de Coimbra, chegaba a Chaves para confluír, xa na fronteira galega, co que proviña da Meseta. Á altura de Verín e do Val de Monterrei en xeral, os peregrinos confluían na Vía da Prata, nome que recibe este único camiño que nos leva de Ourense a Compostela. Sobre a base do trazado dos camiños romanos e medievais vaise fundar así toda unha arte, o románico, os símbolos e advocacións santiagueiras, as alfándegas, albergarías e hospitais, establecementos monásticos e ordes de cabalería (templarios...), unha nova toponimia...



Os camiños de peregrinación portugueses tiñan unha afluencia voluble e desigual, debido a múltiples variables (rivalidade das dioceses de Braga e Santiago, guerras entre os reinos castelán-leonés e portugués...). Un deles levaba da vella *Aquae Flaviae* cara Verín polo camiño do Val do Támea, que salvaba a liña fronteiriza por Vilela e Vilarelho.

A Vía da Prata, despois de atravesar o Padornelo e A Canda, desdóbrase en dous roteiros posibles: un polas abas da Serra Seca e do Invernadoiro, que cruza polas Ventas de Espiño, da Teresa, do Lago, da Cerdeira, da Capela, Campobeceros, Santiago de Trez e San Xoán de Laza, punto no que conflúe coa rota do Val. O outro camiño parte cara A Gudiña con destino Verín.

Entre as rotas do Val contamos as dúas que percorrían ambas beiras do Támea. Camiño do norte unha delas atravesaba Rabal, San Cibrao, Oímbra, O Rosal, Alto da Portela, Vilaza e Albarellas, onde topaba coa procedente de Monterrei e Verín. Pola marxe dereita avanzaba outra que pasaba por Mandín, Tamaguelos, Mourazos, Tamagos, Queizás, Verín e Monterrei. De aquí saían dúas: a que se unía coa da Limia en Vilaza e a que seguía o camiño do Val cara Laza pasando pola Pousa, Mixós, Tintores, Verín, Nocado, Arcucelos, A Retorta e Matamá. Esta antiga rota, que se superpón á antiga vía romana do Támea, púidose ver complementada por outra que evitase a portaxe de Verín. En Monterrei os peregrinos atoparían descanso no Hospital que se construíu intramuros.

Da arte románica apenas fican vestixios. A voráxine contrareformista revestiu de barroco a práctica totalidade dos templos parroquiais, a excepción dalgúns restos de distinta entidade admirables nas igrexas de Mixós, Sta María de Gracia en Monterrei e a parroquial da Retorta por exemplo.

A existencia do *Castrum Varoncelli* primeiro, e da fortaleza de Monterrei despois, teñen sen dúbida unha vinculación directa coas vías romanas e de peregrinación que cruzan estas terras dende o século II d.C aproximadamente. Na Idade Moderna esta verea acadou a categoría de Camiño Real, nome co que se designaban os camiños principais do reino.

É perfectamente posible que nas proximidades do Támea existisen algúns castelos rochosos construídos sobre antigos asentamentos castrexos (a toponimia déixanos evidencias disto que dicimos no Casteliño, Cabanca ou Castrelo, todos eles no concello veciño de Castrelo do Val), do que sería continuidade o castelo de Monterrei e a fortaleza destruída no século XVII en Vilardevós polos exércitos portugueses. Estas construcións defensivas, construídas en época medieval, foron derrubadas en grande número á altura do século XV, coincidindo coa revolta Irmandiña que emprendeu o asalto e destrución das fortalezas que ocupaban os señores feudais que os sometían. A existencia destes castelos rochosos estaba xustificada pola necesidade de facer seguro o camiño



medieval que unía Allariz con Chaves (Portugal) bordeando o Val do Támega, que foi estudado por Ferreira Priegue<sup>6</sup>. Este camiño superporíase á vía romana que tratamos anteriormente.

Un aspecto relevante de Verín na Idade Media é a elevada fragmentación do seu hábitat, disperso en quince (15) parroquias, resultado inequívoco da proliferación de xurisdicións e señoríos que aspiraban a optimizar os recursos que podían reportarlle as súas propiedades. Máis adiante, xa no Antigo Réxime, as parroquias repartíronse entre as xurisdicións de Monterrei (que incluía as parroquias de Ábedes, Cabreiroá, Feces de Abaixo, Feces de Cima, Lama de Arcos, Mandín, Queizás, Queirugás, A Rasela, Tamagos, Tintores e Vilela), Oimbra (Tamaguelos), Verín (a vila de Verín, Pazos e Vilamaior do Val), e o Couto de Mourazos (coa súa parroquia homónima), unha dependencia que se estendería ata a creación dos primeiros concellos constitucionais en 1812, xa na Idade Contemporánea.

## 1.7. A IDADE MODERNA

Entre os séculos XV e XVIII o concello de Verín vive algún dos episodios históricos máis relevantes da súa existencia. No plano artístico, e entre os séculos XVIII e XIX, ten lugar a renovación ou mesmo a construción de boa parte das igrexas parroquiais da vila<sup>7</sup>, dando un impulso neoclásico e fundamentalmente barroco aos escasos monumentos de filiación románica cos que contaba o municipio. O barroco, nado en Italia a comezos do século XVII en plena cruzada contrareformista, reviste a vella arquitectura románica dos templos galegos para se presentar diante do pobo como garante da *relixión verdadeira*. A nova linguaxe arquitectónica parte do vocabulario clasicista para se decantar por unha sintaxe rompedora e sinuosa que gusta da elipse e da parábola, da hipérbole e das ilusións ópticas, da desproporción e da desmesura. Ningún dos edificios románicos de Verín conserva -infelizmente para nós- elementos de matriz románica (xanelas en saeteira, canzorros figurados...) que foron desbotados cando a súa transformación en edificios de estilo barroco. Pola contra, os templos de San Mamede e o Convento dos Mercedarios ou o Santuario mariano de Vilamaior do Val amosan de maneira nidia e meridiana os mellores valores no novo estilo de espírito contrarreformista.

---

<sup>6</sup> Ferreira Priegue, F: Los caminos medievales de Galicia.. Boletín Auriense. Anexo 9. 1988.

<sup>7</sup> Santa María (Feces de Cima), Santa María (Feces de Abaixo), San Martiño (Mourazos), Santa María (Mandín), Santa María (Rasela, A), Santa María (Ábedes), San Salvador (Cabreiroá), Santiago (Vilamaior do Val), San Bartolomeu (Queirugás), Santa Cristina (Tintores), San Fiz (Pazos), San Pedro (Queizás), Santa María (Tamagos), Santa María (Tamaguelos), Santa María a Maior; San Mamede e Convento dos Mercedarios; (Verín), Igrexa e capela dos Traguerras (Ábedes), Santuario mariano dos Remedios (Vilamaior do Val).



Tamén neste momento (séculos XVIII e XIX) ten lugar a construción das cinco (5) ermidas que existen en todo o termo municipal<sup>8</sup>. Neste mesmo período histórico ten lugar a conformación definitiva da vila de Verín, salientado pola súa extraordinaria arquitectura vilega e a súa trama urbana tradicional, o que a converte no máis fermoso exemplo de urbanismo e arquitectura vilega de todo o Val do Támega. As distintas casas brasonadas que engalanan a vila (Pazo dos Acevedo, Casa do Asistente, casas nobres da rúa Maior...) son fermosos exemplos da arquitectura civil barroca máis requintada, fiel testemuño do poder dos seus moradores.

Na Idade Moderna (séculos XVII e XVIII) tamén é posible datar parte da arquitectura civil máis salientable do municipio, nomeadamente as **Casas Rectorais** (coas súas respectivas diestrais), nomeadamente a de Ábedes, Verín, Cabreiroá, Vilamaior do Val, Queirugás, Queizás, Pazos, Tamagos e Tamaguelos, todos eles conxuntos destacados polos seus valores arquitectónicos propios, ademais de pola extraordinaria arquitectura adxectiva (hórreos, lavadoiros, alpendres...) que se construíron nos seus respectivos eirados. Todos estes edificios son boas testemuñas do poder e o gran número de bens que acumulaba a oligarquía dirixente en prexuízo das clases populares. Esta sociedade estamental que caracterizaba á Galicia da Idade Moderna aparecía definida en dúas velocidades, en función do ámbito espacial no que nos situemos. Así, mentres nas vilas e cidades a organización gremial dos artesáns acaparaba dereitos e bens que ata aquel momento só foran privilexio do señorío nobiliario ou eclesiástico, no rural –caso de Verín- as clases podentes “*case que non se diferenciaban do realengo*” en palabras do historiador Francisco Carballo<sup>9</sup>.

Entremetres en Monterrei vai ter lugar un feito moi relevante para a comarca e Galicia enteira: a impresión, no ano 1494, do coñecido como *Misal de Monterrei*, que pasa por ser o primeiro libro impreso no noso país, o que evidencia a importancia da nobreza local. A impresión deste volume non coincide coa apertura dun obradoiro gráfico permanente na vila, senón co traslado temporal dun itinerante, como era habitual naquela época, tan só cincuenta anos despois da invención da imprenta.

No ano 1513 o rei Fernando “o católico”, por man da súa filla dona Juana, extingue o antigo condado para outorgar novo título de conde a Alonso de Acevedo y Zúñiga “*cuya es la villa de Monte Rey, acatando los muchos y buenos y leales servizos que me habeis fecho e facedes cada día, y en alguna enmienda y remuneración de ellos mi merced y voluntad es: que seades Conde de Monte Rey y que os podais intitular e intituleis, llamar y llameis y firmeis Conde*”. Sancho Sánchez de Ulloa, Francisca de Zúñiga Ulloa, Alonso de Acevedo, Jerónimo de Acevedo, Gaspar de Acevedo, Manuel de Fonseca y Zúñiga e Isabel de Zúñiga y Fonseca ocuparon o cargo de condes de Monterrei ata a súa extinción no

<sup>8</sup> Unha capela dedicada a San Antón (Ábedes), Capela de San Lázaro (Verín), Capela de Caldeliñas (Vilamaior do Val), Capela de San Gregorio (Pazos), e Capela de San Martiño; Vilela (Tintores).

<sup>9</sup> AAVV: Historia de Galicia. Ed. A Nosa Terra; 1991.





ano 1710. O Condado de Monterrei, no que integraba o actual concello de Verín, abranguía a práctica totalidade das actuais comarcas de Verín e A Limia fundamentalmente.

En Monterrei estaban instalados os padres franciscanos. Logo serán os mercedarios os que chegan á capital do Condado no ano 1484, trasladándose a Verín no 1597. Xunto con eles os Xesuítas instálanse na fortaleza no 1555 baixo os auspicios de Alonso de Acevedo. Puido ser este colexio a segunda universidade galega, contando en épocas con máis alumnos que Santiago. Coa expulsión dos xesuítas no ano 1767 o Colexio vese espoliado nas súas pedras e dispersado o seu patrimonio: a biblioteca á Universidade de Santiago; o Cristo das Batallas -atribuído a Gregorio Hernández- á parroquia de Verín; e cadros e imaxes a distintos lugares de Monterrei, Pazos e Verín.

Á hora de analizarmos o plano económico é de interese o testemuño do viaxeiro Fernando Colón, que atravesou o Val de Monterrei entre os anos 1517 e 1523. Colón describe a abundancia de viñedos na comarca, sinalando, quizais de maneira esaxerada *“que os tintos son tan fortes que só con auga poden beberse...ata Chaves e Uymbra hai duas leguas de viñas e labranza”*. Neste mesmo século XVI, o propio licenciado Molina significanos que as zonas de viñado máis importantes do sueste galego son Ribadavia e Monterrei, val este último no que *“hai grande sobra de pan e viño”*. Nas ribeiras do río Támega tiñan lugar tamén, dende a Idade Moderna ata os nosos días, rogativas e procesións relixiosas con aspersión nas que se pedía a extinción das pragas de insectos fitófagos que danaban as videiras. A tal fin, segundo nos conta Dasairas Valsa, *“tendíanse sobre o Támega uns mañuzos de palla polos que terían de pasar os insectos, encargándose o río de eliminalos cos seus manifestos poderes”*.

O licenciado Molina salienta tamén o papel do liño na economía galega do século XVI, momento no que se situaba como un produto moi cultivado en Galicia, ata o punto de permitir que os tecidos aos que dá lugar son suficientes para prover a demanda interna e mesmo exportalo. Con todo, tal e como apuntamos anteriormente, o seu cultivo e transformación ocupaba un papel secundario na economía global da comarca, se ben desenvolvía un relevante papel no seo da economía familiar. Así pois, no ano 1675 faise constar nun informe que o Val de Monterrei produce *“froita, gando, pan, viño e caza, así como algún liño”*, o que nos ofrece unha perspectiva aproximada da economía local e comarcal. No ano 1849, cando Madoz edita o seu dicionario, a relevancia do liño e da súa transformación aumentara notablemente, cando menos en Verín, que contaba con *“distintos muíños fariñeiros e moitos teares de lenzos do país”*<sup>10</sup>.

A *“pesca de varias clases”*, xunto cos tradicionais aproveitamentos cinexéticos (*“caza de animais nocivos”*, gando vacún, lañar e cabrún) agrarios (liño, cereais, castañas, legumes, hortalizas, algunhas froitas *“e moito viño de boa calidade”* afirma Madoz no seu dicionario) así como forestais, foron o sustento principal da poboación moradora no que hoxe é o termo municipal de Verín ao longo de todo o

---

<sup>10</sup> Tan só na parroquia de Verín Madoz constata a existencia de 14 teares.



Antigo Réxime. O solo das comarcas galegas de interior estaba cultivado unicamente nun 11%, mentres que as masas forestais de frondosas (devesas reais de carballos e castiñeiros fundamentalmente) sufrían unha mingua permanente pola obriga de satisfacer os tributos aos soberanos de Castela. A extensión do millo a mediados do S. XVIII acada o 100% do territorio de toda a Galicia litoral, penetrando ata os vales máis occidentais de Ourense.

### 1.7.1. AS GUERRAS CON PORTUGAL

No contexto da Guerra de Independencia iniciada polo Reino de Portugal no ano 1640, a comarca de Monterrei e o seu castelo en particular terán unha significación destacada. A leva forzosa entre os habitantes das comarcas afectadas provocaban distintos excesos que tiñan como vítima á poboación civil, o que levou aos exércitos de ambos bandos a acordar a utilización de tropas regulares unicamente, a fin de evitar “o *latrocinio e a depredación*” que estaba a sufrir a poboación fronteiriza.

Entre 1656 e 1663 a fronte bélica máis importante trasládase ao Miño, que se converte no escenario das incursións de un e outro lado. Neste último ano os portugueses arrasan o Val de Salas e A Limia, volvendo por Monterrei. No ano de 1664 o Conde portugués de San João, supoñendo poucas forzas en Monterrei, manda ao tenente xeneral de cabalería Manuel de Paiva Soares con 300 cabalos e 200 infantas que deciden atacar Vilaza, saqueándoa e incendiándoa. O ataque portugués é respondido polos mandos españois co envío de tropas que serán derrotadas polo exército luso. Daquela, despois da concentración dun grande número de efectivos en Monterrei, os portugueses envían tropas a saquear Tamaguelos, Oímbra e outras poboacións do contorno.

As guerras con Portugal que tiveron lugar ao longo dos séculos XVII e XVIII provocaron grandes pestes e fames entre a poboación da comarca, o que derivou na decadencia de todos os cultivos, entre eles o viño. Co establecemento dos ingleses en Portugal, con motivo da alianza que ambos reinos asinaron contra España, os viños que xa entón producía a comarca de Monterrei sufrirán unha dura competencia, provocando a progresiva substitución do viño branco polo tinto. Este proceso viuse acelerado pola extensión de cultivos de videira na costa sur de Galicia, o que favorecía as exportacións vía marítima dos caldos do Condado e Baixo Miño en detrimento dos ourensáns. Diversas fontes acreditan que nas zonas de Riós, Vilardevós e Verín cóllese moito viño, aínda que non de tan boa calidade coma o do Val de Monterrei. O paso polo Val de distintas rotas cara ao norte de Portugal e o centro da península fundamentalmente, favoreceron, xa dende os tempos da romanización, a comercialización interior dos viños da comarca.



## 1.8. A IDADE CONTEMPORÁNEA

A incorporación de novas terras ao cultivo, a implantación masiva dos cereais e tubérculos americanos (millo e pataca fundamentalmente), xunto coa expansión daquelas actividades artesanais complementarias da pesca e agrogandeira (artesanado de teceláns, calafates, ferreiros, carpinteiros, canteiros, xastres...) marca a nova xeira económica que ten comezo entre os séculos XVIII e XIX. Nesta etapa refórzase o modelo de asentamento sobre o territorio propio dos vales do interior, baseado na concentración poboacional arredor dos núcleos de vivendas exentas ou entre medianeiras que se dispoñen a ambos lados dun rueiro estreito que unicamente dá lugar a espazos amplos e proclives ao encontro nas encrucilladas, quinteiros, airas e adros parroquiais.

A finais do século XIX a industria familiar dos tecidos, que tiña unha significada presenza en Verín e a súa comarca, entra en franca recesión a causa da inadaptación ás innovacións tecnolóxicas e da invasión dos tecidos cataláns, que copan o mercado pola notable diferenza de calidade e prezo respecto do produto autóctono. A la producida polo gando ovino da comarca de Monterrei nunca foi visualizada polas autoridades como unha alternativa aos téxtiles introducidos polos cataláns. Segundo afirma Dasairas Valsa, no último terzo do século XIX xa só funcionaban algúns teares, sendo a súa produción media de unha peza de lenzo grosso e outra de estopa ao ano. Os últimos teares que se lembran conservábanse no primeiro cuarto do século pasado en Verín, Cualedro, Laza, Monterrei, Oímbra, Riós e Vilardevós, estando especializados na produción de liño e picote.

Naquela altura, máis concretamente o 16 de cada mes, celebrábase en Monterrei unha feira comarcal á que concorre *“moito gando maior, teas de liño e lán, e todo o demais que dá o país. O seu produto, que é grande, consúmese entre músicos, danzantes e miróns con pouca ou ningunha utilidade do público”*. A vila acollía tamén unha “mancebía” moi concurrida os días de feira. Contreras, no seu traballo sobre a Inquisición galega, recolle o testemuño dun asiduo dos prostíbulos: *“alí foden como anxos por tres cuartos e van todos os mercaderes da feira”*.

A aparición de novas técnicas e utensilios para o labrado das terras palían insuficientemente a crise do sistema económico capitalista no interior de Galicia, o que provoca unha emigración transoceánica masiva. Isto derivará no xurdimento dunha incipiente burguesía que xa abrollara a finais do XIX cando a redención foral de 1873, impulsando definitivamente o reequilibrio na distribución de rendas agrarias en favor das clases traballadoras. Aquí empeza definitivamente o devalar incesante das clases rendistas, fidalguía e Igrexa. O acceso definitivo dos labregos á propiedade da terra – defendida por Murguía, Montero Ríos, Vicenti...- provoca o asociacionismo labrego na práctica totalidade de parroquias do país, propiciando a súa sindicación e participación política masiva, un reforzamento da conciencia cívica que non coñecera a sociedade galega dende había séculos.

Segundo os estudos de Meijide Pardo, Schultz e Cortázar, a composición xeolóxica das terras rexiomontanas é rica en arxilas plásticas, areas e croios, margas con vexetais carbonizados, etc... “o



que evidencia unha constitución xeomorfolóxica de tipo aluvial e diluvial cuaternario” tal e como recolle Dasairas Valsa no seu libro *Monterrei 1494-1994*. A relevancia mineira da comarca<sup>11</sup> queda probada nas explotacións mineiras existentes nos concellos veciños de Vilardevós, Laza e Verín ata o século pasado.

O 28 de febreiro de 1801, os reinos de Francia e España declaran a guerra novamente a Portugal, dando comezo a novas hostilidades que terán ao Val do Támega como terrible escenario. O saqueo de vilas e aldeas, o roubo de gando e forraxe, a violación de mulleres e o asasinato de centos de homes volverán ser prácticas habituais por parte de ambos os dous exércitos.

A tregua recunca á comarca de Verín durante a Guerra de Independencia. Daquela os reinos español e portugués, despois de séculos de enfrontamento, deciden unirse no mesmo bando para loitar contra a modernidade e a república que tencionaban impor os franceses en ambos reinos *manu militari*. Foi entón cando os universitarios composteláns deciden constituír en 1808 o coñecido como Batallón Literario, que combatería na fronte cos soldados regulares contra as tropas dirixidas polos xenerais Ney e Marchand.

Outro xeneral francés, Sout, que pretendía entrar en Portugal atravesando o Miño, desiste da súa empresa por mor do grande caudal do río, decidíndose a cruzar a raia polo Val do Támega. Daquela o Rexemento Provincial de Monterrei, xunto con cen voluntarios cataláns ao mando do Marqués de Valadares, saen para obstaculizar o avance de Sout, mais este chega comodamente a Monterrei, onde protagonizará múltiples escaramuzas. A vitoria dos franceses devirá novamente en máis sufrimento para a poboación civil, que vai ser novamente vítima de asasinatos, pillaxe e requisamentos varios (pan, viño, leña, carne...). Os roubos en distintas igrexas da comarca (Abedes, Cabreiroá, Vilaza...) serán unha práctica común ao longo de toda a ocupación.

O 10 de marzo de 1809 Sout atraveso o Val camiño de Portugal con 18.000 infantes, 3.000 cabalos e 20 pezas de artillería. Dous meses despois, os franceses volverán polo mesmo camiño en retirada por mor da contraofensiva armada protagonizada pola coalición constituída por portugueses e británicos. A fame e as epidemias converterán novamente o Val do Támega nun escenario desolador, onde a poboación civil e as clases sociais máis humildes levarán, máis unha vez, a peor parte.

No período liberal, coincidindo coa constitución dos primeiros concellos no primeiro terzo do século XIX, constituíuse o Concello de Verín e mais o de Mandín, ambos pertencentes ao Partido Xudicial de Monterrei, máis tarde de Verín.

---

<sup>11</sup> Vicente Risco constatou na década de 1936 como na montaña de Castrelo do Val era habitual a “industria do carboneo, que surte a Verín e a outros pobos do Val”. Os veciños de Campobeceros elaboraban o carbón queimando o abundante breixo que medraba no monte.





Xa no ano 1836, no contexto das guerras carlistas, o goberno político da provincia manda reunir as Milicias Nacionais do Partido de Verín, así como a organización de batallóns e compañías que van ocupar puntos estratéxicos da comarca. O 30 de decembro as milicias, que contan con 198 efectivos, aparecen organizadas da maneira que segue: 26 en Verín, 25 en Monterrei, 16 en Oímbra, 28 en Cualedro, 28 en Laza, 21 en Castrelo do Val, 28 en Vilardevós e 26 en Riós. Cada un destes milicianos cobraban catro marabedís, mantendo o cuartel central en Monterrei. As últimas forzas militares marchan a finais do XIX e o Rexemento Provincial de Monterrei disólvese definitivamente.

O propio Madoz infórmanos que a mediados do século XIX existían no concello un total de 3.660 habitantes<sup>12</sup> e unha escola (cómpre ter en conta que en todo o partido xudicial de Verín, no que se integrou historicamente o noso concello, unicamente existían 9 escolas públicas completas naquela altura). No dicionario de Carreras y Candi (elaborado entre finais do XIX e principios do XX) infórmasenos que Verín conta xa con catorce (14) escolas públicas, dúas unitarias e doce mixtas. Hoxe en día conta con dous colexios públicos integrados, dous privados, un instituto de ensino medio e outro de formación profesional.

No primeiro cuarto do século XX, Verín viu dobrar a súa poboación a máis de seis milleiros de habitantes (en 1920 contaba con 6.023 veciños), ata acadar os 10.642 do ano 1986. Vicente Risco constatou, na década de 1930, a existencia dunha notable produción de cereais, hortalizas, legumes, castañas e froitas, así como *"viño en abundancia e de boa calidade"* (en todo o val de Monterrei). Ademais da actividade agraria, cinexética (coellos, lebres, perdices, corzos e xabaris) e gandeira (vacún e de cerda) a poboación de hai un século adicábase tamén á elaboración de *"lenzos do país"* nos tradicionais teares, unha destacada actividade artesanal rexiomontana. Neste momento, continúa Risco, este concello aínda mantén comercio coa meseta a través do *"camiño principal de Ourense a Castela pola Serra Seca"*<sup>13</sup>, o que se complementaba coa existencia de relacións sociais e comerciais co norte de Portugal.

As aldeas e lugares de Verín englobábase dentro do que Otero Pedrayo, Georg Niemeier e Fariña Tojo denominaron *"pobos integrados só por casas para a xente, que desprazaron ao campo as edificacións de uso agrícola"*. Efectivamente, o hábitat concentrado que caracteriza aos núcleos de poboación da comarca de Verín fai que as distintas construcións habitacionais se presenten unidas entre medianeiras ao longo dunha rede de rúas. Estas aldeas pertencen ao que Niemeier describiu como *"aldeas pechadas con vilar claro"*, por ser posible atopar hortas, patios e currais anexos á vivenda. Este modelo de ocupación territorial foi o característico do noso país dende a Idade Media, polo que non é un trazo xenuíno da contemporaneidade.

<sup>12</sup> Estes estaban divididos en veciños –isto é cabezas de familia- e ánimas (as persoas que convivían co pai de familia).

<sup>13</sup> A comercialización de excedentes agrarios e de liño foi obxecto de comercio habitual entre Verín, Castela e o norte luso.



A obrigada emigración a América e Lisboa golpeou fortemente a toda a poboación galega, sobre todo ao longo de todo o século XIX, cando Galicia experimenta un vertixinoso crecemento demográfico que non foi correspondido cun aumento proporcional de renda dispoñible.

O primeiro terzo do século XX contemplou a *belle époque* dos balnearios e fontes medicinais galegas, entre eles os tres de Verín: Sousas, Fontenova e Cabreiroá. Ata eles achegáronse milleiros de persoas –entre eles moitos portugueses- na procura de remedios e tratamentos sans que mellorasen a súa saúde. Unicamente Caldeliñas e Cabreiroá construíron edificios para hospedar aos auguistas, xa que os clientes de Fontenova e Sousas establecíanse nas hospedaxes da vila por mor da cercanía dos mananciais.

A construción da estrada “*de Villacastín a Vigo*”, alá no primeiro cuarto do século XX, xunto coa liña ferroviaria Medina del Campo-Ourense-Vigo, que posúe un apeadeiro na parroquia de Campobeceros<sup>14</sup> (Castrelo do Val), trasladou definitivamente o centro da comarca a Verín, deixando de lado definitivamente á súa capital histórica, Monterrei, que vivira o seu apoxeo nos séculos XVI e XVII. Dende entón Verín pasará a ser o centro neuráxico da comarca no ámbito administrativo, comercial e poboacional. Boa proba disto que dicimos é o nacemento da prensa escrita a finais do XIX e primeiros do XX, con cabeceiras como *El Clamor*, *El Eco de Monterrey*, *Heraldo de Verín* ou *El Támega*, publicacións todas elas de ideoloxía definida que ían do republicanismo ao conservadorismo, pasando polo liberalismo. Todas elas fanse eco da actualidade de todo o Val de Monterrei, non só da de Verín, ao igual que fixo, xa moi recentemente, *A Tempo*, unha revista comarcal dirixida na última década polo galardoado escritor Xosé Carlos Caneiro.

Os principais impulsores das publicacións progresistas sufriron as consecuencias da ditadura franquista (1939-1975), que supuxo para Galicia, ao igual que para todo o Estado, unha nefasta experiencia social, económica e cultural, deslabazando os avances acadados no tempo da primeira e segunda República.

O século XX, e moi especialmente a partir da década de 1950, observou unha mingua progresiva da poboación de toda a comarca de Verín, mercé á emigración a Europa e á concentración da poboación nas cidades (Ourense e Vigo no caso de Verín). Nesta altura a poboación do concello acadou a cifra de 11.279 habitantes repartidos en 18 núcleos de poboación, cifra que supón un certo retroceso, amortecido pola chegada masiva de veciños/as dos demais concellos da comarca. A capital do municipio, Verín, é o único núcleo que aumenta a súa poboación, se ben a súa pirámide de idades contempla unha maior presenza de maiores de 65 anos (máis do 30% do censo) e unha escasa proporción de mozos (menos do 10%).

---

<sup>14</sup> Esta estación foi construída a finais da década de 1930, principios da de 1940.



A inclusión do concello na Mancomunidade intermunicipal da comarca de Verín en 1985, onde participa de servizos e prestacións comúns, supón unha liña de cooperación administrativa imprescindible en todas as comarcas do noso país, especialmente nos municipios reitores dunha bisbarra, como este que nos ocupa.

No abrente do terceiro milenio Verín aínda segue sen desenvolver todas as súas potencialidades en materia social e económica. A industrialización de primeiros do século XX primeiro, e a derivada do *desenvolvemento* franquista despois (década de 1960 en diante) propiciou a construción da Autoestrada do Atlántico, da autovía Vigo-Madrid (inaugurada no ano 1998) e a industrialización dos núcleos reitores do noso país (as cidades do litoral atlántico). O que acontece hoxe en todo o val da comarca de Verín, coas terras de labor e os montes practicamente abandonados, acabou relegando o futuro de Verín á condición de concello de primeira residencia que ten aínda por desenvolver un dos seus horizontes de futuro máis prometedores: o seu potencial turístico<sup>15</sup>, comercial, industrial (envasado e comercialización de augas minerais e o sector téxtil) agrogandeiro (nomeadamente os viños de calidade) e forestal. Neste sentido a experiencia de implementación do Plan Europeo Leader, xestionado pola Asociación para o Desenvolvemento Rural “Portas Abertas” dende o ano 1990, puxo en marcha na comarca interesantes iniciativas económicas baseadas no aproveitamento dos recursos endóxeos que marcan unha acertada pauta que cómpre seguir e afondar.

Unicamente a explotación racional e sostible dos recursos cos que conta Verín (comercio, silvicultura, agricultura e gandería ecolóxicas, industria téxtil e hidrolóxica, turismo natural e cultural...) pode viabilizar un futuro diferente e esperanzador para este concello. Asemade, coa mingua e encarecemento do solo residencial nas cidades de referencia –nomeadamente Ourense, da que dista 72 Km- Verín atopa unha extraordinaria ocasión de ordenar o seu territorio, fixar poboación e equilibrar usos do solo que propicien o desenvolvemento harmónico e sustentable do concello, tarefa na que é imprescindible involucrar, sen excepción, ao conxunto dos axentes económicos e sociais do municipio.

*Monterrei está nun alto,  
Verín está nun baixo,  
Nosa señora da Estrela  
Está nun campião raso.*

Cantiga Tradicional

---

<sup>15</sup> O Parque Natural dos Montes do Invernadoiro-Serra de Queixa (un dos meirandes de Galicia), xunto coas ribeiras do río Támega son un tesouro por descubrir dende o punto de vista turístico e ambiental. O turismo termal (Fontenova, Cabreiroá e Sousas) e cultural posúen inxentes posibilidades, se se aposta por coidar o contorno urbanístico e arquitectónico. A proximidade de Portugal, xunto coa situación estratéxica da vila, situada á beira da autovía Vigo-Madrid, deberían ser aproveitados como o que realmente son: vantaxes comparativas.



## 1.9. BIBLIOGRAFÍA

- **AAVV:** *Camiños portugueses de peregrinación a Santiago. Tramos galegos*. Ed. Xunta de Galicia, Comunidade de Traballo Galicia-Norte de Portugal. 1993.
- **AAVV:** *Gran Enciclopedia Gallega*. Ed. Silverio Cañada. Santiago de Compostela, Xixón. 1974.
- **AAVV:** *Enciclopedia Galega Universal*. Ed. Ir Indo S.L. Vigo. 2001.
- **AAVV:** *Historia da Arte Galega*. Ed. A Nosa Terra. Vigo. 1998.
- **AAVV:** *Historia de Galicia*. Ed. A Nosa Terra. Vigo. 1991.
- **Álvarez Limeses, G:** *Geografía General del Reino de Galicia*. Ed. Alberto Martín. Barcelona. 1936. Reed. Ediciones Gallegas S.A. A Coruña.1980.
- **Dasairas Valsa, Xerardo:**
  - *Monterrei 1494-1994, 5 séculos de cultura*. Edicións do Castro. A Coruña. 1994.
  - *Crónicas rexiomontanas. Territorio e Historia na Comarca de Monterrei*. Autoedición financiada pola Mancomunidade de concellos da comarca de Monterrei. Vigo. 1999.
- **Fariña Jamardo, X:** *Os concellos galegos*. Ed. Fundación Pedro Barrié de la Maza. A Coruña. 1993.
- **Ferreira Priegue, Elisa:** *Los caminos medievales de Galicia*. Boletín do M.A.O. Anexo 9. Ourense. 1988.
- **Madoz, Pascual:** *Diccionario Geográfico-Estadístico de España y sus posesiones de ultramar*. Madrid, 1849.
- **Montalvão, A:** *Notas sobre Vías Romanas en Terras Flavienses*. Bragança. 1971.
- **Rodríguez Colmenero, A:** La cultura megalítica en el Alto Búbal.
- **Taboada Chivite, X:**
  - *Noticias arqueológicas de la región del Támega (Verín)*. No Cuaderno de Estudos Gallegos; Tomo XXVI, Fasc 78. 1971. Santiago de Compostela.
  - Verín. Ed. Concello de Verín. 1950
  - *Carta arqueológica de la comarca de Verín*. III Congreso Nacional de Arqueología. Zaragoza. 1955
- **Paz, Xosé:** *A experiencia Leader nos concellos de Castrelo do Val e Vilardevós*, en *O desenvolvemento comunitario local, un reto da sociedade civil*. Ed. Galaxia. Vigo. 1999.





## 2. A DEMOGRAFÍA

O termo municipal de Verín conta, segundo os datos do Censo Oficial de Poboación e Vivendas 2001, con 12.917 habitantes, e segundo os datos do Padrón a 1 de xaneiro de 2004, a cifra ascende a 13.585 habitantes. Segundo os últimos datos provisionais do Padrón do concello, para **agosto de 2005 a cifra é de 14.018 habitantes, polo que constatamos unha dinámica positiva** no conxunto municipal.

A poboación do concello de Verín supón o 47% da poboación da comarca de Verín, o 4% da poboación provincial ou un 0,5% da poboación total de Galicia. Verín é un concello cabeceira de comarca, conformada polos concellos de Castrelo do Val, Cualedro, Laza, Monterrei, Vilardevós, Oímbra e Riós. O conxunto da poboación destes concellos incluído o termo municipal de Verín é de 28.811 habitantes<sup>16</sup>.

Dos oito concellos que integran a comarca de Verín o máis poboado é a vila cabeceira de comarca, Verín, aínda que pola súa extensión ocupa o penúltimo lugar, cos seus 94,1 km<sup>2</sup> fronte aos 215, 92 de Laza que é o maior en extensión e o menor en poboación, con fortes descenso anuais. A densidade de poboación da comarca é moi baixa no seu conxunto, pois non chega aos 30 hb/km<sup>2</sup> (28,6hb/km<sup>2</sup>); en cambio a densidade de poboación do termo municipal de Verín supera con creces a cifra do conxunto comarcal e sitúase en 144,5 hb/km<sup>2</sup> no ano 2004, mesmo por riba da media galega que é de 93 hb/km<sup>2</sup> e moi por riba da provincial que se sitúa nos 46,8 hb/km<sup>2</sup> para o mesmo ano.

O concello de Verín é un dos catro concellos da provincia que se agrupa entre os 9.000 e os 14.000 habitantes, sendo estes concellos os de Xinzo da Limia, O Barco de Valdeorras e O Carballiño. Estes termos municipais son concellos cabeceira comarcal e eixes tractores das economías locais e áreas funcionais. O resto dos concellos da provincia, son de moitísimo menos poboación, o que tamén condiciona as dinámicas sociodemográficas dos mesmos.

O municipio de Verín está constituído por quince parroquias: Ábedes, Cabreiroá, Feces de Abaixo, Feces da Cima, Mandín, Mourazos, Pazos, Queirugás, Queizás, A Rasela, Tamagos, Tamaguelos, Tintores, Verín e Vilarmaior do Val. Destas parroquias, a máis poboada e principal é, como xa dixeramos, a vila de Verín, con 9.781 en 2005<sup>17</sup> e con 9.387 hb no ano 2003 (IGE). Seguen o resto das parroquias a unha maior distancia e por baixo da cabeceira municipal.

O conxunto das parroquias do municipio teñen unha poboación moi baixa e con tendencia regresiva; pola contra, o núcleo da vila ten un saldo positivo no seu crecemento, dando ao conxunto municipal un perfil dinámico e de expansión.



<sup>16</sup> A 01/01/04 de 2004 INE Datos de actualización dos Padróns municipais.

<sup>17</sup> A agosto de 2005, fonte municipal.



## 2.1. A COMARCA DE VERÍN


A comarca de Verín constitúese cun total de oito concellos, dos que algo menos do 50% da poboación pertence ao concello de Verín. O resto das porcentaxes están moi repartidas e ningunha supera o 11% de Monterrei. Na gráfica que segue, representamos as porcentaxes das poboacións municipais da comarca de Verín.



Pola outra banda, as superficies municipais son máis parellas, sendo o 9% da superficie da comarca a que lle corresponde ao concello de Verín que, xunto ao 7% de Oímbra, supoñen os concellos máis pequenos. Así pois, os concellos da comarca amosan -á vistas destas informacións- densidades de poboación moi baixas, a excepción de Verín.




Na gráfica que segue vese claramente a distribución das densidades comarcais, onde se aprecian moi por riba, os 144 hb/km<sup>2</sup> do termo municipal de Verín.



A partires de 1981, as densidades comarcais desenvólense dun xeito moi parello cara fortes descensos, agás Verín que os incrementa, de xeito evidente. Verín vai asumindo o papel de captadora de poboación, contrarrestando os movementos de signo negativo dos concellos veciños, así como as propias baixas cara outros destinos da comunidade, estado español e estranxeiro. Salientar do conxunto comarcal a loita do concello de Oímbra por manter a súa densidade poboacional -aínda que moi baixa- arredor dos 28 hb/km<sup>2</sup> como media do período. O contexto provincial mantén descensos continuos así como o agrupado comarcal e o total galego repunta levemente no 2004, polas achegas das provincias máis dinámicas e costeiras.

Densidade de Poboación	Extensión (Km <sup>2</sup> )	Densidade 1981hb/km <sup>2</sup>	Densidade 1991hb/km <sup>2</sup>	Densidade 2001hb/km <sup>2</sup>	Densidade 2004hb/km <sup>2</sup>
Castrelo do Val	122	16,9	12,0	10,8	10,1
Cualedro	118	47,7	21,7	20,8	19,4
Laza	216	11,6	10,7	9,1	8,3
Monterrei	119	41,0	30,3	28,5	26,8
Vilardevós	152	37,5	21,4	18,9	17,3
Oímbra	72	29,3	29,0	27,9	27,5
Ríos	114	35,6	22,1	19,4	18,4
Verín	94	106,2	117,2	140,9	144,5
<b>Comarca Verín</b>	<b>1.007</b>	<b>36,7</b>	<b>28,6</b>	<b>29,2</b>	<b>28,6</b>
Ourense	7.273	56,6	48,6	47,4	46,8
GALICIA	29.560	93,2	92,4	92,5	93,1

Na gráfica que segue, detállase a representación destas densidades e a liña evolutiva nestes últimos 24 anos, nos concellos da comarca, para maior información.




## 2.2. O CONXUNTO MUNICIPAL

O conxunto da poboación das parroquias, agás a vila de Verín, non chega a sumar a metade da poboación do núcleo da vila, que supón o 69% da poboación do termo municipal (agosto de 2005). Salvo a vila de Verín, as parroquias son rurais, cun asentamento en núcleo rural concentrado, agás as parroquias de Tintores e Vilarmaior do Val que contan con varios lugares, tamén nucleados.

Hai que ter en conta á hora de establecer prioridades e cubrir necesidades no territorio, que hai dúas tipoloxías de asentamentos, no tocante aos núcleos de poboación:

- a) O grupo de parroquias que están a unha media de 11,5 km do centro da vila como son: Feces de Abaixo, Feces de Cima, Mandín, Tamagos e, en menor medida Tamaguelos.
- b) O grupo de parroquias que non chega á media de distancia de 3 km do centro da vila, estas son: Ábedes, Cabreiroá, Pazos, Queizás, A Rasela, e os lugares de Caldeliñas e O Salgueiro da parroquia de Vilarmaior; e en menor medida as parroquias de Mourazos e Queirugas a 6,5 e 4,4 km respectivamente do centro da vila.



Esta circunstancia supón unha proximidade ou distancia territorial coa que hai que contar, na planificación futura do concello, no tocante ás cuestións de planeamento. No cadro que segue amosamos os datos de poboación por parroquias, segundo os censos dos anos 1981, 1991, 2001 e os datos do Padrón Municipal dos anos 2003 e 2005 para unha maior información, así como as porcentaxes de poboación por parroquias para os últimos datos do ano 2005, facilitados polo concello.

Poboación parroquias	1981	1991	2001	2003	2005	% poboación 2005
Ábedes	426	378	342	362	340	2%
Cabreiroá	250	177	151	156	157	1%
Feces de Abaixo	392	342	388	449	430	3%
Feces de Cima	175	148	138	132	117	1%
Mandín	315	236	195	204	204	1%
Mourazos	185	151	155	164	170	1%
Pazos	566	631	628	630	665	5%
Queirugas	173	135	137	140	127	1%
Queizás	369	422	398	412	399	3%
A Rasela	251	272	346	356	358	3%
Tamagos	177	185	201	217	199	1%
Tamaguelos	256	216	220	231	214	2%
Tintores	387	308	462	481	495	4%
Vilarmaior do Val	349	323	327	337	362	3%
Verín	5.712	7.094	8.829	9.387	9.781	69%
<b>Totais</b>	<b>9.983</b>	<b>11.018</b>	<b>12.917</b>	<b>13.658</b>	<b>14.018</b>	<b>100%</b>



### 2.2.1. PROYECCIÓN DA POBOACIÓN

Para termos unha idea cabal da poboación futura, elaborada nesta primeira etapa informativa do plan (e que por tanto deberá ser matizada e actualizada nas fases posteriores do plan con datos mais fiables e unha cabal idea da ordenación que é posible) utilizamos un procedemento que se ten amosado entre nós coma moi atinado. É o que decote se utiliza pola "D.G. de Obras Hidráulicas" do M.O.P.T.M.A., para o cálculo de poboacións potenciais demandantes das infraestruturas, que se acometen por este organismo (auga, saneamento, etc.)

Para o cálculo utilízase a fórmula:

$$P_n = P_a (1+r)^t.$$

onde:

$P_n$  = Poboación no ano "n".

$P_a$  = Poboación actual (real).

$t$  = Número de anos da proxección.

$r$  = Taxa acumulativa anual de crecemento, estimada para o período proxectado. Este

valor sae, á súa vez, da fórmula seguinte:

Caso a)

$$r = \frac{2r_1 + r_2}{3}, \text{ para cando } r_2 > r_3$$

Caso b)

$$r = \frac{2r_1 + r_3}{3}, \text{ para cando } r_3 > r_2$$

Os valores de  $r_1$ ,  $r_2$  e  $r_3$  son os seguintes:

$r_1$  = taxa anual do período decenal anterior (neste caso 1992-2001)

$r_2$  = taxa anual do período dos vinte anos inmediatamente anteriores ao último decenio (1981-2001).

$r_3$  = taxa anual dos vinte anos anteriores á vintena que vimos de mencionar (1961-1980).

Os valores de  $r_1$ ,  $r_2$  e  $r_3$  no caso de Verín son:

$$r_1 = (1992-2001) = 0,0178$$

$$r_2 = (1981-2001) = 0,0115$$

$$r_3 = (1961-1980) = 0,0002$$

Coma  $r_2 > r_3$  corresponde aplicar a fórmula do caso a), ou sexa:

$$r = \frac{2r_1 + r_2}{3}, \text{ Proxección pola fórmula } P_N = P_{\text{real}}(1+r)^3 \text{ onde } r = (2r_1 + r_2)/3 \text{ sendo } r_2 \text{ a máis}$$

significativa entre as taxas de crecemento  $r_2$  ou  $r_3$ .




Aplicando o valor de "r" na fórmula de proxección  $P_n = pa(1+r)^t$  obtemos os datos que son os que figuran no seguinte cadro, proxección calculada coa taxa  $r_3$ .

Calculado matematicamente polo ordenador en base aos datos poboacionais do cadro da evolución da poboación dende 1900 ata 2001.

Ano	Proxección
2001	12917 (Real)
2002	13120
2003	13326
2004	13535
2005	13748
2006	13964
2007	14183
2008	14406
2009	14633
2010	14862
2011	15096
2012	15333
2013	15574
2014	15819
2015	16067
2016	16319

A representación gráfica desta proxección da poboación, sen ser excesiva, si é positiva e con tendencia constante (e que polo xa dito deberá ser matizada e actualizada nas fases posteriores do Plan), o que ten que ser tido en xusta medida e interese cara á planificación dos equipamentos, servizos e planeamento a medio-longo prazo, xa que logo, no ano **2016 o concello terá unha proxección de poboación que excederá os 16.000 habitantes**, supoñemos esta cifra moi viable e tomado os datos provisionais dos **14.018 habitantes** do concello -segundo os datos do Padrón en **agosto de 2005-** o -incremento nestes 10 anos será dun 14% cifra moi similar aos incrementos intercensuais de 1970 e 1981 (12,54%), de 1981 e 1991 (10,36%) e de 1991 e 2001 (17,23%), sempre falando do conxunto municipal.





### 2.2.2. A EVOLUCIÓN 1900-2004


No transcorrer do tempo, concretamente entre 1900 e 2004, o crecemento do municipio é sempre positivo, salvo o tramo de 1960 ao 1970 no que temos unha regresión forte, superada con creces no seguinte censo de poboación, o de 1981. Verín non é alleo aos procesos migratorios tan frecuentes na nosa terra e coincidentes tamén cun proceso migratorio no ámbito estatal. Este concello supera o saldo negativo da década dos 60 con achegas poboacionais dos concellos limítrofes, sendo a vila unha zona de expansión económica no contexto comarcal.

No cadro que segue aprécianse os totais de poboación para o pasado século e primeiros datos do século XXI, nos concellos da comarca de Verín.


Comarca Verín	1900	1910	1920	1930	1940	1950	1960	1970	1981	1991	2001	2004
Castrelo do Val	2975	3133	2823	2913	3325	3227	3.190	2.897	2.066	1.461	1.284	1.239
Cualedro	3097	3459	3951	4327	4533	5001	5.773	5.722	5.628	2.563	2.391	2.286
Laza	4405	4516	4346	4262	4665	4573	4.228	3.384	2.497	2.303	1.904	1.800
Monterrei	4233	4947	4860	5156	6203	6108	5.752	5.028	4.877	3.603	3.314	3.187
Oímbra	2682	2792	2849	3000	3462	3498	3.491	2.634	2.109	2.088	1.996	1.984
Ríos	4664	4710	4979	4966	5504	5169	5.143	4.669	4.056	2.520	2.132	2.097
<b>Verín</b>	<b>4968</b>	<b>5832</b>	<b>6023</b>	<b>6814</b>	<b>8137</b>	<b>8841</b>	<b>9.063</b>	<b>8.870</b>	<b>9.983</b>	<b>11.018</b>	<b>12.917</b>	<b>13.585</b>
Vilardevós	4695	4846	4676	5639	6033	6645	6.645	6.152	5.694	3.257	2.803	2.633
<b>Comarca Verín</b>	<b>31.719</b>	<b>34.235</b>	<b>34.507</b>	<b>37.077</b>	<b>41.862</b>	<b>43.062</b>	<b>43.285</b>	<b>39.356</b>	<b>36.910</b>	<b>28.813</b>	<b>28.741</b>	<b>28.811</b>



No contexto comarcal, o municipio de Verín leva a cabeza no crecemento poboacional, sendo a regresión demográfica a única tónica xeral para o resto dos municipios. Na gráfica que segue pódese apreciar claramente a tendencia, disparándose as diferenzas a partir dos anos 80, no que Verín remonta a tendencia negativa dos concellos da comarca.



Na gráfica que segue apréciase a porcentaxe de poboación no concello de Verín no conxunto comarcal, supoñendo o 47% do total para os datos de poboación a 01/01/04, segundo os datos do padrón de habitantes.



### 2.2.3. ETAPAS DA EVOLUCIÓN DA POBOACIÓN

A evolución da poboación verinesa, neste século que vai de 1900 ata os primeiros anos do século XXI non é uniforme, polo que (e para unha maior comprensión da realidade do municipio) cómpre analizala e establecer unha serie de etapas que dan maior significado aos datos da actualidade.

O incremento bruto da poboación entre 1900 e o ano 2004 é de 8.617 habitantes, o que supón o 173%, é dicir que nestes cen anos, a súa poboación multiplicouse case por tres (2,7), mentres que a




poboación da comarca rexistra o descenso do -9%, que supón unha perda bruta de poboación, de case 3.000 habitantes.

Poboación	1900	2004	Incremento bruto	Incremento %
Verín	4968	13585	8617	173
Comarca Verín	31.719	28.811	-2.908	-9


Na representación gráfica da poboación, segundo os datos censuais e últimos do Padrón de habitantes (2004), vese claramente a disposición positiva dos incrementos de poboación e a única situación de regresión poboacional, entre 1960 e 1970 (-2,12%), no concello de Verín.

Poboación por anos	1900	1910	1920	1930	1940	1950	1960	1970	1981	1991	2001	2004
Verín	4968	5832	6023	6814	8137	8841	9.063	8.870	9.983	11.018	12.917	13.585


Incrementos porcentuais	1910-1900	1920-1910	1930-1920	1940-1930	1950-1940	1960-1950	1970-1960	1981-1970	1991-1981	2001-1991	2004-2001
Verín	17,39	3,27	13,13	19,41	8,65	2,51	-2,12	12,54	10,36	17,23	5,17
Comarca Verín	7,93	0,79	7,44	12,9	2,86	0,51	-9,07	-6,21	-21,93	-0,24	0,24



Entre 1900 e 2004, a evolución da poboación da comarca de Verín e da poboación do concello de Verín, corren dun xeito dispar, xa que logo, a constante do conxunto comarcal é de descenso fronte ao incremento e mantemento do conxunto municipal. De feito pódese establecer que o descenso da poboación comarcal vese amortecido ou retido, ben polo medre da poboación de Verín, ben polos seus novos habitantes como polos achegados dos concellos limítrofes.



Na Gráfica que segue, detállanse as variacións intercensuais das poboación do conxunto comarcal e do concello de Verín, desde 1900 ata os primeiros anos do século XXI.



Non obstante, cómpre facer unha periodización na evolución temporal do termo municipal, pois deste xeito poderemos entender mellor a realidade municipal. Así pois, entre 1900 e 2004 pódense establecer as seguintes etapas ou períodos, froito dos movementos migratorios, os saldos vexetativos e as circunstancias económicas que marcan a realidade territorial do concello verinés, que están a ser estas:

**De 1900 ata 1940:** a constante da poboación municipal é de crecemento. Os valores de incremento medio -para estes anos- en termos porcentuais son do 10,64%, coa peculiaridade dun incremento menor na década dos anos que van de 1910 a 1920, froito dos fluxos migratorios cara a América, especialmente. Mentres tanto, o conxunto comarcal tamén incrementa os seus efectivos pero dun xeito menos pronunciado, cunha media porcentual de 5,8%, non chegando o incremento para á década que vai de 1910 a 1920 ao 1%



**2ª etapa de 1941 ata 1960:** nestes anos séguese sen perder poboación de xeito efectivo, pero os incrementos da mesma de 8,65% entre 1940 e 1950 e de 2,51% para os dez seguintes anos, supoñen un proceso de relentización no seu crecemento, son os primeiros signos de “retardo” de novos verineses e dos non nados, froito das migracións dos anos 20. Os excedentes de poboación, non asumidos no municipio, tomaran rumbo cara outros concellos da Comunidade Galega e do Estado Español; pola outra banda, os países de América do Sur e os incipientes destinos da Europa democrática seguen a asumir os excedentes da poboación de Verín.

**3ª Etapa de 1961 ata 1970:** os anos sesenta supoñen para o termo municipal un forte revés para os incrementos poboacionais, pois temos por primeira vez signos negativos no seu crecemento, así pois, a perda de poboación é do -2,12%. Destaca un forte proceso de migración cara á área viguesa e os polos de desenvolvemento rexional e nacional, aparte de se manter os destinos europeos.

**4ª Etapa dos anos 70 ata a actualidade:** A partires desta data, o concello vai tomado pulo con efectivos achegados dos concellos limítrofes, os incrementos poboacionais de seu. A poboación municipal vese incrementada e compensada polas achegas de poboación do contorno comarcal, atraídas polas iniciativas empresariais e de servizos localizadas na cabeceira comarcal. A media dos incrementos brutos de poboación entre 1970 e 2001, é de 1.349 habitantes, sendo o incremento bruto entre 2001 e 2004 de 668 e entre 2001 e 2005<sup>18</sup> de 1.101 habitantes. Polo que, a dinámica no conxunto municipal é positiva e de perspectivas favorables.

#### 2.2.4. AS PARROQUIAS

Para analizar polo miúdo a dinámica da poboación do concello, ímonos aproximar aos datos de poboación segundo as parroquias, sendo esta a división histórica e tradicional no noso país. Hoxe en día, os fortes procesos urbanizadores dos territorios, das cidades e das vilas, como é o caso detectado en Verín, poñen en moitos casos en dúbida a valía da entidade parroquial cara ás análises poboacionais e as súas correctas interpretacións; non obstante no caso de Verín e pola especial dimensión das súas parroquias e o seu desenvolvemento, esta análise pode ser mantida no ámbito tradicional da parroquia: Hai que ter en conta que os territorios cun forte proceso urbanizador e polo tanto, cun alto grao de ocupación do solo, como é o caso do concello, aumentan a complexidade das análises cara a establecer as prioridades nun PXOM.

Así pois, o termo municipal de Verín, no seu conxunto, amosa unha dinámica positiva. Non obstante, se tomamos a división territorial histórica da parroquia apreciamos unha traxectoria diferente, nuns casos positiva, noutros negativa ou máis inestable. Xa que logo, as quince parroquias que configuran o

---


<sup>18</sup> Poboación municipal en agosto de 2005, Fonte Padrón municipal




termo municipal de Verín, teñen un comportamento propio, moitas veces asimilable aos comportamentos dos concellos rurais, do conxunto comarcal.

O factor rural, a centralidade urbana e a proximidade a esta, marcan a evolución dos núcleos de poboación do conxunto municipal. Para aproximarnos a esta evolución, tomamos os datos de poboación por parroquia desde os últimos 24 anos, a través dos datos do Censo de Poboación e Vivendas dos Nomenclátor dos anos 1981, 1991 e 2001 e os últimos datos facilitados polo concello de agosto de 2005, para unha maior información do proceso habitacional do municipio.

Na gráfica que segue, representamos as liñas xerais das parroquias verinesas, sen contar o núcleo da vila. A representación da parroquia de Verín, pola súa configuración urbana e poboacional, distorsiona totalmente a evolución do conxunto do concello. Pódense apreciar os incrementos das parroquias de Pazos, Tintores, A Rasela e Tamagos, sempre sen superar en ningunha parroquia os 500 habitantes, agás Pazos que se sitúa nos 665 no ano 2005, e preto dos 500, a parroquia de Tintores con 495 no mesmo ano.



Na gráfica da poboación da parroquia de Verín, podemos apreciar a progresión da evolución da súa poboación sempre positiva, excedendo os 9.700 habitantes no núcleo da vila.






No cadro que segue, detallamos os incrementos porcentuais de poboación, segundo os datos censuais dos anos de referencia e os incrementos entre o último censo do ano 2001 e os datos de poboación do ano 2005 facilitados polo concello. En negraña detallamos as parroquias con signos positivos de crecemento. Debemos salientar que os volumes de poboación, segundo as parroquias, diferéncianse dun xeito radical entre o rural e a vila, coma xa dixéramos máis arriba, polo que cómpre telo en conta cara á correcta interpretación destas porcentaxes, polo que as parroquias de menor volume de poboación terán máis problemas de subsistencia, dada a escaseza de efectivos de substitución.

<b>Incremento porcentual Poboación parroquias</b>	<b>1991-1981</b>	<b>2001-1991</b>	<b>2001-2005</b>	<b>Poboación 2005</b>
Ábedes	-11,26%	-9,52%	-0,58%	340
Cabreiroá	-29,20%	-14,68%	<b>3,97%</b>	<b>157</b>
Feces de Abaixo	-12,75%	<b>13,45%</b>	<b>10,82%</b>	<b>430</b>
Feces de Cima	-15,42%	-6,75%	-15,21%	117
Mandín	-25,07%	-17,37%	<b>4,61%</b>	<b>204</b>
Mourazos	-18,37%	<b>2,64%</b>	<b>9,67%</b>	<b>170</b>
<b>Pazos</b>	<b>11,48%</b>	<b>-0,47%</b>	<b>5,89%</b>	<b>665</b>
Queirugas	-21,96%	<b>1,48%</b>	-7,29%	127
Queizás	<b>13,38%</b>	-5,68%	<b>0,25%</b>	<b>399</b>
<b>A Rasela</b>	<b>8,36%</b>	<b>27,20%</b>	<b>3,46%</b>	<b>358</b>
<b>Tamagos</b>	<b>4,51%</b>	<b>8,64%</b>	<b>-0,99%</b>	<b>199</b>
Tamaguelos	-15,62%	<b>1,85%</b>	-2,72%	214
Tintores	-20,41%	<b>50%</b>	<b>7,14%</b>	<b>495</b>
Vilarmaior do Val	-7,44%	<b>1,23%</b>	<b>10,70%</b>	<b>362</b>
<b>Verín</b>	<b>24,19 %</b>	<b>24,45 %</b>	<b>10,78%</b>	<b>9781</b>
<b>Totais</b>	<b>10,36%</b>	<b>17,23 %</b>	<b>8,52 %</b>	<b>14018</b>

#### 2.2.4.1. Santa María de Ábedes

Ábedes presenta signos negativos de crecemento, tal como se aprecia na gráfica. Nestes 24 anos o signo global é negativo, nunha porcentaxe do -20,18%, sendo o comportamento menos agresivo por décadas censuais, -11% entre 1981 e 1991 e -9% entre 1991 e 2001, as diferenzas nos últimos cinco anos 2001-2005 son menos negativas, xa que non chega ao 1% de perda de poboación. O peso dos “non nados” e do envellecemento da poboación consolida a tendencia. Ábedes supón no ano 2005 o 2% da poboación municipal e o 5% do territorio municipal.






No cadro que segue, temos os datos referidos á parroquia de Ábedes e ao total do concello, para unha mellor apreciación da tendencia parroquial.

Incremento porcentual Poboación parroquia	1991-1981	2001-1991	2001-2005
Ábedes	-11,26%	-9,52%	-0,58%
<b>Totais</b>	<b>10,36%</b>	<b>17,23 %</b>	<b>8,52 %</b>

#### 2.2.4.2. San Salvador de Cabreiroá

Cabreiroá ten nos últimos cinco anos un comportamento positivo, cun incremento do 3,97%; porén, este crecemento non consegue inverter a tendencia de perda de poboación nestes 24 anos, pois esta perda supón un -37%, sendo en número unha perda bruta de poboación de 93 habitantes. Na gráfica pódese apreciar claramente unha tendencia á estabilidade nos últimos 14 anos, pero hai que ter en conta os implacables saldos vexetativos para ter unha información certa. Cabreiroá supón no ano 2005 tan só o 1% da poboación municipal nun 9% do territorio total.






No cadro que segue, apréciase a situación parroquial e a dinámica municipal para unha mellor apreciación das porcentaxes.

<b>Incremento porcentual Poboación parroquias</b>	<b>1991-1981</b>	<b>2001-1991</b>	<b>2001-2005</b>
Cabreiroá	-29,20%	-14,68%	3,97%
<b>Totais</b>	<b>10,36%</b>	<b>17,23 %</b>	<b>8,52 %</b>

#### 2.2.4.3. Santa María de Feces de Abaixo

A parroquia de Feces de Abaixo amosa signos positivos de crecemento, especialmente nos últimos 14 anos, invertendo a tendencia negativa da década censal do 1981-1991, pois o saldo era case dun -13%. No conxunto dos 24 anos o incremento é positivo, dun 9,69%. A proximidade da fronteira con Portugal fai deste parroquia unha poboación da raia, coas súas vantaxes e inconvenientes, no entanto, a inminente traza da autovía no territorio portugués pode alterar o desenvolvemento económico da zona lindeira na banda galega, dato a ter en conta nos vindeiros anos. Feces de Abaixo supón o 3% da poboación e un 7% da superficie do concello.




No cadro que segue pódense apreciar signos mesmo de valor superior aos do conxunto municipal, sempre falando de valores porcentuais, especialmente nos últimos cinco anos.

<b>Incremento porcentual Poboación parroquias</b>	<b>1991-1981</b>	<b>2001-1991</b>	<b>2001-2005</b>
Feces de Abaixo	-12,75%	13,45%	10,82%
<b>Totais</b>	<b>10,36%</b>	<b>17,23 %</b>	<b>8,52 %</b>

#### 2.2.4.4. Santa María Feces de Cima

A situación de Feces de Cima é, con moito, a máis preocupante desde o punto de vista poboacional. Nestes 24 anos a perda de poboación é constante, sendo do -33,14% para o conxunto temporal. A gráfica é ben elocuente para apreciar a tendencia da parroquia, que supón o 1% da poboación municipal e o 11% do territorio verinés, e a parroquia de maior extensión do concello.




A situación de afastamento do núcleo da vila, pon aínda máis crueza na tendencia negativa, sendo nos últimos cinco anos do -15,21%, case duplicando - en sentido negativo- a situación do conxunto municipal no mesmo período.

Incremento porcentual Poboación parroquias	1991-1981	2001-1991	2001-2005
Feces de Cima	-15,42%	-6,75%	-15,21%
<b>Totais</b>	<b>10,36%</b>	<b>17,23 %</b>	<b>8,52 %</b>

#### 2.2.4.5. Santa María de Mandín

Mandín ten, no conxunto temporal desta análise, unha tendencia negativa, no conxunto dos 24 anos, pois os valores sitúanse en -35,23%. A perda bruta de poboación neste conxunto temporal é de 111 persoas, porén entre 2001 e 2005 podemos falar de estabilización pois increméntase a poboación nun 4,61%, pasando de 195 habitantes a 204. Na gráfica pódese ver claramente a tendencia "estable" nos últimos anos. Mandín representa o 1% da poboación municipal e o 6% da superficie territorial do concello.






No cadro que segue, pódese apreciar a relación da parroquia de Mandín e a do conxunto municipal, vinte anos de retroceso poboacional e un leve repunte nos últimos 4 anos, no entanto, non se achega á cifra de poboación actual aos valores de 1981 nin de 1991.

Incremento porcentual Poboación parroquias	1991-1981	2001-1991	2001-2005
Mandin	-25,07%	-17,37%	4,61%
<b>Totais</b>	<b>10,36%</b>	<b>17,23 %</b>	<b>8,52 %</b>

#### 2.2.4.6. San Martiño de Mourazos

Para o conxunto destes 24 anos, a parroquia de Mourazos ten un saldo negativo de -8,10%, especialmente gravado na década censal do 1981 a 1991, no que a perda de poboación é de -18,37%, cifra que se torna positiva na seguinte década -a que vai de 1991 a 2001- porén non recupera os volumes de poboación de partida. Na gráfica que segue, apréciase claramente o cambio de tendencia, cambio que se terá que corroborar nos seguintes anos, sempre tendo en conta as liñas xerais dos saldos vexetativos non propicios. No ano 2005, a poboación de Mourazos supón o 1% da poboación municipal, sendo a segunda parroquia en extensión, contando pois co 10% da superficie municipal.




A partires de 1991, os datos son de crecemento leve (2,64%) no tramo que vai do 1991 ao 2001, e algo máis dinámicos nos cinco anos seguintes (2001-05) pois temos unha posición positiva de 9,67%, sendo 1,15 puntos porcentuais superior aos valores para o mesmo período no conxunto municipal, tal como se aprecia no cadro comparativo.

Incremento porcentual Poboación parroquias	1991-1981	2001-1991	2001-2005
Mourazos	-18,37%	2,64%	9,67%
<b>Totais</b>	<b>10,36%</b>	<b>17,23 %</b>	<b>8,52 %</b>



#### 2.2.4.7. San Fiz de Pazos

A proximidade ao núcleo da vila, á parroquia de Verín, marca o ritmo desta parroquia no tocante á súa poboación. Nos 24 anos desta análise o aumento de poboación é dun 17,49%, o que supón un incremento de 99 persoas, en termos absolutos. Entre 1981 e 1991 o incremento porcentual da poboación é do 11,48% para se manter na seguinte década e repuntar novamente, nos últimos 5 anos con valores arredor do 6%, 2,6 puntos por baixo da dinámica do conxunto municipal. Pazos supón o 5% da poboación municipal, a porcentaxe máis alta do total das parroquias de Verín, sendo pola contra, unha das parroquias máis pequenas do concello, pois supón o 5% do territorio.




No cadro que segue, amosamos as porcentaxes dos incrementos da poboación, na parroquia e no conxunto de Verín. Como se pode apreciar os incrementos na década de 1981 a 1991 son superiores na parroquia de Pazos que no conxunto municipal, para logo se manter en posicións conservadoras, rematando cunha lixeira alza nos últimos 5 anos. Cabe esperar un comportamento positivo nos vindeiros anos, xa que estamos falando dun tramado urbano, ben comunicado e con solución de continuidade co núcleo da vila.

<b>Incremento porcentual Poboación parroquias</b>	<b>1991-1981</b>	<b>2001-1991</b>	<b>2001-2005</b>
Pazos	11,48%	-0,47%	5,89%
<b>Totais</b>	<b>10,36%</b>	<b>17,23 %</b>	<b>8,52 %</b>

#### 2.2.4.8. San Bartolomeu de Queirugas

Queirugas é unha das parroquias máis afastadas do núcleo da vila e do resto das parroquias do concello. O comportamento poboacional é claramente regresivo, como o testemuñan nestes anos de análise os valores de -26,58% de perda de poboación. O descenso máis forte é na década do 1981 a 1991, para logo manterse arredor dos 130 habitantes. Cabe esperar nesta parroquia fortes descensos poboacionais, sempre falando dos efectos dos saldos vexetativos.




No cadro que segue, detallamos os incrementos e descensos porcentuais da poboación. Sinalar o simbólico 1,48% aumento de poboación na década de 1991 a 2001, que se troca en decrecemento nos seguintes cinco anos. Queirugas supón o 1% da poboación municipal e 9% do territorio municipal.

Incremento porcentual Poboación parroquias	1991-1981	2001-1991	2001-2005
Queirugas	-21,96%	1,48%	-7,29%
<b>Totais</b>	<b>10,36%</b>	<b>17,23 %</b>	<b>8,52 %</b>

#### 2.2.4.9. San Pedro de Queizás

A parroquia de Queizás -a tan só 1,6 km do núcleo da vila- mantén unha situación de variabilidade con tendencia ao incremento de poboación respecto ás posicións de partida desta análise, isto é, o ano 1981. Na década de 1981 a 1991 experimenta un forte incremento poboacional, tres puntos por riba da rexistrada no conxunto municipal, sempre falando en termos porcentuais. Porén, a medida que entramos no tempo os rexistros de poboación experimentan caídas de -5,68%, e un testimonial incremento do 0,25%. A pesares destes descensos, a poboación mantén os efectivos en número maior que os rexistrados en 1981. Cabe esperar certa estabilidade, tal como se aprecia nos últimos cinco anos, xa que xoga a favor desta unidade poboacional a proximidade á vila, e en contra a tendencia regresiva da poboación, os saldos vexetativos.






A poboación de Queizás supón un 3% da poboación do concello e tamén o 3% do territorio municipal. No cadro que segue amosamos os valores porcentuais de incrementos e descensos da poboación parroquial e municipal para unha mellor comparativa.

<b>Incremento porcentual Poboación parroquias</b>	<b>1991-1981</b>	<b>2001-1991</b>	<b>2001-2005</b>
Queizás	13,38%	-5,68%	0,25%
<b>Totais</b>	<b>10,36%</b>	<b>17,23 %</b>	<b>8,52 %</b>

#### 2.2.4.10. Santa María da Rasela

O caso da Rasela mantén similitudes coa situación da parroquia de Pazos. A proximidade ao núcleo da vila -1,5 km- caracteriza a dinámica positiva do comportamento da poboación. No conxunto temporal o incremento de poboación é do 42,13%, aínda que moi por riba da veciña parroquia de Pazos. A Rasela supón o 3% da poboación municipal e tamén o 3% do territorio municipal, ao igual que Queizás e Tintores, as máis pequenas en extensión.



No cadro que segue, detállanse os incrementos por décadas censuais e nos últimos 5 anos pódese apreciar o forte incremento de poboación entre 1991 e 2001, 10 puntos porcentuais por riba dos valores do conxunto municipal. Pazos, pola contra, ten o seu incremento máis salientable, xusto na década anterior, isto é 1981-1991.


<b>Incremento porcentual Poboación parroquias</b>	<b>1991-1981</b>	<b>2001-1991</b>	<b>2001-2005</b>
A Rasela	8,36%	27,20%	3,46%
<b>Totais</b>	<b>10,36%</b>	<b>17,23 %</b>	<b>8,52 %</b>

#### 2.2.4.11. Santa María de Tamagos

A poboación de Tamagos sitúase arredor dos 200 habitantes. Entre 1981 e 2005 o incremento de poboación é dun 12,42%, sempre con signo positivo, pero moderado. Así pois, entre 1981 e 1991 os incrementos no censo de poboación son do 4,5%, que case se duplica a porcentaxe na seguinte



década censual, para rematar nestes últimos anos, nunha situación de “impasse”, na que cabe esperar certo retroceso, froito do envellecemento da poboación parroquial pouco favorecida polos poucos volumes de poboación, xa que falamos de 199 persoas en agosto de 2005. Tamagos supón o 1% da poboación municipal e o 8% da extensión territorial de Verín.




No cadro que segue, apréciase a evolución porcentual do conxunto parroquial e do conxunto municipal. As porcentaxes son positivas, pero xoga na súa contra o proceso de envellecemento da poboación, e os 11,5 km de afastamento do núcleo da vila.

Incremento porcentual Poboación parroquias	1991-1981	2001-1991	2001-2005
Tamagos	4,51%	8,64%	-0,99%
<b>Totais</b>	<b>10,36%</b>	<b>17,23 %</b>	<b>8,52 %</b>

#### 2.2.4.12. Santa María de Tamaguelos

O proceso regresivo da poboación de Tamaguelos é importante. As perdas de poboación supoñen un 16,49% para estes 24 anos, apreciándose unha leve recuperación na década censual de 1991 a 2001, mesmo no ano 2003 (datos de Padrón de habitantes) pero nunca recuperando as posicións de inicio desta análise -1981-. Tamaguelos supón un 2% da poboación municipal sobre o 7% da extensión territorial de Verín.








No cadro, amosamos as porcentaxes de perda de poboación da parroquia, e o diferente comportamento para o conxunto municipal.

<b>Incremento porcentual Poboación parroquias</b>	<b>1991-1981</b>	<b>2001-1991</b>	<b>2001-2005</b>
Tamaguelos	-15,62%	1,85%	-2,72%
<b>Totais</b>	<b>10,36%</b>	<b>17,23 %</b>	<b>8,52 %</b>

#### 2.2.4.13. Santa Cristina de Tintores

Tintores, no seu conxunto, amosa valores de incremento constante nos últimos 14 anos, remontando unha tendencia regresiva na primeira década censal desta análise (1981-1991), pois era do -20,41%. Así pois, nestes 24 anos, no seu conxunto, os incrementos porcentuais son case do 28%. Cabe ter en conta que, na década de 1991 ao 2001, o incremento porcentual da poboación supón o 50%, pasando de 308 habitantes a 462 veciños censados neste ano. Segundo os datos do Padrón municipal de 2003 e 2005, as cifras seguen en aumento. Salientar que dos dous núcleos desta parroquia crece máis Vilela que Tintores; novos veciños e novas vivendas nunha parroquia, que pola súa proximidade ao núcleo da vila marca a progresión positiva da súa poboación. Na parroquia de Tintores está censada o 4% da poboación municipal, sendo despois de Pazos o núcleo máis habitado do municipio, sen contar obviamente o núcleo da vila, sobre o 3% do territorio, un dos tres menos extensos.



No cadro que segue, amosamos os incrementos ou descensos de poboación da parroquia e do conxunto municipal, está clara a nova radicación de veciños na década de 1991-2001, e a tendencia positiva, tanto no conxunto municipal como na parroquia nos últimos 5 anos.

<b>Incremento porcentual Poboación parroquias</b>	<b>1991-1981</b>	<b>2001-1991</b>	<b>2001-2005</b>
Tintores	-20,41%	50%	7,14%
<b>Totais</b>	<b>10,36%</b>	<b>17,23 %</b>	<b>8,52 %</b>




#### 2.2.4.14. Santa María A Maior de Verín

A parroquia de Verín, o principal núcleo do termo municipal, exerce foco de atracción da poboación do propio municipio -isto é, das restantes parroquias- e dos concellos limítrofes da comarca. Os incrementos de poboación no territorio parroquial, son para estes 24 anos dun 71,23%, cifra moi alta para o conxunto municipal e aínda máis para o conxunto comarcal. Os concellos limítrofes e integrantes da comarca de Verín sofren descensos fortísimos como son o -59% de Cualedro, -53% de Vilardevós, -48% de Riós, -40% de Castrelo do Val, o -34% de Monterrei, -28% de Laza e en moita menor medida o valor negativo de -5,9% de Oímbra. Descensos de poboación que supoñen, por unha banda traslados de efectivos que son asumidos en parte pola parroquia ou vila, e en parte por outros destinos da provincia (Ourense capital) ou Vigo etc., mesmo resto do Estado Español e destinos europeos e no que tamén, como non, pola outra banda, as implacables baixas polos movementos naturais de poboación e as consecuencias obvias das taxas de natalidade.

O conxunto municipal incrementa a súa poboación nun 36%, nestes 24 anos, fronte ao 71,23% do aumento no mesmo tempo na vila parroquial e capital municipal de Verín. Polo tanto, Verín, como concello, non é alleo aos movementos migratorios cara aos asentamentos urbanos e capitais de provincia e polos economicamente máis dinámicos, trasladándose veciños e (sobre todo a mocidade) da comarca cara a conseguir emprego, servizos e vivenda. A vila exerce de cabeceira de comarca e tractorsa da economía de servizos e atencións, para unha área extensa, regresiva demograficamente e economía moi dependente.

Na gráfica pódese ver claramente os incrementos de poboación da vila parroquial, cunha tendencia á alza, pero sen grandes porcentaxes, pois sitúanse nun 24% nas décadas censuais deste estudo, baixando algo nos últimos 4-5 anos. Verín supón o 69% da poboación municipal en agosto de 2005, e a porcentaxe de superficie parroquial é do 6%, dando pois unha alta densidade de poboación.



No cadro, podemos apreciar os valores porcentuais para a poboación parroquial, por riba dos valores “mediados” á baixa das porcentaxes totais do municipio. Os valores negativos do resto das parroquias




de Verín rebaixan obviamente as porcentaxes. O incremento máis pronunciado dáse no movemento de poboación da década censal de 1981 a 1991, na que o incremento de poboación é 13,83 puntos por riba dos datos do conxunto municipal.

<b>Incremento porcentual Poboación parroquias</b>	<b>1991-1981</b>	<b>2001-1991</b>	<b>2001-2005</b>
Parroquia de Verín	24,19 %	24,45 %	10,78%
<b>Totais</b>	<b>10,36%</b>	<b>17,23 %</b>	<b>8,52 %</b>

#### 2.2.4.15. Santiago de Vilarmaior do Val

Vilarmaior do Val xunto coa parroquia de Tintores, é unha das dúas únicas parroquias que contan con núcleos de poboación independentes. O conxunto municipal presenta unha evolución peculiar, pois nestes 24 anos o incremento porcentual da poboación é do 3,72%. Non obstante, o comportamento por décadas censuais difire da tónica xeral de descensos de poboación, detectado en xeral nas parroquias. Así pois, entre 1981 e 1991 temos un descenso de poboación do -7,44%, para na seguinte (1991 – 2001), retomar valores tímidos pero de signo positivo, pois incrementábase a poboación nun 1,23%. No entanto, a partires de 2001 conséntase incrementos do 10,7%, pois entre 2001 e 2005 o incremento bruto de poboación é de 35 novos residentes censados na parroquia, excedendo os 349 veciños censados do ano 1981. Os incrementos son máis presentes en Salgueiro e en Caldeliñas que en Vilarmaior, pois novamente os eixes de comunicación e a proximidade á vila marcan as tendencias de fixar residencia da nova veciñanza.



No cadro que segue, podemos apreciar as porcentaxes de incremento de poboación na parroquia e no conxunto municipal. Observamos pois os valores porcentuais de maior peso nos últimos catro anos no conxunto parroquial, 2,18 puntos por riba de Verín.

<b>Incremento porcentual Poboación parroquias</b>	<b>1991-1981</b>	<b>2001-1991</b>	<b>2001-2005</b>
Vilarmaior do Val	-7,44%	1,23%	10,70%
<b>Totais</b>	<b>10,36%</b>	<b>17,23 %</b>	<b>8,52 %</b>



#### 2.2.4.16. Conclusións

O concello de Verín é un dos catro concellos da provincia que se agrupa entre os 9.000 e os 14.000 habitantes, sendo estes concellos os de Xinzo da Limia, O Barco de Valdeorras e O Carballiño. Estes termos municipais son concellos cabeceira comarcal e eixes tractores das economías locais e áreas funcionais. A poboación do concello de Verín supón o 47% da poboación da comarca de Verín, o 4% da poboación provincial o un 0,5% da poboación total de Galicia.

O conxunto das parroquias do municipio ten unha poboación moi baixa e con tendencia regresiva, pola contra, o núcleo da vila ten un saldo positivo no seu crecemento, dando ao conxunto municipal un perfil dinámico e de expansión. O conxunto da poboación das parroquias, agás a vila de Verín, non chega á sumar a metade da poboación do núcleo da vila, que supón o 69% da poboación do termo municipal (agosto de 2005). Salvo a vila de Verín, as parroquias son rurais, cun asentamento en núcleo rural concentrado, agás as parroquias de Tintores e Vilarmador do Val, que contan con varios lugares, tamén nucleados.

Entre 1900 e 2004, a evolución da poboación da comarca de Verín e da poboación do concello de Verín corren dun xeito dispar, xa que logo, a constante do conxunto comarcal é de descenso, fronte ao incremento e mantemento do conxunto municipal. De feito pódese establecer que o descenso da poboación comarcal vese amortecido ou retido, ben polas medras da poboación de Verín, ben polos seus novos habitantes ou os achegados dos concellos limítrofes. O incremento bruto da poboación entre 1900 e o ano 2004 é de 8.617 habitantes, que supón o 173%, é dicir, que nestes cen anos a súa poboación multiplicouse case por tres (2,7) mentres que a poboación da comarca rexistra o descenso do -9%, que supón unha perda bruta de poboación de case 3.000 habitantes. No contexto comarcal, o municipio de Verín leva a cabeza no crecemento poboacional, sendo a regresión demográfica a única tónica xeral para o resto dos municipios.


O conxunto municipal incrementa a súa poboación nun 36%, nos últimos 24 anos, fronte ao 71,23% do aumento no mesmo tempo, na de vila parroquial e capital municipal de Verín. Polo tanto Verín, como concello, non é alleo aos movementos migratorios cara aos asentamentos urbanos e capitais de provincia e polos economicamente máis dinámicos, trasladándose veciños da comarca cara a conseguir emprego, servizos e vivenda. A vila exerce de cabeceira de comarca e impulsora da economía de servizos e atencións para unha área extensa regresiva demograficamente e económica moi dependente.

No ano **2016 o concello terá unha proxección de poboación que excederá os 16.000 habitantes**, supoñemos esta cifra moi viable tomando os datos provisionais dos **14.018 habitantes** do concello -segundo os datos do Padrón en **agosto de 2005-** o -incremento nestes 10 anos será dun 14%, cifra moi similar aos incrementos intercensuais de 1970 e 1981 (12,54%), de 1981 e 1991 (10,36%) e de 1991 e 2001 (17,23%), sempre falando do conxunto municipal.



### 2.3. A ESTRUCTURA DA POBOACIÓN

A pirámide poboacional de Verín ofrécenos unha imaxe global dos habitantes do concello na situación actual<sup>19</sup>. A estrutura da pirámide permítenos analizar esta situación e as posibles situacións futuras definidas ou observadas pola análise da figura. A través da pirámide, podemos entender dun xeito máis pormenorizado a evolución pasada da poboación municipal e como non, coma xa dixemos, as posibles liñas evolutivas dun xeito xenérico. Na pirámide poboacional de Verín, analizamos a realidade da poboación ata a data, pero cómpre ter en conta que as circunstancias esóxenas ao territorio -que indubidablemente serán decisivas cara ao crecemento desta área territorial- non son tidas en conta, xa que logo son, hoxe por hoxe, un dato sen “contido”. Entre as circunstancias esóxenas nas que cabe citar, por caso, a influencia que exerce a súa inserción nunha área territorial e económica de carácter interior de especial dinamismo nun eixo transnacional Galiza-Norte de Portugal, e nunha área de especial interese ecolóxico, sen esquecer as potencialidades turísticas desta área xeográfica do interior galego.



A pirámide poboacional de Verín presenta unha figura avultada, cunhas baixas taxas de natalidade, como se aprecia na estreita base da pirámide, e un progresivo aumento da esperanza de vida, xa que temos unha pirámide cunha figura algo máis estilizada nos tramos máis altos, nos que se representan os homes e mulleres de máis idade.

O perfil da pirámide de Verín amosa unha poboación evolucionada, cunha forte presenza de maiores que -nas actuais condicións teñen unha elevada esperanza de vida-, especialmente as mulleres. Os

<sup>19</sup> Cifras oficiais do Padrón de habitantes 2005 /agosto



tramos centrais da pirámide amosan entrantes e saíntes que reflicten os “boons de natalidade” dos nados hai 25 anos, nos anos 80, e os que teñen hoxe entre os 40-44 anos e os non nados durante a guerra civil, que se corresponden cos tramos de idade dos homes e mulleres que hoxe teñen entre 64 e 60 anos.

Á vista destas informacións, temos que ter en conta servizos e equipamentos para unha forte presenza de poboación, dependente especialmente de maiores da 4ª idade e unha futura poboación dependente infantil, é dicir, os fillos dos veciños do concello pertencentes aos segmentos de poboación, que a curto prazo estarán en condicións de xerar novos fogares.

Non se pode pechar á análise da pirámide de poboación sen ter en conta unha serie de datos alleos en sentido estrito aos datos da pirámide, isto é, ás características dos servizos, dos equipamentos, etc, destinados ás poboacións dependentes do concello. Estes equipamentos deberan ter en conta as condicións ambientais e culturais da poboación, xa que as variacións nos usos e costumes, así como os novos xeitos das unidades familiares (unipersoais, monoparentais, divorcios, familias reducidas, etc), e como non, a forte incorporación ao traballo remunerado das mulleres, son factores que terán que terse en conta nesta planificación.

Os incrementos dos niveis formativos e culturais da poboación, así como o incremento da esperanza de vida deberan terse en conta na procura de ofertas de servizos e atencións axeitados aos cidadáns. **Estas características “novas” que afectan tanto ás novas xeracións como ás no tan novas, esixirán das autoridades un esforzo non só no deseño de equipamentos e servizos axeitados ás idades e características de cada grupo de idade, senón tamén que estes sexan de calidade.** Non deben esquecerse as seguintes “cuestións” por unha parte a potencialidade de emprego que xera a atención ás persoas maiores, e por outra a boa localización da vila no territorio comarcal, como lugar de residencia.

A poboación de Verín localízase dun xeito maioritario na parroquia de Santa María a Maior de Verín, cunha altísima ocupación do solo<sup>20</sup>. Esta poboación supón, polo tanto, o 69% da poboación total do concello. Consideramos que, polo seu compoñente urbano actual e especialmente a medio prazo, a representación da pirámide do conxunto municipal fai correcta interpretación da estrutura da poboación do termo municipal todo, así temos que subliñar que estamos a falar dun conxunto poboacional que non chega aos 14.100 hb.

No cadro que segue detallamos a poboación municipal, a data de agosto de 2005, segundo as parroquias, as superficies que ocupan e as porcentaxes correspondentes, segundo distribución parroquial, para ambos datos para un maior detalle informativo.

---

<sup>20</sup> A parroquia de Santa María a Maior de Verín supón o 6% de superficie municipal, a súa densidade de poboación no ano 2005 é de 1807 hb/km<sup>2</sup>, sendo a densidade galega de 93hb/km<sup>2</sup>.



Concello de Verín. Poboación parroquias	Sup/km <sup>2</sup>	Hb 2005	Densidade Hb/km <sup>2</sup>	% territorio municipal	% poboación 2005
Ábedes	4,95	340	68,68	5%	2%
Cabreiroá	8,72	157	18	9%	1%
Feces de Abaixo	6,66	430	64,56	7%	3%
Feces de Cima	10,29	117	11,37	11%	1%
Mandin	5,49	204	37,15	6%	1%
Mourazos	9,51	170	17,87	10%	1%
Pazos	4,54	665	146,47	5%	5%
Queirugas	8,31	127	15,28	9%	1%
Queizas	3,24	399	123,14	3%	3%
A Rasela	2,86	358	125,17	3%	3%
Tamagos	7,38	199	26,96	8%	1%
Tamaguelos	6,62	214	32,32	7%	2%
Tintores	2,90	495	170,68	3%	4%
Vilarmaior do Val	7,15	362	50,62	8%	3%
<b>Verín</b>	<b>5,41</b>	<b>9781</b>	<b>1807,94</b>	<b>6%</b>	<b>69%</b>
<b>Totais</b>	<b>94,03</b>	<b>14018</b>	<b>149,08</b>	<b>100%</b>	<b>100%</b>

A poboación de Verín, segundo os grandes grupos de idade, presenta un perfil maduro cunha media de idade de 41,2 anos, sendo de 40,3 para os homes e algo máis para as mulleres, pois para o ano 2001, a idade media das verinesas é de 42. Esta diferenza, aínda que pouca, explícase pola maior presenza de mulleres na estrutura piramidal, pois son elas as que gozan dunha maior esperanza de vida.

No cadro que segue, detallamos as idades medias dos concellos da comarca, así como os do termo municipal de Verín. Do conxunto comarcal, é Verín o municipio coas medias máis baixas en idade, pois segundo o cadro que segue non superan tampouco as medias de idade<sup>21</sup> da provincia de Ourense, e tampouco o do conxunto galego. Apréciase moi claramente o proceso de envellecemento da comarca, moi por riba das idade medias do municipio do Támega.


Idade media 2001	Idade media da poboación	Idade media homes	Idade media mulleres	Índice de dependencia %
Castrelo do Val	52,9	51,8	54,0	81,5
Cualedro	51,7	49,8	53,6	73,3
Laza	53,0	51,0	55,0	87,5
Monterrei	51,6	50,2	53,1	81,7
Vilardevós	52,7	51,3	54,2	87,9
Oímbra	49,7	48,0	51,5	72,7

<sup>21</sup> Datos 2001;INE.




Idade media 2001	Idade media da poboación	Idade media homes	Idade media mulleres	Índice de dependencia %
Ríos	51,7	50,9	52,5	82,0
<b>Verín</b>	<b>41,2</b>	<b>40,3</b>	<b>42,0</b>	<b>51,8</b>
Comarca Verín	50,6	49,2	52,0	77,3
Ourense	45,9	44,1	47,5	60,5
<b>Galicia</b>	<b>42,3</b>	<b>40,6</b>	<b>43,8</b>	<b>48,3</b>

Na gráfica que segue, detallamos as porcentaxes de poboación municipal segundo os grandes grupos de idade, un 14% da poboación ten menos de 14 anos, o 21% está entre os 15 e os 29 anos, así a porcentaxe de nenos e mozos ata os 29 anos do municipio chega ao 35%, cifra por baixo do 44% da poboación entre os 30 e os 64 anos, e un 18% entre os 65 e 84 anos, e tan só un 3% de máis de 85 anos.



Segundo os datos do Anuario Social de La Caixa<sup>22</sup>, para o ano 2003 o estado civil da poboación de Verín é o seguinte: o 39% da poboación é solteira fronte a un 51% da poboación casada, un 7% son viuvos e tan só un 1% separados. Na gráfica represéntanse estas porcentaxes para maior información.



<sup>22</sup> Datos do Anuario Social de La Caixa a 1 de xaneiro de 2003.





O 47,6% da poboación de Verín é oriúnda do propio concello, é dicir que algo menos da poboación do municipio naceu no concello no que reside, e un 30,5% naceu noutro municipio da mesma provincia, cifra moi alta comparando as porcentaxes do resto dos municipios, da provincia e da Comunidade galega. Tan só un 2,6% naceu noutro concello da Comunidade sen ser a provincia de Ourense e 7,5% noutra comunidade do estado español e un 11,7% foron nados nun país estranxeiro.

2001 Lugar de nacemento % dos nados	mesmo municipio	outro municipio da provincia	outro municipio da C.A.	Outra C.A.	País estranxeiro
Castrelo do Val	79,9	11,4	0,9	3,1	4,6
Cualedro	84,6	7,7	0,7	2,4	4,4
Laza	87,8	4,7	1,5	3,1	3,0
Monterrei	82,2	9,2	0,6	3,5	4,5
Vilardevós	87,6	4,8	0,7	2,1	4,8
Oímbra	77,4	9,1	1,0	4,3	8,3
Riós	87,8	6,4	0,6	2,3	2,9
<b>Verín</b>	<b>47,6</b>	<b>30,5</b>	<b>2,6</b>	<b>7,5</b>	<b>11,7</b>
Comarca Verín	79,4	10,5	1,1	3,5	5,5
Ourense	60,9	22,7	4,9	4,7	6,8
<b>Galicia</b>	<b>63,6</b>	<b>21,5</b>	<b>6,3</b>	<b>4,5</b>	<b>4,1</b>

## 2.4. MOVEMENTOS NATURAIS DA POBOACIÓN. SALDOS, TAXAS E ÍNDICES

Segundo os datos do Padrón 2004 (INE,2004) elaborado a partires da actualización dos datos municipais, o concello de Verín presenta un volume maior de defuncións que de nacementos, polo que o seu saldo vexetativo é para o ano 2004 negativo, 15 verineses menos no concello nese ano. A cifra é semellante ás tendencias demográficas do noso país que non son polo xeral, de prognostico positivo.

No conxunto comarcal, o saldo vexetativo é tamén negativo en -244 habitantes comarcais menos, cifra moi alta, pois todos e cada un dos concellos que integran a comarca superan con creces a cifra negativa de Verín, que con todo, é a "máis positiva". Os saldos vexetativos responden pois á tónica regresiva do conxunto provincial e do conxunto galego.

2004 <sup>23</sup>	Poboación	Nacementos	Defuncións	Matrimonios	Saldo vexetativo
Oímbra	1984	2	26	6	-24
Monterrei	3187	12	58	7	-46
Laza	1800	3	31	9	-28
<b>Verín</b>	<b>13585</b>	<b>111</b>	<b>126</b>	<b>46</b>	<b>-15</b>
Vilardevós	2633	6	57	6	-51

<sup>23</sup> Datos do INE do ano 2004, fontes do Padrón municipal. Os datos dos matrimonios corresponden ás cifras de 2003.



2004 <sup>23</sup>	Poboación	Nacementos	Defuncións	Matrimonios	Saldo vexetativo
Riós	2097	9	30	10	-21
Castrelo do Val	1239	5	27	2	-22
Cualedro	2286	6	43	4	-37
Comarca	28811	154	398	90	-244
<b>Galicia</b>	<b>2.750.985</b>	<b>20.534</b>	<b>28.216</b>	<b>10.872</b>	<b>-7.682</b>

No cadro que segue presentamos a relación dos principais indicadores dos movementos de poboación, taxa bruta de natalidade, de mortalidade e taxa bruta de nupcialidade, así como o índice de envellecemento, o número medio de fillos por muller e a idade media de maternidade para os valores da provincia de Ourense, así como os que corresponden ao total galego, concello de Verín, e os concellos que integran a comarca, os valores medios para a comarca.

INE 2002 <sup>24</sup>	Taxa bruta de natalidade ‰	Taxa bruta de mortalidade ‰	Índice de envellecemento	Idade media á maternidade	Nº medio de fillos por muller	Taxa bruta de nupcialidade ‰
Oímbra	2,5	15,8	296	32,4	0,5	3,5
Monterrei	1,7	16,9	373,3	29,2	0,4	0,9
Laza	4,1	19,2	445,8	30,4	0,8	2,2
<b>Verín</b>	<b>8,1</b>	<b>10,6</b>	<b>106</b>	<b>28,6</b>	<b>1,1</b>	<b>3,7</b>
Vilardevós	1,9	18,2	419,7	28,1	0,5	1,9
Riós	3,3	12,7	394,8	28,2	0,6	2,1
Castrelo do Val	2,4	17,8	471	34,7	0,6	2,4
Cualedro	2,8	23,1	448,4	28,3	0,6	2,2
Comarca Verín	3,4	16,8	369,4	30	0,6	2,4
Ourense	5,6	13,4	194	30,6	0,9	3,4
<b>Galicia</b>	<b>7,2</b>	<b>10,6</b>	<b>128,3</b>	<b>30,9</b>	<b>1</b>	<b>4,1</b>

A taxa bruta de natalidade en Verín para o ano 2002, é de 8,1, é dicir, rexístranse 8 nacementos por cada 1000 habitantes para o conxunto da poboación, cifra moi parella á taxa bruta de mortalidade (10,6 ‰) para a mesma poboación no ano 2002, que choca cos valores moi dispares do resto dos concellos, os valores de comarca, provincia e algo máis próximos aos valores para o conxunto galego (7,2‰ / 10,6‰).

Polo que se refire ao índice de envellecemento (mide a porcentaxe de poboación de 65 e máis anos sobre a poboación de 0 a 14 anos), dicir que Verín ten o índice máis baixo de envellecemento, temos pois 106 vellos por cada 100 mozos entre os 0 e os 14 anos, máis preto dos índices do total galego –

<sup>24</sup> Datos a 1 de xaneiro de 2002.



128,3%, e máis afastado do valor provincial (194 %) e aínda moito máis distante dos concellos que integran a súa comarca.

No que se refire ás idades medias da maternidade, dicir que Verín (así coma os concellos que integran a súa comarca, o conxunto provincial e tamén como o resto da Comunidade, cífrase arredor dos 30 anos, sendo algo maior para o conxunto galego 30,9 e menor o valor para as mulleres do concello de Vilardevós, Riós, Cualedro, e o propio Verín. Polo que, Verín mantén a tónica xeral dos últimos anos na contorna galega, así como a nivel estatal, atrasando considerablemente a chegada dos fillos, ben pola constitución tardía dos novos fogares, polas dificultades laborais da parella ou a falta de apoios institucionais cara a favorecer a conciliación de vida laboral e familiar. O número medio de fillos por muller mantén a mesma tónica en Verín como na comunidade galega, aínda que algo superior en Verín, sendo os valores do resto da comarca moi baixos, arredor de 0,6 fillos por muller e mesmo de 0,4 en Monterrei, distanciándose do fillo por muller da Comunidade galega.

Polo que se refire á taxa bruta de nupcialidade, é dicir, o número de matrimonios por cada 1.000 habitantes, o concello de Verín sitúase nun 3,7‰, cifra moi próxima aos valores provinciais (3,4 ‰) e incluso a Oímbra (3,5‰) e algo máis lonxe da cifra do conxunto galego que é de 4,1‰. De todos os xeitos o índice de nupcialidade, hoxe por hoxe, pode non axustarse ás consecuencias esperadas destas unións formais<sup>25</sup>, xa que cada vez están máis estendidas as unións consensuais establecidas sen vínculo legal, e polo tanto sen rexistro nos datos censuais estandarizados.

Índice de dependencia. Apenas hai diferenza entre os índices de dependencia do ano 2001 e o 2002, tal como se representa no cadro de referencia. A través do índice de dependencia, obtemos o peso, en termos porcentuais, da poboación non activa -constituída por nenos e maiores- respecto da poboación potencialmente activa. Verín amosa un índice “baixo” de dependencia, respecto do total provincial e comarcal e non obstante moi próximo aos valores da Comunidade. En Verín o índice de dependencia é alto para estes dous anos, pero moi baixo se o comparamos cos valores das entidades veciñas do seu contorno. Pois 50,9 verineses de cada 100 no ano 2002 sitúanse nunha relación de “dependencia”, algo máis do 50% da poboación, fronte aos 61 de cada 100 ourensáns ou, peor aínda, os 88 de cada 100 habitantes de Vilardevós.

<b>ÍNDICE DE DEPENDENCIA</b>	<b>2001 %</b>	<b>2002 %</b>
Castrelo do Val	81,5	83,9
Cualedro	73,3	73,5
Laza	87,5	86,9
Monterrei	81,7	84,4

<sup>25</sup> Fecundidade, constitución de fogares, movementos migratorios, cambios de residencia ...etc



ÍNDICE DE DEPENDENCIA	2001 %	2002 %
Vilardevós	87,9	<b>87,9</b>
Oímbra	72,7	73,4
Ríós	82,0	83,0
<b>Verín</b>	<b>51,8</b>	<b>50,9</b>
Comarca Verín	77,3	78,0
Ourense	60,5	<b>61,1</b>
<b>Galicia</b>	<b>48,3</b>	<b>48,7</b>

Nos cadros que seguen detállanse unha serie de índices referidos á poboación que leve dun xeito ou outro a valorar o estado de estrutura da poboación e as súas posibles tendencias nos vindeiros anos. Achegamos os valores de índices de infancia, de xuventude, de dependencia infantil, de dependencia de maiores, de vellez, de senectude e de envellecemento, tanto para o concello de Verín como para os que integran a comarca, así como os valores medios do conxunto comarcal, as referencias para a provincia e os valores amosados no conxunto galego para unha mellor contextualización. Os datos son referidos aos anos 2001 e 2002<sup>26</sup>.

2001 (%)	Índice de infancia	Índice de xuventude	Índice de dependencia infantil	Índice de dependencia maiores	Índice de vellez	Índice de senectude	Índice de envellecemento
Castrelo do Val	6,3	14,1	11,4	70,1	38,6	14,0	612,0
Cualedro	6,4	15,3	11,0	62,3	35,9	9,3	564,7
Laza	6,5	13,9	12,1	75,4	40,2	13,2	622,0
Monterrei	7,5	14,4	13,6	68,1	37,5	10,3	501,6
Vilardevós	7,4	13,3	13,9	74,0	39,4	12,0	533,0
Oímbra	7,9	15,9	13,6	59,2	34,2	9,3	435,4
Ríós	7,7	14,7	13,9	68,1	37,4	15,1	488,8
<b>Verín</b>	<b>14,0</b>	<b>20,8</b>	<b>21,3</b>	<b>30,5</b>	<b>20,1</b>	<b>12,6</b>	<b>143,2</b>
Comarca Verín	8,0	15,3	13,9	63,5	35,4	12,0	487,6
Ourense	10,3	18,9	16,5	44,0	27,4	13,4	266,8
<b>Galicia</b>	<b>11,7</b>	<b>22,0</b>	<b>17,4</b>	<b>30,9</b>	<b>20,8</b>	<b>11,9</b>	<b>177,3</b>

2002 (%)	Índice de infancia	Índice de xuventude	Índice de dependencia infantil	Índice de dependencia maiores	Índice de vellez	Índice de senectude	Índice de envellecemento
Castrelo do Val	6,4	13,6	11,8	72,1	39,2	14,3	613,3
Cualedro	5,5	15,2	9,6	63,9	36,8	10,7	666,2

<sup>26</sup> Anuario social La Caixa 2004.



2002 (%)	Índice de infancia	Índice de xuventude	Índice de dependencia infantil	Índice de dependencia maiores	Índice de vellez	Índice de senectude	Índice de envellecemento
Laza	6,2	13,6	11,6	75,3	40,3	13,5	646,7
Monterrei	7,3	14,2	13,4	71,1	38,5	10,0	531,1
Vilardevos	6,8	13,9	12,8	75,2	40,0	12,5	588,0
Oímbra	8,4	15,4	14,5	58,9	33,9	10,1	404,7
Riós	7,0	14,8	12,9	70,1	38,3	14,9	544,7
<b>Verín</b>	<b>13,7</b>	<b>20,5</b>	<b>20,7</b>	<b>30,3</b>	<b>20,0</b>	<b>12,1</b>	<b>146,2</b>
Comarca Verín	7,2	15,2	13,4	63,1	35,9	12,3	517,6
Ourense	10,1	18,5	16,2	44,9	27,9	13,5	277,3
<b>Galicia</b>	<b>11,6</b>	<b>21,5</b>	<b>17,2</b>	<b>31,5</b>	<b>21,2</b>	<b>11,9</b>	<b>182,8</b>

Con todo, os índices de dependencia son bastante altos, pois a poboación non activa e con requirimentos de atención moi específicos como é a infancia e a vellez, están condicionadas por unha poboación decrecente no seu volume, cos riscos de regresión e, polo tanto, de crise demográfica. Esta crise terá que ser afrontada, no caso concreto de Verín, coa chegada de efectivos esóxenos e/ou con apoio ás familias endóxeas, buscando o arraigo das novas e a permanencia no municipio das vellas, a través de servizos e equipamentos axeitados ás novas necesidades das familias, no seu contorno habitual, procurando que este sexa un contorno de calidade residencial e ambiental como principal factor de reclamo, sen obviar o imprescindible desenvolvemento de actividades económicas que permitan o arraigo da poboación no territorio.

O Índice de Infancia mídese polo número de nenos entre 0 e 14 anos por cada 100 adultos. Verín conta cun índice de infancia do 13,7%, certamente positivo, dobrando os valores da media comarcal 7,2% máis próximo aos valores do conxunto da provincia e do conxunto galego que aos valores dos territorios inmediatamente veciños. O índice de dependencia da infancia mide o número de nenos entre os 0 e os 14 anos por cada 100 adultos en idade de traballar (15-64anos). O índice de Verín é dun valor de 20,7 no anos 2002 e algo maior no ano 2001 (21,3) superando con certa folgura os valores dos concellos que integran a comarca e 3 puntos máis que os valores para o conxunto Galego. O índice de xuventude indícanos a porcentaxe de xoves entre os 15 e os 29 anos verbo da poboación total, en Verín, contamos cun índice de xuventude do 20,5%, moi parello aos valores do conxunto galego 21,5%, e, como non, distanciándose dos valores comarcais que xiran arredor dos 15,2 xoves por cada 100 habitantes, sendo a cifra máis baixa e alarmante a de Cualedro, pois tan só conta con case 10 mozos por cada 100 veciños.

Polo tanto Verín é o concello do conxunto comarcal coa poboación máis nova seguido (moi afastado) do resto dos concellos comarcais, en clara tendencia regresiva que pode poñer en perigo a súa viabilidade. Con todo, as cifras non son tampouco para enfatizar, porén, dentro da tónica xeral, as cifras son certamente de bo agoiro e –dentro do contexto Galego- positivas.



Xa, para rematar esta epígrafe, non debemos esquecer facer unha referencia aos índices referidos ás estruturas da poboación, en idade potencialmente activa e aos índices de reemprazo da poboación potencialmente activa, pois son valores moi útiles, cara a proxectar o futuro próximo das necesidades da poboación municipal.

O Índice de estrutura da poboación, en idade potencialmente activa é a composición da poboación potencialmente activa (de 16 e máis anos)<sup>27</sup>, é a poboación de 15 a 39 sobre a poboación de 40 a 64 anos, sería pois a seguinte fórmula: (poboación de 15 a 39 anos/poboación de 40 a 64)\*100. Así pois, observamos que Verín ten case 120 (119,9%) mozos potencialmente activos por cada 100 activos entre os 40 e 64 anos, valor baixo en termos xerais a nivel estatístico, pero certamente positivo, segundo os valores amosados para a comarca, pois os concellos da comarca están entre o 68,4% de Vilardevós e os 79% de Riós e máis aínda, se tomamos a referencia do conxunto galego que se sitúa no 117,2% . Os valores de Verín están moi por riba dos valores comarcais e rexionais, dando Verín, deste xeito, un toque dinámico no conxunto comarcal.

Polo que se refire aos índices de reemprazo da poboación, en idade potencialmente activa<sup>28</sup>, dicir que Verín ten os valores máis positivos do conxunto comarcal, pois conta con 124 mozos entre os 15 e os 24 anos, por cada 100 veciños entre os 55 e 64 anos, fronte aos 53 de Castrelo do Val polo baixo, e os máis próximos por riba os 70,6 de Oímbra; respecto ao conxunto galego volve a superar as porcentaxes, pois Verín está 3 puntos por riba para este índice poboacional. Este concello, está pois, afastándose de signos menos propicios de renovación, tal como se amosa no cadro dos índices da poboación, potencialmente activa.

COMARCA DE VERÍN %	Índice estrutura poboación en idade potencialmente activa (2002)	Índice estrutura poboación en idade potencialmente activa (2001)	Índice reemprazo da poboación en idade potencialmente activa (2002)	Índice reemprazo da poboación en idade potencialmente activa (2001)
Castrelo do Val	76,1	76,8	53,5	55,4
Cualedro	72,4	73,6	57,4	60,7
Laza	78,4	77,3	60,7	62,4
Monterrei	72,7	74,0	69,7	67,8
Oímbra	79,6	83,4	70,6	73,5
Riós	79,0	80,0	63,2	65,2
<b>Verín</b>	<b>119,9</b>	<b>122,3</b>	<b>124,6</b>	<b>125,9</b>
Vilardevós	68,4	66,8	64,5	61,5
<b>Galicia</b>	<b>117,2</b>	<b>118,9</b>	<b>121,6</b>	<b>127,3</b>

<sup>27</sup> Tomamos o intervalo de 15 anos pois os datos censuais –INE- veñen de 0-4,5-9, 10-14,15-19, 20-24....

<sup>28</sup> (Poboación de 15 a 24 anos/poboación de 55 a 64 anos)\*100




## 2.5. MOVEMENTOS MIGRATORIOS

Para achegarmos aos movementos migratorios de Verín tomaremos os datos oficiais do Censo de Poboación e Vivendas 2001, referidos á **Inmigración interior**, é dicir, as altas no Padrón municipal desde distintas provincias do estado español, tamén os datos da **Inmigración exterior**, referidas ás altas no Padrón municipal de habitantes que se rexistran en cada concello, procedentes do estranxeiro. A **Emigración interior** é, pola contra, a referida ás baixas no Padrón de habitantes, como consecuencia da saída dos residentes rumbo a outros municipios do estado español.

No cadro que segue, detállanse os totais de poboación, referidos a inmigración interior, segundo o sexo e os grupos de idade, por concellos, conxunto comarcal, provincial e totais galegos.

Inmigración Interior	Total	Inm. interior homes	Inm. interior mulleres	Inm. interior 0-14 anos	Inm. interior 15-29 anos	Inm. interior 30-64 anos	Inm. Interior 65 e máis
Castrelo do Val	32	13	19	2	13	11	6
Cualedro	52	27	25	1	21	27	3
Laza	27	16	11	0	10	12	5
Monterrei	73	35	38	12	18	38	5
Vilardevós	56	32	24	9	22	18	7
Oímbra	71	33	38	9	17	37	8
Ríós	35	23	12	1	6	22	6
<b>Verín</b>	<b>453</b>	<b>214</b>	<b>239</b>	<b>43</b>	<b>149</b>	<b>216</b>	<b>45</b>
Comarca Verín	799	380	406	77	256	381	85
Ourense	8.406	4.035	4.371	1.012	2.375	3.788	1.231
GALICIA	54.471	26.778	27.693	7.289	17.508	24.716	4.958

O 63% da inmigración interior procede da mesma Comunidade Autónoma, é dicir hai 285 residentes procedentes doutros concellos de Galicia, un 7% procedentes de Madrid (31), un 6% de Cataluña (25), un 5% de Euskadi, (24) e de Castilla e León (22), de Canarias procede o 3% así como de Valencia na mesma proporción, un 2% de Navarra e o restante da migración interior repártese nunha porcentaxe do 1% para La Rioja, Andalucía, Asturias e Castilla La Mancha. Segundo as idades, as porcentaxes correspóndense segundo o gráfico de grandes grupos de idade.



O 33% inmigración interior está no segmento de idade comprendida entre os 15 e os 29 anos, sendo unha poboación moza e temos unha porcentaxe do 48% en plena idade laboral, entre os 30 e os 64 anos; tan só temos un 10% de inmigrantes interiores de 65 e máis anos –podendo ser retornados- e un 9% de poboación infantil ata os 14 anos, fillos dos inmigrantes procedentes das distintas comunidades autónomas con presenza en Verín. A poboación dependente asociada á inmigración interior do concello representa, pois, só o 19% desta inmigración e o 81% dos inmigrantes interiores son poboadores “activos” ou non dependentes.

Polo que toca á Inmigración exterior, (isto é, as altas no concello procedentes do estranxeiro) no cadro que segue temos os datos para o concello e os que integran a comarca e os datos para o total provincial e o conxunto galego. Verín é receptor dun total de 222 veciños procedentes do estranxeiro, dos que 128 son mulleres e 94 son homes.


Inmigración Exterior	Total	Inm. exterior homes	Inm. exterior mulleres	Inm. exterior 0-14 anos	Inm. exterior 15-29 anos	Inm. exterior 30-64 anos	Inm. exterior 65 e máis
Castrelo do Val	5	1	4	0	0	4	1
Cualedro	7	1	6	1	0	6	0
Laza	2	2	0	0	0	2	0
Monterrei	9	5	4	0	1	7	1
Vilardevós	4	0	4	0	2	2	0
Oímbra	5	5	0	3	0	2	0
Riós	13	7	6	0	5	4	4
<b>Verín</b>	<b>222</b>	<b>94</b>	<b>128</b>	<b>31</b>	<b>77</b>	<b>110</b>	<b>4</b>
Comarca Verín	267	115	152	35	85	137	10
Ourense	1.285	668	617	230	283	631	141
GALICIA	11.395	5.660	5.735	2.257	3.378	4.999	761

Segundo os grandes grupos de idade, no tocante ao concello de Verín, na gráfica que segue detallamos as porcentaxes. Como se pode apreciar, o 49% está comprendida entre os 30 e os 64 anos,






o 35% entre os 15 e os 29 anos, a poboación dependente suma un 16%, sendo a poboación infantil moito máis importante, pois supón o 14%.



As baixas no Padrón municipal, cara outros municipios do estado español, isto é, a emigración interior, supón no censo do 2001, un total de 426 veciños. No cadro que segue detállanse, segundo o sexo, e os grandes grupos de idade.

Emigración interior	Total	Emig. interior homes	Emig. interior mulleres	Emig. interior 0-14 anos	Emig. interior 15-29 anos	Emig. interior 30-64 anos	Emig. interior 65 e máis
Castrelo do Val	29	16	13	1	11	8	9
Cualedro	82	44	38	12	28	28	14
Laza	36	19	17	1	11	16	8
Monterrei	78	40	38	9	28	29	12
Vilardevós	70	34	36	9	20	26	15
Oímbra	67	35	32	6	21	30	10
Riós	70	29	41	4	25	29	12
<b>Verín</b>	<b>426</b>	<b>204</b>	<b>222</b>	<b>50</b>	<b>153</b>	<b>198</b>	<b>25</b>
Comarca Verín	858	421	437	92	297	364	105
Ourense	9.433	4.529	4.904	1.102	3.028	4.094	1.209
GALICIA	58.700	29.033	29.667	7.583	20.627	25.843	4.647

Na gráfica, podemos apreciar o peso porcentual deste colectivo, sendo o 82% poboación activa e o 18% dependente, destes, temos un 12% para os veciños comprendidos na idade dos 0 ata os 14 anos e o 6% na idade de máis de 65 anos.



Segundo o sexo, non hai grandes distincións nas tipoloxías das migracións, pois temos a mesma proporción para homes coma para mulleres, salvo na inmigración exterior, pois recibimos no concellos altas máis elevadas de mulleres que de homes.

Migracións %	Homes	Mulleres
Inmigración interior	47%	53%
Inmigración exterior	42%	58%
Emigración interior	48%	52%

Temos pois, no concello de Verín, un saldo migratorio positivo (249), é dicir, o resultado de restar aos dous tipos de inmigracións (a interior e a exterior) a emigración interior, así temos 453 inmigrantes interiores e 222 inmigrantes exteriores, que suman 657 inmigrantes, rexistrándose no concello un total de 426 emigrantes interiores, polo que o saldo é positivo. Non se ten en conta a emigración exterior, xa que ten escasa relevancia, hoxe por hoxe, dando os datos das migracións interiores, un dato comparativo moi útil.

Verín presenta, xa que logo, unha taxa de migración de 18,8 ‰. Esta taxa representa o saldo migratorio relativizado polo total da poboación, sendo polo tanto positivo e moi por riba dos valores dos concellos da súa comarca, que son todos, ou negativos ou dunha taxa moi baixa, tal e como se representan no cadro que segue. O concello presenta un saldo migratorio positivo de 249 persoas. No censo municipal temos, pola vía das altas e baixas no padrón, unha cifra positiva, ao igual que na provincia de Ourense, ou no total da Comunidade e nos concellos de Castrelo do Val, Monterrei e Oímbra. Con todo, as taxas de migración representan outras porcentaxes, sendo a de Verín a máis alta e con diferenza.

Concellos	Saldo migratorio	Taxa de migración (‰)
Castrelo do Val	8	6,08
Cualedro	-23	-9,38



Concellos	Saldo migratorio	Taxa de migración (‰)
Laza	-7	-3,56
Monterrei	4	1,18
Vilardevós	-10	-3,49
Oímbra	9	4,48
Riós	-22	-9,96
<b>Verín</b>	<b>249</b>	<b>18,8</b>
Comarca Verín	208	0,52
Ourense	258	0,75
GALICIA	7.166	2,62

Os datos municipais de 2005<sup>29</sup> amosan cifras de máis importancia, polo que cómpre estar ao tanto das variacións na recepción de novos veciños no termo municipal, xa que se contabilizan un total de 1.365 estranxeiros no municipio, é dicir un incremento non rexeitable dun 514,8%, respecto dos datos oficiais do censo 2001, que se cifran en 222 inmigrantes estranxeiros. No cadro que segue, detallamos, segundo as grandes zonas xeográficas, a procedencia dos inmigrantes exteriores residentes en Verín.

Orixe	Homes	mulleres	totais
Contorno UE	450	298	748
Países do Leste	6	13	19
Norte África	48	11	59
África subsahara	7	10	17
China	7	6	13
América do sur	116	390	506
Outros	3	0	3
<b>Totais</b>	<b>637</b>	<b>728</b>	<b>1365</b>


En termos porcentuais, a presenza de europeos é moi importante, pois sitúase no 56% cun total de 748 persoas. Non obstante temos que salientar que destes o 97% son do veciño Portugal (719), sendo moi baixa a porcentaxe para os outros países da contorna europea, que numericamente son os que seguen: Dinamarca, Reino Unido e Andorra contan cun nacional, Francia con 8, Italia con 9, Alemaña con 6 e 3 dos Países Baixos.

Os novos veciños, procedentes do continente americano, que supoñen o 37% dos estranxeiros son esencialmente mulleres, brasileiras e colombianas, e en menor medida ecuatorianas. A presenza de europeos é significativa pola especial cercaría e a fronteira con Portugal, ademais das vinculacións con outros países receptores, no pasado, dos nosos migrantes. A presenza e a incidencia da inmigración


<sup>29</sup> Datos municipais a agosto de 2005

magrebí nunha porcentaxe do 4% ou subsahariana nun 1%, así como de chineses nun 1%, non ten apenas presenza, polo que non se prevén problemas de integración que requiran especial atención cara á convivencia no concello.

No cadro que segue, represéntanse os valores porcentuais, segundo o sexo para o total dos inmigrantes estranxeiros, nos rexistros municipais de Verín, en agosto de 2005, pódese apreciar a maior presenza de mulleres que de homes.



No cadro que segue, detallamos, segundo as grandes zonas xeográficas de procedencia e o sexo dos inmigrantes. Pódese constatar unha forte presenza de mulleres americanas, posiblemente vinculadas aos negocios de explotación de estrada ou de alterne.



## 2.6. INSTRUCCIÓN DA POBOACIÓN

Nesta sección faremos referencia aos datos obtidos a partires do Censo de Poboación e Vivendas 2001 para a contextualización comarcal as gráficas e cadros, son de elaboración da equipa, segundo




as fontes citadas. Os niveis formativos, no conxunto comarcal e segundo os datos do Censo, son os que amosamos no cadro que segue, e para unha comparativa máis axeitada dos datos, amosamos as cifras de xeito porcentual, así como a mesma información, segundo os concellos que integran a comarca de Verín, a provincia e o conxunto galego.

Niveis de estudos %	Analfabetos e sen estudos	Estudios primarios	Estudios secundarios	Estudios universitarios
Castrelo do Val	69,0	10,5	17,6	2,9
Cualedro	35,3	36,9	24,8	3,0
Laza	12,0	63,0	22,1	2,8
Monterrei	52,0	20,0	24,4	3,5
Vilardevós	70,2	13,9	14,2	1,8
Oímbra	42,7	27,2	27,9	2,4
Riós	52,9	27,1	17,3	2,8
<b>Verín</b>	<b>27,9</b>	<b>25,7</b>	<b>38,8</b>	<b>7,6</b>
Comarca Verín	45,3	28	23,4	3,35
Ourense	27,6	26,5	37,0	9,1
GALICIA	18,4	26,7	44,3	10,6

Pódese apreciar no cadro do Censo de 2001 que Verín amosa valores altos de persoas sen estudos e analfabetos, cunha porcentaxe do 27,9% pero moito máis positivos, se temos en conta os valores para o conxunto da comarca que se sitúa nun 45%, algo máis de 17 puntos por riba do concello. A porcentaxe de analfabetos e sen estudos no concello representa valores moi parellos aos do conxunto provincial, sendo de algo máis de 9 puntos por riba dos valores da comunidade, xa que en Galicia temos 18,4 % de galegos sen estudos. Porén, equipáranse os valores porcentuais para os estudos regulados primarios, tanto no concello, na comarca, na provincia como no conxunto galego, pois está arredor do 26% como media. Para os estudos secundarios, o concello ten valores porcentuais de maior peso que o conxunto da comarca, e inclusive segundo os 8 concellos da mesma e moi parellos aos valores do conxunto provincial, aínda que de menor volume que os amosados para o conxunto da comunidade que está no 44,3% de poboación con estudos secundarios. Verín conta cunha poboación con estudos universitarios do 7,6%, a porcentaxe non é moi alta pero duplica os valores para o conxunto comarcal, sendo 1,5 puntos máis baixo dos datos correspondentes ao valor provincial e 3 puntos porcentuais máis baixo do valor da comunidade galega.

Na gráfica que segue, detallamos a representación das porcentaxes dos niveis de estudos do concello, da comarca, dos valores da provincia e dos da comunidade galega, para unha mellor apreciación dos datos.



Podemos concluir que Verín presenta uns niveis formativos aceptables, aínda que cunhas altas porcentaxes de poboación sen estudos, que van moi asociadas ás persoas de maior idade que supoñen un 20% da poboación. Os estudos regulados amosan niveis próximos aos da comunidade galega e da provincia ourensá, afastándose dos valores do conxunto comarcal que son de menor “valor”, algo alterados polo 63% de poboación no concello de Laza, con estudos primarios.



### 3. O PARQUE SOCIORRESIDENCIAL

Ímonos achegar á realidade sociorresidencial do concello de Verín, a través dunha serie de fontes estatísticas, análises gráficas e datos municipais que axudarán a perfilar dun xeito real a situación do parque de vivendas, no termo municipal.

Achegarémonos á realidade residencial do concello, analizando as características das vivendas, así veremos as caracterizadas como principais ou secundarias, a situación, se están baleiras ou non, a composición dos fogares e as súas características, e algúns outros datos que achegarán información cara a unha correcta diagnose da situación do concello, no tocante ás vivendas e tamén aos locais.

Para traballar nesta análise, contamos cos datos oficiais dos Censos de Poboación e Vivendas do INE, os datos do Nomenclátor dos anos 1960, 1970, 1981, 1991 e 2001. Contamos cos datos do último censo de Poboación e Vivendas do ano 2001, nel atopamos información de grande interese para caracterizar cada un dos concellos da comarca de Verín, comarca na que se inscribe o termo municipal, así como do propio concello. Nos datos do nomenclátor veremos a evolución dos concellos de forma xeral, e en particular a evolución das parroquias.

Cos datos municipais sobre as licenzas, veremos a evolución destas, nos últimos dez anos, dándonos deste xeito unha información importante cara a perfilar as tipoloxías edificatorias, isto é, vivendas colectivas, vivendas unifamiliares, rehabilitacións, reformas, obras menores, peches e muros etc. Todas estas obras son importantes de cara a ver a evolución do uso do solo, das tendencias de expansión dos núcleos e mesmo, do xurdimento de novos asentamentos ou a desaparición doutros...., tendencias a se compactar os tramados urbanos etc.

Por último cos datos do IGE, veremos a información dos últimos anos sobre as obras de vivendas e locais, segundo sexan de nova planta, remodelacións ou por demolicións, etc datos importantes cara a redondear as informacións facilitadas polo Concello de Verín.

Xa para rematar, faremos unha exposición das principais conclusións ás que chegamos, habida conta da análise polo miúdo, feita cos datos e as achegas da equipa de redacción deste PXOM.

Temos que subliñar que traballaremos cos datos máis actualizados cos que contamos, e retomaremos os datos oficiais dos censos e dos padróns municipais, cara a establecer comparativas cos municipios da comarca e dos totais provinciais e da comunidade.

#### 3.1. O CONCELLO DE VERÍN. CONTEXTUALIZACIÓN DA ANÁLISE

O concello de Verín é a cabeceira comarcal dun amplo territorio na Galicia interior, na provincia de Ourense, estando da capital provincial a uns 73 km (uns 55').



Dos oito concellos que integran a comarca de Verín<sup>30</sup>, o máis poboado é a vila cabeceira da comarca, -isto é, Verín-, aínda que pola súa extensión ocupa o penúltimo lugar, cos seus 94,1 km<sup>2</sup> fronte aos 215,92 km<sup>2</sup> de Laza que é o maior en extensión, e o menor en poboación, e con fortes descenso anuais. A densidade de poboación da comarca é moi baixa no seu conxunto, pois non chega aos 30 hb/km<sup>2</sup>, en cambio a densidade de poboación do termo municipal de Verín supera con creces a cifra do conxunto comarcal e sitúase en 144,68 hb/km<sup>2</sup> no ano 2003. No entanto, está máis próxima, aínda que por baixo, da galega que non chega aos 100 hb/km<sup>2</sup>.

O municipio de Verín está constituído por quince parroquias que son as seguintes: Ábedes, Cabreiroá, Feces de Abaixo, Feces da Cima, Mandín, Mourazos, Pazos, Queirugás, Queizás, A Rasela, Tamagos, Tamaguelos, Tintores, Verín e Vilamaior do Val.

### 3.2. EVOLUCIÓN DO PARQUE DE VIVENDAS 1960 –2001

Imos ver, nas seguintes páxinas, unha aproximación temporal desde 1960 ata 2001, é dicir unha análise das variacións censuais do parque de vivendas. Teremos unha aproximación desde o xeral ao particular, así veremos a situación comarcal para seguir co conxunto municipal e unha aproximación ás evolucións das parroquias.

A división territorial tradicional do noso país é a parroquia, con todo non ten a mesma dimensión en todo o territorio, xa que, por caso, as vilas e concellos do litoral tenden a se esparexer nun hábitat diseminado, dando lugar a un alto grao de ocupación do solo; no entanto, na Galicia interior, por norma xeral, a tendencia é a do hábitat en núcleo, non rexistrando apenas un hábitat diseminado. Este feito fai que a nosa análise do concello de Verín teña un enfoque máis centrada, xa que temos en Verín un núcleo por parroquia, salvo as excepcións de Tintores e Vilamaior que contan con dous e tres núcleos respectivamente.

Esta característica fai que os esforzos da equipa de redacción do PXOM se centren dun xeito especial no feito planificador do PXOM, xa de por si complexos, e nas análises da evolución territorial e nas dotacións de servizos e infraestruturas á poboación nun territorio diseminado.

---

<sup>30</sup> Concellos que integran a Comarca de Verín: Castrelo de Val, Cualedro, Laza, Monterrei, Oímbra, Ríos, Verín, Vilardevós. Estes concellos están ademais integrados na Mancomunidade de Verín






### 3.2.1. A COMARCA DE VERÍN

A comarca de Verín esta conformada por oito concellos, dos que indubidablemente o de Verín exerce de cabeceira de comarca<sup>31</sup>. Polo que se refire ás vivendas a nivel comarcal, o concello de Verín amosa o 42% do total das vivendas da comarca, segundo os datos do último censo do INE 2001. Os sete concellos da comarca repártense o 58% restante das vivendas censadas, así temos por orde de importancia o 12% das vivendas en Vilardevós, o 11% en Monterrei, o 9% en Cualedro, o 8% en Laza e Ríos e 6% en Oímbra e por último, tan só un 4% en Cualedro do Val.

Na gráfica que segue amosamos a representación gráfica destas porcentaxes. Apréciase claramente a importancia do concello de Verín.




No cadro que segue temos o total das vivendas rexistradas, segundo os censos desde 1960 ata o último de 2001.

Comarca de Verín	1960	1970	1981	1991	2001
Castrelo do Val	746	1020	700	757	734
Cualedro	1306	1314	1447	1992	1679
Laza	1184	1454	1362	1283	1463
Monterrei	1687	1519	2790	2592	2091
Oímbra	1052	1039	1015	1013	1137
Ríos	1159	1313	1467	1337	1510
<b>Verín</b>	<b>2441</b>	<b>3064</b>	<b>4181</b>	<b>5498</b>	<b>7568</b>
Vilardevós	1702	1663	1597	2104	2204
<b>Total comarca</b>	<b>11277</b>	<b>12386</b>	<b>14559</b>	<b>16576</b>	<b>18386</b>

A evolución nestes anos de análise desde 1960 ata os últimos datos oficiais do 2001 é moi elocuente, vai tamén moi parella á traxectoria da poboación. A representación da evolución do parque de vivendas



pon de manifesto a importancia capital da cabeceira da comarca, distanciándose de xeito evidente do resto dos concellos.



### 3.2.2. O CONCELLO DE VERÍN

A especial localización da poboación e as vivendas no termo municipal levounos a establecer nesta primeira aproximación, unha separación do que é a parroquia de Verín vila, e o resto das parroquias, xa que logo, a importancia numérica da vila, tanto en poboación como a vivendas, dábanos unha idea “distorsionada” do conxunto municipal, e o mesmo peso do concello todo, respecto do conxunto comarcal. Así pois, no cadro que segue, detallamos a cifras de vivendas para os anos 60, 70, 81, 91 e 2001 para o conxunto parroquial sen Verín capital ou parroquia, a parroquia de Verín e o conxunto total do municipio, e tamén as vivendas rexistradas no conxunto comarcal verinés para o mesmo espazo temporal.


1960	1970	1981	1991	2001	VERÍN
1.513	1.732	1.622	1.916	1.885	<b>parroquias agás Verín</b>
928	1.332	2.559	3.582	5.683	Parroquia de Verín
2.441	3.064	4.181	5.498	7.568	<b>Totais concello</b>
11.277	12.386	14.559	16.576	18.386	Total Comarca Verín

A representación gráfica é ben elocuente, as liñas en ascenso do conxunto comarcal son evidentes, segue a mesma liña paralela pero de menor valor no total do concello e un pouco por baixo a liña tamén paralela da parroquia de Verín e, pola contra, seguindo a traxectoria menos dinámica, e non tan


<sup>31</sup> Aínda que na delimitación e configuración comarcal da SDCG non se establece a figura de capitalidade.



en paralelo, as parroquias do termo municipal do concello de Verín, sen contabilizar as vivendas do seu núcleo urbano.



No detalle da gráfica do concello de Verín no que representamos o seu parque de vivendas censadas, podemos apreciar o despegue iniciado entre 1970 e 1981 do núcleo da vila, “anulando” dalgún xeito o crecemento do resto das parroquias.



O incremento das vivendas entre 1960 e 2001, no conxunto municipal, é do 210%; con todo, o incremento das vivendas na vila é do 512,4%, fronte ao tan 24,6% do resto municipal. O conxunto comarcal incrementa as súas vivendas censadas nestes 50 anos nun 63%, cifra máis próxima aos valores parroquiais que aos valores da vila de Verín.

### 3.2.3. AS PARROQUIAS DE VERÍN

O comportamento das parroquias, no tocante ao seu parque de vivendas non é similar, con todo vai moi parello, obviamente aos asentamento de poboación, á proximidade ao núcleo da vila e noutros casos, á da raia con Portugal.




No conxunto municipal, o tipo de asentamento habitacional é sempre en hábitat nucleado, non rexistrándose no Termo Municipal ningún asentamento espallado, si pola contra, hai unicamente nas parroquias de Tintores e Vilarmaior máis dun núcleo.

No concello rexístranse parroquias cunha tendencia máis “negativa” ou de perda de vivendas censadas, e outras que experimenta un alza nos mesmos rexistros. No cadro que segue detallamos o total das vivendas, segundo as parroquias de Verín para os anos desta análise.

Pódese apreciar a perda de vivendas especialmente en Cabreiroá, Feces de Cima, Mandín, Mourazos, Queirugás e Tamaguelos e pola outra banda o espectacular incremento das vivendas no núcleo da vila, que pasa de 928 en 1960 ás case 5.700 no censo de 2001. Os valores para as parroquias son, como se pode apreciar, de menor intensidade e magnitude, polo que cómpre telo en conta cara a interpretar axeitadamente os datos.


Nomenclátor.INE	1960	1970	1981	1991	2001
Parroquias	núcleo	núcleo	núcleo	núcleo	núcleo
Ábedes	125	170	155	188	171
<b>Cabreiroá</b>	<b>101</b>	<b>117</b>	<b>97</b>	<b>107</b>	<b>86</b>
Feces de Abaixo	107	108	158	146	147
<b>Feces de Cima</b>	<b>69</b>	<b>62</b>	<b>64</b>	<b>64</b>	<b>59</b>
<b>Mandin</b>	<b>147</b>	<b>173</b>	<b>143</b>	<b>160</b>	<b>137</b>
<b>Mourazos</b>	<b>69</b>	<b>78</b>	<b>68</b>	<b>70</b>	<b>65</b>
Pazos	190	252	220	336	306
<b>Queirugas</b>	<b>70</b>	<b>77</b>	<b>68</b>	<b>66</b>	<b>60</b>
Queizas	96	100	122	146	171
A Rasela	70	83	82	119	118
Tamagos	74	92	82	85	80
<b>Tamaguelos</b>	<b>136</b>	<b>112</b>	<b>93</b>	<b>122</b>	<b>104</b>
Tintores	140	162	145	160	231
Vilarmaior do Val	119	146	125	147	150
Verín	928	1.332	2.559	3.582	5.683
<b>Totais concello</b>	<b>2441</b>	<b>3064</b>	<b>4181</b>	<b>5498</b>	<b>7568</b>

Na gráfica que segue representamos os valores volumétricos dos totais das vivendas por parroquia, agás Verín para estes 50 anos. Pódese apreciar a evolución destas parroquias especialmente Pazos, Ábedes, Queizas e Tintores no seu conxunto. Por anos, apreciamos a importancia dos datos de incremento referidos aos censos de 1991 para as parroquias de Pazos e Ábedes especialmente, e no censo de 2001 as parroquias de Tintores, Vilarmaior, Feces de Abaixo e especialmente, Queizás.



### 3.2.3.1. Santa María de Ábedes

Entre 1960 e 2001 o incremento do censo de vivendas na parroquia é do 36,8%, con todo, o tope do 2001 é moi parello aos valores censuais do 1970, lonxe do valor máximo alcanzado pola parroquia, concretado nas 188 vivendas do ano 1991. Así pois, na última década censal o descenso das vivendas é do -9,04%, cifra moi parella ao descenso da súa poboación no mesmo período (-9,52%), minguido nos últimos cinco anos nun -0,58% de poboación. A proximidade ao núcleo da vila pode cambiar as tendencias.




### 3.2.3.2. San Salvador de Cabreiroá

Neste tramo temporal que estamos a analizar, a perda de vivendas censadas na parroquia é constante, segundo os datos recompilados, pois para o conxunto temporal é de -14,85%. O punto álxido represéntase no censo de 1970, cun total de 117 vivendas, cifra non recuperada nos seguintes censos.




Pola outra banda, os datos do Padrón de habitantes de agosto de 2005<sup>32</sup>, reflicten certa recuperación poboacional neste corto espazo de tempo, polo que cómpre esperar certa variación nestes valores decrecentes, xa que entre 1991 e 2001 temos valores negativos próximos aos valores do descenso de vivendas.



### 3.2.3.3. Santa María de Feces de Abaixo

O aumento de vivendas nestes 50 anos é do 37,38%, non obstante, a época máis significativa do incremento das súas vivendas é o referido aos datos censuais do 1981, pois o incremento respecto ao censo inmediatamente anterior é do 46,29%, cifra en descenso nos seguintes 20 anos, aínda que non retorna aos datos de 1960. A poboación, nos últimos 15 anos, vai collendo algo de pulo pola proximidade á fronteira portuguesa, como pequena área de comercio e servizos (banco, gasolinera, restauración, alimentación...).




<sup>32</sup> Fonte municipal.




### 3.2.3.4. Santa María Feces de Cima

Feces de Cima caracterízase polo descenso continuo do seu parque de vivendas, pois entre 1960 e 2001 o descenso supón un  $-14,49\%$ ; pola outra banda a poboación tamén vai parella con a fortes descensos. Nos últimos datos do Padrón municipal a parroquia conta con tan só 117 habitantes, o que supón algo menos de 2 persoas por vivenda, 1,98 concretamente.



### 3.2.3.5. Santa María de Mandín

No censo de 1970 Mandín ten o punto máis álxido do seu parque de vivendas, pois as 173 vivendas dese censo non son recuperadas nos seguintes anos censuais, así mesmo a súa poboación loita por manterse arredor dos 200 habitantes. O descenso das vivendas para o conxunto dos 50 anos é do  $-6,8\%$ , cifra relativamente baixa, pero que se ve alterada polos vaivéns censuais seguintes. A última porcentaxe, no relativo ás variacións dos datos censuais 1991-2001 son máis preocupantes, pois sitúannos por encima do  $-14\%$ , concretamente nun  $-14,37\%$ .




### 3.2.3.6. San Martiño de Mourazos

Entre 1960 e 2001 apenas hai diferenzas nos totais de vivendas, pois un leve descenso de tan só 4 vivendas lévanos a pensar na estabilidade. Porén, os datos intercensuais seguintes amosan




incrementos e descensos bruscos, tal como se aprecia na gráfica. Tamén é o 1970 o ano máis importante no volume de vivendas para a parroquia, non obstante, á vista dos datos de poboación a parroquia experimenta un momento “doce”, pois desde 1991 ata 2005 os incrementos de poboación son unha constante, así entre 1991 e 2001 o incremento é do 2,64 %, e entre 2001 e o padrón de 2005, o incremento é do 9,67%. En 2001 hai censadas 155 persoas e 65 vivendas, o que amosa unha media de 2,4 persoas por vivenda.



### 3.2.3.7. San Fiz de Pazos

A proximidade, por non dicir o inmediato, desta parroquia co núcleo da vila, fai que teña certamente algo máis de peso, no referente ás vivendas, pois temos censadas no ano 2001 un total de 306, no entanto é 1991 o punto máis alto do total de vivenda censadas, chegando ás 336. Entre 1960 e o 2001 o incremento porcentual de vivenda é do 61%. A poboación crece entre 1981 e 2005 un 17,49%, a progresión nos últimos 24 anos é constante.




### 3.2.3.8. San Bartolomeu de Queirugás

En Queirugás, novamente o censo de vivendas de 1970, arroxa a cifra máis alta rexistrada na parroquia, pois no último, o do ano 2001, a cifra baixa a 60 vivendas, para unha poboación no mesmo






ano de 137 veciños. O descenso nas vivendas entre os censos de 1960 e 2001, é pois un valor negativo de -14,28% para este período, e entre 1981 e 2005 o descenso da súa poboación tamén amosa valores moi preocupantes pois establécese nun -26,58%, nos últimos 24 anos (1981-2005). É Queirugás unha parroquia recesiva na poboación e tamén, inevitablemente nas vivendas que acubilla. A distancia da parroquia do centro da vila non é dos máis afastadas, xa que tan só é de 4,4 km, non obstante, non segue as tendencias daquelas parroquias máis próximas ao centro da vila.




### 3.2.3.9. San Pedro de Queizás

San Pedro de Queizás experimenta desde 1960 ata os últimos datos do Censo do 2001, un incremento constante do seu parque de vivendas. Para o total do período o incremento é do 78%, cifra realmente importante que non vai tan parella cos incrementos irregulares da poboación nos últimos 24 anos, xa que o incremento máis forte de poboación foi na década 1981-91, para logo ir perdendo pulo, pero sen chegar ás cifras de 1981 (369 veciños) xa que no anos 2005 contabilízanse 399 residentes. As vivendas, pola contra, seguen unha traxectoria constante de crecemento tal como podemos visualizar na gráfica desta parroquia: 4,16% entre 1960 e 1970, un 22% entre 1970 e 1981, pasando a un 19,67% entre 1981 e 1991 para rematar nun 17,12% no 2001. A proximidade ao núcleo da vila é a principal causa deste comportamento pois 1,6 km de distancia garanten unha boa proximidade aos servizos da vila, para o ano 2001 temos unha media de 2,3 habitantes por vivenda nesta parroquia. As tendencias demográficas, e especialmente os saldos vexetativos, dan a explicación do movemento irregular da poboación nesta parroquia, así como nas do conxunto municipal.




### 3.2.3.10. Santa María da Rasela

A Rasela mantén practicamente a mesma distancia (1,5 km) do centro da vila que a parroquia de Queizás (1,6 km) ou Ábedes (2 km) feito que explica, ao noso entender, o comportamento ou traxectoria do parque de vivendas e a dinámica positiva da súa poboación. Entre os datos censuais de 1960 e 2001, o incremento bruto de vivendas é de algo menos de 50 unidades, en termos porcentuais supón un 68,57%, cifra moi importante, mesmo superior ao 61% da veciña parroquia de Pazos -a tan só 1,1 km do centro da vila-; a poboación nos últimos 24 anos incrementouse nun 42,62%, cifra bastante importante e sempre á alza, isto é, sen dinámicas de retroceso.




### 3.2.3.11. Santa María de Tamagos

As vivendas nesta parroquia non experimentan grandes alteracións, pois entre 1960 e 2001, o incremento é tan só do 8,1%, sendo as cifras de maior peso as do ano 1970, xa que o incremento maior no período intercensal ata 1970 é de 24,32%, para logo descender e manterse arredor das 82 vivendas. Con todo a súa poboación, aínda que sen grandes incrementos, si vai crescendo e manténdose arredor das 200 persoas. Pódese establecer como unha parroquia estable, nos seus parámetros poboacionais e de vivendas.



### 3.2.3.12. Santa María de Tamagelos

As vivendas censadas nesta parroquia, van caendo segundo vamos incorporando os datos dos anos censuais. Na gráfica pódese apreciar un leve incremento nos datos do ano 1991 para logo caer novamente. Entre 1960 e 2001 o descenso no Censo supón un  $-23,52\%$  de vivendas menos. A poboación segue tamén baixando, así pois, a dinámica nos últimos 24 anos -entre 1981 e 2005- supón para a parroquia un descenso do  $-16,40\%$  cifra importante pois xa falamos de niveis poboacionais moi baixos, polo que os saldos vexetativos son de moi pouca expectativa e cunha dinámica regresiva de difícil cambio de tendencia.




### 3.2.3.13. Santa Cristina de Tintores

O conxunto parroquial amosa unha dinámica positiva; xa que logo nos anos desta análise o incremento bruto de vivendas supera as 90, que en termos porcentuais supón un incremento do  $65\%$ , cifra certamente importante e moi próxima ás cifras de Pazos e A Rasela. As parroquias máis próximas á vila, polo que, novamente a proximidade á vila marca a súa evolución. Nos últimos 24 anos, Tintores incrementa case nun  $28\%$  a súa poboación ( $27,90\%$ ) unha vez superada unha etapa de perda entre 1981 e 1991 do  $-20,41\%$  a parroquia repunta a partir desta data censual, pasando a un incremento



poboacional do 50%, de 308 en 1991 a 462 en 2001, a tendencia é a de seguir subindo, xa que novos asentamentos dan pulo á parroquia.




#### 3.2.3.14. Santa María A Maior de Verín

É indubidable o forte peso da capital no conxunto do territorio municipal. No ano 2001 foron censadas un total de 5.683 vivendas, cifra moi alta e aínda moito máis afastada das 928 vivendas censadas en 1960. O incremento bruto supera as 4700 vivendas o que supón un incremento para estes anos do 512,39%, supoñendo a cifra de maior peso no conxunto municipal e comarcal. A chegada de poboadores desde concellos limítrofes, así como das parroquias do termo municipal todo, sen esquecer os incrementos de novos veciños, froito dos saldos vexetativos positivos, son os responsables do incremento da súa poboación, nos últimos 24 anos nun 71%.


A vila de Verín proporciona ao territorio municipal e comarcal unha ampla gama de servizos e atencións cada vez máis demandados e necesitados pola poboación toda, como son os educativos, sanitarios, comerciais, administrativos e de lecer, etc.

Verín coma parroquia non é allea aos movementos migratorios das épocas pasadas, e non tan remotas, e aínda así pode contar con cifras á alza, na súa poboación. Na gráfica que segue, vese claramente a liña continua en ascenso, para os valores das vivendas no territorio parroquial, no tramado urbano do concello.






Na gráfica que segue amosamos dun xeito moi ilustrativo a representación dos volumes de todas as vivendas do concello e aquelas que están tan só localizadas no termo parroquial; apreciase a importancia da parroquia respecto ao conxunto municipal.



### 3.2.3.15. Santiago de Vilarmador do Val

O conxunto da parroquia para o período do 1960 a 2001 amosa un signo positivo. As vivendas incrementáronse neste tramo temporal nun 26%, non obstante, por décadas censuais, os incrementos son máis tímidos, roldando as vivendas nunha media de 142 a partires do 1970 na parroquia. Na gráfica, pódense observar as lixeiras fluctuacións dos datos censuais. O comportamento da poboación pola contra é diferente, cunha forte perda desde 1981 ata o 2001, amosando un incremento importante segundo os datos municipais de 2005 e os padróns de 2003, quere isto dicir, que na parroquia danse novos asentamentos de veciños, especialmente en Caldeliñas e O Salgueiro, dous dos tres núcleos da parroquia, sendo estes os máis próximos á vila, un a 3,3 km e o outro a 1,8 km respectivamente.



## 3.3. OS EDIFICIOS E VIVENDAS

Nas páxinas que seguen tentaremos acercarnos ás características dos edificios, das vivendas, dos fogares, así como dos locais do municipio. As características como o ano de construción, o número de



plantas por edificio, o estado de construción, así como as características e composición dos fogares, son datos que apoian o coñecemento do municipio especialmente o relativo ás vivendas e quen as habita, pola outra banda e para unha mellor comparativa, ás veces veremos os datos conxunto comarcal.

Dos 10.955 edificios destinados principalmente a vivendas do conxunto comarcal, unha porcentaxe moi alta correspóndelle ao concello de Verín, así o 41% destes case 11.000 están localizados no termo municipal que supoñen, en número, un total de 4.461 vivendas en edificios censados no ano 2001. Na gráfica que segue pódense apreciar as porcentaxes dos edificios de Verín e a dos restantes concellos que engloban a comarca. As mesmas características de “peso” na evolución da poboación repítense no que respecta aos edificios e vivendas en Verín, así o concello leva o ritmo respecto do resto dos concellos da comarca. As restantes porcentaxes son moi parellas pois van desde o 5% de Castrelo do Val ao 12% de Monterrei nos extremos inferior e superior das porcentaxes.



Verín e os concellos que integran a comarca manteñen diferenzas respecto ao peso porcentual dos edificios segundo o ano de construción dos mesmos, así pois, o máis significativo é o que constatamos nos primeiros datos, xa que antes de 1900 tan só foron construídos o 2% dos edificios de Verín, e pola contra o resto dos concellos da comarca teñen nese mesmo período o 23% dos edificios. A medida que nos achegamos a etapas temporais máis próximas ás actuais podemos ver o despegue de Verín fronte ao agrupado dos concellos veciños.

No cadro que segue, podemos ver as diferenzas en termos porcentuais, onde se está a apreciar a importancia do concello de Verín respecto dos veciños. Son especialmente salientables os anos do período do 1971 ata 1981, onde o concello supera en 13 puntos porcentuais os edificios construídos nesa década.

Período	Verín	Comarca agás Verín
Antes de 1900	2%	23%
1961-1970	13%	11%




Período	Verín	Comarca agás Verín
<b>1971-1980</b>	30%	17%
<b>1981-1990</b>	23%	15%
<b>1991-2001</b>	20%	10%


No cadro de datos que segue, amosamos os totais de edificios por concello, segundo o ano de construción dos mesmos, para un maior detalle informativo.

Ano de construción do edificio onde se localiza a vivenda	Antes de 1900	1900-1920	1921-1940	1941-1950	1951-1960	1961-1970	1971-1980	1981-1990	1991-2001	Non é aplic.	TOTAL
<b>Castrelo do Val</b>	13	32	68	42	55	66	91	102	64	0	533
<b>Cualedro</b>	155	109	31	35	50	110	198	157	158	1	1.004
<b>Laza</b>	508	1	8	17	17	67	102	60	40	0	820
<b>Monterrei</b>	372	32	32	36	72	123	237	247	162	0	1.313
<b>Oímbra</b>	167	91	73	76	67	41	78	118	49	1	761
<b>Ríós</b>	47	30	75	116	109	142	182	117	54	0	872
<b>Verín</b>	<b>73</b>	<b>71</b>	<b>101</b>	<b>121</b>	<b>206</b>	<b>591</b>	<b>1.339</b>	<b>1.014</b>	<b>896</b>	<b>49</b>	<b>4.461</b>
<b>Vilardevós</b>	220	76	58	64	109	139	232	188	102	3	1.191
<b>Comarca</b>	1.555	442	446	507	685	1.279	2.459	2.003	1.525	54	10.955

Na representación gráfica que segue amosamos os valores de Verín, comarca, e comarca agás Verín. Nela podemos ver claramente o peso dos valores, segundo o ano de construción dos edificios de Verín, fronte á tendencia decadente no resto dos concellos.



Na gráfica seguinte representamos os valores dos edificios, por cada un dos concellos.






O estado de conservación dos edificios destinados principalmente a vivendas é, polo xeral, bo cunha porcentaxe máis alta para Verín que para o resto dos concellos, sendo o valor para a comarca do 85%, para Verín do 90% e baixa 6 puntos porcentuais para os valores da comarca agás Verín, isto é o 79%.

No cadro que segue detallamos os totais de estado de conservación dos edificios destinados principalmente a vivendas nos concellos da comarca, e o total para o conxunto dos oito concellos, para unha maior información.

Estado do edificio	Ruinoso	Malo	Deficiente	Bo	Non é aplicábel	TOTAL
Castrelo do Val	15	3	80	435	0	533
Cualedro	4	51	212	736	1	1.004
Laza	3	3	46	768	0	820
Monterrei	4	19	196	1.094	0	1.313
Oímbra	3	5	162	590	1	761
Riós	7	89	315	461	0	872
<b>Verín</b>	<b>10</b>	<b>28</b>	<b>351</b>	<b>4.023</b>	<b>49</b>	<b>4.461</b>
Vilardevós	4	22	103	1.059	3	1.191
<b>Comarca</b>	<b>50</b>	<b>220</b>	<b>1.465</b>	<b>9.166</b>	<b>54</b>	<b>10.955</b>

Verín, tal e como o representamos, conta co valor máis alto con bo estado dos edificios, tan so un 8% están nun estado deficiente, o restante 2% repártese entre estado ruinoso e categorías non aplicables. No conxunto que engloba a comarca, agás Verín, elévase a porcentaxe dos cualificados como malo nun 3%, mentres que en Verín non chega á unidade, e na comarca toda acádase o 2%. Indubidablemente os concellos da comarca contan con edificios moitísimo máis vellos, que levan a matizar as porcentaxes de estado deficiente. Nas gráficas que seguen temos a representación das porcentaxes, segundo o estado do edificio, para as tres entidades territoriais antes sinaladas.









### 3.3.1. EDIFICIOS DO CONCELLO

En Verín temos un total de 3.779 edificios, nos que temos que salientar a importancia numérica -e con diferenza- do que é o tramado da vila, pois supón o 52% dos edificios do concello. O restante repártese entre porcentaxes moitísimo máis baixas, nas que salientamos o 8% de Pazos que se pode considerar unha prolongación do tramado urbano do casco, o 4% nas parroquias de Ábedes, Mandín, de Feces de Abaixo e Queizás, e tamén sumando as porcentaxes das parroquias que contan con varios núcleos como son Vilarmajor con 3 núcleos (o Salgueiro, Caldeleñas e Vilarmajor) con outro 4% e Tintores, cos núcleos de Tintores e Vilela suman 5%.

Na gráfica vemos as porcentaxes correspondentes ás parroquias e os seus correspondentes núcleos para unha apreciación máis gráfica.



De todos os edificios de Verín, o 42% son de unha soa planta, o 35% son de dúas plantas e o 11% contan con tres plantas, seguimos baixando as porcentaxes cun 8% para edificios con catro plantas e tan só un 3% contan con cinco, tal como se representa na gráfica.







A información do número de plantas por edificios, segundo os núcleos de poboación e as parroquias, detállase no cadro que segue. Ningún núcleo ou parroquia, agás a de Verín, excede as tres alturas, pola outra banda tan só as parroquias ou núcleos de Caldeliñas, Feces de Cima, Mandín, Mourazos, Pazos, Queizas, Tamagos, Tamaguelos e Tintores contan con edificios con dúas alturas como máximo. O núcleo da vila é o único territorio municipal que contabiliza edificios de máis alturas, tendo como máximo, segundo os datos do Censo de Poboación e vivendas do 2001, un edificio de 10 ou máis alturas.

Parroquias	Total edificios	1 planta	2	3	4	5	6	7	8	10 ou máis	total parroquias
<b>Total Verín</b>	<b>3.779</b>	<b>1.573</b>	<b>1.322</b>	<b>423</b>	<b>307</b>	<b>113</b>	<b>32</b>	<b>3</b>	<b>5</b>	<b>1</b>	<b>3779</b>
ÁBEDES	167	52	111	4	0	0	0	0	0	0	167
CABREIROÁ	86	75	10	1	0	0	0	0	0	0	86
CALDELIÑAS	54	26	28	0	0	0	0	0	0	0	152
SALGUEIRO (O)	37	20	16	1	0	0	0	0	0	0	
VILAMAIOR	61	39	20	2	0	0	0	0	0	0	
FECES DE ABAIXO	149	28	118	3	0	0	0	0	0	0	149
FECES DE CIMA	58	57	1	0	0	0	0	0	0	0	58
MANDIN	138	122	16	0	0	0	0	0	0	0	138
MOURAZOS	69	54	15	0	0	0	0	0	0	0	69
PAZOS	302	276	26	0	0	0	0	0	0	0	302
QUEIRUGAS	60	4	55	1	0	0	0	0	0	0	60
QUEIZAS	167	113	54	0	0	0	0	0	0	0	167
RASELA (A)	114	28	85	1	0	0	0	0	0	0	114
TAMAGOS	81	67	14	0	0	0	0	0	0	0	81
TAMAGUELOS	107	80	27	0	0	0	0	0	0	0	107
<b>VERÍN</b>	<b>1.971</b>	<b>457</b>	<b>650</b>	<b>404</b>	<b>307</b>	<b>113</b>	<b>31</b>	<b>3</b>	<b>5</b>	<b>1</b>	<b>1971</b>
TINTORES	62	10	52	0	0	0	0	0	0	0	158
VILELA	96	65	24	6	0	0	1	0	0	0	

Na gráfica que segue visualizamos os edificios de 1, 2 e 3 alturas no concello de Verín, agás a parroquia urbana, a representación amosa estes valores sobre o conxunto do núcleo ou parroquia, segundo o caso. Salienta a parroquia de Pazos en edificios dunha soa planta e tamén Mandín, e de dúas alturas destaca a parroquia de Feces de Abaixo na raia portuguesa e Ábedes e A Rasela, estas ultimas moi preto do núcleo urbano como é tamén o caso de Pazos.



Habida conta da importancia da trama urbana de Verín, na gráfica que segue temos a representación dos volumes de edificios, segundo o número das alturas con que conta. Pódese establecer que o 23% dos edificios contan con unha planta, o 33% contan con dúas plantas, o 20% son edificios de tres alturas e o 16% son de catro alturas, polo que o 36% dos edificios contan entre 3 e 4 alturas.



No concello de Verín temos o 41% dos edificios da comarca toda, fronte a porcentaxes moito máis baixas dos restantes concellos. Verín como concello, e desde o punto de vista dos edificios, vén determinado por dúas circunstancias, por unha banda pola tramada urbana da parroquia de Verín que acubilla o 52% dos edificios do concello fronte ao 48% dos edificios repartidos polas outras 14 parroquias e pola outra banda, pola proximidade das parroquias limítrofes que son, polo xeral, as que dan continuidade aos tramados urbanos do municipio. No concello contamos cun parque edilicio en bo estado de conservación -90%-. Segundo as alturas dos edificios, contamos cunha media de 3 e 4 alturas na vila e de 1 e 2 alturas nos edificios das parroquias non urbanas. O 53% dos edificios do concello foron construídos entre 1971 e 1990, fronte ao 32% dos edificios do resto dos concellos da comarca no mesmo período.




### 3.3.2. AS VIVENDAS

As vivendas familiares censadas no ano 2001 suman un total de 7568. Estas vivendas están localizadas nun total de 3.779 edificios no conxunto municipal; destes edificios tan só 1.971 están localizados na parroquia de Verín, é dicir no tramado da vila.

No termo municipal de Verín temos, tal e como amosamos no cadro, as seguintes tipoloxías de vivendas: as principais, secundarias e baleiras.

Vivendas familiares	Totais
Principais	4461
Secundarias	1345
Baleiras	1650
Outras	112
<b>totais</b>	<b>7568</b>

As vivendas principais son as utilizadas (toda ou a maior parte do ano) coma residencia habitual de unha ou máis persoas; as vivendas secundarias son as vivendas familiares utilizadas soamente parte do ano, de xeito estacional, periódica ou esporadicamente e non constitúe residencia habitual de unha ou varias persoas e as vivendas baleiras son as vivendas familiares desocupadas consideradas deste xeito cando non é residencia habitual de ningunha persoa nin é utilizada de xeito estacional, periódica ou esporadicamente por ninguén. Trátase de vivendas deshabitadas. Así pois, as porcentaxes son as que representamos na gráfica que segue, salientando o 59% das vivendas principais, o 18% vivendas secundarias e unha porcentaxe 4 puntos por riba, isto é o 22% para as vivendas baleiras, que supoñen en números un total de 1.650 baleiras, fronte ás 1.345 vivendas secundarias.



Achegándonos ás cifras dos concellos da comarca, de xeito individualizado, e aos valores da provincia e da comunidade galega, podemos establecer que o conxunto municipal verinés amosa valores moi próximos ás porcentaxes dos valores das entidades territoriais de maior rango (conxunto comarcal,




provincia e comunidade) pois están moi próximos aos valores para as vivendas secundarias e baleiras, arredor do 16% para as vivendas secundarias e ao 18% para as vivendas baleiras, detectándose porcentaxes máis baixas para estas tipoloxías no conxunto galego, como apreciamos no cadro que segue. No tocante ás vivendas principais, o comportamento é moi parello pero de sentido inverso, quérese dicir con isto que, canto maior é o peso da entidade territorial, máis porcentaxe de vivendas principais, así pois temos un 69,7% de vivendas principais no conxunto da comunidade galega, un 64,6% no conxunto provincial, un 62,6% no conxunto comarcal e un 59,6% no concello verinés. No entanto, temos unha situación diferente no comportamento dos concellos da comarca, xa que os concellos de maior extensión como son os de Laza e Vilardevós son os que teñen en termos porcentuais o menor peso no tocante ás vivendas principais, 58% e 54% respectivamente, salientando tamén por rexistrar as porcentaxes de vivendas baleiras máis altas, especialmente comparados con todos os ámbitos territoriais: Galicia, provincia de Ourense e conxunto comarcal e mesmo Verín. Pola contra, os concellos de menor extensión como son Ríos, Oímbra e o propio Verín amosan valores máis próximos aos das entidades territoriais de maior rango. Semellantes son os valores de Oímbra e Castrelo do Val no tocante ás vivendas principais, sendo as máis altas de todos os territorios representados: Cualedro ten, en termos porcentuais, o valor máis alto de vivendas secundarias cunha porcentaxe do 28,3% , é dicir 12,4 puntos por riba dos valores da comarca na que está inscrito o concello. Castrelo do Val conta coa porcentaxe máis baixa de vivendas baleiras, cun valor do 5,1%, tamén temos que dicir que este municipio tan só conta con 731 vivendas, sendo o 3º en extensión.

Vivendas	Nº de vivendas	vivendas principais (%)	vivendas secundarias (%)	vivendas baleiras (%)
Castrelo do Val	731	72,9	17,8	5,1
Cualedro	1.660	60,5	28,3	11,1
Laza	1.407	58,4	0,1	41,6
Monterrei	2.086	63,0	20,2	16,7
Vilardevós	2.177	54,7	0,4	44,8
Oímbra	1.043	73,0	21,7	5,4
Ríos	1.488	58,6	21,1	20,3
<b>Verín</b>	<b>7.519</b>	<b>59,6</b>	<b>17,5</b>	<b>21,2</b>
<b>Comarca Verín</b>	<b>18.111</b>	<b>62,6</b>	<b>15,9</b>	<b>20,8</b>
<b>Ourense</b>	<b>195.679</b>	<b>64,6</b>	<b>17,9</b>	<b>17,0</b>
<b>GALICIA</b>	<b>1.297.708</b>	<b>69,7</b>	<b>12,7</b>	<b>16,5</b>

As superficies das vivendas. Aquí presentaremos as superficies útiles das vivendas do concello e amosaremos as cifras tamén da comarca. A superficie útil da vivenda é a medida desde o interior dos muros exteriores da vivenda, non comprendendo os sotos, faiados, os e bufardas non habitables, tampouco se inclúen as terrazas abertas nin xardíns. No concello de Verín o 31% das vivendas contan entre os 76 e os 90 m<sup>2</sup> de superficie útil, sendo en número un total de 1336 vivendas, outra porcentaxe



moi alta é o 25% que se corresponde coas superficies das vivendas do conxunto municipal que exceden os 90 m<sup>2</sup> e non superan os 105 m<sup>2</sup>, sumando un total de 1.104 vivendas. As restantes vivendas repártense de xeito desigual nos valores de maior a menor do seguinte xeito: 14% vivendas de 106 a 120 m<sup>2</sup>, 10% de vivendas cunha superficie de 121 a 150 m<sup>2</sup>, as restantes porcentaxes levan as superficies útiles de menor importancia, salvo o 7% para vivendas de 61 a 75 m<sup>2</sup>. Na representación gráfica que segue pódense apreciar as superficies das vivendas e as porcentaxes correspondentes. Polo tanto, no concello verinés, o 56% das vivendas encádranse entre os 76 m<sup>2</sup> e os 105 m<sup>2</sup> de superficie útil.




No cadro que segue, detallamos as superficies útiles das vivendas dos concellos da comarca de Verín, de xeito independente, e os valores para o conxunto comarcal para unha maior información.

Superficie útil da vivenda	Ata 30 m <sup>2</sup>	30-45 m <sup>2</sup>	46-60 m <sup>2</sup>	61-75 m <sup>2</sup>	76-90 m <sup>2</sup>	91-105 m <sup>2</sup>	106-120 m <sup>2</sup>	121-150 m <sup>2</sup>	151-180 m <sup>2</sup>	Máis de 180 m <sup>2</sup>	Total
Castrelo do Val	16	35	66	85	145	100	34	32	11	9	533
Cualedro	15	124	224	130	212	153	94	27	9	16	1.004
Laza	2	26	119	145	215	114	109	63	18	9	820
Monterrei	9	67	121	112	347	291	199	105	28	34	1.313
Oímbra	20	34	54	68	167	156	118	102	31	11	761
Ríós	2	19	45	69	280	250	124	53	8	22	872
<b>Verín</b>	<b>12</b>	<b>111</b>	<b>227</b>	<b>326</b>	<b>1.336</b>	<b>1.104</b>	<b>618</b>	<b>464</b>	<b>128</b>	<b>135</b>	<b>4.461</b>
Vilardevós	11	104	171	151	305	239	128	58	11	13	1.191
<b>Comarca</b>	<b>87</b>	<b>520</b>	<b>1.027</b>	<b>1.086</b>	<b>3.007</b>	<b>2.407</b>	<b>1.424</b>	<b>904</b>	<b>244</b>	<b>249</b>	<b>10.955</b>

O número de cuartos ou habitacións das vivendas. O concello de Verín conta cun total de 4.461 vivendas familiares, das que o 36% conta con 5 cuartos ou habitacións e o 23% conta con 6 habitacións ou cartos nas vivendas. No número de habitacións englobase o número de habitacións que posúe a vivenda, así como cociña e as terrazas pechadas, sen incluír os cuartos de baño, vestíbulos,



corredores e terrazas abertas. Xa que logo, case o 60% das vivendas do termo municipal conta con 5 e 6 habitacións fronte a un 18% de vivendas con 4 habitacións ou o 7% das vivendas con igual número de habitacións. Na gráfica que segue podemos apreciar a distribución das vivendas, segundo o número das habitacións coas que conta.



No cadro que segue, detallamos as cifras de habitacións segundo os concellos que integran a comarca de Verín, así como cada un dos concellos, sendo para a comarca o número máis salientable o de 4 e 5 habitacións, agás Riós e Vilardevós con predominio de 5 e 6 habitacións, ao igual que Verín e Laza, así como o valor comarcal –reforzado pola presenza das vivendas de Verín-.

Nº de cuartos	1	2	3	4	5	6	7	8	9	10 ou máis	Total
Castrelo do Val	13	12	41	132	172	103	38	12	7	3	533
Cualedro	18	62	123	218	311	177	54	19	9	13	1004
Laza	3	8	31	170	331	183	67	18	4	5	820
Monterrei	6	44	183	300	414	223	93	28	10	12	1313
Oímbra	4	21	58	177	274	157	57	9	2	2	761
Riós	2	9	18	130	347	230	89	24	8	15	872
<b>Verín</b>	<b>9</b>	<b>71</b>	<b>339</b>	<b>789</b>	<b>1.669</b>	<b>1.039</b>	<b>313</b>	<b>118</b>	<b>74</b>	<b>40</b>	<b>4461</b>
Vilardevós	8	36	82	217	374	307	97	50	9	11	1191
<b>Comarca</b>	<b>63</b>	<b>263</b>	<b>875</b>	<b>2.133</b>	<b>3.892</b>	<b>2.419</b>	<b>808</b>	<b>278</b>	<b>123</b>	<b>101</b>	<b>10955</b>

As instalacións. En relación ás características das instalacións básicas dos edificios destinados principalmente a vivendas, temos que sinalar que a meirande parte dos concellos están altamente cubertos no tocante ao abastecemento de auga de traída pública, así pois o concello de Verín ten o 96% dos edificios destinados a vivenda con traída de carácter público, fronte ao 4% de abastecemento privado, e tan só 14 edificios destinados a vivenda sen abastecemento de auga. O conxunto comarcal conta cunhas porcentaxes máis altas, pois o 98% dos edificios destinados a vivenda contan con traída pública de auga, o 1% con abastecemento privado, que en número suman un total de 203 e outro 1%






non contan con abastecemento, sendo en cifras 111 edificios-vivenda. No cadro que segue, detallamos os valores numéricos por concellos, e os totais comarcais.

Edificios principalmente destinados a vivenda	Totais	abastecemento público de auga	abastecemento privado de auga	non ten auga corrente
Castrelo do Val	699	676	9	14
Cualedro	1.600	1583	10	7
Laza	1.351	1339	3	9
Monterrei	2.034	2009	8	17
Oímbra	1.036	1008	19	9
Riós	1.460	1450	7	3
<b>Verín</b>	<b>3.578</b>	<b>3.426</b>	<b>138</b>	<b>14</b>
Vilardevós	2.103	2056	9	38
<b>Comarca</b>	<b>13.861</b>	<b>13.547</b>	<b>203</b>	<b>111</b>


Os servizos públicos de evacuación de augas residuais están altamente cubertos no territorio, pois falamos de servizo de rede de sumidoiros, nunha porcentaxe do 97% para o agrupado comarcal e outro tanto para o concello de Verín. Tendo, polo tanto, valores moi residuais para o resto dos concellos sen rede de sumidoiros. No cadro que segue, detallamos os valores numéricos por concello e agrupado comarcal, destacan por ter outro tipo de evacuación de augas residuais, os concellos de Vilardevós e Monterrei, cun 4% e un 3% respectivamente, o resto dos concellos están entre o 1% ou o 2% dos seus edificios destinados principalmente a vivendas, cunha evacuación distinta á rede de sumidoiros.

Evacuación de augas residuais	Totais	rede de sumidoiros	Outro tipo	Non ten	% rede de sumidoiros	% outro tipo	% non ten
Castrelo do Val	699	666	16	17	96%	2%	2%
Cualedro	1.600	1553	29	18	97%	2%	1%
Laza	1.351	1317	12	22	97%	1%	2%
Monterrei	2.034	1927	63	44	95%	3%	2%
Oímbra	1.036	991	24	21	96%	2%	2%
Riós	1.460	1401	45	14	96%	3%	1%
<b>Verín</b>	<b>3.578</b>	<b>3.501</b>	<b>57</b>	<b>20</b>	<b>97%</b>	<b>2%</b>	<b>1%</b>
Vilardevós	2.103	1974	84	45	94%	4%	2%
<b>Comarca</b>	<b>13.861</b>	<b>13.330</b>	<b>330</b>	<b>201</b>	<b>97%</b>	<b>2%</b>	<b>1%</b>


Na gráfica que segue, detallamos do total dos concellos da comarca, as porcentaxes de rede de sumidoiros que contan co 26% da rede de sumidoiros comarcal localízase no termo municipal de Verín, supondo a cifra máis alta, e a máis baixa, o 5% do rede de sumidoiros en Castrelo do Val.



As porcentaxes doutros sistemas de evacuación de augas residuais (fosas sépticas) están nun 25% en Vilardevós, fronte ao 17% en Verín ou a de menor valor porcentual a de Castrelo do Val cun 5%, ou Laza cun 4%.



No conxunto comarcal, novamente Vilardevós ten un 22% dos edificios destinados a vivenda sen sistema de evacuación de augas residuais, fronte á cifra máis baixa, sempre falando en termos porcentuais, pois o 7% contabilízase en Riós e no concello do Támeiga rexístrase o 10% dos edificios destinados a vivenda sen sistema de evacuación de augas residuais.



O 68% dos edificios destinados a vivendas do concello de Verín contan con sistema de auga quente central fronte ao 32% que carecen del. As porcentaxes dos edificios destinados a vivenda que contan con auga quente central a nivel comarcal é algo máis baixo, pois sitúase no 58% e un 42% dos edificios destinados a vivenda non contan con este sistema. No cadro que segue, detállanse os valores numéricos por concellos e o total comarcal e amosamos ademais para un maior detalle, as porcentaxes por concellos dos que conta con este sistema. Así, no concello de Verín temos 2.425 edificios destinados a vivenda con auga quente central, fronte a 1.153 edificios con destino a vivenda que non conta con este requisito.

Auga quente central	Totais	Ten	Non ten	% Teñen
Castrelo do Val	699	553	146	79%
Cualedro	1.600	203	1.397	13%
Laza	1.351	1.179	172	87%
Monterrei	2.034	348	1.686	17%
Oímbra	1.036	422	614	41%
Riós	1.460	1.284	176	88%
<b>Verín</b>	<b>3.578</b>	<b>2.425</b>	<b>1.153</b>	<b>68%</b>
Vilardevós	2.103	1.669	434	79%
<b>Comarca</b>	<b>13.861</b>	<b>8.083</b>	<b>5.778</b>	<b>58%</b>

Un dato de interese cara a perfilar as condicións de habitabilidade e calidade de vida nas vivendas ou nos edificios destinados a vivenda, é saber a dispoñibilidade de ascensor ou de garaxe, e de ter, por caso, o número de prazas das que dispón o concello nos seus edificios. No cadro que segue vese claramente que os edificios destinados principalmente a vivendas do concello de Verín son os únicos que contan con ascensor, e con todo tan só 144 edificios destas características contan con elevador, fronte aos 3.434 edificios de Verín que carecen desta característica.

Ascensor	Totais	Ten	Non ten
Castrelo do Val	699	0	699
Cualedro	1.600	0	1.600




Ascensor	Totais	Ten	Non ten
Laza	1.351	1	1.350
Monterrei	2.034	0	2.034
Oímbra	1.036	0	1.036
Riós	1.460	2	1.458
<b>Verín</b>	<b>3.578</b>	<b>144</b>	<b>3.434</b>
Vilardevós	2.103	1	2.102
<b>Comarca</b>	<b>13.861</b>	<b>148</b>	<b>13.713</b>

Dos 3.578 edificios destinados principalmente a vivendas do concello de Verín tan só o 38% deles dispoñen de garaxe, a porcentaxe máis alta dos concellos da comarca. No cadro que segue, podemos constatar as cifras dos edificios destinados principalmente a vivendas que dispoñen de garaxe e as súas correspondentes porcentaxes, e tamén os edificios que non dispoñen de garaxe. Cualedro é o concello coa porcentaxe máis baixa de edificios-vivenda con dispoñibilidade de garaxe.

Dispoñibilidade de garaxe	Totais	Ten	Non ten	% Dispoñibilidade de garaxe
Castrelo do Val	699	93	606	13%
Cualedro	1.600	143	1.457	9%
Laza	1.351	228	1.123	17%
Monterrei	2.034	261	1.773	13%
Oímbra	1.036	258	778	25%
Riós	1.460	172	1.288	12%
<b>Verín</b>	<b>3.578</b>	<b>1.363</b>	<b>2.215</b>	<b>38%</b>
Vilardevós	2.103	350	1.753	17%
<b>Comarca</b>	<b>13.861</b>	<b>2.868</b>	<b>10.993</b>	<b>21%</b>

Xa por último, entramos máis en detalle no referente ao número de prazas de garaxe nos edificios destinados principalmente a vivendas. Do total de edificios –3578- o 62% non contan con garaxe é dicir 2215, e o 38% si contan con garaxe. Desta porcentaxe o 18% conta con 1 praza de garaxe o edificio, o 11% con 2 prazas e un 6% entre 3 e 5 prazas de garaxe. Na gráfica que segue represéntanse as porcentaxes para o conxunto municipal de Verín e no cadro seguinte as cifras para o conxunto dos concellos da comarca para unha maior información





No cadro detállanse as prazas de garaxe por concellos 1, 2 de 3 a 5, etc., ata máis de 50 e o número de edificios destinados principalmente a vivenda que contan con estas características. A meirande parte dos concellos contan con edificios de vivendas que contan 1 e 2 prazas e poucos exceden as 3 prazas de garaxe.

Nº de prazas de garaxe	TOTAL	1	2	3 a 5	6 a 10	11 a 20	21 a 50	Máis de 50	Non é aplicábel
Castrelo do Val	699	76	15	2	0	0	0	0	606
Cualedro	1.600	99	31	13	0	0	0	0	1.457
Laza	1.351	214	11	2	1	0	0	0	1.123
Monterrei	2.034	219	39	3	0	0	0	0	1.773
Oímbra	1.036	249	8	0	0	0	0	1	778
Riós	1.460	139	28	5	0	0	0	0	1.288
Verín	<b>3.578</b>	<b>632</b>	<b>410</b>	<b>217</b>	<b>58</b>	<b>32</b>	<b>14</b>	<b>0</b>	<b>2.215</b>
Vilardevós	2.103	340	10	0	0	0	0	0	1.753
Comarca	13.861	1.968	552	242	59	32	14	1	10.993

### 3.4. OS FOGARES

Xa por último, introducímonos nas informacións referidas ás persoas que residen nas vivendas. Desde este punto de vista inserímonos na constitución dos fogares. Consideramos fogar<sup>33</sup> ao conxunto de persoas que residen habitualmente na mesma vivenda. Temos que sinalar a diferenza entre fogar e familia, pois o fogar pode ser unipersoal mentres que a familia ten que constar como mínimo de dúas persoas; pola outra banda, un fogar pode ser multipersoal, pois non necesariamente os membros deste fogar teñen que estar emparentados, si pola contra, no caso das familias.

Dos 10.995 fogares que están censados no conxunto dos concellos que integran a comarca de Verín, o 41% deles localízanse no termo municipal de Verín, o restante 59% dos fogares repártense de xeito máis ou menos parellos nos outros 7 concellos. Temos que lembrar que as superficies municipais son de moi diferente valor, así como o seu volume de poboación, sendo por tanto as densidades de poboación moito máis dispares aínda. No cadro que segue detallamos as superficies dos concellos e as súas correspondentes densidades de poboación -a 01/01/04- para unha máis completa apreciación dos datos.


Comarca Verín	2004	km <sup>2</sup>	hb/km <sup>2</sup>
Castrelo do Val	1.239	122,01	10,15
Cualedro	2.286	117,56	19,44
Laza	1.800	215,83	8,34
Monterrei	3.187	119,05	26,77

<sup>33</sup> Definición do INE, Censo de Poboación e Vivendas 2001.



Comarca Verín	2004	km <sup>2</sup>	hb/km <sup>2</sup>
Oímbra	1.984	71,84	27,62
Ríos	2.097	114,41	18,33
Verín	13.585	94,03	144,47
Vilardevós	2.633	152,09	17,31
<b>Comarca Verín</b>	<b>28.811</b>	<b>1.007</b>	<b>28,61</b>

Na gráfica que segue podemos apreciar claramente as porcentaxes segundo os concellos. Verín (94 km<sup>2</sup>) conta coa segunda superficie máis baixa do conxunto comarcal despois de Oímbra (71,8 km<sup>2</sup>). Pola contra Laza (215,8 km<sup>2</sup>) é o máis extenso e tamén un dos que acubilla menos fogares no seu territorio, cun 7% dos totais, tan só o 5% dos fogares están localizados no municipio de Castrelo do Val que ten o 3º posto na clasificación de superficies con 122 Km<sup>2</sup>.




No cadro que segue detallamos os fogares por concellos, e as características dos mesmos, para unha mellor información e detalle.

Tipo de fogar	TOTAL	fogares unipersoais	fogares multipersoais que non forman familia	Unha familia sen outras persoas	Unha familia, con outras persoas non emparentadas	Dúas ou máis familias sen outras persoas	Dúas ou máis familias con outras persoas non emparentadas
Castrelo do Val	533	166	1	363	2	1	0
Cualedro	1.004	322	2	671	8	1	0
Laza	820	260	5	552	2	1	0
Monterrei	1.313	367	3	929	13	1	0
Oímbra	761	208	3	529	15	5	1
Ríos	872	251	3	607	11	0	0
Verín	4.461	914	41	3.361	114	25	6
Vilardevós	1.191	357	8	821	5	0	0
<b>Comarca</b>	<b>10.955</b>	<b>2.845</b>	<b>66</b>	<b>7.833</b>	<b>170</b>	<b>34</b>	<b>7</b>

Do 41% dos fogares verineses, unha porcentaxe do 75% está constituído por unha soa familia sen outras persoas, e o 20% son fogares unipersoais fronte ao 69% dos fogares da comarca, agás o concello de Verín que están constituídos por unha familia sen outras persoas, unha porcentaxe do 30%, 10 puntos por riba, os concellos da comarca sen contabilizar Verín. Os **fogares unipersoais dos**




restantes concellos da comarca supoñen un total de 1.931 fogares (30%) fronte a un total de 914 de Verín (20%). Subliñamos especialmente estas cifras, pois os concellos da comarca presentan signos severos de retroceso demográfico sendo a meirande parte das súas poboacións moi avanzadas nos tramos de idade máis altos (+65 anos)<sup>34</sup> e especialmente propensos á dependencia funcional desde o punto de vista xeriátrico. No entanto Verín presenta unha maior diversidade no abano demográfico de idades<sup>35</sup>, pois conta con segmentos de idade moito máis variados, así pois, no concello verinés ademais dos maiores solos, contabilízase tamén xente nova (ou non tanto) en proceso de constitución de novos fogares ou iniciando unha nova vida familiar (divorcios, separacións..). O feito evidente de avellentamento da poboación comarcal pode influír no posible desenvolvemento de novas actividades e/ou servizos de atencións ás poboacións veciñas dependentes dado o carácter de cabeceira comarcal do Termo Municipal. Estas circunstancias deben ser tidas en conta, ou polo menos contempladas cara a prever posibles demandas de servizos ou atencións á poboación reflectidas en equipamentos e dotacións.



<sup>34</sup> Ver sección de Poboación deste documento.

<sup>35</sup> Ver pirámide poboacional



No cadro que segue detállanse as cifras de fogares, segundo a tipoloxía da súa constitución, para as entidades territoriais de Verín, comarca toda, e a comarca sen Verín.

Tipo de fogar	TOTAL	Fogares unipersoais	fogares multipersoais que non forman familia	Unha familia sen outras persoas	Unha familia con outras persoas non emparentadas	Dos ou máis familias sen outras persoas	Dos ou máis familias con outras persoas non emparentadas
Verín	4.461	914	41	3.361	114	25	6
Comarca agás Verín	6494	1931	25	4472	56	9	1
<b>Comarca</b>	<b>10.955</b>	<b>2.845</b>	<b>66</b>	<b>7.833</b>	<b>170</b>	<b>34</b>	<b>7</b>

Verín conta co 20,6% de fogares constituídos por una persoa, isto é unipersoais, o 25,6% son fogares de 2 membros, e a gran maioría dos fogares verineses están constituídos por 3 e 4 membros nunha porcentaxe do 42%, cifra máis alta da provincia (37%), da comarca (32%) e moi próximos aos valores da comunidade pois é 0,6 puntos menor que o valor municipal. Os concellos da comarca de Verín superan todos o 27% de fogares unipersoais, sendo o concello máis alto o de Vilardevós cun 32,1% e o menor sen contar Verín é o de 27,3% de Oímbra, o máis pequeno en extensión do conxunto comarcal.

No cadro que segue, detallamos as porcentaxes de fogares segundo o número dos seus membros, para maior detalle informativo así como o número medio de membros por fogar. Verín está máis próximo aos valores do conxunto galego que aos valores da comarca na que se inscribe, tanto no número de membros por fogar como polo nº medio de membros por fogar, sendo 2,8 membros por fogar no concello de Verín e 3 membros a media dos fogares galegos, mentres que os valores da comarca están en 2,5 membros, fronte aos 2,6 da provincia.

Fogares	fogares con 1 membro (%)	fogares con 2 membros (%)	fogares con 3-4 membros (%)	fogares con 5 ou máis membros (%)	Nº de membros por fogar
Castrelo do Val	31,1	30,6	29,1	9,2	2,4
Cualedro	32,1	30,1	29,7	8,0	2,4
Laza	31,9	31,4	30,5	6,1	2,3






Fogares	fogares con 1 membro (%)	fogares con 2 membros (%)	fogares con 3-4 membros (%)	fogares con 5 ou máis membros (%)	Nº de membros por fogar
Monterrei	27,9	30,7	31,0	10,4	2,5
Vilardevós	30,0	33,2	30,1	6,8	2,4
Oímbra	27,3	30,1	31,1	11,6	2,6
Riós	28,8	31,5	32,1	7,6	2,4
<b>Verín</b>	<b>20,6</b>	<b>25,6</b>	<b>42,0</b>	<b>11,8</b>	<b>2,8</b>
Comarca Verín	28,7	30,4	32,0	8,9	2,5
Ourense	25,2	27,4	37,2	10,2	2,6
GALICIA	20,0	23,4	41,4	15,3	3,0

O réxime de tenza da vivenda para os fogares de Verín. O 80,2% dos fogares de Verín gozan de vivenda en propiedade, esta cifra é xunto a de Oímbra, aínda en maior medida, unha das máis baixas do agrupado comarcal, provincial e do conxunto galego. Porén, Verín ostenta a cifra máis alta de réxime de alugueiro de vivendas nos fogares comarcais, cifra moi preto á da provincia de Ourense, aínda que un pouco afastada do conxunto galego que é do 10,6%.

Fogares segundo o réxime de tenza da vivenda %	fogares con vivenda en propiedade	fogares con vivenda en alugueiro	fogares con vivenda en outro réxime	fogares con dispoñibilidade de segunda vivenda
Castrelo do Val	97,9	0,2	1,9	0,2
Cualedro	93,9	1,4	4,7	0,4
Laza	70,3	0,9	28,8	0,2
Monterrei	78,9	1,3	19,7	0,6
Vilardevós	85,5	0,9	13,6	0,3
Oímbra	58,4	2,0	39,7	0,5
Riós	97,0	1,4	1,6	0,9
<b>Verín</b>	<b>80,2</b>	<b>8,2</b>	<b>11,6</b>	<b>3,3</b>
Comarca Verín	82,8	2,0	15,2	0,8
Ourense	79,8	8,0	12,3	1,8
GALICIA	77,4	10,6	12,0	2,0

### 3.5. OS LOCAIS


Na comarca de Verín contabilízanse un total de 1763 locais, dos que o 69% están localizados no termo municipal de Verín e o 31% restante distribúense, de xeito moi parello, entre os restantes concellos sendo Vilardevós o de maior proporción cun 7% seguido do 6% de Cualedro e Riós, o 4% de Monterrei, o 3% de Laza e Oímbra e o 2% Castrelo do Val. Na gráfica que segue apréciense as representacións das porcentaxes nos locais.



### 3.5.1. LOCAIS ACTIVOS E INACTIVOS


Pola outra banda, non todos os locais teñen as mesmas características, polo de pronto pódense estruturar en locais activos ou inactivos. Verín conta co 69% dos locais comarcais, destes o 65% son locais activos, a cifra máis baixa do conxunto comarcal. Non obstante temos que analizar esta porcentaxe con sumo coidado, pois as cifras numéricas son de distinta intensidade, así pois a cifra dos locais da comarca, agás Verín, son 2,21 veces menores aos totais do concello de Verín. Os locais activos en Verín superan o total dos locais, activos ou non, do resto comarcal, non acadando os 787 locais activos de Verín ao total dos locais do resto comarcal que suma 549 locais, dos que inactivos son 88, sumando os activos 461.

Na gráfica que segue, vemos a representación dos volumes e o seu valor numérico para maior detalle. Obsérvase a importante cifra de locais activos en Verín, que supoñen un 65% fronte ao 35% dos locais inactivos, así a cifra máis baixa de locais inactivos osténtaa o concello de Laza, cun valor do 4%.





En termos porcentuais, os locais activos da comarca ofrecen esta representación, interpretación que terá que tomarse con certas reservas, polo anteriormente desenvolvido.




### 3.5.2. TIPOLOXÍAS DOS LOCAIS

Consideramos locais<sup>36</sup>, todos aqueles recintos estruturalmente separados e independentes, que non están exclusivamente dedicados a vivenda familiar, e nos que se levan a cabo ou se poden levar a cabo, actividades económicas, dependentes dunha empresa ou institución. O recinto debe estar situado nun edificio, ocupándoo total ou parcialmente.

Do total dos locais da comarca, o 29% son inactivos, polo que non podemos englobalos en ningunha categoría, pois non desenvolven actividade algunha. O 71% dos restantes locais, son pois activos e distribúense de xeito diferente, segundo as actividades, así o 39% dos locais son comerciais, o 14% son oficinas e locais dedicados a servizos; pasamos xa a porcentaxes moito máis baixas, tendo que sinalar un 5% de locais industriais, un 4% tanto para equipamentos de benestar social como para equipamentos de carácter deportivo ou cultural, tan só un 3% para equipamentos educativos e un 1% para locais sanitarios (centros de saúde, ambulatorios, hospitais...) e outro tanto para locais agrarios.

Na gráfica que segue, detallamos as porcentaxes, para apreciar dun xeito máis representativo os valores para os locais da comarca.

<sup>36</sup> INE, 2001




No cadro que segue podemos comprobar o número total de locais por concellos, e o total comarcal, salientar a cifra de 508 locais comerciais activos en Verín fronte aos 162 do resto dos concellos, así como os 165 locais administrativos e de oficinas de Verín, fronte aos 79 dos outros 7 concellos da comarca, e os 54 locais industrias de Verín. Indubidablemente, tamén Verín ostenta as cifras de maior volume do conxunto comarcal.


Nº total de locais segundo a tipoloxías	Equip. de saúde (ambulatorio, centro de saúde, hospital)	Equip. educativos (colexio, facultade, gardería, escola)	Equip. de benestar social (club de anciáns, centro de servizos sociais, centro de día...)	Equip. culturais ou deportivos (teatro, cine, museo, sala de exposicións, polideportivo...)	Local comercial	Oficinas (inclúe tamén o resto dos servizos)	Local industrial	Local agrario	Non é aplicabi	Totais
<b>Castrelo do Val</b>	2	3	1	5	5	14	2	0	12	<b>44</b>
<b>Cualedro</b>	1	12	18	3	31	6	5	0	21	<b>97</b>
<b>Laza</b>	0	0	12	1	20	16	2	0	2	<b>53</b>
<b>Monterrei</b>	0	2	8	11	30	3	4	5	6	<b>69</b>
<b>Oímbra</b>	1	1	3	5	18	16	3	2	7	<b>56</b>
<b>Riós</b>	1	2	1	35	32	13	16	0	10	<b>110</b>
<b>Verín</b>	<b>10</b>	<b>20</b>	<b>8</b>	<b>17</b>	<b>508</b>	<b>165</b>	<b>54</b>	<b>5</b>	<b>427</b>	<b>1214</b>
<b>Vilardevós</b>	10	18	15	1	26	11	9	0	30	<b>120</b>
<b>Comarca</b>	<b>25</b>	<b>58</b>	<b>66</b>	<b>78</b>	<b>670</b>	<b>244</b>	<b>95</b>	<b>12</b>	<b>515</b>	<b>1763</b>



Se entramos nas cifras de polo miúdo, e no concello do noso interese, veremos as porcentaxes de locais segundo a dedicación ou destino, así dos 1.214 locais activos e inactivos no concello, o 35% deles son inactivos que representa un total de 427, segue en importancia -e xa todas as porcentaxes fan referencia a locais con actividade segundo o INE-, o 42% son establecementos comerciais e o 14% son espazos dedicados a oficinas e servizos e tan só un 4% dos locais verinenses son establecementos industriais. O resto das porcentaxes repártense entre equipamentos sanitarios, educativos, culturais e deportivos. Na gráfica seguinte amosamos estas cifras de xeito máis ilustrativo.




No obstante, temos que facer novamente a diferenciación entre Verín e a súa comarca, pois como vimos sinalando, o peso da cabeceira comarcal marca a forte dependencia dos concellos, territorialmente limítrofes. Gráficamente os volumes de locais para a comarca, agás Verín e os locais de Verín, distan moito de se parecer, o peso da poboación verinés e os servizos marcan as diferenzas entre os territorios da análise. Na representación gráfica dos volumes de locais, entre estas entidades territoriais (Verín e concellos da comarca), vese claramente o peso duns e doutros, como tamén é moitísimo maior o peso dos locais inactivos de Verín concello, fronte aos concellos da comarca agás Verín, tendo a proporción do 83% de locais inactivos para Verín e o 17% para o resto do territorio todo. En extensión territorial serían 94 km<sup>2</sup> fronte a 913 km<sup>2</sup>. A menor oferta de locais nos concellos comarcais vén marcada pola ausencia de masa crítica de poboación, capaz de xerar demanda de servizos, comercio e atencións. Os mínimos indispensables están cubertos nos concellos, con todo en Verín as porcentaxes detállanse e repártense entre maior número de habitantes, os habitantes de seu, amais dos que se achegan á cabeceira comarcal. As densidades de poboación son pois, as medidas máis axustadas para concibir unha relación local-equipamento-poboación. O mesmo pasa cos locais comerciais, pois a relación é de 162 comarca agás Verín, perante os 508 de Verín, que en termos porcentuais supoñen o 24% fronte 76% dos locais comerciais no territorio. Caso contrario, ocorre cos locais de benestar social, pois a comarca, agás Verín, leva o 88% dos locais deste tipo fronte aos 12% dos que lle corresponden a Verín, que en número son 61/17 e tamén sucede cos equipamentos educativos (38/20) ou de benestar social (58/8), podéndose visualizar moi claramente na gráfica dos locais, segundo as tipoloxías, no cadro que vén a seguir.



Nº total de locais segundo a tipoloxías	Equip. de saúde (ambulatorio, centro de saúde, hospital)	Equip. educativos (colexio, facultade, gardería, escola)	Equip. de benestar social (club de anciáns, centro de servizos sociais, centro de día...)	Equip. culturais ou deportivos (teatro, cine, museo, sa de exposicións, polideportivo...)	Local comercial	Oficinas (inclúe tamén o resto dos servizos)	Local industrial	Local agrario	Non é aplicable	totais
<b>Verín</b>	10	20	8	17	508	165	54	5	427	1214
<b>Comarca agás Verín</b>	15	38	58	61	162	79	41	7	88	549
<b>Total comarcal</b>	25	58	66	78	670	244	95	12	515	1763

### 3.5.3. O CONCELLO E AS SÚAS PARROQUIAS

Dos 1214 locais localizados no concello de Verín, tan só o 8% están localizados nas parroquias, e o restante (ou máis ben faltante) 92% están na parroquia urbana de Verín. Repítese pois a situación de xeito parello ao concello todo, e os concellos limítrofes, facendo unha especie de binomio **vila/ parroquia** e **cabeceira / resto da comarca**. Así, dos 1214 locais, 1.113 son da vila e os 101 restantes son das 14 restantes parroquias, é dicir uns localízanse en algo máis de 5 km<sup>2</sup> e outros localízanse en 89 km<sup>2</sup>, isto é, nas restantes 14 parroquias.




No cadro que segue temos computados o total de locais, segundo as parroquias que constitúen o termo municipal, destacamos a elevada cifra de Feces de Abaixo polo seu compoñente de asentamento raiano e os 32 de Pazos, explicables pola proximidade á vila. O resto varían entre 2 en Ábedes, Cabreiroá, Mandín, 3 en Tamagos, 4 en Mourazos e Tamaguelos a cifra máis alta das baixas con 7 en Vilarmaior –asentamentos recentes- e tan só 1 en Queirugas, Queizas e A Rasela.

Parroquias de Verín	nº de locais	Totais locais agás Parroquia de Verín	Locais da Parroquia Verín
Ábedes	2	2	-
Cabreiroá	2	2	-
Feces de Abaixo	36	36	-
Mandín	2	2	-
Mourazos	4	4	-
Pazos	32	32	-
Queirugas	1	1	-
Queizás	1	1	-
A Rasela	1	1	-
Tamagos	3	3	-
Tamaguelos	4	4	-
Tintores	6	6	-
Valarmaior	7	7	-
Verín	1113	-	1113
<b>Totais</b>	<b>1214</b>	<b>101</b>	<b>1113</b>

En termos porcentuais os locais repártense do seguinte xeito (sen contabilizar os locais da vila, pois deturparían a información dun xeito evidente); conque temos o 35% en Feces de Abaixo, 32% en Pazos, 7% en Vilarmaior e 6% en Tintores, nestas dúas últimas parroquias dáse certo reponte poboacional e novos habitantes nas parroquias.



Tan só o 8% dos locais localízanse nas parroquias, agás Verín, o que nos dá unha idea do peso da vila para o conxunto municipal e por ende para o conxunto comarcal, xa que o 92% dos locais da Vila case supoñen o 69% dos locais da comarca.



### 3.6. AS LICENZAS DE CONSTRUCCIÓN NO CONCELLO DE VERÍN

Os datos facilitados polo concello sobre as licenzas de obra concedidas no conxunto do termo municipal, son una fonte informativa de grande interese, así nestas informacións podemos localizar as licenzas por parroquias, segundo as tipoloxías das obras, a súa importancia por anos, etc. O tramo temporal que consideramos é o dos últimos 10 anos, pois engaden uns datos próximos no tempo cara a perfilar ou caracterizar o parque sociorresidencial do concello.

Amais da información dos censos -xa analizada noutros apartados- e evolución dos datos desde 1960 ata 2001, as características relativas a vivendas principais e secundarias ou baleiras etc sen esquecer a caracterización xenérica dos seus habitantes e os fogares que constitúen, dannos unha visión máis completa do parque sociorresidencial verinés. As licenzas rexistradas no municipio dannos unha fiel información da evolución da dinámica residencial, a tipoloxía edificatoria e as tendencias de expansión ou especialización no territorio (residencial colectiva, unifamiliar, usos industrial ou agrícola...).

Pola outra banda, temos que sinalar que no conxunto das parroquias do municipio, tan só a vila de Verín conta con licenzas de vivendas colectivas, dato importante especialmente diferenciador respecto do resto do termo municipal. Tamén temos que dicir que non dispoñemos dos datos relativos ao número de vivendas xeradas por licenza de vivenda colectiva nos primeiros anos desta análise, isto é os anos 1995, 1996 e 1997 polo que se estableceu unha media de 10 vivendas por cada licenza, extrapolando as medias por anos (dos restantes anos dos que si dispoñemos desta información). Por último, sinalar que faremos unha aproximación ao conxunto do municipio, para logo entrar nas






particularidades de cada parroquia e incidiremos naqueles datos que salienten dun xeito especial, no conxunto territorial do municipio.

O conxunto das licenzas que analizaremos están referidas ás licenzas de vivendas colectivas e o número de vivendas que xeran estas, ás licenzas de vivendas unifamiliares de nova factura, así como aquelas vivendas que acometen obras de rehabilitación, ampliación ou reforma. Logo baixaremos ás licenzas relativas aos galpóns, garaxes e alboios, sen esquecer as licenzas para naves e locais para rematar cos peches e muros. Iniciaremos a análise para os valores do conxunto municipal, para logo aproximarnos aos datos parroquiais.

### 3.6.1. O CONXUNTO MUNICIPAL

Entre 1995 e o ano 2005<sup>37</sup> o total de licenzas relativas á construción suman un total de 2.330 no conxunto municipal. O ano de maior número de actividade referido a licenzas municipais é o ano 1999, cun total de 275 licenzas, a partires desta data as cifras van descendendo de xeito moderado. Temos que sinalar que o ano 2005, no momento da redacción deste documento, non está pechado administrativamente polo que tan só dispomos dos datos de agosto-setembro. Con todo, e á vista das informacións vertidas polos técnicos municipais, non se espera que se varíen de xeito significativo os volumes de licenzas cara ao fin do ano. Pola outra banda, o ano de menor actividade referido a permisos de construción é no ano 1995, cun total de 157, sen contar polas razóns antes expostas do peche administrativo do ano 2005 que suman 141. Na gráfica que segue detállase o total das licenzas municipais, por anos, sen especificar as tipoloxías das mesmas.




Tal e como vimos desbrozando, as información nos diversos aspectos que afectan ao territorio municipal (poboación, vivendas, equipamentos etc), tamén no caso das licenzas, dáse o binomio vila-parroquias, sendo a diferenza moi salientable no referido aos permisos para obras. De aí que, das

<sup>37</sup> Agosto-setembro de 2005.



2.330 licenzas para o total temporal desta análise, o 50% están localizadas no tramado urbano de Verín, o 10% corresponden a Pazos, o 7% para o conxunto da parroquia de Tintores (Vilela 4% e 3% Tintores), o 6% a Ábedes e o 5% a Queizás. As restantes porcentaxes repártense de xeito moi igual entre 4% por riba (Vilarmaior e Cabreiroá) e o 1% por baixo das restantes. As porcentaxes pódense apreciar nos totais de licenzas por parroquias e os correspondentes núcleos do municipio de Verín que segue.




No cadro a seguir, detallamos os totais das licenzas por ano e por parroquia para un maior detalle informativo. Neste cadro podemos apreciar que do conxunto das parroquias Feces de Cima é a de menor actividade cun total de 13 licenzas, escasamente algo máis de 1 licenza ao ano como media. As parroquias que teñen máis actividade, sen contar a de Verín polo xa exposto, son as de Pazos, Ábedes e Queizás por este orde. Porén, temos que sinalar no cadro dos totais de licenzas que vén a seguir, a contabilización destas, por núcleo-parroquia, así as únicas parroquias do concello que teñen máis dun núcleo son Vilarmaior e Tintores, os totais dos permisos segundo os núcleos para estas parroquias, dan cifras moi altas e respecto ás restantes do municipio, pois suma 155 licenzas en Tintores e 98 en Vilarmaior, sendo algún destes núcleos zonas de recentes asentamentos por obras de nova factura. Nos seguintes apartados desta análise entraremos nun detalle polo miúdo para unha maior aproximación ao territorio.



Totais Licenzas segundo ano	1995	1996	1997	1998	1999	2000	2001	2002	2003	2004	2005	Totais
Feces de Abaixo	2	4	0	3	6	2	2	5	5	6	3	38
Feces de Cima	1	2	1	3	3	0	1	1	1	0	0	13
Mandín	4	3	3	6	5	4	1	5	13	6	8	58
Tamaguelos	0	5	2	3	3	6	10	8	3	5	0	45
Mourazos	3	3	4	3	1	9	5	6	4	3	6	47
Tamagos	1	2	6	6	6	11	5	4	2	5	3	51
Queizás	20	6	12	8	13	12	8	9	7	8	6	109
Cabreiroá	4	8	9	8	14	4	4	4	16	7	4	82
Pazos	13	10	22	22	25	28	26	31	30	20	17	244
Abedes	8	14	7	6	10	14	13	17	14	19	12	134
Queirugas	1	3	1	1	3	3	2	3	1	0	2	20
Vilarmaior	1	1	1	3	4	2	6	4	2	1	2	27
Caldeliñas	0	4	3	7	2	6	6	5	2	2	3	40
O Salgueiro	0	1	4	3	5	4	2	5	0	2	5	31
A Rasela	5	9	10	9	4	3	6	2	2	6	4	60
Vilela	5	6	6	7	13	8	8	13	9	6	3	84
Tintores	6	8	1	4	7	4	10	12	8	6	5	71
Verín	83	109	83	106	151	113	141	109	105	119	58	1176
<b>Totais</b>	<b>157</b>	<b>198</b>	<b>175</b>	<b>208</b>	<b>275</b>	<b>233</b>	<b>256</b>	<b>243</b>	<b>224</b>	<b>221</b>	<b>141</b>	<b>2330</b>

### 3.6.2. AS TIPOLOXÍAS DAS LICENZAS

Das 2.330 licenzas do conxunto municipal para estes anos, debemos sinalar que en porcentaxes, repártense do seguinte xeito: 13% son vivendas unifamiliares, o 17% correspóndense con licenzas para ampliación, reforma ou rehabilitación de vivenda e un 35% son vivendas xeradas polas licenzas de vivenda colectiva. É dicir, deste conxunto de licenzas de construción, o 65% está referido a vivendas, polo que o restante 35% desagregase entre 13% para construción de naves, 7% galpóns e o 15% para peches e muros.



Debemos sinalar, que non temos referencia das vivendas xeradas polas licenzas de vivenda colectiva nos anos 1995, 1996 e 1997, polo que establecemos unha media de 10 vivendas por licenza para obra de vivenda colectiva, seguindo unha media das licenzas para vivenda colectiva dos restantes anos dos que si contamos con referencia. Polo tanto, das 152 licenzas de construción colectiva, xeráronse un total de 1172 vivendas, en réxime de vivenda colectiva.

No tocante ao **parque de vivendas, tanto de nova factura** -unifamiliares e colectivas- **como rehabilitado, reformado ou ampliado**, temos que sinalar que deste período de tempoponse no mercado **unha media de 197,4 vivendas/ano** nestes once anos (1995-2005).

	Vivendas colectivas	Nº de vivendas por licenza	Vivendas unifamiliares	Ampliación, rehabil. ou reforma de vivenda	Naves e locais (obra nova ou reforma)	Galpóns, garaxes e alboios	Peches e muros	Total parcial
1995	23	230	38	20	29	16	31	387
1996	14	140	31	57	36	13	47	338
1997	18	180	40	33	30	22	32	355
1998	18	101	35	45	36	27	47	309
1999	31	375	52	55	52	32	53	650
2000	11	120	53	43	34	41	51	353
2001	11	198	40	76	53	16	60	454
2002	10	107	72	59	25	31	46	350
2003	9	139	29	61	56	22	47	363
2004	7	132	36	70	44	7	57	353
2005	0	0	9	46	30	16	40	141
<b>Total</b>	<b>152</b>	<b>1.172</b>	<b>435</b>	<b>565</b>	<b>425</b>	<b>243</b>	<b>511</b>	<b>3.503</b>

### Vivendas

**Vivenda colectiva.** Os anos de maior actividade de construción de vivenda colectiva son, sen dúbida, os primeiros cinco deste período de análise, isto é, dende 1995 ata 1999, cunha media para estes




cinco anos de 20,8 licenzas para construción colectiva, sendo o ano de maior peso o 1999 (coincidindo co primeiro ano logo da aprobación do PXOM) con 31 licenzas e o de menor o de 1996 con tan só 14 edificios. A partir de 1999, as licenzas entran en lixeiro descenso (11,11, 0,9,7) ata o ano 2005 pois non temos rexistrada ningunha licenza desta tipoloxía. Con todo, apréciase nestes últimos anos que as edificacións xeran maior número de vivendas (7 licenzas: 132 vivendas, 9 licenzas:139, 10:107, etc), son por tanto obras de maior envergadura. A media de vivenda en construción colectiva para, este período, é de 106,5 vivendas en edificio colectivo, xeradas por unha media de 13,8 licenzas. As 1.172 vivendas en construción colectiva supoñen o 54% do total das vivendas no período 1995-2005.

**Vivenda unifamiliar.** Os anos de maior intensidade, na construción de vivenda unifamiliar, son o 2002 cun total de 72 vivendas unifamiliares, seguido de 1999 e 2000 con 52 e 53 unifamiliares respectivamente. As 435 vivendas unifamiliares supoñen o 20% do total das vivendas de todo tipo, para o total do período. A media de vivenda unifamiliar, no concello de Verín, é de 39,5 vivendas/ano. Sendo o ano de menor peso nesta tipoloxía o 2005, cun total de 9 unifamiliares novas, no territorio municipal. As parroquias de maior peso en construción de vivendas unifamiliares son as seguintes: Pazos 48, Queizas 49, Ábedes 42, Tintores 44, logo pasamos a cifras de menor peso como as 27 unifamiliares en A Rasela, as 25 en Vilarmaior e por último, a cifra máis forte lévaa Verín, cun total de 147 unifamiliares. As restantes 53 repártense entre as outras parroquias (Feces de Cima, de Abaixo, Cabreiroá, Mourazos, Tamagos, Tamaguelos, Mandín..)


**Ampliación, rehabilitación ou reforma de vivenda.** Contabilízanse un total de 565 licenzas dentro desta ampla categoría, sendo o 26% do restante das licenzas, para vivendas de todo tipo. A cifra é importante, pois sitúanos nunha media de 51,3 vivendas/ano, reformadas ou rehabilitadas. O ano de maior actividade para estas licenzas é 2001, cun total de 76 licenzas, séguese de cerca o ano 2004 con 70 e o 2003 con 61, sendo o de menor importancia numérica o 1995 con tan só 20 reformas, rehabilitacións ou ampliacións de vivenda. Verín leva novamente a cabeza nesta tipoloxía, xa que suma nestes 11 anos, un total de 323 licenzas, logo, máis lonxe, segue Ábedes con 36, Pazos con 34, Mandín con 28, Cabreiroá con 25 e Tintores con 24, e xa por último Feces de Abaixo con 20. As restantes licenzas oscilan entre as 5 e as 12, no resto das parroquias.

Na gráfica que segue amosamos a representación do total das vivendas xeradas por licenzas de construción no conxunto municipal entre 1995 e 2005.





Na seguinte gráfica detallamos as vivendas xeradas por ano, segundo sexa licenza de vivendas colectivas, licenzas para vivendas unifamiliares ou ben sexan reformas, rehabilitacións ou ampliacións de vivendas xa existentes.



A proximidade á vila de Verín marca o incremento da actividade construtiva de vivendas e de reformas ou rehabilitacións doutras xa existentes, confirmándose a vila como núcleo articulador dos territorios máis inmediatos.

**Naves e locais.** Nestes 11 anos contabilizamos, segundo as fontes municipais, un total de 425 licenzas englobadas nesta tipoloxía. A media é de 38,6 licenzas/ano para naves e locais, tanto novos como reformados, supoñen o 13% do conxunto total das licenzas de construción do municipio. O ano 2003 foi o de maior actividade para esta tipoloxía cun total de 56 licenzas e o de menor o 2002 cun total de 25. Novamente a trama da vila vai en cabeza, no tocante ás naves e locais no conxunto municipal, pois conta co 91% do total das licenzas deste tipo (385), o 5% correspóndelle a Pazos (22) e o 4% ao resto do concello (18), isto é, as restantes 13 parroquias. Polo tanto, as cifras son contundentes neste senso, a vila é o motor da actividade para as naves e locais do total municipal.

**Galpóns, garaxes e alboios.** Temos no conxunto municipal unha media de 22 licenzas/ano para esta tipoloxía construtiva. Salientan polo seu número as parroquias de Pazos con 49 e Tintores con 35, citar tamén Verín con 28. O resto das parroquias descenden as cifras totais pero no por isto é de menor importancia o volume das mesmas. Sinalar as 16 licenzas de Vilarmaior e as 19 de Tamagos e Cabreiroá, as 17 de Queizas, as 13 de Ábedes, as 14 licenzas en Mourazos e as 11 en Tamaguelos. No resto do concello as cifras non acadan a media de unha ao ano como en Mandin (6), A Rasela (9), Queirugas (4), Feces de Cima (3) e Feces de Abaixo (1).


As licenzas para a construción de galpóns, garaxes e alboios son de maior importancia naquelas parroquias ou núcleos con máis poboación e máis próximos ao perímetro da trama urbana como é o caso de Pazos e aquelas que experimentaron nos últimos tempos máis dinamismo residencial como Tintores con 44 unifamiliares de nova factura e 24 rehabilitacións ou ampliacións e tamén en Vilarmaior




con 25 unifamiliares novas e 12 rehabilitadas ou reformadas. No resto do municipio, crecen de xeito moderado as construcións anexas ás edificacións principais.

**Peches e muros.** No conxunto municipal para estes 11 anos, contabilízanse 511 licenzas para obras de peches e muros, que supoñen a media de 46,4 licenzas/ano para o conxunto do concello. Esta tipoloxía de licenza supón, polo xeral, movementos de terras ou/e alteracións dos terreos, así como modificacións visuais do territorio. Debemos sinalar, pola súa importancia, a parroquia de Tintores con 155 licenzas, superando a Verín en 14 licenzas, pois a vila verinesa suma nestes once anos un total de 141. Segue en importancia Pazos con 91 licenzas para este tipo de obras e logo, descendendo as cifras menores, as 45 de Vilarmaior, as 40 de Ábedes, as 30 de Queizás e xa moito máis lonxe as 12 da Rasela, 13 en Mandin, 15 en Tamaguelos, 16 en Mourazos e 17 en Tamagos...para rematar as 9 en Feces de Abaixo, as 5 na parroquia de Queirugas e as, tan só, 2 de Feces de Cima. Novamente as licenzas para peches e muros van asociadas ás parroquias de maior actividade de construción de vivendas ou de reformas ou ampliacións das mesmas.

No cadro que segue, amosamos o volume total das licenzas para o período 1995-2005 para as tipoloxías de naves, galpóns e peches e muros no conxunto municipal.



Na gráfica que segue, detallamos os totais, segundo os anos para maior detalle informativo.





### 3.6.3. AS PARROQUIAS

O municipio de Verín conta con 15 parroquias e un total de 18 núcleos de poboación, sendo unicamente as parroquias de Tintores e a de Vilarmaior, as que contan con máis dun asentamento. Nas seguintes páxinas detallamos, nun cadro, as tipoloxías das licenzas por parroquias e segundo os anos de referencia, para maior detalle informativo

#### 3.6.3.1. Santa María de Ábedes

Das 134 licenzas no conxunto parroquial o 58% está referido a vivenda, o 30 % para licenzas de peches e muros e tan só o 10 % para galpóns e unha porcentaxe moi baixa para naves e locais, pois tan só supoñen un 2%.

Ábedes Licenzas	Viv. colectivas	Nº de viv. por licenza	Viv. unifamiliares	Ampliación, rehabilit. ou reforma de vivenda	Naves e locais (obra nova ou reforma)	Galpóns, garaxes e alboios	Peches e muros	Totais
1995	0	0	0	2	0	3	3	8
1996	0	0	4	5	0	1	4	14
1997	0	0	1	1	0	1	4	7
1998	0	0	1	2	0	1	2	6
1999	0	0	3	2	0	2	3	10
2000	0	0	7	4	0	1	2	14
2001	0	0	3	5	0	0	5	13
2002	0	0	12	1	0	1	3	17
2003	0	0	1	6	0	2	5	14
2004	0	0	5	4	3	1	6	19
2005	0	0	5	4	0	0	3	12
<b>Totais</b>	<b>0</b>	<b>0</b>	<b>42</b>	<b>36</b>	<b>3</b>	<b>13</b>	<b>40</b>	<b>134</b>

#### 3.6.3.2. San Salvador de Cabreiroá

O conxunto parroquial suma o total de 85 licenzas, das que o 30% está referido á ampliación de vivendas e o 20% a unifamiliares de nova construción, sendo o 26% das licenzas para muros e peches de fincas, e o 22% para galpóns e construcións anexas á edificación principal. Tan só o 2% das licenzas desta parroquia, está referido a naves e locais.





Cabreiroá Licenzas	Viv. colectivas	Nº de viv. por licenza	Viv. unifamiliares	Ampliación, rehabilit. ou reforma de vivenda	Naves e locais (obra nova ou reforma)	Galpóns, garaxes e alboios	Peches e muros	Totais
1995	0	0	1	2	0	1	0	4
1996	0	0	1	3	0	2	2	8
1997	0	0	5	2	1	3	1	12
1998	0	0	2	4	0	0	2	8
1999	0	0	3	7	0	1	3	14
2000	0	0	0	1	0	1	2	4
2001	0	0	1	1	0	0	2	4
2002	0	0	0	3	0	0	1	4
2003	0	0	1	1	1	10	3	16
2004	0	0	2	0	0	0	5	7
2005	0	0	1	1	0	1	1	4
<b>Totais</b>	<b>0</b>	<b>0</b>	<b>17</b>	<b>25</b>	<b>2</b>	<b>19</b>	<b>22</b>	<b>85</b>

### 3.6.3.3. Santa María de Feces de Abaixo

Tan só contabilizamos nesta parroquia 38 licenzas, das que a porcentaxe máis alta refírese a ampliación de vivenda (52%) o 23% a peches e muros, e o 11% para unifamiliares novas e outro tanto para naves e locais; tan só se rexistra unha licenza para galpóns ou alboios.

Feces de Abaixo Licenzas	Viv. colectivas	Nº de viv. por licenza	Viv. unifamiliares	Ampliación, rehabilit. ou reforma de vivenda	Naves e locais (obra nova ou reforma)	Galpóns, garaxes e alboios	Peches e muros	Totais
1995	0	0	0	1	0	0	1	2
1996	0	0	0	2	1		1	4
1997	0	0	0	0	0	0	0	0
1998	0	0	1	2	0	0	0	3
1999	0	0	2	2	2	0	0	6
2000	0	0	0	1	0	0	1	2
2001	0	0	1	1	0	0	0	2
2002	0	0	0	5	0	0	0	5
2003	0	0	0	3	0	0	2	5
2004	0	0	0	3	0	0	3	6
2005	0	0	0	0	1	1	1	3
<b>Totais</b>	<b>0</b>	<b>0</b>	<b>4</b>	<b>20</b>	<b>4</b>	<b>1</b>	<b>9</b>	<b>38</b>

### 3.6.3.4. Santa María Feces de Cima

Das 13 licenzas do termo parroquial, a meirande parte corresponde a ampliación de vivenda, seguido de galpóns e logo peches e muros. Temos constancia de unha vivenda unifamiliar de nova construción, así como de 2 naves e 3 galpóns. É a parroquia de menor actividade, así como de menor poboación.



Feces de Cima Licenzas	Viv. colectivas	Nº de viv. por licenza	Viv. unifamiliares	Ampliación, rehabilit. ou reforma de vivenda	Naves e locais (obra nova ou reforma)	Galpóns, garaxes e alboios	Peches e muros	Totais
1995	0	0	0	1	0	0	0	1
1996	0	0	0	1	0	1	0	2
1997	0	0	0	1	0	0	0	1
1998	0	0	0	1	1	1	0	3
1999	0	0	0	1	1	0	1	3
2000	0	0	0	0	0	0	0	0
2001	0	0	0	0	0	1	0	1
2002	0	0	1	0	0	0	0	1
2003	0	0	0	0	0	0	1	1
2004	0	0	0	0	0	0	0	0
2005	0	0	0	0	0	0	0	0
<b>Totais</b>	<b>0</b>	<b>0</b>	<b>1</b>	<b>5</b>	<b>2</b>	<b>3</b>	<b>2</b>	<b>13</b>

### 3.6.3.5. Santa María de Mandin

Suman un total de 58 as licenzas nesta parroquia. Case o 50% das licenzas da parroquia (o 49%) refírense a ampliación de vivenda, o 17% a unifamiliares novas e un 22% para peches e muros. Salientar a cifra de 1 nave e 6 galpóns.

Mandín Licenzas	Viv. colectivas	Nº de viv. por licenza	Viv. unifamiliares	Ampliación, rehabilit. ou reforma de vivenda	Naves e locais (obra nova ou reforma)	Galpóns, garaxes e alboios	Peches e muros	Totais
1995	0	0	2	1	0	0	1	4
1996	0	0	0	2	1	0	0	3
1997	0	0	1	2	0	0	0	3
1998	0	0	1	3	0	0	2	6
1999	0	0	0	2	0	3	0	5
2000	0	0	0	0	0	1	3	4
2001	0	0	1	0	0	0	0	1
2002	0	0	4	1	0	0	0	5
2003	0	0	0	6	0	0	7	13
2004	0	0	1	5	0	0	0	6
2005	0	0	0	6	0	2	0	8
<b>Totais</b>	<b>0</b>	<b>0</b>	<b>10</b>	<b>28</b>	<b>1</b>	<b>6</b>	<b>13</b>	<b>58</b>

### 3.6.3.6. San Martiño de Mourazos

Tan só contabilizamos 47 licenzas na parroquia, das que o 36% refírense a vivenda (13% unifamiliares e 23% a ampliación ou rehabilitación) Non constan licenzas para naves, e si para galpóns e para muros, cunha porcentaxe do 30% e do 34% respectivamente. As licenzas están referidas ás vivendas e ás construcións anexas a estas edificacións.



Mourazos Licenzas	Viv. colectivas	Nº de viv. por licenza	Viv. unifamiliares	Ampliación, rehabilit. ou reforma de vivenda	Naves e locais (obra nova ou reforma)	Galpóns, garaxes e alboios	Peches e muros	Totais
1995	0	0	1	0	0	0	2	3
1996	0	0	1	0	0	1	1	3
1997	0	0	0	0	0	3	1	4
1998	0	0	0	1	0	2	0	3
1999	0	0	0	0	0	0	1	1
2000	0	0	1	1	0	5	2	9
2001	0	0	1	0	0	1	3	5
2002	0	0	0	3	0	1	2	6
2003	0	0	1	2	0	0	1	4
2004	0	0	1	0	0	0	2	3
2005	0	0	0	4	0	1	1	6
<b>Totais</b>	<b>0</b>	<b>0</b>	<b>6</b>	<b>11</b>	<b>0</b>	<b>14</b>	<b>16</b>	<b>47</b>

### 3.6.3.7. San Fiz de Pazos

Das 244 licenzas rexistradas nesta parroquia de Pazos, 82 son referidas ao conxunto de vivendas (vivendas unifamiliares novas, máis as reformadas ou ampliadas). Estas vivendas novas ou reformadas supoñen o 34% do total das licenzas parroquiais, no entanto, a cifra máis alta de licenzas correspóndese coas de peches e muros, pois son o 37%, e o 20% refírese a galpóns e alboios e tan só o 9% para naves e locais. Non temos constancia de licenzas para vivendas colectivas.

Pazos Licenzas	Viv. colectivas	Nº de viv. por licenza	Viv. unifamiliares	Ampliación, rehabilit. ou reforma de vivenda	Naves e locais (obra nova ou reforma)	Galpóns, garaxes e alboios	Peches e muros	Totais
1995	0	0	5	1	0	4	3	13
1996	0	0	0	4	0	1	5	10
1997	0	0	5	3	0	3	11	22
1998	0	0	4	1	0	7	10	22
1999	0	0	5	2	1	7	10	25
2000	0	0	2	4	0	8	14	28
2001	0	0	9	4	5	2	6	26
2002	0	0	6	5	0	11	9	31
2003	0	0	4	5	7	3	11	30
2004	0	0	8	3	4	1	4	20
2005	0	0	0	2	5	2	8	17
<b>Totais</b>	<b>0</b>	<b>0</b>	<b>48</b>	<b>34</b>	<b>22</b>	<b>49</b>	<b>91</b>	<b>244</b>



### 3.6.3.8. San Bartolomeu de Queirugas

As 20 licenzas da parroquia repártense de xeito igual para unifamiliares novas, ampliación de vivendas e peches e muros nun 25%, quedando un 20% galpóns e un 5% para naves.

Queirugas Licenzas	Viv. colectivas	Nº de viv. por licenza	Viv. unifamiliares	Ampliación, rehabilit. ou reforma de vivenda	Naves e locais (obra nova ou reforma)	Galpóns, garaxes e alboios	Peches e muros	Totais
1995	0	0	0	0	0	1	0	1
1996	0	0	1	0	1	0	1	3
1997	0	0	0	0	0	1	0	1
1998	0	0	0	0	0	1	0	1
1999	0	0	1	1	0	0	1	3
2000	0	0	1	1	0	0	1	3
2001	0	0	0	2	0	0	0	2
2002	0	0	2	0	0	0	1	3
2003	0	0	0	0	0	0	1	1
2004	0	0	0	0	0	0	0	0
2005	0	0	0	1	0	1	0	2
<b>Totais</b>	<b>0</b>	<b>0</b>	<b>5</b>	<b>5</b>	<b>1</b>	<b>4</b>	<b>5</b>	<b>20</b>

### 3.6.3.9. San Pedro de Queizas

En Pedro de Queizás o 40% das 109 licenzas para a construción correspóndelle a vivendas unifamiliares novas, e tan só o 10% para reforma das mesmas ou rehabilitación, isto é, o 50% das licenzas están referidas a vivendas, que en número son, exactamente 60. O resto das porcentaxes está vinculado a peches e muros, nun 28%, e o 16% son as licenzas para galpóns e alboios, sendo tan só un 2% para naves e locais, que en número suman un total de 2.

Queizas Licenzas	Viv. colectivas	Nº de viv. por licenza	Viv. unifamiliares	Ampliación, rehabilit. ou reforma de vivenda	Naves e locais (obra nova ou reforma)	Galpóns, garaxes e alboios	Peches e muros	Totais
1995	0	0	13	1	0	1	5	20
1996	0	0	4	1	0	0	1	6
1997	0	0	5	2	1	3	1	12
1998	0	0	7	0	0	1	0	8
1999	0	0	6	1	0	1	5	13
2000	0	0	3	1	0	3	5	12
2001	0	0	2	1	0	1	4	8
2002	0	0	2	2	0	2	3	9
2003	0	0	4	1	1	1	0	7



Quezas Licenzas	Viv. colectivas	Nº de viv. por licenza	Viv. unifamiliares	Ampliación, rehabilit. ou reforma de vivenda	Naves e locais (obra nova ou reforma)	Galpóns, garaxes e alboios	Peches e muros	Totais
2004	0	0	3	1	0	1	3	8
2005	0	0	0	0	0	3	3	6
<b>Totais</b>	<b>0</b>	<b>0</b>	<b>49</b>	<b>11</b>	<b>2</b>	<b>17</b>	<b>30</b>	<b>109</b>

### 3.6.3.10. Santa María da Rasela

O 65% das licenzas de construción, nesta parroquia, están vinculadas á construción de vivendas unifamiliares novas e rehabilitación ou reformas de vivendas xa existentes, que supoñen pois, un total de 27 unifamiliares de nova factura e 12 postas novamente en valor ou reformadas. Non constan licenzas para naves nin locais, e o restante 35% correspóndelle a galpóns e a peches e muros.

A Rasela Licenzas	Viv. colectivas	Nº de viv. por licenza	Viv. unifamiliares	Ampliación, rehabilit. ou reforma de vivenda	Naves e locais (obra nova ou reforma)	Galpóns, garaxes e alboios	Peches e muros	Totais
1995	0	0	2	0	0	2	1	5
1996	0	0	8	1	0	0	0	9
1997	0	0	7	1	0	2	0	10
1998	0	0	3	1	0	4	1	9
1999	0	0	2	0	0	0	2	4
2000	0	0	2	0	0	1	0	3
2001	0	0	1	3	0	0	2	6
2002	0	0	0	1	0	0	1	2
2003	0	0	0	1	0	0	1	2
2004	0	0	2	3	0	0	1	6
2005	0	0	0	1	0	0	3	4
<b>Totais</b>	<b>0</b>	<b>0</b>	<b>27</b>	<b>12</b>	<b>0</b>	<b>9</b>	<b>12</b>	<b>60</b>

### 3.6.3.11. Santa María de Tamagos

Na parroquia de Tamagos rexistramos un total de 51 licenzas nestes 11 anos. En porcentaxes, leva a cabeceira o 37% de galpóns (19 licenzas) e segue o 33% en peches e muros (17 licenzas). O conxunto de vivendas postas en valor ou de nova factura suman un total de 13, que en termos porcentuais supoñen o 26% do total das licenzas para este territorio. E para naves, en porcentaxes representan o 4%, que en cifras reais son 2 licenzas.



Tamagos Licenzas	Viv. colectivas	Nº de viv. por licenza	Viv. unifamiliares	Ampliación, rehabilit. ou reforma de vivenda	Naves e locais (obra nova ou reforma)	Galpóns, garaxes e alboios	Peches e muros	Totais
1995	0	0	0	0	0	1	0	1
1996	0	0	0	1	0	1	0	2
1997	0	0	0	1	1	3	1	6
1998	0	0	1	0	0	1	4	6
1999	0	0	1	0	0	3	2	6
2000	0	0	2	1	0	4	4	11
2001	0	0	1	1	0	2	1	5
2002	0	0	1	0	0	3	0	4
2003	0	0	0	0	1	0	1	2
2004	0	0	0	2	0	0	3	5
2005	0	0	0	1	0	1	1	3
<b>Totais</b>	<b>0</b>	<b>0</b>	<b>6</b>	<b>7</b>	<b>2</b>	<b>19</b>	<b>17</b>	<b>51</b>

### 3.6.3.12. Santa María de Tamaguelos.

Na parroquia de Tamaguelos o 40% do total das licenzas están referidas a vivendas, o 34% a peches e muros e o 24% a galpóns, e tan só un 2% a naves e locais. No cadro detállanse os valores numéricos para as licenzas da parroquia, que suman un total de 45.

Tamaguelos Licenzas	Viv. colectivas	Nº de viv. por licenza	Viv. unifamiliares	Ampliación, rehabilit. ou reforma de vivenda	Naves e locais (obra nova ou reforma)	Galpóns, garaxes e alboios	Peches e muros	Totais
1995	0	0	0	0	0	0	0	0
1996	0	0	1	3	1	0	0	5
1997	0	0	0	1	0	0	1	2
1998	0	0	2	0	0	1	0	3
1999	0	0	1	0	0	0	2	3
2000	0	0	1	0	0	3	2	6
2001	0	0	0	6	0	2	2	10
2002	0	0	0	0	0	3	5	8
2003	0	0	0	1	0	1	1	3
2004	0	0	1	1	0	1	2	5
2005	0	0	0	0	0	0	0	0
<b>Totais</b>	<b>0</b>	<b>0</b>	<b>6</b>	<b>12</b>	<b>1</b>	<b>11</b>	<b>15</b>	<b>45</b>



## 3.6.3.13. Santa Cristina de Tintores

Tintores é unha das dúas parroquias que conta con máis dun núcleo de poboación como se pode apreciar no cadro, detallamos, segundo cada núcleo, as licenzas correspondentes. Do total das 155 licenzas da parroquia, o 28% correspóndese con vivendas unifamiliares novas, e o 15% para vivendas rehabilitadas ou reformadas, é dicir que do total das licenzas o 42% está referido a vivendas, o 22% a construcións anexas a unha principal e o 34% referido a peches e muros de fincas. Tan só o 1% refírese a naves ou locais que en número é de 1 local.

Tintores Licenzas	Núcleo	Viv. Colec.	Nº de viv. por licenza	Viv. Unifam	Ampliación, rehabilit. ou reforma de vivenda	Naves e locais (obra nova ou reforma)	Galpóns, garaxes e alboios	Peches e muros	Totais parciais	totais
1995	Vilela	0	0	1	0	0	2	2	5	11
	Tintores	0	0	0	1	0	1	4	6	
1996	Vilela	0	0	0	2	0	1	3	6	15
	Tintores	0	0	0	2	0	3	4	9	
1997	Vilela	0	0	4	1	0	0	1	6	7
	Tintores	0	0	0	0	0	1	0	1	
1998	Vilela	0	0	1	2	0	2	2	7	11
	Tintores	0	0	1	2	0	0	1	4	
1999	Vilela	0	0	5	2	0	2	4	13	20
	Tintores	0	0	1	1	0	2	3	7	
2000	Vilela	0	0	4	0	0	2	2	8	12
	Tintores	0	0	0	1	0	3	0	4	
2001	Vilela	0	0	1	3	0	1	3	8	18
	Tintores	0	0	1	1	0	3	5	10	
2002	Vilela	0	0	10	1	0	1	1	13	25
	Tintores	0	0	5	2	0	3	2	12	
2003	Vilela	0	0	5	0	0	1	3	9	17
	Tintores	0	0	2	2	1	2	1	8	
2004	Vilela	0	0	2	0	0	0	4	6	12
	Tintores	0	0	0	1	0	2	3	6	
2005	Vilela	0	0	1	0	0	1	1	3	8
	Tintores	0	0	0	0	0	2	3	5	
<b>Totais</b>		<b>0</b>	<b>0</b>	<b>44</b>	<b>24</b>	<b>1</b>	<b>35</b>	<b>52</b>	<b>155</b>	<b>155</b>



### 3.6.3.14. Santa María A Maior de Verín

Verín leva a cabeza no número total de licenzas, pois no seu territorio contabilízanse un total de 1.176 licenzas de construción. Destas, o 13% das licenzas correspóndese con licenzas para vivendas colectivas, e outro 13% para vivendas unifamiliares novas. Entre ambas tipoloxías contabilízanse un total de 1.722 vivendas<sup>38</sup> de nova construción na vila do municipio. O 27% das licenzas desta parroquia correspóndense con vivendas rehabilitadas ou reformadas. Polo que o 59% das licenzas municipais, referidas a vivenda na parroquia de Verín, xeran un total de 1.869 vivendas. O 33% do total de licenzas -o máis alto e con diferenza do resto do municipio- está referido a naves e locais comerciais, o 2% a galpóns e alboios, tamén moi baixo pois a tipoloxía edificatoria non o require e o 12% restante é o que lle corresponde a peches e muros.

Verín Licenzas	Viv. colectivas	Nº de viv. por licenza	Viv. unifamiliares	Ampliación, rehabilit. ou reforma de vivenda	Naves e locais (obra nova ou reforma)	Galpóns, garaxes e alboios	Peches e muros	Totais
1995	23	<b>230</b>	12	10	29	0	9	<b>83</b>
1996	14	<b>140</b>	11	27	32	2	22	<b>108</b>
1997	18	<b>180</b>	13	16	28	2	6	<b>83</b>
1998	18	101	7	26	35	3	17	<b>106</b>
1999	31	375	19	34	48	7	12	<b>151</b>
2000	11	120	27	28	34	5	8	<b>113</b>
2001	11	198	13	45	48	2	22	<b>141</b>
2002	10	107	25	33	25	3	13	<b>109</b>
2003	9	139	9	32	45	2	8	<b>105</b>
2004	7	132	10	47	37	1	17	<b>119</b>
2005	0	0	1	25	24	1	7	<b>58</b>
<b>Totais</b>	<b>152</b>	<b>1.172+550</b>	<b>147</b>	<b>323</b>	<b>385</b>	<b>28</b>	<b>141</b>	<b>1176</b>

### 3.6.3.15. Santiago de Vilarmador do Val

Santiago de Vilarmador do Val é a outra parroquia -ademais de Tintores- que conta con máis dun núcleo de poboación, exactamente con tres. No cadro que segue detallamos as cifras que lle corresponden a cada un deles. Así, das 98 licenzas rexistradas nesta parroquia o 26% están referidas a vivendas unifamiliares novas, o 12% correspóndenlle a reformas e rehabilitacións e o 16% correspóndense a galpóns e alboios como construcións asociadas ás edificacións principais, e o 46% son permisos para peches e cerramentos de fincas.

<sup>38</sup> Nos anos 1995,1996 e 1997 estableceuse unha media de 10 vivendas por licenza para vivenda colectiva pois non había datos municipais.





Vilarmaior Licenzas	Núcleo	Viv. Colec.	Nº de viv. por licenza	Viv. Unifam	Ampliac., rehabilit. ou reforma de vivenda	Naves e locais (obra nova ou reforma)	Galpóns, garaxes e alboios	Peches e muros	Total parcial	Totais
1995	Vilarmaior	0	0	1	0	0	0	0	1	1
	Caldeliñas	0	0	0	0	0	0	0	0	
	O Salgueiro	0	0	0	0	0	0	0	0	
1996	Vilarmaior	0	0	0	0	0	0	1	1	6
	Caldeliñas	0	0	0	2	0	0	2	4	
	O Salgueiro	0	0	0	1	0	0	0	1	
1997	Vilarmaior	0	0	0	0	0	0	1	1	8
	Caldeliñas	0	0	1	0	0	0	2	3	
	O Salgueiro	0	0	0	2	0	1	1	4	
1998	Vilarmaior	0	0	1	0	0	0	2	3	13
	Caldeliñas	0	0	3	0	0	3	1	7	
	O Salgueiro	0	0	0	0	0	0	3	3	
1999	Vilarmaior	0	0	1	0	0	2	1	4	11
	Caldeliñas	0	0	0	0	0	1	1	2	
	O Salgueiro	0	0	2	0	0	1	2	5	
2000	Vilarmaior	0	0	0	0	0	2	0	2	12
	Caldeliñas	0	0	0	0	0	2	4	6	
	O Salgueiro	0	0	3	0	0	0	1	4	
2001	Vilarmaior	0	0	1	0	0	1	4	6	14
	Caldeliñas	0	0	3	2	0	0	1	6	
	O Salgueiro	0	0	1	1	0	0	0	2	
2002	Vilarmaior	0	0	0	0	0	1	3	4	14
	Caldeliñas	0	0	2	1	0	1	1	5	
	O Salgueiro	0	0	2	1	0	1	1	5	
2003	Vilarmaior	0	0	1	1	0	0	0	2	4
	Caldeliñas	0	0	1	0	0	0	1	2	
	O Salgueiro	0	0	0	0	0	0	0	0	
2004	Vilarmaior	0	0	0	0	0	0	1	1	5
	Caldeliñas	0	0	0	0	0	0	2	2	
	O Salgueiro	0	0	1	0	0	0	1	2	
2005	Vilarmaior	0	0	0	1	0	0	1	2	10
	Caldeliñas	0	0	0	0	0	0	3	3	
	O Salgueiro	0	0	1	0	0	0	4	5	
<b>Totais</b>		<b>0</b>	<b>0</b>	<b>25</b>	<b>12</b>	<b>0</b>	<b>16</b>	<b>45</b>	<b>98</b>	<b>98</b>

### 3.6.4. OS DATOS DA XUNTA. AS LICENZAS NOS ÚLTIMOS CATRO ANOS 2000-2003.


A Xunta de Galicia publica os datos das obras e licenzas realizadas nos concellos. Na data da realización desta memoria, están dispoñíbeis os datos dos anos 2000, 2001 e 2002. No cadro que segue, detallamos os datos correspondentes a Verín para estes anos. Como se pode apreciar, están divididos en licenzas de nova planta e licenzas de rehabilitación. En ambos casos, poden ser obras con



demolição previa ou sen ela, dato que tamén consta nestas informacións. Podemos apreciar certa estabilidade nas obras de rehabilitación, que nestes anos son de 4,3 como media e unha progresión á alza das licenzas de obra de nova planta, pois estamos a falar de incrementos do 46%, entre o ano 2000 e o 2001 e do 23% entre 2001 e 2002. A meirande parte das obras de nova planta non implican demolição.

VERÍN Número de licenzas segundo tipo de obra									
	Total	Nova planta			Rehabilitación				Só demolição total
		Total	Con demolição previa	Sen demolição	Edifícios			En locais	
					Total	Demolição parcial previa	Sen demolição		
2000	33	28	–	28	5	–	5	–	–
2001	58	54	1	53	4	1	3	--	--
2002	85	77	2	75	4	3	1	--	4

Na gráfica que segue, podemos apreciar a representación dos volumes de licenzas de nova planta, e as licenzas para rehabilitación, no termo municipal de Verín.



No cadro que segue detallamos as tipoloxías dos edificios, segundo sexan edificios residenciais ou non residenciais, e no caso de obras de edificios residenciais, as vivendas que se xeran por estas obras de edificación. Así, en 2000 xéranse 28 edificios residenciais de nova planta, e poñen no mercado un total de 87 vivendas: No ano 2001 rexístrase un total de 53 licenzas de edificios de nova planta que poñen no mercado verinés un total de 269 novas vivendas. Por último, nos datos de 2003 contabilízase un total de licenzas para 86 edificios de nova planta, que xeran un total de 251 vivendas, algo menor esta cifra á do ano anterior que con menos licenzas xeran máis vivendas.


Detallamos as superficies destinadas a uso residencial e as superficies de uso non residencial, así no conxunto destes tres anos as superficies de uso residencial en Verín, e segundo os datos da Xunta, é de preto dos 130.000m<sup>2</sup> e de uso non residencial, isto é, comercial, é de 1623m<sup>2</sup>. Facendo unha media




coas vivendas xeradas para estes anos, podemos establecer unha superficie media, de uso residencial de 214 m<sup>2</sup>.

<b>CONCELLO DE VERÍN. Edificios, superficie e vivendas segundo tipo de obra</b>	<b>2000</b>	<b>2001</b>	<b>2002</b>	<b>Total período</b>
<b>Nova planta</b>				
<b>Edificios de nova planta</b>	<b>29</b>	<b>54</b>	<b>88</b>	<b>171</b>
Residencial	28	53	86	167
Non residencial	1	1	2	4
<b>Superficie de nova planta (m<sup>2</sup>)</b>	<b>17.752</b>	<b>57.512</b>	<b>56.286</b>	<b>131.550</b>
Residencial (m <sup>2</sup> )	17.170	57.150	55.607	129.927
Non residencial (m <sup>2</sup> )	582	362	679	1.623
<b>Vivendas de nova planta</b>	<b>87</b>	<b>269</b>	<b>251</b>	<b>607</b>
<b>Obras rehabilitación</b>	<b>7</b>	<b>8</b>	<b>18</b>	<b>33</b>
Edificios en rehabilitación	5	5	4	14
Vivendas en rehabilitación	2	3	14	19
<b>Obras demolición</b>	<b>-</b>	<b>1</b>	<b>12</b>	<b>13</b>
Edificios en demolición	-	1	6	7
vivendas en demolición	-	-	6	6

Na gráfica que segue representamos as porcentaxes de uso residencial de nova planta no concello de Verín, segundo os anos desta análise.



Na gráfica que segue, detallamos as superficies de nova planta de uso non residencial, segundo os anos e para o concello de Verín.





## 4. A ECONOMIA E O SISTEMA PRODUTIVO

### 4.1. INTRODUCCIÓN.

Verín é o principal concello da comarca do sur oriental ourensán que leva o seu nome, ocupando a parte central do val do Támega, o Val de Monterrei. Desta comarca forman parte, ademais de Verín, sete concellos relativamente extensos en superficie, pero de escasa poboación, que son Castrelo do Val, Cualedro, Laza, Monterrei, Oímbra, Riós e Vilardevós.

Este concello experimentou nas últimas décadas, un certo desenvolvemento urbano, que fai que sexa o único municipio desta comarca que presenta unha dinámica relativamente expansiva nas últimas décadas; na medida en que todos os demais presentan un perfil netamente regresivo desde o punto de vista económico e da poboación, Verín convértese no polo no que se vai concentrando a maior parte da poboación da comarca e mesmo, acada unha densidade de poboación notablemente superior á media galega. Cunha superficie de 94,1 km<sup>2</sup> e 13.658 habitantes a súa densidade de poboación é de 145 hab/km<sup>2</sup> (ano 2003).

O desenvolvemento económico do municipio de Verín está estreitamente vinculado á expansión urbana da vila de Verín, que á súa vez está asociado á consolidación do seu papel como cabeceira comarcal, cuxa influencia reborda á propia comarca e chega ás comarcas limítrofes, nun momento no que se configura unha boa parte do novo tecido terciario público e tamén privado. A súa situación na arteria de saída cara a Meseta e o seu carácter de vila fronteiriza da rexión portuguesa de Tras-Os-Montes, son factores que contribúen a explicar esa consolidación e que definen potencialidades que deben estar moi presentes nos deseños de futuro da vila e do concello.

Mapa da comarca de Verín



Fonte: [www.gpx.es/mapas/coverin](http://www.gpx.es/mapas/coverin).



Neste informe analizaremos as características sectoriais da actividade produtiva dos concellos da comarca de Verín, e as tendencias evolutivas nos últimos anos, co obxectivo de detectar as principais liñas de tendencia de cara ao futuro próximo.

A base produtiva determina o modo de utilización e ocupación do espazo. De forma que aproximándonos á dinámica da poboación, podemos albiscar as tendencias dominantes da estrutura económica. Antes de metérmolos no estudo do sistema produtivo, realizaremos unha primeira aproximación á dimensión demográfica do concello de Verín e da súa comarca. Repasaremos a información estatística que nos permite unha aproximación á realidade social e económica de Verín, e nos axudan a encadrar mellor a localidade.

#### 4.2. A EVOLUCIÓN DA POBOACIÓN DE VERÍN E COMARCA.

O comportamento demográfico e a evolución da poboación constitúen, sen dúbida, os dous elementos esenciais para caracterizar a dinámica dun territorio, pois a evolución demográfica dun territorio garda unha estreita relación co dinamismo económico do mesmo. Pois ben, neste primeiro apartado imos a examinar o comportamento da poboación nas últimas décadas, tanto no concello de Verín como no conxunto da comarca.

Na seguinte táboa observamos como a comarca de Verín sufriu unha forte regresión demográfica nos anos oitenta, posto que entre 1981 e 1991 perdeu case 10.000 habitantes. A partires desa data, a poboación do conxunto comarcal mantívose estable, oscilando entre os 29.000 e 29.500 habitantes.

Táboa 1. Evolución da poboación na comarca de Verín e os seus concellos

Concello	1981	1986	1991	1996	1998	2000	2002	2003
Verín	10.051	11.044	11.279	12.271	12.441	13.033	13.475	13.658
Castrelo do Val	2.455	1.996	1.463	1.327	1.308	1.336	1.298	1.263
Cualedro	5.642	5.849	2.658	2.542	2.475	2.457	2.405	2.316
Laza	3.034	2.830	2.366	2.194	2.112	2.027	1.927	1.826
Monterrei	5.005	5.013	3.721	3.563	3.465	3.425	3.364	3.246
Riós	5.008	5.093	2.577	2.467	2.364	2.265	2.132	2.123
Vilardevós	5.932	3.699	3.264	3.079	2.994	2.931	2.823	2.693
Oímbra	2.148	2.165	2.095	2.054	2.002	2.021	2.015	1.991
Comarca	39275	37689	29423	29497	29161	29495	29439	29116
Resto comarca	29224	26645	18144	17226	16720	16462	15964	15458


Fonte: IGE. Censos de poboación. Padrón municipal de habitantes. Elaboración propia

Nota: nos anos 1991 e 1981 considérase a poboación dos censos e nos restantes anos a do Padrón.



Con todo, na evolución demográfica comarcal, podemos distinguir dúas evolucións claramente contrapostas. Por un lado, o concello de Verín, que é o concello máis poboado e exerce claramente o liderado da comarca, experimenta un suave pero constante crecemento na súa poboación. Ese crecemento prodúcese, ademais, no seu núcleo urbano que se consolida como cabeceira comarcal, especialmente como consecuencia do desenvolvemento do sector terciario, tanto privado como público. Mentres que os demais concellos, rurais e de pouca poboación, evolucionan no sentido contrario, cunha forte perda de poboación entre o 1981 e o 1991, década na que o resto da comarca pasa de 29.224 habitantes a 18.114. A partires desa data e ata 2003, o retroceso é continuado pero a un ritmo máis suave, posto que cae en menos de 3.000 persoas. Esta evolución dáse de xeito simultáneo en tódolos concellos rurais, a excepción de Oímbra, que dende o 1981 até a actualidade só perdeu 157 habitantes.

Figura 1. Evolución da poboación en Verín e da súa comarca. 1981-2003.



Fonte: IGE. Censos de poboación. Padrón municipal de habitantes. Elaboración propia

Nota: nos anos 1991 e 1981 considérase a poboación dos censos e nos restantes anos a do padrón.

Neste cadro, observamos claramente a evolución contraposta que se produce entre o concello de Verín e os demais concellos da comarca, até o punto de que Verín, no ano 2003, está preto de igualar ao total da poboación do resto da comarca.

Entre 1981 e 1986 prodúcese un forte retroceso demográfico no resto da comarca, que será aínda máis intenso entre o 1986 e o 1991, mentres que a poboación de Verín medra suavemente nestes dez anos. O resultado, no conxunto da comarca é o dunha forte regresión demográfica, de case 10.000 habitantes. Parte desta evolución débese posiblemente a unha depuración dos censos e padróns, reflectindo estatisticamente reducións que na realidade, posiblemente, se tiñan producido en anos anteriores.

No período comprendido entre o 1991 e o 2003, temos que no resto da comarca prodúcese un lixeiro descenso da poboación, que é de similar contía ao incremento experimentado neste período polo municipio de Verín, polo que o conxunto da comarca mantén a poboación estancada, por enriba do limiar de 29.000 habitantes.



Os diferentes indicadores demográficos de Verín amosan claramente ese perfil de sociedade demograficamente estancada. Examinando máis polo miúdo o comportamento de Verín no ano 2003, observamos como o saldo vexetativo amosa un resultado negativo. En todo caso, ese saldo vexetativo negativo é compensado nese ano polo saldo migratorio positivo, que é o que provoca un crecemento poboacional no concello. Tamén é salientable a intensidade dos fluxos migratorios, que se produce en ambos sentidos.

**Táboa 2. Movemento natural da poboación en Verín. Ano 2003**

	Total	Homes	Mulleres
<b>Nacementos</b>	103	43	60
<b>Defuncións</b>	141	77	64
<b>Matrimonios</b>	56		
<b>Saldo vexetativo</b>	-38		

Fonte: INE-IGE. \* Datos provisionais.

**Táboa 3. Principais indicadores demográficos de Verín. Ano 2002**

Taxa bruta de natalidade (o/oo)	7,9
Taxa bruta de mortalidade (o/oo)	10,9
Índice de envellecemento	101,5
Idade media á maternidade	28,9
Número medio de fillos por muller	1
Taxa bruta de nupcialidade (o/oo)	4,2

Fonte: IGE

**Táboa 4. Movementos migratorios en Verín. Ano 2003**

	Emigrantes	Inmigrantes
<b>Á mesma provincia</b>	249	253
<b>A outra provincia</b>	99	54
<b>A outra comunidade</b>	248	193
<b>Estranxeiro</b>	24	247
<b>Total</b>	620	747

Fonte: INE

**Táboa 5. A taxa de actividade e de paro. Ano 2001**

	Total	Homes	Mulleres
Taxa de actividade	48	58,3	38,5
Taxa de paro	13,1	9,9	17,6

Fonte: INE





Táboa 6. Censo de vivendas. 2001

<b>Vivendas familiares</b>	7.568
• principais	4.459
• secundarias	1.345
• baleiras	1.650
<b>Edifícios</b>	3.779
<b>Locais</b>	1.214

Fonte: INE

#### 4.3.O EMPREGO LOCAL E O EMPREGO NAS ÁREAS LÍMITROFES. O CONTRASTE ENTRE A ESTRUTURA DO EMPREGO LOCAL E DA OCUPACIÓN DOS HABITANTES DE VERÍN E A COMARCA.

Neste estudo centramos a nosa atención na estrutura produtiva e na evolución do concello de Verín, así como da comarca á que pertence, tomando como variable para esa aproximación os datos de emprego local, que obtemos a través da afiliación á Seguridade Social.

Por outra banda, mediante unha análise do Censo de Poboación, obtemos a ocupación da poboación residente nesta área. Temos que ter en conta que, a información sobre o emprego local non coincide coa información sobre a ocupación da poboación residente nesta área. A razón fundamental é que unha parte dos residentes traballan fóra do seu concello, e, ao mesmo tempo, residentes doutros concellos ou comarcas poden desprazarse a Verín e á súa comarca para traballar. Por esa razón nin o volume nin a estrutura sectorial coinciden cando comparamos poboación ocupada e traballadores afiliados á S.S.

Tomando os datos do Censo de Poboación elaborado no 2001 e os da Seguridade Social para o mesmo ano, podemos contrastar o volume e estrutura da poboación ocupada que vive nunha área, co volume e estrutura da poboación que traballa nesa área.

Táboa 7. Rexistrados na SS e ocupados segundo o Censo. 2001

	Verín		Comarca		Resto Comarca	
	Censo	SS	Censo	SS	Censo	SS
<b>Agricultura</b>	182	102	915	629	733	527
<b>Industria</b>	677	584	1294	914	617	330
<b>Construción</b>	677	628	1505	878	828	250
<b>Servizos</b>	2.963	1945	4734	2505	1769	560
<b>Total</b>	4500	3260	8448	4927	3947	1667

Fonte: Subdir. G. De Estadísticas Sociales y Laborales. IGE. Censos de poboación 2001. Elaboración propia.




Realizada a comparanza entre as dúas fontes de datos para o ano 2001 (ano no que se realizou o último Censo) o primeiro feito importante que podemos apreciar é que tanto en Verín como no resto da comarca, é moi superior a cifra de ocupados do Censo de Poboación que a de cotizantes na Seguridade Social; é dicir, é moi superior o número de traballadores que habitan neses concellos que o número de traballadores que desenvolven o seu traballo alí ou, mellor dito, que cotizan alí á Seguridade Social. No conxunto da comarca o volume dos primeiros case duplica ao dos segundos. Esa diferenza é moi elevada en todos os sectores pero é particularmente rechamante no caso do sector servizos.

As razóns que poden explicar esa disparidade son diversas pero as que posiblemente teñan maior relevancia son tres: a) unha parte dos traballadores que habitan nestes concellos desprázanse a comarcas próximas para realizar a súa actividade laboral; b) parte dos traballadores que habitan e traballan nestes concellos fano para empresas ou servizos públicos que teñen o seu centro de cotización á SS noutro lugar (este parece ser o caso, p.e., do sector de educación); c) mesmo pode ocorrer que unha parte da diferenza se deba a que existan traballadores que non estean afiliados á SS. As tres causas poden darse. O certo é que, a disparidade da información que nos proporciona o Censo de Poboación e a que nos proporciona a Seguridade Social, obriga a tomar con cautela os resultados.

### Verín

En Verín, a pesar de que a diferenza relativa entre as dúas fontes de datos é claramente menor á do resto da comarca, é destacable este resultado, posto que, dunha cabeceira de comarca cabería esperar un comportamento onde fose superior o número de traballadores que desenvolven o seu traballo no concello, que os traballadores que habitan no concello, posto que, polo feito de ser cabeceira comarcal, cabería agardar que atraese traballadores dos concellos veciños.

Figura 2. Verín. Diferenzas nos datos do Censo e os da SS por sectores. Ano 2001




Fonte: Subdir. G. De Estadísticas Sociales y Laborales. IGE. Censos de poboación 2001. Elaboración propia.

Observamos que as maiores diferenzas danse no sector servizos, onde o censo é superior en máis de 1.000 traballadores ao rexistro da SS. Na agricultura, as cifras do Censo de Poboación case duplican ás da SS, mentres que nos outros sectores as diferenzas son menores, sendo a construción

o sector no que existe maior aproximación entre os habitantes de Verín que traballan nese sector, e os empregados na construción nese concello.

Ademais de existir diferenzas no número de traballadores, temos que ter en conta que as dúas fontes de datos amosan estruturas sectoriais de emprego diferentes. Ímolo analizar máis polo miúdo a continuación.


**Figura 3. Verín, ocupación por sectores, 2001. Datos Censo de Poboación.**



Fonte: IGE. Censos de poboación. Elaboración propia.

A estrutura produtiva de Verín amosa, á altura de 2001, un concello fortemente terciarizado, onde dous terzos da poboación do concello traballan no sector servizos, mentres que a SS reflicte que o 60% dos afiliados no concello realizan actividades terciarias. É neste sector onde se producen maiores diferenzas entre as dúas fontes de datos, tendo maior peso o sector servizos nos datos do Censo, o que fai que os outros sectores teñan un peso inferior aos da SS.

**Figura 4. Verín, ocupación por sectores, 2001. Datos da SS**




Fonte: Subdir. G. de Estadísticas Sociales y Laborales. Elaboración propia

### Resto da comarca

No resto da comarca a diferenza entre os traballadores que reflicte o censo e os inscritos nos rexistros da SS son moito maiores, posto que o censo triplica aos traballadores inscritos na SS, o que

significa que a gran maioría dos habitantes deses concellos se desprazan a outros para realizar a súa actividade laboral, e reflicte a dobre estrutura produtiva destes concellos.


**Figura 5. Resto da comarca. Diferenzas nos datos do Censo e os da S.S. por sectores. Ano 2001**




Fonte: Subdir. G. De Estadísticas Sociales y Laborales. IGE. Censos de poboación 2001. Elaboración propia.

Para o resto da comarca, existen notables diferenzas na estrutura produtiva que amosa cada unha das fontes de datos. Temos que ter en conta como factor explicativo, o feito de que as cifras do censo triplican á de afiliación á SS. Así, a distorsión que sinalabamos para Verín, aparece para o resto da comarca con máis forza, posto que o censo amosa un 44% da poboación ocupada no sector servizos, mentres que nos datos da SS os afiliados representan o 33%, o que nos estará indicando que parte dos empregados neste sector se desprazan a outras áreas para realizar a súa actividade.

**Figura 6. Verín, ocupación por sectores, 2001. Datos do censo de poboación.**



**Figura 7. Resto da comarca, ocupación por sectores, 2001. Datos da SS**



Fonte: Subdir. G. de Estadísticas Sociales y Laborales. Elaboración propia



- **Análise da mobilidade no lugar de traballo en base ao censo.**

Para tentar clarificar a intensidade da mobilidade dos traballadores a outros concellos, recorreremos ao censo, que nos ofrece datos sobre o lugar onde realizan o seu traballo as persoas dun determinado concello.

**Táboa 8. Lugar de traballo da poboación ocupada de Verín e a súa comarca. 2001**

	<b>Total</b>	<b>Mesmo concello</b>	<b>Varios concellos</b>	<b>Outro concello da mesma provincia</b>	<b>Fóra da provincia</b>
<b>Verín</b>	4.500	3.432	378	373	317
<b>Comarca</b>	8447	5.317	812	1542	776
<b>Resto comarca</b>	3947	1885	434	1169	459

Fonte: IGE. Censos de poboación. Elaboración propia.

Os resultados obtidos fan que maticemos as conclusións extraídas anteriormente, na comparanza do censo coa SS. Así, para o concello de Verín, os datos da SS amosábanos que traballaban no concello 3.260 persoas, mentres que agora podemos comprobar que segundo o Censo, 3.432 habitantes de Verín traballan nese concello. Tendo en conta que, para coñecer con exactitude a cantidade de persoas que realizan a súa actividade laboral en Verín, tamén teríamos que incluír ás persas que se desprazan dende outros concellos, a diferenza cos datos da SS sería maior. Polo tanto, cabe pensar que, alén de que traballadores de Verín se despracen a outros concellos para realizar a súa actividade, existe unha boa parte dos traballadores que non están inscritos nos rexistros da SS como cotizantes de Verín (o que xa non podemos saber é cantos non cotizan en ningún lado e cantos, simplemente ocorre, que a súa empresa ten o centro de cotización localizado noutro lugar).

Para o resto da comarca, esta análise pormenorizada do censo tamén suaviza as conclusións anteriores, posto que o número de persoas que traballan no seu concello é de 1.885, superior ás 1.667 persoas rexistradas na SS no resto da comarca, aínda tendo en conta, de novo, que as cifras do censo non recollen a traballadores que se desprazan dende outros concellos.

A pesares de que estes novos resultados suavizan as conclusións anteriores, é significativo o número de persoas que realizan a súa actividade tanto fóra do concello de Verín, que pola condición de cabeceira comarcal lle correspondería un papel receptor de traballadores de concellos limítrofes, como no resto da comarca.



#### 4.4. ESTRUCTURA SECTORIAL DO SISTEMA PRODUTIVO E A SÚA DINÁMICA RECENTE.

Á vista dos datos anteriores, a primeira observación que cabe facer sobre a estrutura produtiva é que predomina o sector terciario, de forma moi marcada no concello de Verín; pero se a comparamos coa distribución estándar do conxunto do país (ou de calquera país desenvolvido) o que salienta é o feito de estar virada de xeito notable cara actividades primarias e de construción. Vemos, que tanto os datos da Seguridade Social como os do censo de poboación, amosan unha estrutura produtiva cun peso moi importante do sector agrario e da construción e un peso modesto da industria e dos servizos, en comparanza coa distribución típica de calquera economía desenvolvida e tamén da galega.

Como xa sinalamos, hai diferenzas na dimensión de cada sector nunha e outra fonte. Salientan en especial as diferenzas no caso do sector servizos, o que, como dicíamos, poden revelar movementos intermunicipais de man de obra ou simplemente situacións dos centros de cotización, en lugares diferentes aos de realización efectiva do traballo

A importancia deses factores tradúcese nunha diferente estrutura sectorial cando tomamos o emprego local (SS), ou cando tomamos as ocupacións das persoas que viven en cada concello (Censo). En particular cando nos referimos ao sector servizos. Pola contra, o caso da agricultura xa é máis difícil de explicar, polo que cabería supoñer que se pode deber a que, existe un certo número de persoas que se consideran ocupados neste sector, pero que non están dados de alta na Seguridade Social.

En realidade, o caso da agricultura resulta bastante máis complexo. De feito, estas dúas fontes de información difiren abertamente dos datos fornecidos polo *Censo Agrario*, realizado neste caso, no ano 1999. Efectivamente, o censo agrario recolle un número de persoas que declaran traballar en explotación agrícolas, enormemente superior (2.424 en Verín e 11.653 no conxunto da comarca); certamente unha parte delas declaran ter outras actividades lucrativas principais (entre un cuarto e un terzo delas), pero mesmo as que declaran traballar *exclusivamente* na explotación, alcanzan cifras moi elevadas (1.705 en Verín), que decuplican as do censo de poboación. Cando examinamos con máis detalle esas cifras, observamos que, unha parte notable desas persoas que traballan nas explotacións agrícolas son maiores de 65 anos (máis dun terzo). Os dous anos que separan o censo agrario (1999) e o de poboación (2001) é un factor adicional a ter en conta, sabendo que neses anos se viña producindo unha acelerada caída do emprego agrario (e aumento das xubilacións). Con esas acoutados redúcense as disparidades respecto do censo de poboación pero, aínda así, seguen sendo enormemente superiores. En todo caso e máis alá do prurito da precisión numérica, á vista dos datos do Censo Agrario cómpre ser cauteloso á hora de valorar a importancia da actividade agrícola no concello de Verín e na súa comarca. En boa medida non só por ser a ocupación principal dunha



parte importante da poboación, senón sobre todo, por ser unha actividade complementaria (singularmente nunha actividade tan relevante como a viticultura).

Unha vez feitas estas precisións imprescindíbeis para ponderar axeitadamente a fonte de información central aquí manexada (afiliación á Seguridade Social), centrámonos neste apartado na análise da estrutura sectorial do sistema produtivo no ano 2004, e a súa evolución desde 2001. Como variable para aproximarnos ao coñecemento desa estrutura produtiva, tomaremos os datos de emprego por sectores e ramas que nos proporciona a Seguridade Social: os traballadores afiliados, cuxo centro de cotización está domiciliado nese municipio.

A diagnose a seguir, comezará pola análise do conxunto da comarca para despois dividila en dous subconxuntos, por un lado a Verín e polo outro ao resto de concellos da comarca. Atenderemos ás variacións na afiliación que se producen entre o 2001 e o 2004, tanto a respecto das variacións absolutas, como ao peso relativo de cada sector, no conxunto do emprego.

#### **A comarca de Verín**

Na comarca de Verín temos rexistrados na Seguridade Social, á altura de 2004, un total de 5.151 traballadores, que supoñen un incremento do 4,5% (224 afiliados máis) a respecto dos 4.927 rexistrados tres anos atrás. É un aumento salientable, sobre todo, tendo en conta o estancamento poboacional da comarca.


Como xa nos suxerían os datos demográficos, a comarca de Verín é a suma de dúas realidades ben diferentes e con evolucións dispares no que se refire ao sistema produtivo. Dunha banda a do propio concello de Verín, e por outra, a dos concellos do resto da comarca.

**Táboa 9. Evolución do emprego na comarca de Verín por sectores (afiliados á SS). 2001-2004**

	<b>2001</b>	<b>2004</b>
<b>Agricultura</b>	629	609
<b>Industria</b>	914	824
<b>Construción</b>	878	895
<b>Servizos</b>	2505	2823
<b>Total</b>	4927	5151


Fonte: Subdir. G. de Estadísticas Sociales y Laborales. Elaboración propia

A evolución sectorial non foi homoxénea. Efectivamente, a agricultura e a industria perden afiliados no conxunto da comarca, mentres que os gaña a construción e, sobre todo, o sector servizos, que aumenta a afiliación en máis de 300 persoas.

**Figura 8. Comarca de Verín, ocupación por sectores, 2004**

Fonte: Subdir. G. de Estadísticas Sociales y Laborales. Elaboración propia.

Atendendo ao peso relativo de cada sector, observamos o predominio do sector servizos, que representa máis da metade da afiliación na comarca. A construción e a industria teñen un peso similar, e a agricultura ten tamén un importante peso. Esta estrutura amósanos unha economía terzarizada, onde se aprecia a febleza do tecido industrial, e un relativamente forte peso da construción e a agricultura.

**Figura 9. Comarca de Verín, ocupación por sectores, 2001**

Fonte: Subdir. G. de Estadísticas Sociales y Laborales. Elaboración propia

Comparando a estrutura do emprego do 2004 coa do 2001, observamos como avanza o proceso de terzarización na comarca, que medra un 5% en tres anos, o que fai que os outros sectores vexan reducido o seu peso. Ademais, a industria perde a segunda posición que ocupaba no 2001 en detrimento da construción.

### Verín

Os 3450 afiliados rexistrados no concello de Verín no 2004, supoñen un notable incremento a respecto dos 3260 afiliados do ano 2001. É aquí onde se concentra a maior parte do incremento da afiliación na comarca.




Táboa 10. Evolución do emprego en Verín por sectores (afiliados á SS). 2001-2004

	2001	2004
<b>Agricultura</b>	102	114
<b>Industria</b>	584	471
<b>Construción</b>	628	652
<b>Servizos</b>	1945	2213
<b>Total</b>	3260	3450

Fonte: Subdir. G. de Estadísticas Sociales y Laborales. Elaboración propia.

A industria é o único sector no que non aumenta a ocupación, de feito prodúcese un forte retroceso, de máis de 100 persoas, nestes tres anos. Pola contra, nos outros tres sectores incrementábase a afiliación, sendo significativo o crecemento dos servizos, en 268 persoas.


Figura 10. Concello de Verín, ocupación por sectores, 2004



Fonte: Subdir. G. de Estadísticas Sociales y Laborales. Elaboración propia

O gran número de traballadores afiliados ao sector dos servizos, tradúcese nun peso do 64% sobre o total do emprego, sendo o sector claramente predominante. A construción supera a industria, mentres que salienta o escaso peso que ten a agricultura no emprego do concello, en contraste coa estrutura do resto da comarca.

Figura 11. Concello de Verín, ocupación por sectores, 2001



Fonte: Subdir. G. De Estadísticas Sociales y Laborales. Elaboración propia

Comparando a estrutura produtiva do 2004 coa do 2001, dúas son as tendencias que cómpre sinalar: dunha banda, o avance no proceso de terciarización do concello, co aumento de 4 puntos do emprego nos servizos; e, doutra banda, a forte caída de emprego industrial, de similar intensidade ao incremento dos servizos. Os outros dous sectores manteñen o seu peso, na estrutura de emprego da comarca.

### Resto da comarca

O número de afiliados á SS permanece practicamente estancado, cun case inapreciable aumento de 33 persoas neste período, chegando no 2004 aos 1.700 afiliados.


Táboa 11. Evolución do emprego no resto da comarca de Verín por sectores (afiliados á SS). 2001-2004.

	2001	2004
<b>Agricultura</b>	527	495
<b>Industria</b>	330	353
<b>Construción</b>	250	243
<b>Servizos</b>	560	609
<b>Total</b>	1667	1700

Fonte: Subdir. G. de Estadísticas Sociales y Laborales. Elaboración propia.

No entanto, a composición do emprego ten mudado algo, posto que os sectores da industria e os servizos teñen incrementado a súa afiliación e, pola contra, a agricultura e a construción vírona diminuída. De tódolos xeitos, temos que ter en conta que, debido ás pequenas variacións en termos absolutos, debemos de ser cautos coas tendencias que nos pode marcar a evolución destes tres anos.


Figura 12. Resto da comarca de Verín, ocupación por sectores, 2004.



Fonte: Subdir. G. de Estadísticas Sociales y Laborales. Elaboración propia.

Fixándonos na participación de cada sector no total do emprego, vemos como o resto da comarca ten unha composición ben diferente á de Verín, cun reducido peso do sector servizos e unha gran dimensión da agricultura. Así mesmo, a industria ten un peso en termos proporcionais significativo. A construción reflicte un claro sobredimensionamento.

Figura 13. Resto da comarca de Verín, ocupación por sectores, 2001



Fonte: Subdir. G. De Estadísticas Sociales y Laborales. Elaboración propia.


Se atendemos á evolución nestes tres anos, apreciamos unha tendencia cara unha estrutura terciaria, onde o emprego nos servizos medra 3 puntos, e, no senso contrario, a agricultura perde 3 puntos, que nos estarían a indicar unha tendencia cara á redución do grande peso que representa este sector, no conxunto do emprego.

#### 4.5. A OCUPACIÓN POR RAMAS DE ACTIVIDADE.

Continuamos a análise da estrutura produtiva e a súa evolución, baixando agora a unha análise máis pormenorizada, en base aos datos de emprego, desagregados por ramas de actividade (CNAE-dous díxitos).

- **A comarca**

Figura 14. Comarca de Verín. Emprego nas principais ramas de actividade. 2004



Fonte: Subdir. G. de Estadísticas Sociales y Laborales. Elaboración propia.




Dúas ramas que salientan claramente sobre o resto: “construción” xunto co “comercio polo miúdo”, son as ramas de actividade que máis afiliados empregan; “agricultura” e é a terceira rama, seguida de varias actividades terciarias. A primeira rama industrial é a “industria da confección”, en décimo lugar.

Este reparto por ramas permítenos identificar unha das posibles carencias desta base de datos. Tomando como base a información da Consellería de Educación, sabemos que en Verín hai, cando menos, 243 profesores nos diferentes niveis de educación (infantil, primaria e secundaria) e 307 na comarca. En cambio, a Seguridade Social só ten rexistrados 84 afiliados en Verín e 97 na comarca, que engloban non só profesores senón calquera outra función dentro desa rama e inclúe, non só a educación regrada, senón calquera outra como a formación continua, academias, etc. Isto fai pensar que, os funcionarios dependentes da Consellería de Educación, que desempeñan o seu labor en Verín, non teñen aí o seu centro de cotización, senón que posiblemente está na sé da Delegación Provincial. Isto, por si só, axudaría a explicar o enorme desfase entre as cifras da SS e o Censo, no tocante ao sector servizos (cómpre ter presente, en todo caso, que non todos os que traballan neses centros teñen por que residir en Verín ou comarca).

Este feito, alén da crítica das metodoloxías das bases de datos, debe servirnos para enfatizar que, de acordo con esta información complementaria da Consellería de Educación, cabería afirmar que a rama de educación é unha rama tamén moi importante no emprego local, que a situaría como a segunda rama terciaria e a terceira ou cuarta rama, no conxunto do sistema produtivo.

Figura 15. Comarca de Verín. Emprego principais ramas de actividade. 2001



Fonte: Subdir. G. de Estadísticas Sociales y Laborales. Elaboración propia.

Comparando co ano 2001, vemos que as ramas que máis emprego xeraban eran as mesmas, no entanto podemos apreciar como o “comercio polo miúdo” medrou en máis de cen novos empregados nestes tres anos; xunto coa “industria da madeira” son as ramas que maior crecemento amosan en termos absolutos. A “agricultura” perdeu peso, mentres que a “hostalería” e o “comercio ao por maior”



umentan en 49 afiliados. A rama que máis emprego perde é a “industria da confección”, posto que reduce a actividade en 113 afiliados, que pode deberse ao cambio de localización da actividade ou da se, dalgunha relevante empresa de confección “verinense”. Outras actividades industriais experimentan aumentos moderados, movéndose en niveis modestos.


Táboa 12. Comarca de Verín. Variacións das principais ramas produtivas

	2004	2001	2004-2001	2004-2001(%)
Construción	895	878	17	1,9
Comercio polo miúdo, agás o de veh	853	741	112	15,1
Agricultura, gandería, caza e servizo	590	612	-22	-3,6
Hostalería	381	332	49	14,8
Comercio por maior e intermediarios d	253	204	49	24,0
Transporte terrestre; transporte por tub	246	241	5	2,1
Actividades sanitarias e veterinarias, s	246	213	33	15,5
Venta e reparación de vehículos; venda ao	175	144	31	21,5
Administración pública, defensa e securi	156	132	24	18,2
Industria da confección e da pelet	145	258	-113	-43,8
Industria de produtos alimenticios e be	134	126	8	6,3
Industria da madeira e da cortiza, exc	133	21	112	533,3
Outras actividades empresariais	118	86	32	37,2
Fabricación de móbeis; outras industrias	114	105	9	8,6
Educación	97	154	-57	-37,0
Actividades diversas de servizos person	89	97	-8	-8,2
Fogares que empregan persoal domestic	88	63	25	39,7
Fabricación de produtos metálicos, exce	79	72	7	9,7
Fabricación doutros produtos minerais	70	63	7	11,1

Fonte: Subdir. G. de Estadísticas Sociales y Laborales. Elaboración propia.

- Verín

Figura 16. Concello de Verín. Emprego principais ramas de actividade. 2004




Fonte: Subdir. G. de Estadísticas Sociales y Laborales. Elaboración propia.

As dúas ramas que máis afiliados rexistran son o “comercio polo miúdo” e a “construción”, e representan arredor do 40% da afiliación á SS no concello. As seguintes ramas, xa con moito menor



peso, pertencen ao sector terciario. A “agricultura” é a novena rama en termos de afiliación, mentres que a primeira rama industrial atópase no posto décimo, trátase da “Industria da madeira”

Figura 17. Concello de Verín. Emprego nas principais ramas de actividade. 2001



Fonte: Subdir. G. de Estadísticas Sociales y Laborales. Elaboración propia.

Comparando a estrutura do 2004 coa de tres anos atrás, observamos que as dúas actividades máis importantes tamén salientaban fortemente; os primeiros postos amosan unha estrutura moi similar, coa excepción da “Industria da confección”, que pasa de ser a sexta rama con máis afiliados (182), a sufrir un forte retroceso até o 2004, perdendo 118 empregados. A maioría das actividades terciarias experimentan un lixeiro crecemento, así como as outras actividades industriais, como a “industria da madeira”. O maior incremento correspondeu ao “comercio polo miúdo”, que creceu fortemente, en case 100 persoas.

Táboa 13. Concello de Verín. Variacións das principais ramas produtivas

	2004	2001	2004 – 2001	2004-2001(%)
<b>Comercio polo miúdo, agás o de veh</b>	739	644	95	14,8
<b>Construción</b>	652	628	24	3,8
<b>Actividades sanitarias e veterinarias, s</b>	242	205	37	18,0
<b>Hostalería</b>	238	215	23	10,7
<b>Comercio ao por maior e intermediarios d</b>	203	179	24	13,4
<b>Transporte terrestre; transporte por tub</b>	176	182	-6	-3,3
<b>Venda e reparación de vehículos; venda ao</b>	147	120	27	22,5
<b>Otras actividades empresariais</b>	110	83	27	32,5
<b>Agricultura, gandería, caza e servizo</b>	107	100	7	7,0
<b>Industria da madeira e da cortiza, exc</b>	106	97	9	9,3
<b>Industria de produtos alimenticios e bebidas</b>	100	97	3	3,1
<b>Educación</b>	84	67	17	25,4
<b>Fogares que empregan persoal doméstico</b>	70	51	19	37,3
<b>Actividades diversas de servizos persoais</b>	69	80	-11	-13,8
<b>Industria da confección e da pelet</b>	64	182	-118	-64,8
<b>Fabricación de produtos metálicos, exce</b>	57	50	7	14,0




<b>Fabricación de muebles; otras industrias</b>	39	36	3	8,3
<b>Administración pública, defensa e segurid.</b>	38	32	6	18,8
<b>Fabricación doutros produtos minerais</b>	29	34	-5	-14,7

Fonte: Subdir. G. de Estadísticas Sociales y Laborales. Elaboración propia.

• **Resto da comarca**


A estrutura por ramas produtivas, que presenta o resto da comarca, difire bastante da do concello de Verín, tal e como acontecía na análise por sectores. A “agricultura” é claramente predominante, duplicando en número de afiliados á seguinte rama, a “construción”. É seguida por varias actividades terciarias, entre elas o “comercio polo miúdo”, que no resto da comarca ocupa a sexta posición. En sétima e oitava posición atopamos actividades industriais, como a “industria da confección” e a “fabricación de muebles”.

**Figura 18. Resto da comarca de Verín. Emprego nas principais ramas de actividade. 2004**



Fonte: Subdir. G. De Estadísticas Sociales y Laborales. Elaboración propia.

**Figura 19. Resto da comarca de Verín. Emprego nas principais ramas de actividade. 2004**



Fonte: Subdir. G. de Estadísticas Sociales y Laborales. Elaboración propia.



No 2001 as ramas de actividade con máis afiliados ao réxime da SS eran as mesmas, no entanto, na evolución que se produce nestes tres anos, hai que subliñar que as dúas primeiras ramas perden afiliados, e pola contra, as seguintes actividades do sector servizos incrementano, reflexo do proceso de terciarización que observabamos na análise por sectores. A respecto das actividades industriais, nestes tres anos amosan un moi lixeiro crecemento, que contrasta coa caída de emprego que se produce no concello de Verín.

Táboa 14. Resto da comarca. Variacións das principais ramas produtivas.

	2004	2001	2004-2001	2004-2001(%)
<b>Agricultura, gandería, caza e servizo</b>	483	512	-29	-5,7
<b>Construción</b>	243	250	-7	-2,8
<b>Hostalería</b>	143	117	26	22,2
<b>Administración pública, defensa e seguri</b>	118	100	18	18,0
<b>Comercio polo miúdo, agás o de veh.</b>	114	97	17	17,5
<b>Industria da confección e da pelet</b>	81	76	5	6,6
<b>Fabricación de móbeis; outras industrias</b>	75	69	6	8,7
<b>Transporte terrestre; transporte por tub</b>	70	59	11	18,6
<b>Comercio ao por maior e intermediarios d</b>	50	25	25	100,0
<b>Fabricación doutros produtos minerais</b>	41	29	12	41,4
<b>Industria de produtos alimenticios e be</b>	34	29	5	17,2
<b>Venda e reparación de vehículos</b>	28	24	4	16,7
<b>Industria da madeira e do cortiza, exc</b>	27	21	6	28,6
<b>Fabricación de produtos metálicos, exce</b>	22	22	0	0,0
<b>Actividades diversas de servizos person</b>	20	17	3	17,6
<b>Fogares que empregan persoal domestic</b>	18	12	6	50,0
<b>Educación</b>	13	87	-74	-85,1
<b>Silvicultura, explotación forestal. Serv</b>	12	15	-3	-20,0

Fonte: Subdir. G. De Estadísticas Sociales y Laborales. Elaboración propia.

#### 4.6. O TECIDO EMPRESARIAL

A información facilitada polo Instituto da Seguridade Social, permítenos coñecer tamén o número de empresas radicadas en Verín, así como a súa clasificación por sectores e ramas produtivas. Incluímos ademais os datos de traballadores, o que nos vai permitir aproximar o volume de cada unha das actividades e facernos unha idea sobre o tamaño medio das empresas situadas nestes municipios.

Nunha primeira análise, observamos unha lixeira redución do número de empresas nestes tres anos. Así, mentres as afiliacións creceron en preto de 200 traballadores, en cambio, no ano 2004 contabilízanse 7 empresas menos. Isto revela un modesto dinamismo empresarial.

Observamos tamén un tecido empresarial dominado polas microempresas. Os datos da S.S. amosan que, o tamaño medio sitúase entre 6 e 7 traballadores. Pero o máis relevante aparece cando





analizamos o número de empresas por tramos de tamaño que nos fornece o IGE (a partires do DIRCE do INE), apenas atopamos unha empresa que supera os 100 traballadores (trátase do hospital de Verín) e dúas entre 50-100 traballadores que son unha do sector de “alimentación e bebidas” (augas minerais) e unha de “fabricación de produtos metálicos”. No tramo de 20-49 traballadores rexístranse 10 empresas (alimentación-bebidas, madeira, construción, comercio, transporte e educación); no tramo de 10-19 traballadores hai 22 empresas (confección, madeira, construción, comercio, hostalería, transporte, educación, sanidade). O resto está constituído por 1.012 microempresas. De feito, a maior parte delas teñen a forma societaria de “persoas físicas” (704); 278 son Sociedades de Responsabilidade Limitada e tan só 15 teñen a forma de Sociedade Anónima. Merece a pena salientar, en todo caso, a existencia de 6 cooperativas.

Táboa 15. Concello de Verín. Evolución do número de empresas e traballadores inscritos no rexistro da SS. 2001 e 2004.

	2001		2004	
	Traballadores	Empresas	Traballadores	Empresas
<b>Agricultura</b>	102	21	114	7
<b>Industria</b>	584	74	471	79
<b>Construción</b>	628	102	652	89
<b>Servizos</b>	1945	374	2213	389
<b>Total</b>	3260	571	3450	564

Fonte: Subdir. G. De Estadísticas Sociales y Laborales. Elaboración propia.

A continuación detallamos as ramas con maior número de empresas, en cada un dos sectores; ademais, tamén incluimos nas táboas o número de traballadores de cada rama, para facernos unha idea do tamaño medio das empresas desa rama.

Táboa 16. Ramas con maior número de empresas en Verín. 2004

Rama de actividade	Empresas	Traballadores
<i>Comercio polo miúdo, agás o de veh</i>	110	739
Construción	89	652
Hostalería	61	238
Fogares que empregan persoal doméstico	37	70
Comercio ao por maior e intermediarios d	35	203
Venda e reparación de vehículos; venda ao	26	147
Transporte terrestre; transporte por tub	26	176
	20	110
<i>Outras actividades empresariais</i>		
Actividades diversas de servizos pers.	20	69
Fabricación de produtos metálicos	17	57
Industria de produtos alimenticios e bebidas	14	100
Actividades sanitarias e veterinarias	13	242



<i>Educación</i>	12	84
Industria da madeira e da cortiza	10	106
Fabricación de móbeis; outras industrias	10	39

Fonte: Subdir. G. de Estadísticas Sociales y Laborales. Elaboración propia.

Táboa 17. Número de empresas por condición xurídica en Verín. Ano 2002.

Nº de empresas por condición xurídica	
Persoas físicas	704
Sociedades anónimas	15
Sociedades de responsabilidade limitada	278
Cooperativas	6
Outras	44

Fonte: Ige.

#### 4.7. O MEDIO NATURAL E O APROVEITAMENTO AGRARIO, FORESTAL E MEDIOAMBIENTAL.

O sistema agrario da comarca de Verín veu reducindo a súa importancia como campo de actividade e ocupación, como veu ocorrendo en todo o país, e en especial, nas zonas de montaña do interior. É un sector de vocación tradicionalmente agrícola e con baixa especialización gandeira. Os graos, o millo, a pataca e a vide son, sen dúbida, os cultivos que marcaron a historia desta comarca. As súas actividades e potencialidades están condicionadas por iso e pola configuración actual das estruturas agrarias, e tamén polos condicionantes físicos, climáticos e sociais.

Unha primeira aproximación ás características físicas e climáticas da zona, así como á súa riqueza natural, amósanos unha diversidade de posibilidades agrarias e forestais desta comarca, tanto para o seu uso directamente produtivo, como para outro tipo de usos alternativos do espazo natural, como poden ser as actividades relacionadas co ocio e o turismo.

A confluencia de tres aspectos (montaña, precipitacións e temperatura) marcan a relativa diversidade interna da comarca e o contraste entre os concellos do val e da montaña.

A produtividade do solo, nesta zona, é moi variable dunhas áreas a outras do territorio: o Val de Monterrei e sobre todo na zona próxima ao río Támega é de orixe sedimentario, profundo, fértil e moi apropiado para o cultivo; as zonas de montaña que circundan a comarca, contan con terreos aptos, pero moito menos produtivos e con partes, mesmo, de fertilidade regular ou escasa, cunha considerable erosión. Son estes últimos solos os que representan unha parte significativa do total do territorio comarcal. O territorio do concello de Verín, en cambio, goza das partes máis fértiles e do



clima máis benigno da comarca. Sendo unha comarca de clima continental, con fortes contrastes estacionais e cun índice pluviométrico relativamente moderado, con problemas de estío, conta en cambio cun índice de humidade importante e con abundantes augas subterráneas, algunhas delas dan lugar mesmo a mananciais de singulares propiedades mineiro-medicinais que dan pé á existencia de balnearios e plantas embotelladoras de sona no país (Cabreiroá, Sousas, etc.). Pode, mesmo, dicirse que o val de Monterrei conta cun microclima bastante benigno que lle permite unha agricultura relativamente produtiva, e un medio apropiado para a poboación. De feito, un dos principais aproveitamentos agrícolas, de longa tradición histórica, é a viticultura, que duplica aos cultivos herbáceos e, a grande distancia, a froita, que son producións relativamente esixentes.

Na actualidade, a comarca presenta unha cuberta vexetal constituída principalmente por especies introducidas polo home, pero nalgúns zonas mantéñense restos de vexetación natural, que presentan maior ou menor grao de deterioro. As formacións máis abundantes deste tipo son as de mato.

Esa riqueza natural e paisaxística debe ser potenciada e conservada. As temperaturas son contrastadas pero non extremas, e o réxime de chuvias non é dos máis abondosos de Galiza pero mantén un importante nivel hídrico, a excepción do verán (cando existe risco de seca). Estas características fan que, en particular o concello de Verín, sexa un dos que presenta unha importante produtividade potencial, sobre todo en comparanza con boa parte do oriente galego. Esa produtividade debería ser explotada e valorizada.

O monte, constituído por bosques e matos, é unha das riquezas paisaxísticas, ecolóxicas e económicas da comarca. Un dos principais aproveitamentos produtivos constitúeo a industria madeireira, pero nos últimos anos o monte veuse abandonado e descapitalizado, en parte como consecuencia do risco de incendios e o elevado tempo de inmovilización do capital que esta produción require. De feito, a superficie arborada diminuíu drasticamente entre 1989 e 1999, como evidencian os respectivos censos agrarios.

A importancia das terras a monte ten moita maior relevancia no resto da comarca que no concello de Verín en si mesmo. Na comarca, os montes ocupan a maior parte da superficie total, tanto pola relevancia dentro das explotacións minifundistas de vocación agraria, como das grandes explotacións, que son fundamentalmente os extensos e abundantes montes veciñais en man común (M.V.M.C.), e que aparecen como superficie agraria non utilizada.

Xa que logo, tanto nun caso coma no outro a problemática do uso dos montes concéntrase dun xeito especial nun número reducido de explotacións de grande dimensión. A propiedade, estritamente individual, é cuantitativamente moito menos relevante e presenta por riba, na perspectiva de medidas de intervención pública, graves problemas de minifundismo e parcelamento. A prioridade na ordenación de potencialidades forestais ou doutro tipo nesta comarca sitúanse, así pois, nos montes veciñais en man común. En todo caso, debe terse en conta que isto é un aspecto de grande



relevancia desde a perspectiva comarcal, pero a súa importancia é menor cando nos circunscribimos ao estrito marco do concello de Verín.

Táboa 18. Verín. Superficie total das explotacións agrícolas segundo aproveitamento

	1989	1999
<b>Total</b>	5.764	5.800
<b>Terras labradas</b>	1.102	992
<b>Terras para pastos permanentes</b>	189	154
<b>Especies arbóreas e forestais</b>	1.838	458
<b>Outras terras non forestais</b>	2.635	4.195

Fonte: INE. Censo agrario.

Táboa 19. Verín. Aproveitamento das terras labradas nas explotacións agrícolas, en hectáreas. Ano 1999

<b>Cultivos herbáceos</b>	328
<b>Froiteiros</b>	42
<b>Viñedo</b>	622
<b>Total</b>	992

Fonte: INE. Censo agrario.

En canto á dimensión da actividade económica agraria, comentaremos someramente as cifras de emprego deste sector. Como xa sinalamos anteriormente, a realidade do sector preséntasenos radicalmente diferente, segundo cal sexa a fonte de información manexada. Tanto o censo de poboación de 2001, como o rexistro de afiliados á Seguridade Social, fornécenos unha visión dun minúsculo sector agrario, tanto en Verín como na comarca. Esa visión, resulta completamente modificada cando tomamos os datos do censo agrario de 1999. As dúas fontes de información citadas difiren abertamente dos datos fornecidos polo *censo agrario*, realizado neste caso dous anos antes, no ano 1999.

Táboa 20. Ocupados no sector agrario segundo censo agrario e censo de poboación

	Verín		Comarca		Resto comarca	
	Censo Poboación	Censo Agrario	Censo Poboación	Censo Agrario	Censo Poboación	Censo Agrario
<b>Agricultura</b>	182	2424	915	11653	733	9229

Efectivamente, se o censo de poboación de 2001 reflicte un volume de ocupados no sector agrario de 182 en Verín e 915 na comarca, en cambio o censo agrario de 1999 recolle un número de persoas que declaran traballar en explotación agrícolas enormemente superior (2.424 en Verín e 11.653 no conxunto da comarca); certamente unha parte delas declaran ter outras actividades lucrativas principais (entre un cuarto e un terzo delas), pero mesmo as que declaran traballar *exclusivamente* na explotación acadan cifras moi elevadas (1.705 en Verín), que decuplican as do censo de poboación. Cando examinamos con máis detalle esas cifras, observamos que unha parte notable desas persoas



que traballan nas explotacións agrícolas son maiores de 65 anos (máis dun terzo). Os dous anos que separan o censo agrario (1999) e o de poboación (2001) é un factor adicional a ter en conta, sabendo que neses anos se viña producindo unha acelerada caída do emprego agrario (e aumento das xubilacións). Con esas acoutacións redúcense as disparidades, respecto do censo de Poboación pero, aínda así, seguen sendo enormemente superiores e difíciles de explicar.

En todo caso, e máis alá do prurito da precisión numérica, á vista dos datos do censo agrario cómpre ser cauteloso á hora de valorar a importancia da actividade agrícola no concello de Verín e na súa comarca. Os datos invitan a pensar que esta actividade é relevante, non só por ser a ocupación principal dunha parte importante da poboación, senón sobre todo por ser unha actividade complementaria en multitude de fogares. Especial relevancia como actividade complementaria reviste a viticultura, que constitúe con diferenza a principal actividade agraria do concello de Verín, desde que a viña foi desprazando outros cultivos e apropiándose tamén da parte baixa do val. Xustamente, a profesionalización desta actividade é un requisito para unha plena valorización das potencialidades vitivinícolas de Verín e da súa comarca.

Táboa 21. Persoas que traballan nas explotacións agrícolas segundo a relación co titular e o grupo de idade en Verín. 1999

	Total	Ata 34 anos	De 35 a 54 anos	De 55 a 64 anos	De 65 anos e máis
<b>Total</b>	2424	189	759	598	878
<b>Titulares</b>	1498	62	452	383	601
<b>Cónxuxes</b>	594	26	196	168	204
<b>Outros membros da familia do titular</b>	332	101	111	47	73

Fonte: INE. Censo Agrario.

Táboa 22. Verín. Persoas que traballan nas explotacións agrícolas segundo a relación co titular e a ocupación principal. 1999

	Total	Titulares	Cónxuxes	Outro membro da familia do titular
<b>Total</b>	2424	1498	594	332
<b>Só na explotación</b>	1705	1063	451	191
<b>Outra actividade lucrativa principal</b>	704	426	140	138
<b>Outra actividade lucrativa secundaria</b>	15	9	3	3

Fonte: INE. Censo agrario.

Táboa 23. Verín. Explotacións agrícolas segundo superficie total e segundo superficie agrícola utilizada. 1999

<b>Explotacións con terras</b>	1521
>=0,1 a <5	1441
>=5 a <10	46
>=10 a <20	22
>=20 a <50	1



>=50	11
<b>Explotacións con superficie agraria utilizada</b>	1307
>=0 a <5	1282
>=5 a <10	18
>=10 a <20	7
>=20 a <50	0
>=50	0

Fonte: INE. Censo agrario 1999.



## 5. O SISTEMA DE DOTACIÓNS URBANÍSTICAS.

### 5.1. INTRODUCCIÓN

A valoración cualitativa do sistema de dotacións urbanísticas, constitúe dende unha perspectiva social e cidadá un dos principais indicadores á hora de definir un concepto híbrido entre calidade ambiental e benestar social que chamaremos calidade de vida, máis asociada ao artellamento e desenvolvemento urbanístico dun sistema poboacional. Partindo dun concepto que vén acoutado por unha multiplicidade de factores dispaes, a dimensión “cualitativa” xorde principalmente da integración de valoracións individuais, e ata tal punto que a súa determinación queda supeditada á percepción persoal, inserida nun contexto sociocultural concreto.

A imprecisión do termo e a súa introdución no marco xurídico-técnico da urbanística actual, levou ao establecemento dunhas condicións obxectivas que permitisen a comparación desas realidades dispaes. Dende o punto de vista do lexislador urbanístico, a avaliación do nivel dotacional partiu inicialmente da fixación duns parámetros cuantitativos estáticos (estándares), aplicables a toda a dimensión territorial acadada (na maior parte dos casos) polo instrumento de ordenación habilitado para a ordenación integral do territorio, (principalmente os Plans Xerais).

O alto nivel de abstracción (ou redución) que subxacía neste enfoque, non permitía garantir e valorar, en termos cualitativos, un mínimo acaecemento aos diferentes grados de cohesión social inherentes á multiplicidade de modos de asentar. A idea de dotación como condensador social, como factor dinamizador da estrutura relacional e física dun sistema poboacional, tería que ir parella a unha acción propositiva consecuenta, precedida dun exhaustivo labor de análise.

A recente modificación do marco normativo regulador da actividade urbanística na comunidade autónoma, tratou de recoñecer a heteroxeneidade manifesta do feito urbano, a partir da súa discretización en unidades territoriais homoxéneas.

*[...] A totalidade do solo urbano dividirase polo Plan Xeral en distritos, atendendo á racionalidade e calidade da ordenación urbanística e a accesibilidade da poboación ás dotacións, utilizando preferentemente como límites os sistemas xerais dos elementos estruturantes da ordenación urbanística, e coincidindo na maior parte da súa extensión cos barrios, parroquias ou unidades territoriais con características homoxéneas [...]* Artigo 49.1, TR da Lei 9/2002.

En función do carácter informativo (non ordenador) deste documento procurouse unha aproximación dende a división en seccións censuais e que vén de ser realizada a efectos estatísticos polo *Instituto Nacional de Estadística (INE)*. Esta división territorial axústase en certa medida á delimitación dos “barrios” como espazos xeradores de identidade e arraigo individuais, en ningún momento se está a



falar de distritos en solo urbano, aínda que están presentes de cara ás futuras fases de ordenación (resultaría factible a agrupación de seccións censuais).

## 5.2. DEFINICIÓN E CLASIFICACIÓN DAS DOTACIÓNS

Conceptos como o de dotación, equipamento e servizo empréganse indistintamente para definir as estruturas espaciais e sociais que serven á comunidade; entendidas, de modo xeral, como complementos das grandes funcións de residencia, transporte e actividade produtiva. Lonxe de afondar en disquisicións lingüísticas, a significación concreta destes termos vai indefectiblemente vinculada ao mundo da planificación física, e en concreto á ciencia urbanística.

Cunha vocación netamente xurídica, o concepto de *dotación* acada a súa plenitude na propia lexislación urbanística, particularmente no TR da Lei 9/2002, no artigo 47 inclúese a definición de sistema xeral de dotacións urbanísticas como (...) *conxunto de dotacións urbanísticas ó servizo predominante do conxunto da poboación, do seu asentamento, mobilidade e emprego, en proporción adecuada ás necesidades da poboación (...)*, establecéndose por unha banda precisións conceptuais importantes acerca da natureza das dotacións e por outra a súa categorización en función do rango de servizo. O sistema xeral de dotacións urbanísticas, encadrado na “tradicional” división sistémica, establecida no Regulamento de Planeamento (RD 2159/1978), englobaría nun rango de servizo estendido á totalidade do territorio municipal, aos espazos libres ou construídos que constitúen o soporte físico para acubillar os servizos de consumo colectivo. Neste punto, a lexislación urbanística estende a mesma consideración dotacional ás escalas propias dos ámbitos territoriais subsidiarios nos que se articula o territorio municipal, falamos da escala do local, definitoria do *Sistema de Dotacións Locais* complementario.

Xenericamente falaremos de sistema de dotacións urbanísticas, englobando tanto os espazos libres e zonas verdes de uso e dominio público como os equipamentos comunitarios, deste modo o concepto equipamento comunitario quedaría incluído no de dotación, na medida en que así vén recollido na lexislación urbanística e sectorial.

## 5.3. METODOLOXÍA. ELECCIÓN E XUSTIFICACIÓN DE ESTÁNDARES

O obxecto primordial desta análise consiste na estruturación e cuantificación das necesidades cidadás de cara á correcta ordenación do sistema de dotacións urbanísticas inserido no novo modelo territorial definido polo Plan Xeral. Para isto, servíuse da metodoloxía empregada no estudo “*La ciudad y los ciudadanos*” realizado polo *Seminario de Planeamento e Ordenación do Territorio* do *Instituto Juan de*





*Herrera (Escuela Técnica Superior de Arquitectura de Madrid)* e publicada baixo o mesmo título polo Ministerio de Fomento.

O traballo partiu da definición das *gradacións urbanas* como ámbitos recoñecibles, determinados por límites de tamaño e densidade, de tal modo que fose posible o establecemento das dotacións correspondentes e o umbral de aparición destas.

Doutra banda, a definición e clasificación das dotacións realizouse segundo o establecido no apartado anterior, baseada principalmente en criterios normativos. Unha vez obtida a relación entre os ámbitos territoriais de servizo e as dotacións en cuestión procedeuse á comparativa cos parámetros de referencia desexables extraídos do estudo “*La ciudad y los ciudadanos*” e convenientemente adaptados á realidade sociodemográfica do concello de Verín, mediante esta operación avaliarase o déficit ou superávit en extensión de solo requirido para cada dotación.

Brevemente, o procedemento resúmese na realización das seguintes fases.

- Definición e clasificación das dotacións
- Definición das gradacións urbanas (división territorial).
- Definición dos parámetro dotacionais acaídos á estrutura demográfica do concello de Verín
- Dotacións existentes e a súa distribución espacial

### **Establecemento das gradacións urbanas e rangos de servizo.**

Servíndonos de parte do traballo desenvolvido no ámbito da xeografía social, durante a segunda metade do século pasado, a identificación de umbrais cidadáns tentou acadar o seu correlato espacial na delimitación de unidades *urbanas*, cuestión esta última, que supuxo unha asunción imprecisa do feito urbano, mais indisolublemente ligado á esencia cidadá. En función das diversas autorías, inseridas en contextos culturais determinados, procedeuse á xerarquización e definición dos umbrais urbanos, entre os que sempre sobresaíu como umbral básico para o desenvolvemento da convivencia cidadá o barrio, comunidade, unidade de barrio,..., que partindo duns niveis de poboación comprendidos entre 5.000 e 20.000 habitantes distribuídos nun ameto territorial preciso, constituíuse como esencia natural da cidade, integrando liberdade individual, organización social e identificación territorial.

A aplicación de categorías semellantes atópase moitas veces co carácter inaprehensible (inclasificable) do real, mais cabe salientar que, en termos cuantitativos, o dato de poboación en Verín rolda ese umbral mínimo, acadando un número de 8.800 habitantes para o asentamento principal, denominado tradicionalmente como a *vila*.

Deste xeito, podemos concluír que a vila de Verín acada a propia dun **barrio**, ou mellor dito **barrio-vila** inserido no sistema de polinuclear de asentamentos da área comarcal. O **barrio-vila (barrio)** poderíase definir como o espazo de identidade e pertenza do individuo. O seu tamaño soe oscilar entre os 5.000 e 15.000 habitantes; aproximadamente 3.000 vivendas, contidas dentro dun ámbito territorial accesible



nun percorrido máximo de 15 minutos a pé (nun radio de aproximadamente 400 m). Esta dimensión é capaz de tolerar relacións sociais máis extensas en termos de asociacionismo, dotacións ou institucións e é o umbral sobre o que empezan a sosterse niveis de servizos colectivos complexos (centros sociais, bibliotecas, centro de ensino secundario, centro de saúde, mercado, comercio especializado,...)

Séguelle nun posto inmediatamente inferior o **nivel veciñal, a veciñanza**, que vén definido como a unidade mínima recoñecible no espazo urbano e que garante a homoxeneidade morfolóxica e social. Ese carácter de unidade elemental fai que constitúa o umbral mínimo para a existencia de dotacións intimamente relacionadas co doméstico. Serían áreas de arredor das 500 vivendas, cunha poboación comprendida entre os 1.500 e 2.000 habitantes. Os desprazamentos a pé non debería superar os 5 minutos (75 m) e o ámbito territorial de influencia medio estímase en 200 metros. Permite relacións de veciñanza frecuentes mesmo cotiás; precisan duns servizos básicos e espazos de carácter intermedio e comunitario (espazos públicos de estancia, xogos de nenos, escola infantil, comercio básico, locais sociais).

Cun criterio exclusivamente funcional en termos de ordenación, establecéronse dous umbrais superiores e que veñen de ser referidos exclusivamente á división administrativa territorial e polo tanto supeditados á acción política:

Un é o **umbral municipal**, e que vén circunscrito a un rango de servizo municipal e, polo tanto, estendido á totalidade do termo verinés; é o umbral dos denominados *sistemas xerais* na lexislación urbanística, e en función do establecido nela (Artigo 47 do TR da Lei 9/2002) a súa extensión virá determinada pola avaliación do teito residencial previsto no desenvolvemento do instrumento de ordenación municipal (o Plan Xeral). Como se pode apreciar, a introdución do criterio de ordenación superponse aos propios das ciencias sociais e que proveñen da consideración da cidade como fenómeno sociopolítico nun senso amplo. En termos de accesibilidade peonil, considerouse como máximo un radio de movemento, non maior que 1.000 metros e cuxas distancias non superasen un tempo, máis alá dos 30 minutos. Lonxe destas distancias xa é preciso considerar a utilización de medios de transporte motorizados.

No umbral máximo atópase o **supramunicipal**, que é o propio dos *sistemas territoriais* e cuxo rango de servizo supera amplamente a extensión municipal. Se no marco normativo regulado polo Plan Xeral acadan igualmente a consideración e réxime de *sistemas xerais*, a súa aparición vén determinada por decisións políticas de administracións supramunicipais encadradas moitas veces no eido dos instrumentos de ordenación territorial (*Directrices Territoriais*, plans sectoriais,...). En termos de



accesibilidade peonil considerouse a mesma hipótese que no caso anterior. Estes son os rangos de servizo<sup>39</sup> para as diferentes gradacións urbanas:

Rangos de Servizo		
Rango	Distancia peonil (m)	Distancia ciclista (m)
VECINANZA	75	150
BARRIO	400	400
MUNICIPAL	1.000	1.000
SUPRAMUNICIPAL	1.000	1.000

### Os parámetros dotacionais de referencia.

En conxunto, e en base ás características analizadas, cabe afirmar que Verín axústase a un modelo de poboación sostible<sup>40</sup> (fronte a poboacións mozas ou avellentadas), aínda que a sustentabilidade deba relativizarse en función da tendencia demográfica do modelo social europeo (moi acentuado para o conxunto de Galicia) que apunta cara a un pasenío descenso da natalidade, co conseguinte avellentamento xeral. Estamos a falar dunha poboación, cuxa estrutura demográfica manteríase relativamente estacionaria ao longo do tempo, grazas ao movemento natural e á recepción de fluxos migratorios (positivos) nos grupos de 30 a 44 anos e que hoxe en día xa se manifestan no territorio verinés.

#### Parámetros para unha distribución óptima de solo dotacional para unha cidade sostible

Tipo	Parámetro (m <sup>2</sup> /Hab)
ASISTENCIAL	1,135
DEPORTIVO	1,550
EDUCATIVO	4,460
SANITARIO	0,430
SOCIOCULTURAL	0,486
Total	8,061
ESPAZOS LIBRES	20

Coa utilización destes parámetros, o propósito último é o de establecer unha avaliación óptima da calidade urbana na cidade, a través do seu compoñente senlleiro: a dotación urbanística.

### As áreas de referencia. A división territorial.

<sup>39</sup> Para a determinación dos rangos de servizo tomáronse como referencia válida as recomendacións para a disposición o equipamento e a configuración dos camiños peonís arredor da vivenda que propón Dieter Prinz no seu libro *Planificación y Configuración urbana*.


<sup>40</sup> Véxase o apartado *A Poboación*, incluído no presente documento.




A base espacial de referencia que permite relacionar a estrutura da poboación co sistema de dotacións existentes, é a que vimos a denominar como barrio-vila referida á cidade compacta e continua verinesa.

A utilización da actual demarcación parroquial, que en número ascenden a 15, produce un efecto distorsionante na percepción real da distribución poboacional no territorio verinés. Este efecto merece unha consideración especial, pois manifesta a perda do valor referencial da división parroquial, de cara ao estudo das dinámicas sociorresidenciais, ata o punto de que en Verín unicamente acada a condición de división eclesiástica.

Os dous planos seguintes permítennos amosar graficamente a magnitude do desfase: o plano *Densidade de poboación* amosa a distribución xeográfica da poboación (censo 2001) no termo municipal de Verín. Procurando unha división territorial máis acaída á dimensión cidadá do concello, e en parte coincidente coa división de “barrios” (en puridade habería que falar de unidades de veciñanza na xerarquía socioterritorial exposta anteriormente), optouse pola consideración das seccións censuais. A estes efectos, o plano de *Ámbitos Territoriais* resulta particularmente aclaratorios.







sección censual		superficie	poboación
"Pazos"	320850 1003	5331755,97 m <sup>2</sup>	977
"Verín Sur"	320850 1005	55521911,78 m <sup>2</sup>	1838
"Verín Institutos"	320850 1002	1227110,17 m <sup>2</sup>	1022
"Verín Administrativo"	320850 1008	703296,37 m <sup>2</sup>	1552
"Verín Centro Saúde"	320850 1010	859815,65 m <sup>2</sup>	1161
"Verín Balnearios"	320850 1009	859877,07 m <sup>2</sup>	1350
"Verín Alameda"	320850 1001	713319,35 m <sup>2</sup>	1740
"Verín Cemiterio"	320850 1007	705415,72 m <sup>2</sup>	1104
"Verín Nordeste"	320850 1004	28613113,62 m <sup>2</sup>	2173
		<b>94535615,69 m<sup>2</sup></b>	<b>12917</b>

A continuación defínense as características dos sistemas e subsistemas dotacionais, e procédese á comparanza co parámetro superficial para unha poboación sostible, outra vez realízase un pequeno estudo de accesibilidade peonil enfocándoo cara á definición do grao de servizo de cada unha das dotacións (número de persoas que poden acceder a unha dotación, a partires das condicións de accesibilidade correspondentes ao rango de servizo e á densidade de poboación, dentro da área de influencia accesible).

#### 5.4. SISTEMA DE ESPAZOS LIBRES E ZONAS VERDES DE DOMINIO E USO PÚBLICO.

Vén definido como a sucesión de espazos libres e abertos, directamente vinculada ao sistema viario, co que comparten uso e domini. Recoñécese, polo seu carácter público e pola realización de actividades relacionadas coa estancia, comunicación, lecer, práctica de deportes e fomento dos aspectos naturais, tendentes a garantir a salubridade, repouso e espallamento, potenciación da variedade urbana e optimización das condicións ambientais, paisaxísticas e estéticas da cidade. Cunha vocación claramente urbana e ordenadora, o sistema de espazos libres acada un importante rol como mecanismo de amortecemento e/ou preservación das dinámicas naturais preexistentes, encadrado no mosaico ecolóxico de illas e corredores como base do proxecto ambiental do Plan Xeral.

##### 5.4.1. ESPAZOS LIBRES E ZONAS VERDES DE ÁMBITO CIDADE (SISTEMA XERAL DE ESPAZOS LIBRES E ZONAS VERDES)

###### Parques urbanos:

**Grandes parques.**- Áreas axardinadas de grande tamaño (lixeramente superiores a 11.000 m<sup>2</sup>), que serven como lugar de encontro e repouso aos habitantes da cidade compacta e continua. Poden conter elementos especiais que os caractericen, fronte ao resto das áreas axardinadas. No caso concreto de



Verín, veñen de ser recentemente obtidas e, parte delas, acondicionadas, feito que permite salientar a potenciación da dimensión cidadá da capital do concello.

**Paseo-praia fluvial e espazo deportivo do río Támega (1003)** , cunha superficie de 11.180m<sup>2</sup> aproximadamente.

**Pequenos Parques.**- Correspóndense co sistema de parques integrados no conxunto histórico da cidade. Son espazos libres de identidade histórica e simbólica para a cidade, e presentan modestas dimensións (arredor aos 4.000 m<sup>2</sup>), en parte determinadas pola especial morfoloxía do tecido histórico verinés. Suman, estas superficies, un total de 20.315 m<sup>2</sup> aproximadamente, máis os 3.573 m<sup>2</sup> dos sendeiros e áreas de estanza, vinculados ao río Támega máis abaixo especificados. Os pequenos parques suman, por tanto, 23.885 m<sup>2</sup> entre todas as superficies.

**Alameda (1001).**-Trátase dun espazo de importante significación no maxín dos verinés, salienta igualmente polo valor dos elementos vexetais en relación aos restantes espazos de lecer.

**Praza do Concello (1008)** trátase dun espazo de especial significación, para a poboación e de marcada centralidade, administrativa e comercial.

**Praza Maior (1001)** trátase dunha praza de configuración tradicional urbana, empedrada, e motivos vexetais escasos, e con mobiliario urbano. Localízase no centro histórico, nas proximidades do Casco Histórico.

**Marxe dereita do río Támega (1003) e Marxe esquerda do río Támega (1001)**, paseos-parque que invitan á poboación a percorridos naturais, no tramado urbano da cidade.

Debemos sinalar a importancia do percorrido do río Támega polo territorio verinés, pois xera ao seu paso **sendeiros e pequenas áreas de estancia**, aínda que sen acondicionar de xeito manifesto. Xeran o seu percorrido e áreas de lecer no territorio da cidade e polo seu significado pertencen ao Sistema Xeral de espazos libres e zonas verdes, deste xeito apróveitanse ao máximo as posibilidades do curso fluvial, vertebrando dalgún xeito o municipio. Localízanse nas seccións **1002 e 1003** (1.359 m<sup>2</sup> e 2214 m<sup>2</sup> aproximadamente) ademais dos xa sinalados.

#### 5.4.2. ESPAZOS LIBRES E ZONAS VERDES DE ÁMBITO VECINDARIO (SISTEMA LOCAL DE ESPAZOS LIBRES E ZONAS VERDES)

**Áreas de estancia.**- Veñen constituídas por áreas (axardinadas ou non) que serven de encontro e repouso aos habitantes da veciñanza. Posúen superficies modestas, comprendidas entre os 100 e 2500 m<sup>2</sup>. Temos que salientar que polo extenso do territorio e polas 15 parroquias que constitúen o concello, localízanse moitos espazos libres sen acondicionar e de utilización pública, que se relacionan a continuación, pero agrupándoos por unha maior afectación parroquial ou de ámbito municipal ou urbano:





De ámbito urbano sinalamos:

**Rueiro na confluencia de rúa Maior e Luís Espada (1001)** no centro da cidade nas proximidades do río Támega e da Alameda, de modestas dimensións vén sendo un descanso urbano.

**Praza da Mercé (1001)** plenamente urbana, de recente remodelación, empedrada e debe o seu nome á igrexa da Mercé. Localízase tamén o colexio relixioso privado na mesma praza.

**Rueiro Capela de San Lázaro (1003)**, contorno urbano recentemente posto en valor, coa remodelación do rueiro e áreas lindeiras, localizada xunto á Casa do Escudo. Sería interesante continuar o acondicionamento das áreas próximas, para rebaixar o peso do tránsito rodado que o atravesa e lle resta valor ambiental.

**Rueiro na confluencia de Amaro Refojo e M. Carrero (1001)** pequeno espazo urbano arborado e mobiliario urbano.

**Rueiro na confluencia de R. Do Lavadoiro e Rosalía de Castro (1007)** espazo aberto, na actualidade, no que antigamente se localizaba unha gardería, hoxe en desuso. Pequeno edificio de posible reutilización.

**Espazo libre na rúa Constitución (1008)** pouco acondicionado ao que se lle podería sacar máis partido, pois localízanse poucos espazos verdes urbanos.

**Espazo libre na Rúa Irmáns Lasalle (1008)** pequena área de estancia algo axardinada e bancos

**Espazo libre na Biblioteca municipal (1008)** de uso polos asistentes ao equipamento

**Espazo libre na Avda. de Portugal (1002)** preto dos institutos García Barbón e colexios públicos, nas inmediacións do complexo deportivo A Granxa, con arborado e bancos, descoidado.

**Espazo libre asociado ao Centro Ocupacional (1009)** área de estancia axardinada, na entrada do centro ocupacional, con bancos para uso público.

Suman unha superficie de 5795 m<sup>2</sup> aproximadamente

De ámbito rural ou parroquial debemos apuntar unha chea de espazos libres e pequenos espazos, nos núcleos que sen acondicionar ou pouco acondicionados, son espazos categorizados como sistemas locais de espazos libres e zonas verdes. As superficies suman un total de 57875 m<sup>2</sup>. Ímolos agrupar por seccións censuais, para unha maior coherencia de criterios. Así debemos sinalar:

**Sección censual 1003 “Pazos”:** 708,88m<sup>2</sup> distribuídos do seguinte xeito



ESP.LIBRE FRONTE A IGREXA PAZOS	297,76 m <sup>2</sup>
ESP.LIBRE ÁREA DE ESTANCIA PAZOS	315,87 m <sup>2</sup>
ESP.LIBRE NA ESTRADA PAZOS	95,26 m <sup>2</sup>

**Sección censal 1004 “Verín Nordeste”: 39.846 m<sup>2</sup>**

ESP. LIBRE CAMPO DOS REMEDIOS	13479,82 m <sup>2</sup>
ESP. LIBRE IGREXA DE VILARMAIOR	250,73 m <sup>2</sup>
ESP. LIBRE CALDELIÑAS	26,59 m <sup>2</sup>
ESP. LIBRE NO SALGUEIRO	302,23 m <sup>2</sup>
ESP. LIBRE EN SALGUEIRO	112,85 m <sup>2</sup>
ÁREA DE DESCANSO DA ESTRADA PARQUE QUEIRUGAS	21721,41 m <sup>2</sup>
ESP. LIBRE LOCAL SOCIAL	166,24 m <sup>2</sup>
ESP. LIBRE CRUCEIRO QUEIRUGÁS	21,66 m <sup>2</sup>
ESP. LIBRE ÁBEDES	301,03 m <sup>2</sup>
ESP. LIBRE CRUCEIRO	128,14 m <sup>2</sup>
PRAZA XUNTO A IGREXA TINTORES	299,31 m <sup>2</sup>
ESP. LIBRE CRUCEIRO VILELA	29,09 m <sup>2</sup>
ESP. LIBRE (AIRA) VILELA	166,87 m <sup>2</sup>
ESP. LIBRE NA IGREXA A RASELA	121,89 m <sup>2</sup>
ESP. LIBRE EN QUEIRUGAS	1869,01 m <sup>2</sup>
ESP. LIBRE EN QUEIRUGAS	849,92 m <sup>2</sup>

**Sección censal 1005 “Verín Sur”: 13582m<sup>2</sup>**

ESP. LIBRE CRUCEIRO CABREIROÁ	46,58 m <sup>2</sup>
ESP. LIBRE O LADO DA IGREXA QUEIZAS	94,51 m <sup>2</sup>
ESP. LIBRE CRUCEIRO QUEIZAS	111,89 m <sup>2</sup>
PRAZA TAMAGOS	76,73 m <sup>2</sup>
PRAZA EN TAMAGOS	173,83 m <sup>2</sup>
PRAZA EN TAMAGOS	173,29 m <sup>2</sup>
ESP. LIBRE EN TAMAGOS (PARADA DE BUS)	126,41 m <sup>2</sup>
PRAZA ÁREA DE ESTANCIA MOURAZOS	548,17 m <sup>2</sup>
ESP. LIBRE (FESTA DE S. AMARO) MOURAZOS	3492,64 m <sup>2</sup>
ESP. LIBRE CON FONTE MOURAZOS	298,95 m <sup>2</sup>
PRAZA CON PALCO TAMAGUELOS	543,57 m <sup>2</sup>
PRAZA XUNTO Á IGREXA	217,14 m <sup>2</sup>
ESP. LIBRE XUNTO Á ESTRADA	227,92 m <sup>2</sup>
ESP. LIBRE XUNTO AO COLEXIO MANDIN	2046,19 m <sup>2</sup>
PRAZA XUNTO Á IGREXA EN MANDIN	582,82 m <sup>2</sup>
ESP. LIBRE EN MANDIN	398,26 m <sup>2</sup>
ESP. LIBRE Á BEIRA DA ESTRADA FECES DE ABAIXO	3730,01 m <sup>2</sup>
PRAZA FECES DE ABAIXO	38,81 m <sup>2</sup>
PRAZA FECES DE ABAIXO	70,64 m <sup>2</sup>



PRAZA FECES DE ABAIXO	150,18 m <sup>2</sup>
ESP. LIBRE FECES DE ABAIXO	433,32 m <sup>2</sup>

**Sección censual 7 “Verín Cemiterio”** : 1524 m<sup>2</sup> de superficie, localizados nun espazo libre na N525 na parroquia da Rasela.

**Sección censual 8 “Verín Administrativo”, Sección censual 9 “Verín Balnearios”** contabilízanse os espazos como trama urbana e a **sección censual 10 “ Verín Centro de Saúde”**. Non conta con espazos libres de sistema local, unicamente unha pequena área na entrada do equipamento, que non contabilizamos.

**Áreas de xogo.-** Áreas especialmente acondicionadas para o xogo e espaxamento infantís e que veñen de servir ás necesidades máis básicas da poboación infantil residente. Normalmente posúen modestas dimensións (dos 200 m<sup>2</sup> aos 3.000 m<sup>2</sup>), porén no termo municipal de Verín comprenden superficies de maiores dimensións entre os 1.000 m<sup>2</sup> e os 13.000 m<sup>2</sup>, xa que contan con espazos abertos máis amplos dos habitualmente dedicados a estas áreas de xogos. Debemos salientar que no centro urbano estas áreas de xogos son moi escasas. As superficies totais de áreas de xogo suman 48.186 m<sup>2</sup> .

**Sección censual 1003 “Pazos”**: 3620 m<sup>2</sup> Praza e área recreativa infantil de Pazos.

**Sección censual 1004 “Verín Nordeste”**: 29083 m<sup>2</sup>

ESP LIBRE VILARMAIOR	13986,50 m <sup>2</sup>
ESP.LIBRE XUNTO BALNEARIO ÁREA XOGOS	1389,02 m <sup>2</sup>
ESP LIBRE XOGOS INFANTÍS ÁBEDES	4392,88 m <sup>2</sup>
ESP. LIBRE PARQUE , XOGOS A RASELA	9315,18 m <sup>2</sup>

**Sección censual 1005 “Verín Sur”**: suma 13620 m<sup>2</sup>

PARQUE (CAMPO DA FESTA) QUEIZAS	5175,86 m <sup>2</sup>
PARQUE INFANTIL QUEIZAS	1520,08 m <sup>2</sup>
PARQUE XOGOS EN TAMAGOS	1102,61 m <sup>2</sup>
PARQUE INFANTIL EN FECES DE ABAIXO	2650,91 m <sup>2</sup>
ESP. LIBRE EN CABREIROÁ	3171,96 m <sup>2</sup>

**Sección censual 1010 “Verín Centro de Saúde”**: espazo libre anexo á piscina municipal, con xogos infantís, cunha superficie de 1861 m<sup>2</sup>.

#### 5.4.3. OS PARQUES FORESTAIS E/OU ÁREAS FLUVIAIS

Requiren de especial consideración, por serviren de pezas de transición e acceso ao extraordinario medio natural, presente no concello de Verín. Trátase dunha aproximación lúdica e ociosa ao espazo de ribeira tradicional e ao monte, feito que debe valorarse como parte do xurdimento dunha conciencia ecolóxica non moi despegada da idiosincrasia “rural” tradicional. Certamente, a xestión e



acondicionamento destes espazos, dependeron e dependerán da actuación das autoridades competentes e cidadanía en xeral, e ás comunidades de montes en man común.

As áreas recreativas fluviais e forestais identificadas no labor informativo, foron dúas pezas (ambas nas sección censual 1004, "Verín nordeste") e son o **Campo dos Remedios** cunha superficie total de 102.000 m<sup>2</sup> e a **área recreativa fluvial en Tintores**, cunha superficie de 155.660 m<sup>2</sup>, que no seu conxunto estaríamos a falar de preto dos 258.000 m<sup>2</sup>

#### 5.4.4. PARÁMETROS COMPARATIVOS

Para a adopción do parámetro comparativo de espazos libres que permita avaliar o estado da oferta, contemplouse o dato referido no TR da **Lei 9/2002 para o cumprimento do estándar de sistemas xerais de espazos libres (15 m<sup>2</sup> por cada 100 m<sup>2</sup> t.resid.)** e que para un concello como o de Verín que conta cunha superficie de solo urbano de máis de 5 millóns de m<sup>2</sup> -medido sobre plano- e uns **1.275.000 m<sup>2</sup> edificados residenciais estimados**<sup>41</sup>, requiriríase de 191.250 m<sup>2</sup> de espazos libres para cumprir a Lei. A cifra é obxectivamente superada con folgura, polos cómputos dos espazos libres e zonas verdes do termo municipal (mesmo polos que consideramos como de sistema xeral), tal e como se detalla no cadro de parámetros actuais de Espazos Libres.

Pola outra banda e utilizando os **parámetros comparativos da cidade-vila sostible** requiridos para estas dotacións, debemos falar de, como mínimo 20 m<sup>2</sup>/hab de espazos libres, así o concello presenta serios déficits se aplicamos os m<sup>2</sup> requiridos pola Lei, segundo o teito edificado e a poboación á que deben servir. Deste xeito, os m<sup>2</sup> "edificados" e a poboación do municipio non chegan aos estándares establecidos como óptimos ou recomendables, pois os 135.000 m<sup>2</sup> libres para os 12.917 hb supoñen uns 11m<sup>2</sup>/hb nun municipio cun total de 900.000 m<sup>2</sup> residenciais construídos, así os 135.000 m<sup>2</sup> básicos e requiridos por lei quedan curtos, para a poboación de Verín, que se establece en 12.917 hb.

Parámetros Actuais de Espazos Libres por tipo

Tipo	Superficie (m <sup>2</sup> )	Poboación (Hab)	Parámetro (m <sup>2</sup> /Hab)
ÁREAS DE ESTANCIA	69445	12917	5,376
ÁREAS DE XOGO	48186	12917	3,730
PEQUENOS PARQUES	23885	12917	1,849
GRANDES PARQUES	11180	12917	0,865
PARQUES FORESTAIS	257660	12917	19,947
<b>Total</b>	<b>410.356 m<sup>2</sup></b>	<b>12917</b>	<b>31,767</b>

**Diferenza paramétrica de Espazos Libres (total)**

	Sup. (m <sup>2</sup> )	Poboación (Hab)	Parámetro (m <sup>2</sup> /Hab)	Parámetro sostible	Diferencia (m <sup>2</sup> /Hab)	Déficits/superávit (m <sup>2</sup> )
Total	410.356	12.917	31,767	20	+11,767	+151.994,34

A táboa amosa que a media do municipio está moi por riba do parámetro estimado como desexable. Haberá pois que **analizar polo miúdo as localizacións para unha relación óptima de superficie/habitante** por sección censual, xa que a amplitude do concello e a súa espacial orografía e modo de asentamento poboacional require dunha aproximación máis atinada.

**5.4.5. SISTEMAS DE ESPAZOS LIBRES E A SÚA DISTRIBUCIÓN ACTUAL**

A análise da situación actual respecto dos espazos libres realízase ao nivel das seccións censuais:

**Diferenza paramétrica de espazos libres**

Sección Censual	Sup. (m <sup>2</sup> )	Pob. (Hab)	Parámetro (m <sup>2</sup> /Hab)	Parámetro sostible	Diferencia (m <sup>2</sup> /Hab)	Déficits/ superávits (m <sup>2</sup> )
"Pazos" 1003	23.999,04	977	24,56	20,00	4,56	<b>+4.455,12</b>
"Verín Sur"1005	28.519,25	1.838	15,51	20,00	-4,49	<b>-8.252,62</b>
"Verín Institutos" 1002	1.752,40	1.480	1,18	20,00	-18,82	<b>-27853,60</b>
"Verín Administrativo" 1008	4.623,98	1.552	2,97	20,00	-17,03	<b>-26.430,56</b>
"Verín Centro Saúde" 1010	1.861,12	1.161	1,60	20,00	-18,40	<b>-21.362,40</b>
"Verín Balnearios" 1009	871,25	1.350	0,64	20,00	-19,36	<b>-26.136,00</b>
"Verín Alameda" 1001	15.839,16	1.740	9,10	20,00	-10,90	<b>-18.966,00</b>
"Verín Cemiterio" 1007	1.756,68	1.104	1,59	20,00	-18,41	<b>-20.324,64</b>
"Verín Nordeste" 1004	331.130,31	2.173	152,38	20,00	132,38	<b>+287.661,74</b>

A dotación de **espazos libres e zonas verdes de uso e dominio público é claramente insuficiente na meirande parte do concello de Verín** en relación ao parámetro comparativo considerado. Unicamente a sección censual 1003 e 1004 son de signo positivo, no tocante aos parámetros de sustentabilidade. A Sección censual 1003 que se corresponde con "Pazos", e que é practicamente coincidente coa parroquia do mesmo nome, axústase aos parámetros de sostibilidade desenvolvidos nesta análise. Así pois, apréciase un 4,56 m<sup>2</sup>/hab máis dos 20 m<sup>2</sup>/hb estipulados como parámetro sostible. A Sección censual 1004, (a máis numerosa en poboación e a segunda en superficie) que

<sup>41</sup> O INE 2001 rexistra un total de 7.568 vivendas, que engadindo as 413 de nova construción entre os anos 2002 e 2003 segundo os datos de construción (nova planta) do IGE contabilizamos un total de 7.981 vivendas no ano 2003, xa que non temos datos máis recentes, mais unha estimación doutras 500 para os anos 2004 e 2005. Así pois, se consideramos a cifra estandar de 150 m<sup>2</sup> por vivenda podemos establecer un total duns 1.275.000 m<sup>2</sup> de teito edificado .



abranguería unha poboación de 2.173 hab sobre unha extensión de 28.613.113 m<sup>2</sup>, amosaría un superávit de espazos libres de 132,38 m<sup>2</sup>/hab; esta sección censual, a 1004, denominada nesta aproximación territorial como “Verín Nordeste” comprende a totalidade das parroquias de Ábedes, Queirugas, Vilarmaior do Val e Tintores e, aproximadamente o 85% da parroquia da Rasela e un 25% de Cabreiroá. Debemos sinalar que nesta sección censual localízanse os únicos espazos do municipio con “clasificación de parque forestal e de parque fluvial” do termo municipal, estes son o “Campo dos Remedios” localizada na parroquia de Vilarmaior do Val e a “Área Recreativa Fluvial do río Támega” en Tintores, ambas as dúas suman a importante cifra que eleva os estándares da sección censual 1004, que as abrangue.

O resto das seccións censuais son claramente deficitarias, pois non acadan os parámetros de sostibilidade establecidos, tal e como figura no cadro das diferenzas paramétricas dos espazos libres do municipio de Verín. Nos seguintes parágrafos detallamos estes valores, para unha mellor aproximación ao territorio:

Sección censual 1005 “Verín Sur” contabilízanse un total de 1838 veciños. Polo peso de poboación é a segunda sección en importancia pero pola súa extensión é a primeira, e con diferenza, pois abrangue as parroquias na súa totalidade de Feces de Cima, Feces de Abaixo, Mandín, Tamaguelos, Mourazos, Tamagos, Tamaguelos e aproximadamente o 95% de Queizas e o 75% de Cabreiroá, polo que a súa superficie total é de 55.521.911,78 m<sup>2</sup>. Así, con todo, esta sección censual amosa déficit de espazos libres e zonas verdes no valor de -8.252,62 m<sup>2</sup>, segundo os parámetros de sustentabilidade establecidos.

As seccións censuais 1001, 1002, 1007, 1008, 1009 e 1010 presentan os déficits de maior peso no conxunto municipal. Estas 6 seccións censuais, dividen o casco urbano verinés na súa trama urbana dun xeito máis ou menos homoxéneo desde o punto de vista poboacional, pois as seccións varían entre os 1.740 habitantes (1001), a que máis poboación acubilla e os 1.022 habitantes (1002) a que menos. Tampouco as variacións de superficies amosan grandes diferenzas, dando certa uniformidade ao tramado urbano.

As diferenzas respecto aos parámetros de sostibilidade establecidos, superan o valor negativo de -17,00 m<sup>2</sup> en todos os casos, salvo a sección “Verín Alameda” que está por baixo desta cifra, concretamente no valor -10,90 m<sup>2</sup>. Sendo o valor máis “positivo dos negativos”. Nesta sección localízanse tres zonas do Sistema Xeral de espazos libres (Alameda, Área da Marxe esquerda do río Támega e Praza Maior) e aínda así, temos que sinalar déficits de espazos libres e zonas verdes, aos que temos que engadir pequenas áreas de estancia ou rúas (Cruces de L. Espada e R. Maior e cruces de Amaro Refojo e M. Carrero) que fan os déficits menos gravosos.


Como se aprecia no cadro da **diferenza paramétrica dos espazos libres** as seccións censuais peor avaliadas son, xa que logo, a 1002 “Verín Institutos” pois tan só podemos contabilizar 1.752 m<sup>2</sup> de espazos libres e zonas verdes para 1.480 hb. Esta sección censual localízase facendo o percorrido no



sentido contrario ás agullas do reloxo, desde “Pazos” (1003) á sección 1005 “Verín Sur” corresponden ao territorio N. de Queizás e á Av. de Portugal que a separa da sección censual 1008 (Verín Administrativo). Com todo, supera aínda máis a avaliación negativa a sección 1009 denominada “Verín Balnearios”, pois temos valores negativos nos seus parámetros de  $-19,36\text{m}^2/\text{hb}$ , acoutada entre a sección 1010 “Verín Centro de Saúde” pola rúa Espido e a sección 1004 “Verín Nordeste” no territorio tocante de Ábedes e, por último a sección 1009 “Verín Balnearios” ten tan só  $871\text{ m}^2$  para 1350 habitantes

As seccións censuais restantes amosan valores negativos moi altos coma xa comentamos pero encadrados entre os máximos e mínimos antes sinalados, así citar os  $-17,03\text{ m}^2/\text{hb}$  de “Verín Administrativo”1008 localizado entre a Av. de Portugal e a Av, da Deputación e os  $-18,40\text{m}^2/\text{hb}$  para Verín Centro de Saúde 1010 e Verín Cemiterio 1007

É, polo tanto, preciso, mellorar os espazos libres e zonas verdes do concello, especialmente no tramado urbano, pois os niveis de déficits non son aceptables cara un concello baseado na sustentabilidade e a calidade de vida. Sería, pois, necesario, polo menos, duplicar a oferta actual. No tocante á distribución territorial dos mesmos cómpre indicar que unha parte moi importante da poboación verinesa carece de acceso peonil a algunha destas dotacións, feito que debe ser convenientemente considerado a efectos de ordenación, pois os espazos libres requiren de enormes facilidades de acceso.







## 5.5. SISTEMA DE ESPAZOS EQUIPAMENTOS COMUNITARIOS.

Constituído por espazos ou edificacións destinadas a prover aos cidadáns, servizos, prestacións sociais de carácter formativo, cultural, sanitario, deportivo ou de benestar social. En relación ao procedemento de análise cómpre indicar unicamente, que veñen a ser considerados aqueles equipamentos **imprescindibles para o funcionamento da estrutura social**, distinguíndoos dos que chamaremos, propiamente, servizos que son as dotacións de consumo universal necesarias para a organización funcional. Trátase das dotacións, administrativa, da seguridade pública ou os espazos necesarios para a provisión de auga, electricidade, transporte,...

Dentro da categoría de equipamentos imprescindibles para o funcionamento da estrutura social, procedeuse á subdivisión en cinco tipos: **asistencial, deportivo educativo, sanitario e sociocultural**

### 5.5.1. EQUIPAMENTO ASISTENCIAL

Inclúe as dotacións destinadas a promover e posibilitar o desenvolvemento do benestar social de tódolos cidadáns, mediante actividades entre as que se inclúen a información, orientación e prestación de servizos ou axudas a colectivos específicos como familia e infancia, terceira idade, persoas con minusvalía, minorías étnicas ou outros grupos marxinais.

#### 5.5.1.1. Equipamentos asistenciais de ámbito cidade (Sistema Xeral de equipamentos comunitarios).

Constitúe o único nivel de prestacións de servizos deste tipo de equipamentos no termo municipal de Verín e vén composto por:

**Centro Ocupacional da comarca**, situado na sección censual 1009 “Verín Balnearios” situado no bordo da trama urbana, alberga actividades de todo tipo relacionadas coas persoas dependentes con discapacidade psíquica.

#### 5.5.1.2. Parámetro comparativo.

Para o cálculo dos déficits de solo en relación ao equipamento asistencial tívose en conta o *parámetro para unha distribución óptima do solo dotacional para unha cidade sostible* e que require de 1,135 m<sup>2</sup>/Hab. Outra vez o parámetro actual acada unha cifra moi reducida, 0,033 m<sup>2</sup>/Hab.



## Parámetro actual de equipamentos asistenciais

Tipo	Superficie (m <sup>2</sup> )	Poboación (Habitanteres)	Parámetro dotacional (m <sup>2</sup> /Hab)
Asistencial	430,17	12.917	0,033

A táboa amosa que a media da cidade está moi por debaixo do parámetro estimado como desexable. Haberá que esperar ao estudo de accesibilidade para o avance de pautas de localización. Pola outra banda, sinalar unha forte presenza de Asociacións de Apoio ás persoas e ás súas familias con esta dificultade.

## 5.5.1.3. Sistema de equipamentos asistenciais e a súa distribución actual.

A análise da situación actual respecto dos equipamentos asistenciais, realízase ao nivel das seccións censuais e amosa un resultado acorde coa distribución territorial dos mesmos:

## Diferenza paramétrica de equipamentos asistenciais


Sección Censual	Sup. (m <sup>2</sup> )	Pob. (Hab)	Parámetro (m <sup>2</sup> /Hab)	Parámetro sostible	Diferenza (m <sup>2</sup> /Hab)	Déficits/ superávits (m <sup>2</sup> )
"Pazos" 1003	0	977	0,00	1,135	-1,135	-1,108
"Verín Sur"1005	0	1.838	0,00	1,135	-1,135	-2,086
"Verín Institutos"1002	0	1.480	0,00	1,135	-1,135	-1,679
"Verín Administrativo" 1008	0	1.552	0,00	1,135	-1,135	-1,761
"Verín Centro Saúde" 1010	0	1.161	0,00	1,135	-1,135	-1,317
"Verín Balnearios"1009	470,17	1.350	0,35	1,135	-0,785	-1,059
"Verín Alameda"1001	0	1.740	0,00	1,135	-1,135	-1,974
"Verín cemiterio"1007	0	1.104	0,00	1,135	-1,135	-1,253
"Verín Nordeste"1004	0	2.173	0,00	1,135	-1,135	-2,466
	470,17	12.917	0,35	1,135	-0,785	-10.139,845

Certamente, para o conxunto de Verín, atopámonos cunha eiva funcional moi importante, materializada na práctica ausencia deste tipo de equipamentos. Haberá que prestar atención ao funcionamento do Fogar de "Santa María das Hermanas de los Ancianos Desamparados" de carácter privado relixioso confesional católico (sección 1004) e da Cruz Vermella, ONG carácter privado asistencial (sección 1009). Aínda que prestan un carácter asistencial, non entran no cómputo de equipamento asistencial do sistema xeral público.

En termos xerais, podemos falar dunha fortísima eiva desta tipoloxía de equipamentos, dato a ter moi en conta e especialmente presente nos referidos ás persoas encadradas no grupo da 3ª e 4ª idade. Este incremento de persoas con necesidades de atención moi específicas vai ser un feito de certa importancia a medio e curto prazo e por isto imprescindible telo en conta cara ao planeamento destes equipamentos asistenciais. Así pois, estes **equipamentos especialmente destinados á poboación con dificultades** "crecentes" na vida diaria como poden ser persoas con mobilidade reducida,



dificultades para o acceso á cultura, aos servizos, ás atencións médico-sanitarias, persoas discapacitadas, dependentes... en suma persoas en moitos casos en risco de exclusión social, **estableceranse estes equipamentos en termos de accesibilidade**; deberanse localizar na área de influencia dos núcleos de poboación, evitando na medida do posible o efecto dispar que supón a concentración deste tipo de dotacións, na parte da cidade que soporta maiores densidades de poboación, xa que logo, dunha banda facilítase o acceso ao maior contingente de individuos necesitados dos servizos asistenciais (fundamentalmente persoas maiores) e pola outra mostra como os habitantes dos asentamentos afastados do centro precisan da utilización de transporte motorizado.





## 5.5.2. EQUIPAMENTO DEPORTIVO

Intentar concretar as calidades da oferta deportiva dun concello como o de Verín, implica o recoñecemento da complexidade do sistema deportivo, especialmente referida á multiplicidade de espazos onde se practican, e á variedade de axentes promotores, así como ás tipoloxías federativas, afeccionada, de base, de saúde etc.

### 5.5.2.1. Equipamentos deportivos de ámbito cidade (Sistema xeral de equipamentos comunitarios).

Concíbense como espazos deportivos que integran instalacións deportivas de diverso tipo, capaces de albergaren prácticas deportivas de uso xeneralizado. Na maior parte das veces, insírense en actuacións de índole educativa, acadando un réxime compartido de utilización:

**Pavillón polideportivo e piscina municipal (1010).**- cunha actividade moi intensa con actividades de escolas deportivas especializadas (Atletismo, fútbol, natación, tenis, baloncesto, baile latino infantil, aerobio infantil etc) e escolas xenéricas (psicomotricidade, educación física base). Conta con acceso a persoas con minusvalía á pista, pero non ás gradas, polo que sería oportuno unha adecuación a estes fins. O pavillón municipal desenvolve estas actividades con 16 monitores para as distintas actividades. Segundo os responsables deste equipamento pódese considerar “masificado ás veces”. O uso deste ten unha media de 500 persoas diarias.

**Piscina municipal non cuberta (1002).** De uso especialmente no verán, con área de estancia verde.

**Zona deportiva municipal A Granxa (1002).** Con uso coordinado coas escolas municipais de deporte e actividades deportivas en xeral.

Temos que sinalar que estes equipamentos deportivos son utilizados en moitos casos para outros fins, como poden ser concertos, mitins, etc, dado que no concello non se dispón dun equipamento para estes fins, dato a ter en conta cara o planeamento do concello.

### 5.5.2.2. Equipamentos deportivos de ámbito veciñal.

Veñen constituídos por pistas polideportivas ao ar libre (realmente “campos de fútbol”). A súa implantación responde á actuación de asociacións veciñais ou parroquiais. En Verín atopamos o **Campo de Fútbol de Tintores (1004)** que conta con vestiarios (8.354 m<sup>2</sup>) e o **Campo de Fútbol de Feces de Abaixo (1005)** cunha superficie de 5.763 m<sup>2</sup>.

Pola outra banda, podemos sinalar a maiores, espazos deportivos ao ar libre ou pistas nas seguintes localizacións:

#### **Sección censual 1004**



PISTA DEPORTIVA EN QUEIZAS	1206,06 m <sup>2</sup>
PISTA DEPORTIVA DE TAMAGOS	2599,90 m <sup>2</sup>
PISTA DEPORTIVA EN MANDIN	1384,89 m <sup>2</sup>
PISTA DEPORTIVA EN FECES DE ABAIXO	1636,74 m <sup>2</sup>

**Sección censual 1005**

PISTA DEPORTIVA DE VILARMAIOR	1606,34 m <sup>2</sup>
PISTA DEPORTIVA CALDELIÑAS	1388,50 m <sup>2</sup>
PISTA DEPORTIVA CALDELIÑAS	2293,46 m <sup>2</sup>
PISTA DEPORTIVA CALDELIÑAS	2189,87 m <sup>2</sup>
PISTA DEPORTIVA CALDELIÑAS	987,22 m <sup>2</sup>
PISTA DEPORTIVA CALDELIÑAS	809,10 m <sup>2</sup>

Pola outra banda, non conta o concello con equipamentos deportivos especializados. O concepto de especialización en termos de explotación deportiva, aplícase cando vai dirixida ao desenvolvemento de deportes minoritarios, e por tal enténdense aqueles que non demandan unha oferta pública coordinada, son os chamados deportes de club ou asociación (golf, hóckey, tenis, remo, etc ).

**5.5.2.3. Parámetro comparativo.**

Para o cálculo dos déficits de solo en relación ao equipamento deportivo, tívose en conta o *parámetro para unha distribución óptima do solo dotacional para unha cidade sostible* e que require de 1,550 m<sup>2</sup>/Hab. Por outra banda, o parámetro actual acada unha cifra moi superior, 5,012 m<sup>2</sup>/Hab.

**Parámetro actual de equipamentos deportivos**

Tipo	Superficie (m <sup>2</sup> )	Poboación (Habitantes)	Parámetro dotacional (m <sup>2</sup> /Hab)
Deportivo	64.741	12.917	5,012

A táboa amosa que a media da cidade está por riba do parámetro estimado como desexable.

**5.5.2.4. Sistema de equipamentos deportivos e a súa distribución actual.**

A análise da situación actual, respecto dos equipamentos deportivos, realízase ao nivel das seccións censuais, e amosa un resultado acorde coa distribución territorial dos mesmos:

**Diferenza paramétrica de equipamentos deportivos**


Sección Censual	Sup. (m <sup>2</sup> )	Pob. (Hab)	Parámetro (m <sup>2</sup> /Hab)	Parámetro sostible	Diferencia (m <sup>2</sup> /Hab)	Déficits/ superávits (m <sup>2</sup> )
"Pazos" 1003	0	977	0,00	1,550	-1,550	-1.514,35
"Verín Sur"1005	12.590,53	1.838	6,850	1,550	+5,3	+9.741,40
"Verín Institutos"1002	29.326,05	1.480	19,814	1,550	+18,264	+27.030,72



"Verín Administrativo" 1008	0	1.552	0,00	1,550	-1,550	-2.405,60
"Verín Centro Saúde" 1010	5.196,38	1.161	4,475	1,550	+2,925	+3.395,92
"Verín Balnearios"1009	0	1.350	0,00	1,550	-1,550	-2.092,50
"Verín Alameda"1001	0	1.740	0,00	1,550	-1,550	-2.697,00
"Verín cemiterio"1007	0	1.104	0,00	1,550	-1,550	-1.711,20
"Verín Nordeste"1004	17.628,22	2.173	8,112	1,550	+6,562	+14.259,22
	64.741,1m <sup>2</sup>	12.917	5,012	1,550	+3,462	+44,718,65

Pódese afirmar que a oferta deportiva existente no concello de Verín presenta un estándar excelente, aparentemente. Porén, sería preciso a implementación de equipamentos deportivos ou zonas deportivas nas seccións censuais carentes deles como son as de "Pazos" 1003, Verín cemiterio" 1007, "Verín Alameda" 1001, Verín Balnearios 1009, "Verín Administrativo" 1008.

En termos de accesibilidade, se botamos unha ollada ao plano da área de influencia dos equipamentos deportivos, pódese apreciar o efecto da concentración dotacional en "Verín Institutos" 1002, concretamente as áreas deportivas municipais da Granxa e as piscinas ao ar libre municipais. O acceso peonil dende a cidade compacta queda garantido, mais haberá que prestar atención ao dimensionado de aparcadoiros para o estacionamento de vehículos de transporte privado, tanto individual como colectivo.







### 5.5.3. EQUIPAMENTO EDUCATIVO

Neste tipo intégranse as dotacións destinadas á formación humana e intelectual das persoas, á preparación dos cidadáns para a súa plena inserción na sociedade, e para á súa capacitación no desempeño de actividades produtivas.

#### 5.5.3.1. Centros de ensino secundario (Sistema territorial pertencente ao sistema xeral de equipamentos comunitarios).

O ensino secundario comprende a educación secundaria obrigatoria, e un segundo ciclo constituído polo bacharelato ou pola formación profesional de grao medio. No concello de Verín atópanse os seguintes equipamentos educativos: Instituto de **Enseno Secundario (IES) nº1 ou Castro Baroncelli (1008)**, o **IES García Barbón (1002)**, **IES Taboada Chivite (1002)** que imparten principalmente cursos de ESO, bacharelato e ciclos formativos, aínda que tamén se imparten bacharelato e niveis de educación de adultos, e os Programas de Garantía Social e de potenciación da aprendizaxe de linguas estranxeiras.

Contan con servizos de cafetería, biblioteca, aulas de informática, pavillón de deportes. Están adaptados para o acceso a persoas con minusvalía, salvo o “Castro Baroncelli” que é de nova implantación; os outros precisan algunha actualización. Dispoñen de patio cuberto e zonas deportivas.

#### 5.5.3.2. Centros de Ensino Infantil e Primario.

Comprende os equipamentos destinados á atención dos escolares entre tres e seis anos de idade (ensino Infantil) e os que cursan estudos de primaria (de seis a doce anos). No concello de Verín atópanse os Centros de Ensino infantil e Primario (CEIP) de **Princesa de España (1002)** construído en 1972, con barreiras arquitectónicas, que contan con servizo de comedor, patio cuberto e salas de ordenadores. O CEIP **Amaro Refojo (1001)** construído en 1959, cunha alta ocupación e con diversas obras de ampliacións –unha delas en execución na data do traballo de campo-. Este último centro dispón de moi pouco espazo libre ou patio para o uso e espallamento dos alumnos. Os dous centros son de titularidade pública e con alta ocupación.

Pola outra banda, de titularidade privada e en réxime de concertación, debemos citar o Colexio **María Inmaculada (1008)**, presentes na vila desde 1947, e desde o ano 1968 no actual emprazamento. Pertence á Congregación de Relixiosas Amor de Dios: E o colexio “**Apostólico Mercedarios**” dos **Padres Mercedarios (1001)**, este último cun réxime de concertación singular (seminario) pois tan só imparten ensino a homes. Estes dous centros contan con servizo de comedor xestionado por eles mesmos. En todos eles pódese cursar educación especial.



#### 5.5.3.3. Escolas de ensino infantil (EEI).

Podemos sinalar dúas antigas escolas unitarias, que acollen alumnos entre os tres e os seis anos, mais en grupos reducidos xa que o seu rango de servizo esténdese a pouco máis da veciñanza, son os centros de **EEI de Feces de Abaixo (1005)** e **EEI de Mandin (1005)**. Debemos sinalar a maiores o **EEI Amaro Refojo (1008)**, dependente do CEIP Amaro Refojo pero nun edificio externo e moi próximo a este centro principal. Os centros son utilizados nalgunhas ocasións para outras actividades (cursos, ensaios, etc) nos horarios non lectivos polo que se detecta unha carencia neste senso.

#### 5.5.3.4. Centros de ensino de réxime especial (Sistema xeral de equipamentos comunitarios).

Verín non conta con centros equipamentais de ensino desta tipoloxía, como poderían ser as escolas de música ou conservatorios, nin escola de idiomas.

#### 5.5.3.5. Centros de ensino non regulado.

Integran os equipamentos educativos, nos que se imparte ensino que dalgún modo levan a un perfeccionamento da formación, en orde a unha maior adaptación para o traballo; son as chamadas “*escolas obradoiro*” e resultan da aplicación de políticas formativas non continuas que dependen na maioría dos casos dos fondos de cohesión europeos. En Verín contamos co **Centro de Formación e Recursos** sobre a Av. de Portugal.

#### 5.5.3.6. Gardería (Sistema Xeral de equipamentos comunitarios).

En puridade, a dotación de gardería debería inscribirse no sector da acción asistencial. Certamente o Estado non está obrigado á tutela e educación dos nenos, durante o período que vai dende o fin da baixa maternal ata os tres anos, idade na que entrarían no circuíto escolar. No entanto, esta disposición legal non oculta a realidade dunha demanda (necesidade) emerxente xurdida trala masiva incorporación da muller ao mercado de traballo remunerado, e aos cambios de mentalidade na concepción da sociabilidade e educación dos infantes. No concello de Verín non existe este equipamento de carácter público, si pola contra recollemos a existencia dunha moderna e ben equipada gardería privada de recente apertura “Escola Infantil O Castro “ (1010), que xunto con outras dúas no casco da vila, contan co cheque infantil. É preciso a consideración firme da existencia dunha gardería de titularidade pública no concello, co fin de poder acceder a ditos servizos, especialmente os segmentos sociais de menor capacidade económica, e moitas veces con maior necesidade da prestación.



### 5.5.3.7. Parámetro comparativo.

Para o cálculo dos déficits de solo, en relación ao equipamento educativo, tívose en conta o *parámetro para unha distribución óptima do solo dotacional para unha cidade sostible* e que require de 4,460 m<sup>2</sup>/Hab. Outra vez, o parámetro actual acada unha cifra moi atinada, lixeiramente superior 4,619 m<sup>2</sup>/Hab.

#### Parámetro actual de equipamentos educativos

Tipo	Superficie (m <sup>2</sup> )	Poboación (Habitantes)	Parámetro dotacional (m <sup>2</sup> /Hab)
Educativo	59.675	12.917	4,619

A táboa amosa que a media da cidade está moi preto do parámetro estimado como desexable.

### 5.5.3.8. Sistema de equipamentos educativos e a súa distribución actual.

A análise da situación actual respecto dos equipamentos educativos, realízase ao nivel das seccións censuais, e amosa un resultado acorde coa distribución territorial dos mesmos:


#### Diferenza paramétrica de equipamentos educativos

Sección Censual	Sup. (m <sup>2</sup> )	Pob. (Hab)	Parámetro (m <sup>2</sup> /Hab)	Parámetro sostible	Diferenza (m <sup>2</sup> /Hab)	Déficits/ superávits (m <sup>2</sup> )
"Pazos" 1003	0	977	0,00	4,460	-4,460	-4.357,42
"Verín Sur"1005	3.124	1.838	1,699	4,460	-2,761	-5.074,72
"Verín Institutos"1002	24.127	1.480	16,302	4,460	+11,842	17.526,16
"Verín Administrativo" 1008	21.978	1.552	14,161	4,460	+9,701	15.055,95
"Verín Centro Saúde" 1010	1005	1.161	0,856	4,460	-3,604	-4.184,24
"Verín Balnearios"1009	0	1.350	0,00	4,460	-4,460	-6.021,00
"Verín Alameda"1001	9.439	1.740	5,424	4,460	+0,964	1.677,36
"Verín cemiterio"1007	0	1.104	0,00	4,460	-4.460	-4.923,84
"Verín Nordeste"1004	0	2.173	0,00	4,460	-4.460	-9.691,58
	59.675	12.917	5,012	4,460	+0,552	7.130,18

A pesares de aparentar un superávit moderado, a oferta educativa amosa un resultado aceptable, pois os umbrais de aparición deste tipo de dotacións son relativamente elevados. Sería conveniente a realización dun estudo de necesidades, acerca da demanda de prazas de gardería, en oferta pública. En calquera caso, a existencia da mesma debe ser tida en conta, como un parámetro de calidade diferencial, fronte ás prestacións de carácter privado e a carencia deste tipo de servizo nos concellos próximos e integrantes da comarca. Outra vez, insistimos na consolidación dos complexos dotacionais da sección censual "Verín Institutos" 1002 como espazos servidores da cidade compacta, aínda que cómpre salientar o labor equilibrador das "escolas unitarias", xa que responden a un dimensionado



idóneo para ámbitos territoriais inferiores á extensión do barrio (falamos do escalón urbano da veciñanza).





#### 5.5.4. EQUIPAMENTO SANITARIO

Inclúe as dotacións dedicadas á prestación de servizos médicos ou cirúrxicos en réxime ambulatorio. No caso particular de Verín, a hospitalización non queda ausente, en consecuencia falaremos de centros de saúde ambulatorios e complexos hospitalarios.

##### 5.5.4.1. Hospital comarcal de Verín (1004)

Fundación Hospital de Verín, cunha superficie de 21.300m<sup>2</sup>, atende á poboación verinés e as poboacións dos concellos que integran a Comarca-Mancomunidade, integrada no SERGAS. Os servizos dos que goza este equipamento sanitario son os seguintes: cirurxía xeral e dixestiva, dermatoloxía, medicina interna, obstetricia, oftalmoloxía, otorrinolaringoloxía, psiquiatría, rehabilitación, traumatoloxía, uroloxía e xinecoloxía. Contan con 79 camas e 3 quirófanos. A poboación protexida ascende a 29.698 habitantes, sendo 2868 a poboación entre os 0 e 14 anos, 17.346 a poboación entre 15 e 64 anos e 9.484 persoas con máis de 64 anos<sup>42</sup>. Contan con heliporto para emerxencias médicas.

##### 5.5.4.2. Centro de Saúde (Sistema Xeral de equipamentos comunitarios).

O **Centro de Saúde de Verín (1010)** cunha superficie de 1.792 m<sup>2</sup>, con baixo máis 2 plantas. É de recente construción (ano 2000). Supón a principal infraestrutura de atención primaria sanitaria do concello e dispón de servizos básicos en medicina xeral. Conta con 7 médicos e 3 pediatras, servizos de apoio en odontoloxía (1), fisioterapeuta (1), en farmacia (1), en traballo social (1) ademais de 7 enfermeiras e 3 auxiliares de clínica e 5 administrativos nos servizos de día centrados no servizo á poboación do termo municipal. Pola tarde no Punto de Atención Continuada -PAC- e Urgencias, localízanse os servizos para os concellos da comarca que contan con 4 celadores e os seguintes servizos médicos por concello: Riós, Vilardevós, Cualedro, Monterrei e Laza con 2 médicos e 1 enfermeira cada un deles e os concellos de Oímbra e Castrelo do Val con 1 médico e 1 enfermeira asignados a cada un destes concellos.

O Centro de Saúde cumpre coas normativas de accesibilidade (ascensor, ramplas etc) para persoas de mobilidade reducida. Conta con 4 habitacións para o persoal de garda e consultas para cada un dos facultativos, destinados a este Centro de Saúde. É un moderno e ben equipado centro de saúde.

---

<sup>42</sup> Servizo Galego de Saude. Memoria 2003. División de Asistencia sanitaria con tarxeta sanitaria



#### 5.5.4.3. Centros menores.

Non se localizan no municipio outros centros de saúde do sistema xeral de atención ambulatoria, aínda que si outros pequenos dispensadores de saúde de sistema privado.

#### 5.5.4.4. Parámetro comparativo.

Para o cálculo dos déficits de solo en relación ao equipamento sanitario, tívose en conta o *parámetro para unha distribución óptima do solo dotacional para unha cidade sostible* e que require de 0,430 m<sup>2</sup>/Hab. Outra vez, o parámetro actual acada unha cifra superior aos parámetros establecidos, pois é de 1,787 m<sup>2</sup>/Hab.

**Parámetro actual de equipamento sanitario**

<b>Tipo</b>	<b>Superficie (m<sup>2</sup>)</b>	<b>Poboación (Habitantes)</b>	<b>Parámetro dotacional (m<sup>2</sup>/Hab)</b>
Sanitario	23.092	12.917	1,787

A táboa amosa que a media da cidade está moi por riba do parámetro estimado como desexable. Salientar que a área sanitaria é moi ampla, pois -como xa sinalamos máis arriba- a poboación dos concellos da mancomunidade/comarca son tamén poboación vinculada a estes equipamentos.

#### 5.5.4.5. Sistema de equipamentos sanitarios e a súa distribución actual.

A análise da situación actual respecto dos equipamentos sanitarios realízase ao nivel das seccións censuais e amosa un resultado acorde coa distribución territorial dos mesmos:




## Diferenza paramétrica de equipamentos sanitarios

Sección Censual	Sup. (m <sup>2</sup> )	Pob. (Hab)	Parámetro (m <sup>2</sup> /Hab)	Parámetro sostible	Diferenza (m <sup>2</sup> /Hab)	Déficits/ superávits (m <sup>2</sup> )
"Pazos" 1003	0	977	0,00	0,430	-0,430	-420,11
"Verín Sur"1005	0	1.838	0,00	0,430	-0,430	-790,34
"Verín Institutos"1002	0	1.480	0,00	0,430	-0,430	-636,40
"Verín Administrativo" 1008	0	1.552	0,00	0,430	-0,430	-667,36
"Verín Centro Saúde" 1010	1792	1.161	1,543	0,430	+1,113	+1.292,19
"Verín Balnearios"1009	0	1.350	0,00	0,430	-0,430	-580,50
"Verín Alameda"1001	0	1.740	0,00	0,430	-0,430	-748,20
"Verín cemiterio"1007	0	1.104	0,00	0,430	-0,430	-474,72
"Verín Nordeste"1004	21.300	2.173	9,802	0,430	+9,372	+20.365,35
Totais	23092	12.917	1,787	0,430	+1,357	+17.528,36

A oferta sanitaria de Verín presenta uns niveis en xeral, a todas vistas aceptable, pois os umbrais de aparición deste tipo de dotacións son relativamente elevados.

En termos de accesibilidade, se botamos unha ollada ao plano da área de influencia dos equipamentos sanitarios, podemos apreciar que é o subsector que posúe a distribución forzosamente menos homoxénea. Centrándonos na atención primaria, esta realízase fundamentalmente no Centro de Saúde, polo tanto a súa localización debe responder, e en certa maneira responde, a unhas condicións de acceso satisfactorias, mais en certa medida mellorables mediante o aquelamento dun contorno urbano desestruturado. A chegada a pé dende a cidade compacta queda garantida, mais haberá que prestar atención ao estacionamento de vehículos de transporte privado, individuais e colectivos, dado o amplo territorio ao que presta servizos sanitarios estes equipamentos, tanto o hospital comarcal como o Centro de Saúde.







### 5.5.5. EQUIPAMENTO SOCIOCULTURAL

Agrupa as dotacións soporte de actividades culturais máis tradicionais, dedicadas á custodia, transmisión e conservación do coñecemento, fomento e difusión da cultura e exhibición das artes, así como as actividades de relación social, tendentes ao fomento da vida asociativa. En función dos ámbitos territoriais aos que dan servizo, son:

#### 5.5.5.1. Equipamentos socioculturais de ámbito cidade (Sistema Xeral de equipamentos comunitarios).

**Casa da Xuventude e Biblioteca. (1008).**-Edificio actualmente núcleo da vida cultural do concello. Este edificio ten tamén, no seu interior, unha serie de servizos municipais como son os Servizos Sociais e o Plan Xitano, servizos que deberían contar cun espazo propio e mellor acondicionado aos fins da poboación suxeito da atención. Necesita melloras como calefacción, mellor redistribución dos espazos e dotacións de persoal con maior estabilidade laboral cara a un bo servizo aos cidadás (educadores de rúa, educadores de familia, programas de apoio as familias con dificultades, etc., traballadores sociais e administrativos). Realízanse actividades culturais, educativas e divulgativas, así como exposicións e dispón de museo. No centro impártense cursos, conferencias, talleres, etc.

**Edificio Público Polivalente (1008).**-onde se localizan os diversos sindicatos e asociacións no municipio de Verín.

**Centro social da Terceira Idade da Xunta (1001).**-localizado a pé da Alameda, realízanse actividades varias vinculadas á Terceira Idade, bailes, charlas, salas de estar etc. Localízase na traseira do edificio do antigo mercado, hoxendia destinado a oficinas municipais e da Cámara Agraria.

**Casa do Asistente (1003) o do Escudo.**- Edificio de valor arquitectónico e antigüidade, pois o escudo da fachada, que lle dá nome, data de 1737, edificio rehabilitado en 1999 con diferentes fins, como son: albergue de peregrinos xa que polo concello pasa unha variante do Camiño de Santiago; sala de exposicións; punto de información turística municipal. O equipamento, como albergue, conta con 26 camas máis 10 colchonetas e duchas; no seu papel de sala de exposicións conta con 2 salas e unha recepción con persoal de información turística (persoal e informatizada). Edificio con necesidades de melloras de illamento (frío en inverno). Capacidade de 150 persoas nas salas de exposicións no seu conxunto. Ten ocupación baixa en épocas de non xacobeo. Carece de acceso para persoas con minusvalía ás salas de exposicións. Localizado no contorno da Capela de San Lázaro, está a ser este un espazo urbano recentemente posto en valor, coa remodelación do seu rúeiro e áreas lindeiras. Sería interesante continuar o acondicionamento das áreas próximas para rebaixar o



peso do tránsito rodado que o atravesara, e que lle resta valor ambiental cara incrementar o valor ao conxunto do equipamento, máis o do espazo libre.

#### 5.5.5.2. Equipamentos socioculturais de ámbito veciñal.

Son os chamados locais socioculturais utilizados tradicionalmente polo movemento asociacionista e parroquial-veciñal no termo municipal verinés, atopámonos cos seguintes equipamentos:

SOCIOCULTURAL QUEIRUGAS	88,34 m <sup>2</sup>
CENTRO SOCIAL DE CABREIROÁ	96,44 m <sup>2</sup>
TELE CLUB ÁBEDES	278,73 m <sup>2</sup>
CULTURAL DE TINTORES	96,86 m <sup>2</sup>
CASA DO POBO TINTORES	55,16 m <sup>2</sup>
CENTRO SOCIAL QUEIZÁS	87,61 m <sup>2</sup>
CENTRO SOCIAL TAMAGOS	71,52 m <sup>2</sup>
LOCAL SOCIAL DE TAMAGUELOS	466,66 m <sup>2</sup>
ASOCIACIÓN DE MULLERES RURAIS	74,11 m <sup>2</sup>

#### 5.5.5.3. Parámetro comparativo.

Para o cálculo dos déficits de solo en relación ao equipamento sociocultural tívose en conta o *parámetro para unha distribución óptima do solo dotacional para unha cidade sostible* e que require de 0,486 m<sup>2</sup>/Hab. Outra vez o parámetro actual acada unha cifra algo inferior, 0,269 m<sup>2</sup>/Hab.

**Parámetro actual de equipamentos sociocultural**

Tipo	Superficie (m <sup>2</sup> )	Poboación (Habitantes)	Parámetro dotacional (m <sup>2</sup> /Hab)
Sociocultural	3481	12.917	0.269

A táboa amosa que a media da cidade está por baixo do parámetro estimado como desexable.

#### 5.5.5.4. Sistema de equipamentos sociocultural e a súa distribución actual.

A análise da situación actual, respecto dos equipamentos socioculturais, realízase ao nivel das seccións censuais e amosa un resultado acorde coa distribución territorial dos mesmos:


**Diferenza paramétrica de equipamentos socioculturais**

Sección Censual	Sup. (m <sup>2</sup> )	Pob. (Hab)	Parámetro (m <sup>2</sup> /Hab)	Parámetro sostible	Diferenza (m <sup>2</sup> /Hab)	Déficits/ superávits (m <sup>2</sup> )
"Pazos" 1003	214,58	977	0,219	0,486	-0,267	-260,85
"Verín Sur"1005	796,54	1.838	0,433	0,486	-0,053	-97,41
"Verín Institutos"1002	0	1.480	0,00	0,486	-0,486	-719,28
"Verín Administrativo" 1008	1.453,86	1.552	0,936	0,486	+0,450	+698,40



"Verín Centro Saúde" 1010	0	1.161	0,00	0,486	-0,486	-564,24
"Verín Balnearios"1009	0	1.350	0,00	0,486	-0,486	-656,10
"Verín Alameda"1001	497,76	1.740	0,286	0,486	-0,200	-348,00
"Verín cemiterio"1007	0	1.104	0,00	0,486	-0,486	-536,54
"Verín Nordeste"1004	519,09	2.173	0,238	0,486	-0,248	-538,90
	3481,63	12.917	0,269	0,486	-0,217	-2.802,98

En termos de accesibilidade, se botamos unha ollada ao plano da área de influencia dos equipamentos socioculturais podemos apreciar que a representación amosa accesibilidade nas seccións censuais centrais que abranguen a maior parte da poboación a que corresponde a trama da vila, aínda que as seccións censuais máis afastadas deste centro, manteñen déficits importantes, tendo locais veciñais de moi pouca "entidade" ou peso. As distancias son planares e o peso da poboación nos núcleos parroquiais moi reducida, por caso, a sección censual 1005 "Verín Sur" (Queizás, Cabreiroá, Tamagos, Mourazos, Tamaguelos, Mandín, Feces de Cima e Feces de Abaixo).





## 5.6. AVALIACIÓN DOS ESTÁNDARES DE EQUIPAMENTOS, SEGUNDO AS NORMAS SUBSIDIARIAS PROVINCIAIS DE 1991

Os equipamentos do termo municipal do concello de Verín van ser analizados, segundo as Normas Subsidiarias Provinciais publicadas no DOG o 19 de xuño de 1991, para unha maior aproximación á realidade municipal e coa intención de cruzar a maior información posible sobre o municipio, cara a tomar as mellores decisións planificadoras dentro da realidade percibida e transmitida. Así pois, nestas Normas Subsidiarias establécense as categorías dos concellos e os estándares de aplicación, segundo a poboación dos seus termos municipais.

Establécese nestas NN. SS, catro grandes categorías de concellos, A, B, C, D, e, no que atinxe ao concello de Verín, témonos que guiar pola categoría C, xa que comprende os concellos de entre 10.001 e 20.000 habitantes. Porén, temos que ter en conta a maiores o grupo A (máis de 50.000 hb), xa que logo, Verín é “cabeceira de comarca”, da comarca de Verín<sup>43</sup>, e ten que cumprir unha serie de requisitos e servizos comprendidos neste grupo. Veremos tamén a relación cos estándares do Grupo B (20.001 e 50.000 hb.) que representa o volume da poboación do grupo dos oito concellos que integran a súa comarca para ter unha visión máis atinada da realidade do concello, na súa faceta de centro comarcal, no tocante aos seus equipamentos.

No cadro de estándares, amosamos os metros cadrados mínimos por habitante, que debe ter o concello segundo a súa categoría, e os valores establecidos, segundo as superficies e a poboación, por tipoloxía de equipamento, zonas verdes etc.

As análises, estableceranse para unha poboación de 12.917 habitantes, tal e como se analizou, segundo a metodoloxía da análise para unha cidade sustentable, antes desenvolvida e para acadar uns parámetros similares de comparativa. Pola outra banda, nesta análise das NNSS Provincias, no municipio de Verín, teranse en conta máis equipamentos que os computados na análise para unha cidade sostible<sup>44</sup>, pois non son tidos en conta no estudo de dotacións no municipio. Así pois, nesta análise teremos en conta os equipamentos educativos por etapas (preescolar, estudos básicos e ensino medio) os parámetros de equipamentos sanitarios (Centro de Saúde, hospitais) e no apartado doutros equipamentos reflíctense os que chamaremos propiamente, servizos, que son as dotacións de consumo universal necesarias para a organización funcional. Trátase das dotacións administrativas, da

---

<sup>43</sup> As Normas Subsidiarias Provinciais establecen que “no momento no que se definan, delimiten ou se fagan operativas administrativamente as comarcas, os concellos que ostenten a capitalidade comarcal deberán ser considerados, independentemente da poboación real con que contan, como se tratase de concellos do grupo A”, porén temos que analizar o concello neste sentido. A Lei de Comarcalización non establece a figura da capitalidade para ningún dos concellos que integren as diferentes comarcas de Galicia non obstante Verín exerce en moitos aspectos funcións administrativas e conta con delegacións da Administración do Estado e outras figuras que configuran o súa actividade como “tractora” comarcal.

<sup>44</sup> Nesta análise como xa vimos traballamos unicamente sobre os equipamentos asistenciais, educativos, deportivos, socioculturais e sanitarios e cinco tipoloxías de espazos libres zonas verdes.



seguridade pública, transporte e de servizo público<sup>45</sup>, por caso, os que fan referencia á administración local ou de ámbito superior autonómico ou nacional (axencia tributaria, Garda Civil, Policía Nacional, Alfándega, etc..) ou ben bombeiros, base contra incendios, cemiterios etc. Xa por último, nas Normas Subsidiarias tan só se fai referencia a dúas tipoloxías (parques e xardíns), mentres que na metodoloxía anterior desagregáronse os “ámbitos verdes” en cinco tipoloxías.

Dito isto, explícanse as diferenzas de estándares nalgunhas tipoloxías, así como tamén as especiais características dos municipios que, sendo cabeceira de comarca, acubilla moitos equipamentos administrativos que fan elevar os resultados dos estándares.

Como xa dixéramos, os equipamentos do municipio serán analizados a través de tres tipoloxías de agrupados, A, B e C. No cadro que segue detállanse os parámetros establecidos nestas NN.SS e os parámetros detectados no municipio de Verín.

Estándares m <sup>2</sup> /hb	Grupo A Cabeceira comarcal	Grupo B Pob. Comarca	Grupo C Pob. tipo C	M <sup>2</sup> /hb Verín
<b>Total global incluído z.verdes</b>	<b>18,1</b>	<b>14,7</b>	<b>11,7</b>	<b>63,3</b>
<b>Total global equipamentos</b>	<b>13,1</b>	<b>10,7</b>	<b>9,7</b>	<b>31,5</b>
<b>Distribución indicativa</b>				
<b>Educativo</b>	<b>4,6</b>	<b>4,6</b>	<b>4,6</b>	<b>4,6</b>
Preescolar	0,8	0,8	0,8	0,4
EXB	2,2	2,2	2,2	1,94
Ensino Medio	1,6	1,6	1,6	2,2
<b>Sanitario</b>	<b>1,5</b>	<b>0,1</b>	<b>0,1</b>	<b>1,7</b>
Centro de Saúde	0,1	0,1	0,1	0,1
Hospital Xeral	0,4		-	1,6
Hospital Especial	1,0		-	0,0
<b>Deportivo</b>	<b>4,0</b>	<b>3,0</b>	<b>2,0</b>	<b>5,0</b>
<b>Sociocultural</b>	<b>1,0</b>	<b>1,0</b>	<b>1,0</b>	<b>0,2</b>
<b>Outros equipamentos</b>	<b>2,0</b>	<b>2,0</b>	<b>2,0</b>	<b>22</b>
Cemiterio	1,5	1,5	1,5	5,1
mercado, feira, residencia-asilo, terminal autobuses, matadoiro, correos, lonxa agropecuaria, cámara agraria, centro hixiénico fitosanitario, relixioso, inspección de vehículos, concello, garda civil, etc	0,5	0,5	0,5	16,9
<b>Total Global zonas verdes</b>	<b>5,0</b>	<b>4,0</b>	<b>2,0</b>	<b>31,7</b>
parques (incluímos espazos libres)	3,0	2,0	-	30,1
xardíns	2,0	2,0	2,0	1,6

<sup>45</sup> Non computamos os equipamentos de infraestruturas ou os espazos necesarios para a provisión de auga, depuradoras, depósitos, fontes, centras de electricidade, transformadores....



No municipio de Verín cúmprese cos **parámetros do sistema educativo**, en xeral, que establecen as NN.SS (4,6 m<sup>2</sup>/hb). Con todo, detéctase unha eiva equipamental na educación preescolar 0,4 m<sup>2</sup>/hb, fronte aos 0,8 m<sup>2</sup>/hb requiridos, eiva detectada tamén nos parámetros sustentables que establecen 4,46 m<sup>2</sup>/hb de centros educativos, porén, dáse unha sobrepresenza no ensino secundario, e algo curta quédase a educación básica.

No tocante ao **equipamento sanitario** as recomendacións das NN.SS establecen no seu conxunto un parámetro de 1,5 m<sup>2</sup>/hb para cidades cabeceira de comarca (máis de 50.000 hb) e 0,1 m<sup>2</sup>/hb para o agrupado dos 8 concellos que integran a comarca de Verín e igual valor para Verín municipio. O termo municipal de Verín supera este parámetro en todas as tipoloxías, sendo incluso superior o valor dos parámetros da distribución óptima de solo dotacional para unha cidade sustentable (0,486 m<sup>2</sup>/hb). Así pois, os parámetros de equipamento sanitario en Verín son superados no referido ao Hospital Xeral (1,6 m<sup>2</sup>/hb fronte a 0,4m<sup>2</sup>/hb requirido) para a tipoloxía de máis de 50.000 hb, non sendo necesario o requirimento de hospital para o agrupado dos 8 concellos –grupo B– nin para o termo municipal de Verín –grupo C–.

Os **equipamentos deportivos** amosan unha situación parella pois Verín supera os estándares recomendables para cada un dos tres agrupados, A,B e C, así, supera en 1 punto os requirimentos para concello cabeceira de comarca (A), e 2 puntos os requirimentos das NN.SS para o agrupado comarca de Verín (B) e en tres puntos o grupo de poboación no que está encadrado o concello verinés (C). Indubidablemente a extensión do concello e a especial forma de asentamento parroquial marcaría os déficits destes equipamentos, detectados na anterior análise por sección censual e parámetros sustentables.

Na faceta **equipamental sociocultural** temos unha forte eiva, segundo as normas subsidiarias, pois o requirimento é de 1 m<sup>2</sup>/hb para todas as categorías de agrupado -A,B,C- e os parámetros acadados en Verín están moi baixos, pois nos consta no termo municipal un 0,2 m<sup>2</sup>/hb, aínda que está máis preto do requirido nos parámetros de distribución óptima de solo dotacional para unha cidade sustentable, pois establécese en 0,486 m<sup>2</sup>/hb, e o recollido en Verín segundo esta metodoloxía é de 0,269 m<sup>2</sup>/hb, polo que se pode establecer certa analoxía de déficits entre ambas metodoloxías.

As NN.SS non desagregan os restantes equipamentos (asistenciais, administrativos, relixiosos etc.) polo que a referencia aos equipamentos asistenciais quedan diluídos entre os restantes equipamentos, sendo estes un amplo grupo como poden ser os administrativos, cemiterios, mercados, servizo publico, bombeiros, policía, garda civil, estacións de hixiene fitosanitaria, tanatorios, etc.

No que se refire aos estándares establecidos na tipoloxía de “**outros equipamentos**” dan uns niveis para o municipio de Verín moi por riba dos establecidos como obrigatorios -22 m<sup>2</sup>/hb fronte a 2 m<sup>2</sup>/hb-. Isto enténdese polo feito de ser Verín cabeceira de comarca, ademais de cidade ou vila raiana co veciño Portugal. Este concello é pois, cidade fronteira dando lugar a unha presenza moi forte de equipamentos administrativos e de seguridade, ademais dos propios dunha vila comarcal de certa



importancia, pois tamén incluímos os xulgados, axencia tributaria, a Alfándega, policía local e nacional e a garda civil, seguridade social, etc. Por esta razón a vila raiana de Verín amosa valores paramétricos moi altos no seu compoñente equipamental administrativo e de servizo público, alterando así, as recomendacións das NN.SS e dos estándares da distribución óptima de solo dotacional para unha cidade sustentable.

Xa por último na valoración dos **espazos e zonas verdes** temos que sinalar que as NN.SS sinalan uns estándares de 5 m<sup>2</sup>/hb no conxunto destes, sendo tan só dúas as tipoloxías nelas reflectidas, unha para parques e outra para os xardíns. Os estándares destas Normas son de 3 m<sup>2</sup>/hb para parques e de 2 m<sup>2</sup>/hb para xardíns. Así, neste estudo valorativo e de recomendación debemos sinalar que no total de parques incluímos os espazos libres, as áreas de estancia, os parques forestais e os fluviais, así como as áreas de xogo e na tipoloxía de xardíns (L3) aqueles que son clasificados como tales no noso traballo de campo e localizados deste xeito nas valoracións de estándares de cidade sustentable. Así, temos que na valoración das NN.SS o municipio excede con creces a obrigatoriedade dos 5 m<sup>2</sup>/hb como cabeceira de comarca, os 4 m<sup>2</sup>/hb para o agrupado dos 8 concellos da comarca e os 2 m<sup>2</sup>/hb para a poboación de Verín, xa que estamos a falar de máis de 31 m<sup>2</sup>/hb, estándar moito máis próximo aos 20 m<sup>2</sup>/hb para o total dos espazos libres establecido nos parámetros dunha cidade sustentable. No entanto, si temos que dicir, que nas **valoracións parciais de xardíns** que establecen as NNSS chégase aos 2 m<sup>2</sup>/hb e nos cálculos de Verín quédanse en 1,6 m<sup>2</sup>/hb polo que se detecta unha feble dotación de xardíns no municipio. Os parámetros para xardíns ou pequenos parques na metodoloxía de parámetros de cidade sustentable establécese en 1,849 m<sup>2</sup>/hb cifra tamén inferior á recomendada polo que debemos traballar de cara a mellorar a vila e o municipio en xeral, neste sentido. Débense localizar e planear xardíns e pequenos parques para facer do concello un territorio con calidade de vida e zonas verdes de aproveitamento xeral da poboación, e distribuídas dun xeito equitativo. Por outra banda no municipio localízanse moitos espazos libres susceptibles de seren mellorados e axardinados para o lecer, espazos de calidade para o aproveitamento do contorno urbano e parroquial.

## 5.7. DETALLE DA RELACIÓN DOS EQUIPAMENTOS<sup>46</sup>


Na relación que segue detallamos os equipamentos segundo a tipoloxías dos mesmos, facendo referencia á titularidade municipal, parroquial, estatal, autonómica ou comarcal, así como a condición de titularidade privada. Así mesmo, nunha das columnas desta táboa queda reflectida a adscrición, segundo sexa sistema xeral ou sistema local do equipamento sen esquecer a localización por sección censal e a superficie de cada un dos equipamentos recompilados, a parroquia onde se localiza e a


<sup>46</sup> TIPOS: SP\_administrativo e servizo publico; R\_relixioso: AS\_asistencial; C\_cemiterio; SA\_sanitario; SC\_sociocultural; D\_deportivo; E\_educativo; T\_turístico; CO\_comercial.





referencia identificativa do equipamento. Tan só lembrar que as parroquias veñen identificadas polo seu número de nomenclátor, sendo estes os seguintes: 08515 corresponde a Vilarmaior do Val, 08514 a Verín, 08513 a Santa Cristina de Tintores, 08512 correspóndelle á parroquia de Tamaguelos, a 08511 a Tamagos, a 08510 a Santa María da Rasela, 08509 San Pedro de Queizas, 08508 a San Bartolomé de Queirugas, a 08507 a San Fiz de Pazos, a 08506 a Mourazos, a 08505 a Mandín, a 08504 a Feces de Cima, a 08503 a Feces de Abaixo a 08502 a Cabreiroá e por último a 08501 Santa María de Ábedes.







E_L	ID_ PARROQUIA	SX_SL	DENOMINACIÓN	TIPO	TITULARIDADE	SECCIÓN CENSAL	SUPERFICIE	ID
E	08514	SX	POLICÍA LOCAL	SP	MU	1008	215,52 m <sup>2</sup>	0
E	08515	SX	BASE CONTRA INCENDIOS	SP	AU	1004	16221,96 m <sup>2</sup>	1
E	08515	SL	CAPELA DOS REMEDIOS	R	R	1004	552,75 m <sup>2</sup>	2
E	08515	SL	FORNO COMUNITARIO VILARMAIOR	SP	PA	1004	58,73 m <sup>2</sup>	5
E	08515	SL	IGREXA DE SANTIAGO	R	R	1004	555,75 m <sup>2</sup>	7
E	08515	SL	CEMITERIO DE VILARMAIOR	C	PA	1008	1703,88 m <sup>2</sup>	8
E	08515	SL	PISTA DEPORTIVA DE VILARMAIOR	D	PA	1004	1606,34 m <sup>2</sup>	9
E	08515	SL	TABERNA TAMAGAN (C.TURÍSTICO)	T	PR	1004	47172,66 m <sup>2</sup>	11
E	08515	SL	OBRADOIRO DE CONSERVAS	T	PR	1004	2996,96 m <sup>2</sup>	12
E	08515	SL	BALNEARIO DE CALDELIÑAS	T	MU	1004	5081,95 m <sup>2</sup>	22
E	08515	SL	PISTA DEPORTIVA CALDELIÑAS	D	MU	1004	1388,50 m <sup>2</sup>	24
E	08508	SL	IGREXA SAN BARTOLOMEU	R	R	1004	354,32 m <sup>2</sup>	33
E	08508	SL	SOCIOCULTURAL QUEIRUGAS	SC	PA	1004	88,34 m <sup>2</sup>	34
E	08508	SL	CEMITERIO DE QUEIRUGAS	C	PA	1004	716,25 m <sup>2</sup>	35
E	08502	SL	BALNEARIO DE CABREIROÁ	T	PR	1005	61282,34 m <sup>2</sup>	41
E	08502	SL	IGREXA DE SAN SALVADOR	R	R	1005	265,72 m <sup>2</sup>	43
E	08502	SL	CEMITERIO DE CABREIROÁ	C	PA	1005	1144,47 m <sup>2</sup>	44
E	08502	SL	CENTRO SOCIAL DE CABREIROÁ	SC	PA	1005	96,44 m <sup>2</sup>	45
E	08501	SL	IGREXA DE STA MARÍA	R	R	1004	179,77 m <sup>2</sup>	50
E	08501	SL	CEMITERIO DE ÁBEDES	C	PA	1004	931,55 m <sup>2</sup>	51
E	08501	SL	TELE CLUB ÁBEDES	SC	PA	1004	278,73 m <sup>2</sup>	52
E	08501	SL	PISTA DESCUBERTA DE ÁBEDES	D	PA	1004	2293,46 m <sup>2</sup>	55
E	08513	SL	IGREXA DE STA CRISTINA	R	R	1004	328,67 m <sup>2</sup>	59
E	08513	SL	CULTURAL DE TINTORES	SC	PA	1004	96,86 m <sup>2</sup>	60
E	08513	SL	CASA DO POBO TINTORES	SC	PA	1004	55,16 m <sup>2</sup>	61
E	08513	SL	CEMITERIO DE TINTORES	C	PA	1004	1328,23 m <sup>2</sup>	62
E	08513	SL	CAMPO DE FÚTBOL DE TINTORES	D	PA	1004	8281,88 m <sup>2</sup>	68
E	08513	SL	VESTIARIOS CAMPO DE FÚTBOL TINTORES	D	PA	1004	71,83 m <sup>2</sup>	69
E	08513	SL	PISTA DESCUBERTA TINTORES	D	PA	1004	2189,87 m <sup>2</sup>	70
E	050	SL	P. DEPORTIVA FORA DO CONCELLO TINTORES	D	PA	1004	987,22 m <sup>2</sup>	72
E	08513	SL	IGREXA DE VILELA	R	R	1004	154,38 m <sup>2</sup>	73
E	08513	SL	CEMITERIO DE VILELA	C	PA	1004	548,86 m <sup>2</sup>	74
E	08510	SL	IGREXA DE STA MARÍA	R	R	1004	101,23 m <sup>2</sup>	82
E	08510	SL	CEMITERIO DE STA MARÍA	C	PA	1004	587,58 m <sup>2</sup>	83
E	08510	SL	PISTA DEPORTIVA A RASELA	D	PA	1004	809,10 m <sup>2</sup>	84
E	08507	SL	IGREXA DE SAN FIZ	R	R	1003	292,51 m <sup>2</sup>	89
E	08510	SL	CEMITERIO DE PAZOS	C	PA	1003	2050,56 m <sup>2</sup>	90
E	08507	SX	INSPECCIÓN TÉCNICA DE VEHÍCULOS	SP	PU	1003	3706,28 m <sup>2</sup>	102
E	08507	SX	PARQUE COMARCAL DE BOMBEIROS	SP	CO	1003	5283,20 m <sup>2</sup>	103
E	08507	SX	MATADOIRO COMARCAL	SP	CO	1003	3133,23 m <sup>2</sup>	107
E	08507	SL	CAPELA DE SAN GREGORIO	R	R	1003	283,95 m <sup>2</sup>	110



E_L	ID_ PARROQUIA	SX_SL	DENOMINACIÓN	TIPO	TITULARIDADE	SECCIÓN CENSAL	SUPERFICIE	ID
E	08509	SL	PISTA DEPORTIVA EN QUEIZAS	D	PA	1005	1206,06 m <sup>2</sup>	111
E	08509	SL	CENTRO SOCIAL QUEIZÁS	SC	MU	1005	87,61 m <sup>2</sup>	112
E	08509	SL	IGREXA DE SAN PEDRO	R	R	1005	231,45 m <sup>2</sup>	115
E	08509	SL	CEMITERIO DE QUEIZAS	C	PA	1005	897,14 m <sup>2</sup>	116
E	08511	SL	IGREXA DE STA MARÍA	R	R	1005	137,66 m <sup>2</sup>	124
E	08511	SL	CEMITERIO DE TAMAGOS	C	PA	1005	669,93 m <sup>2</sup>	125
E	08511	SL	PISTA DEPORTIVA DE TAMAGOS	D	PA	1005	2599,90 m <sup>2</sup>	126
E	08511	SL	CENTRO SOCIAL TAMAGOS	SC	PA	1005	71,52 m <sup>2</sup>	133
E	08511	SL	CAPELA-VIXILANCIA FORESTAL	R	R	1005	37,72 m <sup>2</sup>	134
E	08506	SL	IGREXA DE SAN MARTINO	R	R	1005	392,27 m <sup>2</sup>	135
E	08506	SL	CEMITERIO DE MOURAZOS	C	PA	1005	354,22 m <sup>2</sup>	138
E	08512	SL	LOCAL SOCIAL DE TAMAGUELOS	SC	PA	1005	466,66 m <sup>2</sup>	147
E	08512	SL	ASOCIACIÓN DE MULLERES RURAIS	SC	PR	1005	74,11 m <sup>2</sup>	148
E	08512	SL	IGREXA DE STA. MARÍA	R	R	1005	506,20 m <sup>2</sup>	149
E	08512	SL	CEMITERIO DE TAMAGUELOS	C	PA	1005	463,16 m <sup>2</sup>	150
E	08505	SL	IGREXA DE STA MARÍA	R	R	1005	490,37 m <sup>2</sup>	156
E	08505	SL	CEMITERIO DE MANDIN	C	PA	1005	606,99 m <sup>2</sup>	157
E	08505	SL	EQUIP ESCOLAR E SOCIOCULTURAL MANDIN	E	MU	1005	2187,42 m <sup>2</sup>	163
E	08505	SL	PISTA DEPORTIVA EN MANDIN	D	PA	1005	1384,89 m <sup>2</sup>	164
E	08504	SL	IGREXA	R	R	1005	447,39 m <sup>2</sup>	169
E	08504	SL	CEMITERIO DE FECES DE CIMA	C	PA	1005	397,15 m <sup>2</sup>	170
E	08503	SL	PISTA DEPORTIVA EN FECES DE ABAIXO	D	PA	1005	1636,74 m <sup>2</sup>	174
E	08503	SL	CAMPO DE FÚTBOL EN FECES DE ABAIXO	D	PA	1005	5762,94 m <sup>2</sup>	175
E	08503	SL	CAPELA	R	R	1005	16,30 m <sup>2</sup>	176
E	08503	SL	ESCOLA INFANTIL DE FECES DE ABAIXO	E	MU	1005	936,90 m <sup>2</sup>	177
E	08503	SL	IGREXA	R	R	1005	376,33 m <sup>2</sup>	179
E	08503	SX	ALFÁNDEGA	SP	ES	1005	3753,53 m <sup>2</sup>	183
E	08503	SL	CEMITERIO DE FECES DE ABAIXO	C	PA	1005	697,50 m <sup>2</sup>	195
E	08514	SX	CASA CUARTEL DA GARDA CIVIL	SP	ES	1003	5049,57 m <sup>2</sup>	199
E	08514	SX	CENTRO SOCIAL DA 3ª IDADE VERÍN	SC	AU	1001	497,76 m <sup>2</sup>	202
E	08514	SX	OFICINAS MUNICIPAIS (ANTIGO MERCADO)	SP	MU	1001	545,25 m <sup>2</sup>	203
E	08514	SX	CASA DO CONCELLO	SP	MU	1008	330,71 m <sup>2</sup>	204
E	08514	SX	CORREOS E TELÉGRAFOS	SP	ES	1008	199,34 m <sup>2</sup>	205
E	08514	SX	CASA DA XUVENTUDE E BIBLIOTECA	SC	MU	1008	1121,73 m <sup>2</sup>	206
E	08514	SX	I.E.S Nº1 CASTRO BARONCELLI	E	AU	1008	12295,27 m <sup>2</sup>	207
E	08514	SX	LONXA AGROPECUARIA	SP	AU	1009	7258,86 m <sup>2</sup>	208
E	08514	SX	HELIPORTO HOSPITAL COMARCAL	SP	AU	1004	3064,09 m <sup>2</sup>	209
E	08514	SL	FOGAR DE STA. MARÍA	AS	PR	1004	18369,10 m <sup>2</sup>	210
E	08514	SX	HOSPITAL COMARCAL	SA	AU	1004	21300,84 m <sup>2</sup>	211
E	08514	SL	ESCOLA INFANTIL O CASTRO	E	PR	1010	1005,60 m <sup>2</sup>	212
E	08514	SL	BALNEARIO DE SOUSAS	T	PR	1009	21062,60 m <sup>2</sup>	213




E_L	ID_ PARROQUIA	SX_SL	DENOMINACIÓN	TIPO	TITULARIDADE	SECCIÓN CENSAL	SUPERFICIE	ID
E	08514	SL	BALNEARIO DE FONTENOVA	T	PR	1009	11593,34 m <sup>2</sup>	214
E	08514	SX	PAVILLÓN DOS DEPORTES E PISCINA MUNICIPAL	D	MU	1010	5196,38 m <sup>2</sup>	215
E	08514	SX	CENTRO DE SAÚDE	SA	AU	1010	1792,14 m <sup>2</sup>	216
E	08514	SX	COLEXIO MARIA INMACULADA	E	PR	1008	8312,25 m <sup>2</sup>	217
E	08514	SX	PISCINA MUNICIPAL	D	MU	1002	8898,23 m <sup>2</sup>	218
E	08514	SX	I.E.S. GARCIA BARBÓN	E	AU	1002	5967,20 m <sup>2</sup>	219
E	08514	SX	ZONA DEPORTIVA MUNICIPAL A GRANXA	D	MU	1002	20427,82 m <sup>2</sup>	220
E	08514	SX	I.E.S. INST. XESÚS TABOADA CHIVITE	E	AU	1002	10823,30 m <sup>2</sup>	221
E	08514	SX	COLEXIO PRINCESA DE ESPAÑA	E	AU	1002	7336,62 m <sup>2</sup>	223
E	08514	SX	AXENCIA TRIBUTARIA	SP	ES	1008	467,26 m <sup>2</sup>	224
E	08514	SX	XULGADO E POLICÍA NACIONAL	SP	ES	1008	347,51 m <sup>2</sup>	225
E	08514	SX	ESTACIÓN DE AUTOBUSES	SP	PR	1010	1634,66 m <sup>2</sup>	226
E	08514	SX	CEMITERIO MUNICIPAL	C	MU	1007	5032,76 m <sup>2</sup>	227
E	08514	SL	IGREXA DE STA. MARIA A MAIOR	R	R	1001	597,13 m <sup>2</sup>	228
E	08514	SX	CASA DO ASISTENTE	SC	AU	1003	214,58 m <sup>2</sup>	229
E	08514	SL	CAPELA DE SAN LÁZARO	R	R	1003	63,35 m <sup>2</sup>	230
E	08514	SX	COLEXIO AMARO REFOXO	E	AU	1001	1485,56 m <sup>2</sup>	231
E	08514	SX	COLEXIO PP. MERCEDARIOS	E	PR	1001	7954,00 m <sup>2</sup>	232
E	08514	SX	EDIFICIO PÚBLICO POLIVALENTE	SC	MU	1008	332,13 m <sup>2</sup>	233
E	08514	SL	CRUZ VERMELLA	AS	PR	1009	201,84 m <sup>2</sup>	236
E	08507	SX	PLANTA TRATAMENTO DE RESIDUOS	SP	CO	1003	9465,65 m <sup>2</sup>	338
E	08514	SL	ESCOLA INFANTIL AMARO REFOXO	E	AU	1008	1371,03 m <sup>2</sup>	342
E	08514	SL	IGREXA DA MERCÉ	R	R	1001	417,64 m <sup>2</sup>	343
E	08502	SL	ERMIDA DE SAN ANTÓN CABREIROÁ	R	R	1009	92,04 m <sup>2</sup>	344
E	08514	SX	CENTRO OCUPACIONAL DA COMARCA	AS	CO	1009	430,17 m <sup>2</sup>	365
E	08514	SX	CENTRO DE HIXENIE FITOSANITARIO	SP	AU	1009	2417,40 m <sup>2</sup>	366

## 5.8. DETALLE DA RELACIÓN DOS ESPAZOS LIBRES E ZONAS VERDES

Os espazos libres do municipio están identificados segundo as tipoloxías L1,L2,L3,L4 e L5 que se corresponden cos tipos L1: áreas de estancia, L2: áreas de xogo, infantís, L3: pequenos parques ou xardíns; L4: parques urbanos e por último L5 que se refire a parques forestas ou fluviais. Están tamén identificadas segundo correspondan ao sistema xeral ou local de espazos o zoas verdes, sen esquecer a localización por sección censal e a superficie de cada un dos espazos libres recompilados, a parroquia onde se localiza e a referencia identificativa do espazo libre ou zona verde. Tan só lembrar que as parroquias veñen identificadas polo seu número de Nomenclátor, sendo estes os seguintes: 08515 corresponde a Vilarmaior do Val, 08514 a Verín, 08513 a Santa Cristina de Tintores, 08512 correspóndelle á parroquia de Tamaguelos, a 08511 a Tamagos, a 08510 a Santa María da Rasela, 08509 San pedro de Queizas, 08508 a San Bartolomeu de Queirugas, a 08507 a San Fiz de Pazos, a



08506 a Mourazos, a 08505 a Mandín, a 08504 a Feces de Cima, a 08503 a Feces de Abaixo a 08502 a Cabreiroá e por último a 08501 Santa María de Ábedes.





E_L	ID_ PARROQUIA	SX_SL	DENOMINACIÓN	TIPO	TITULARIDADE	SECCIÓN CENSAL	SUPERFICIE	ID
L	08515	SX	ESP. LIBRE CAMPO DOS REMEDIOS	L5	PA	1004	21007,58 m <sup>2</sup>	13
L	08515	SL	ESP. LIBRE CAMPO DOS REMEDIOS	L1	PA	1004	13479,82 m <sup>2</sup>	14
L	08515	SX	ESP. LIBRE CAMPO DOS REMEDIOS	L5	PA	1004	30238,45 m <sup>2</sup>	15
L	08515	SX	ESP. LIBRE CAMPO DOS REMEDIOS	L5	PA	1004	50748,08 m <sup>2</sup>	16
L	08515	SL	ESP LIBRE VILARMAIOR	L2	PA	1004	13986,50 m <sup>2</sup>	17
L	08515	SL	ESP LIBRE IGREXA DE VILARMAIOR	L1	PA	1004	250,73 m <sup>2</sup>	19
L	08515	SL	ESP_LIBRE CALDELIÑAS	L1	PA	1004	26,59 m <sup>2</sup>	21
L	08515	SL	ESP.LIBRE XUNTO BALNEARIO ÁREA XOGOS	L2	MU	1004	1389,02 m <sup>2</sup>	23
L	08515	SL	ESP.LIBRE NO SALGUEIRO	L1	PA	1004	302,23 m <sup>2</sup>	25
L	08515	SL	ESP.LIBRE EN SALGUEIRO	L1	PA	1004	112,85 m <sup>2</sup>	27
L	08508	SL	ÁREA DE DESCANSO DA ESTRADA PAR.QUEIRUGAS	L1	PA	1004	21721,41 m <sup>2</sup>	30
L	08508	SL	ESP LIBRE LOCAL SOCIAL	L1	PA	1004	166,24 m <sup>2</sup>	39
L	08508	SL	ESP LIBRE CRUCEIRO QUEIRUGÁS	L1	PA	1004	21,66 m <sup>2</sup>	40
L	08502	SL	ESP. LIBRE EN CABREIROÁ	L2	PA	1005	3171,96 m <sup>2</sup>	48
L	08502	SL	ESP.LIBRE CRUCEIRO CABREIROÁ	L1	PA	1005	46,58 m <sup>2</sup>	49
L	08501	SL	ESP LIBRE ÁBEDES	L1	PA	1004	301,03 m <sup>2</sup>	56
L	08501	SL	ESP LIBRE CRUCEIRO	L1	PA	1004	128,14 m <sup>2</sup>	57
L	08501	SL	ESP LIBRE XOGOS INFANTÍS ÁBEDES	L2	PA	1004	4392,88 m <sup>2</sup>	58
L	08513	SL	PRAZA XUNTO A IGREXA TINTORES	L1	PA	1004	299,31 m <sup>2</sup>	64
L	08513	SX	ÁREA RECREATIVA TÁMEGA EN TINTORES	L5	MU	1004	155660,26 m <sup>2</sup>	71
L	08513	SL	ESP.LIBRE A BEIRA DA ESTRADA TINTORES	L1	MU	1004	292,71 m <sup>2</sup>	76
L	08513	SL	ESP.LIBRE CRUCEIRO VILELA	L1	PA	1004	29,09 m <sup>2</sup>	77
L	08513	SL	ESP.LIBRE DA URBANIZACIÓN VILELA	L1	PR	1004	4252,85 m <sup>2</sup>	78
L	08513	SL	ESP.LIBRE (AIRA) VILELA	L1	PA	1004	166,87 m <sup>2</sup>	79
L	08510	SL	ESP.LIBRE NA ESTRADA N525 A RASELA	L1	PU	1007	1523,81 m <sup>2</sup>	85
L	08510	SL	ESP. LIBRE PARQUE , XOGOS A RASELA	L2	MU	1004	9315,18 m <sup>2</sup>	87
L	08510	SL	ESP.LIBRE NA IGREXA A RASELA	L1	PA	1004	121,89 m <sup>2</sup>	88
L	08507	SL	ESP.LIBRE FRONTE A IGREXA PAZOS	L1	PA	1003	297,76 m <sup>2</sup>	94
L	08507	SL	ESP.LIBRE ÁREA DE ESTANCIA PAZOS	L1	PA	1003	315,87 m <sup>2</sup>	95
L	08507	SL	ESP.LÍBRE NA ESTRADA PAZOS	L1	PA	1003	95,26 m <sup>2</sup>	96
L	08507	SL	PRAZA E ÁREA RECREATIVA INFANTIL PAZOS	L2	MU	1003	3620,31 m <sup>2</sup>	97
L	08507	SL	ESP.LIBRE PAZOS	L1	MU	1003	2128,55 m <sup>2</sup>	98
L	08509	SL	PARQUE (CAMPO DA FESTA) QUEIZAS	L2	MU	1005	5175,86 m <sup>2</sup>	119
L	08509	SL	PARQUE INFANTIL QUEIZAS	L2	MU	1005	1520,08 m <sup>2</sup>	120
L	08509	SL	ESP. LIBRE A BEIRA DA ESTRADA QUEIZAS	L1	MU	1005	1315,99 m <sup>2</sup>	121
L	08509	SL	ESPAZO LIBRE O LADO DA IGREXA QUEIZAS	L1	PA	1005	94,51 m <sup>2</sup>	122
L	08509	SL	ESPAZO LIBRE CRUCEIRO QUEIZAS	L1	PA	1005	111,89 m <sup>2</sup>	123
L	08511	SL	PRAZA TAMAGOS	L1	PA	1005	76,73 m <sup>2</sup>	128
L	08511	SL	PRAZA EN TAMAGOS	L1	PA	1005	173,83 m <sup>2</sup>	129
L	08511	SL	PRAZA EN TAMAGOS	L1	PA	1005	173,29 m <sup>2</sup>	130
L	08511	SL	PARQUE XOGOS EN TAMAGOS	L2	MU	1005	1102,61 m <sup>2</sup>	131
L	08511	SL	ESP. LIBRE EN TAMAGOS (PARADA DE BUS)	L1	PA	1005	126,41 m <sup>2</sup>	132
L	08506	SL	PRAZA ÁREA DE ESTANCIA MOURAZOS	L1	PA	1005	548,17 m <sup>2</sup>	144





E_L	ID_ PARROQUIA	SX_SL	DENOMINACIÓN	TIPO	TITULARIDADE	SECCIÓN CENSAL	SUPERFICIE	ID
L	08506	SL	ESP. LIBRE (FESTA DE S. AMARO) MOURAZOS	L1	PA	1005	3492,64 m <sup>2</sup>	145
L	08506	SL	ESPAZO LIBRE CON FONTE MOURAZOS	L1	PA	1005	298,95 m <sup>2</sup>	146
L	08512	SL	PRAZA CON PALCO TAMAGUELOS	L1	PA	1005	543,57 m <sup>2</sup>	151
L	08512	SL	PRAZA XUNTO A IGREXA	L1	PA	1005	217,14 m <sup>2</sup>	152
L	08512	SL	ESPAZO LIBRE XUNTO A ESTRADA	L1	PA	1005	227,92 m <sup>2</sup>	153
L	08505	SL	ESPAZO LIBRE XUNTO O COLEXIO MANDIN	L1	PA	1005	2046,19 m <sup>2</sup>	166
L	08505	SL	PRAZA XUNTO A IGREXA EN MANDIN	L1	PA	1005	582,82 m <sup>2</sup>	167
L	08505	SL	ESPAZO LIBRE EN MANDIN	L1	PA	1005	398,26 m <sup>2</sup>	168
L	08503	SL	PARQUE INFANTIL EN FECES DE ABAIXO	L2	MU	1005	2650,91 m <sup>2</sup>	188
L	08503	SL	ESPAZO LIBRE A BEIRA DA ESTRADA F. DE ABAIXO	L1	PA	1005	3730,01 m <sup>2</sup>	189
L	08503	SL	PRAZA FECES DE ABAIXO	L1	PA	1005	38,81 m <sup>2</sup>	190
L	08503	SL	PRAZA FECES DE ABAIXO	L1	PA	1005	70,64 m <sup>2</sup>	191
L	08503	SL	PRAZA FECES DE ABAIXO	L1	PA	1005	150,18 m <sup>2</sup>	192
L	08503	SL	ESPAZO LIBRE FECES DE ABAIXO	L1	PA	1005	433,32 m <sup>2</sup>	193
L	08514	SX	E.DEPORTIVO E PRAIA FLUVIAL	L4	MU	1003	11179,83 m <sup>2</sup>	200
L	08514	SX	PARQUE FRONTE O CONCELLO	L3	MU	1008	2495,78 m <sup>2</sup>	340
L	08508	SL	ESPAZO LIBRE EN QUEIRUGAS	L1	PA	1004	1869,01 m <sup>2</sup>	346
L	08508	SL	ESPAZO LIBRE EN QUEIRUGAS	L1	PA	1004	849,92 m <sup>2</sup>	347
L	08514	SX	ALAMEDA	L3	MU	1001	7578,21 m <sup>2</sup>	349
L	08514	SX	ESPAZO LIBRE MARXE DEREITA DO TÁMEGA	L3	MU	1003	3816,99 m <sup>2</sup>	350
L	08514	SX	ESPAZO LIBRE MARXE ESQUERDA DO TÁMEGA	L3	MU	1001	3870,68 m <sup>2</sup>	351
L	08514	SL	E. LIBRE ARREDOR DA CAPELA DE S. LÁZARO	L1	MU	1003	330,21 m <sup>2</sup>	352
L	08514	SL	E. LIBRE CRUCE AV. LUIS ESPADA & R. M	L1	MU	1001	173,71 m <sup>2</sup>	353
L	08514	SL	PRZ. GARCÍA BARBÓN (PRZ. MAIOR)	L3	MU	1001	2550,77 m <sup>2</sup>	354
L	08514	SL	E. LIBRE DA PRAZA DA MERCÉ	L1	MU	1001	1545,13 m <sup>2</sup>	355
L	08514	SL	E. LIBRE R. AMARO REFOJO & M. CARRERO	L1	MU	1001	120,67 m <sup>2</sup>	356
L	08514	SL	E. LIBRE R. DO LAVADOIRO & R. ROSALÍA	L1	MU	1007	232,87 m <sup>2</sup>	357
L	08514	SL	E. LIBRE R. CONSTITUCIÓN	L1	MU	1008	1817,25 m <sup>2</sup>	358
L	08514	SL	E. LIBRE R. IRMÁNS LASALLE	L1	MU	1008	166,67 m <sup>2</sup>	359
L	08514	SL	E. LIBRE DA BIBLIOTECA MUNICIPAL	L1	MU	1008	144,28 m <sup>2</sup>	360
L	08514	SL	E. LIBRE ANEXO A PISCINA MUNICIPAL	L2	MU	1010	1861,12 m <sup>2</sup>	361
L	08514	SX	E. LIBRE PASEO FLUVIAL DO TÁMEGA	L1	PA	1002	1359,89 m <sup>2</sup>	362
L	08507	SX	E. LIBRE PASEO FLUVIAL DO TÁMEGA (DER)	L1	MU	1003	2214,26 m <sup>2</sup>	363
L	08514	SL	E. LIBRE ASOCIADO A CENTRO OCUPACIONAL	L1	MU	1009	871,25 m <sup>2</sup>	364
L	08514	SL	E. LIBRE MUNICIPAL AVDA. PORTUGAL (IES)	L1	MU	1002	392,52 m <sup>2</sup>	367



## 6. INFRAESTRUTURAS.

### 6.1. COMUNICACIÓN

Verín atópase nunha situación xeográfica que lle confire xa, dende o medievo, co camiño de Castela e o paso principal a Portugal polo sueste galego, unha importancia considerable como punto referencial de cruzamento de camiños.

Actualmente está prevista a conexión da autovía das Rías Baixas coa rede de autopistas e vías rápidas portuguesas, o que reforza o papel de Verín como núcleo polarizador da estrema sueste de Galicia.

As características básicas do viario principal existente son as seguintes:

- Autovía **A-52** ou das Rías Baixas (Benavente-Vigo). É de titularidade estatal, cun percorrido polo concello de 9,5 Km.

Atopamos dous enlaces dentro do concello, a saída 160-Verin-Portugal-Oimbra que entronca coa estrada N-532 a dous Km do centro de Verín, e a saída 151-Fumaces-Verin (leste)-Vilardevos coa estrada autonómica Ou-310.

O titular da estrada é o Ministerio de Fomento, pertencendo á rede de autopistas e autovías estatais.

- Autovía **A-75** Verín-fronteira portuguesa (A-24) de recente construción. É de titularidade estatal, cun percorrido polo concello duns 12,5 Km.

Atopamos dous enlaces dentro do concello, o primeiro coa A-52 e a N-532, que é onde comenza a A-75, a dous Km do centro de Verín en dirección sur, e o segundo entre Mandín e Feces de Abaixo a uns 10,3 km do comenzo, conectando coa N-532. esta vía ten continuidade coa Autovía A-24 portuguesa que segue en dirección a Chaves.

O titular da estrada é o Ministerio de Fomento, pertencendo á rede de autopistas e autovías estatais.

- Estrada **N-525** Zamora-Santiago. Atravesa o concello de leste a oeste cun percorrido de 10,3 Km.

Ao seu paso por Verín e Pazos convértese nunha rúa plenamente urbana dotada de beirarrúas, luminarias , aparcadoiros , locais comerciais, etc.

Atópase en bo estado de conservación e ben sinalizada.

O titular da estrada é o Ministerio de Fomento, pertencendo á Rede de Interese Xeral



- Estrada **N-532** Verín-Fronteira Portugal. Parte da vila de Verín e percorre o concello cara ao sur, ata a fronteira con Portugal, pasando polos núcleos de Queizas, Tamagos, Tamaguelos, Mourazos e Feces de Abaixo, cun percorrido de 15 Km.

Está en bo estado de conservación e conta cun ancho suficiente e unha boa sinalización, tanto horizontal coma vertical.

Os tramos interurbanos, dispoñen de beirarrúas e luminarias, estando plenamente integrados na malla urbana.

Nos tramos en que pasa polos núcleos, a estrada está ben iluminada, botándose en falla nalgúns casos a existencia de beirarrúas que permitan unha circulación máis segura para os peóns.

A titularidade é do Ministerio de Fomento, pertencendo á Rede de Interese Xeral

- Estrada **OU-113** Albergueira (OU-111) - Vilar de Barrio. Parte da vila de Verín cara ao norte, pasando polos núcleos de Salgueiro e Caldeliñas percorrendo 4,9 Km ata saír do concello.

O seu primeiro tramo intégrase na malla urbana

Atópase nun estado de conservación regular. Precisa dun repintado e mellora das beiravías.

A titularidade é da Xunta de Galicia e pertence á rede secundaria.

- Estrada **OU-114** Caldeliñas (OU-113)- Campobeceros. Parte da OU-113 á altura do núcleo de Caldeliñas cara o concello de Castrelo do Val, pasando polo núcleo de Vilamaior. Percorre 2,9 Km polo concello.

Pertence á rede secundaria e a titularidade é da Xunta de Galicia.

Atópase en bo estado de conservación.

- Estrada **OU-310** Verín (N-525)-Soutochao. Parte da N-525, no núcleo de Verín cara ao leste, percorrendo 5 Km ata o límite co concello de Vilardevos. Atravesa o núcleo de Abedes.

A titularidade é da Xunta de Galicia e pertence á rede secundaria.

- Estrada **OU-115** Verín (N-525)-Parador Monterrei. Partindo da N-525 en Pazos lévanos cara o norte, ata o castelo e parador de Monterrey.

A estrada inda que ten un bo firme é estreita e cun trazado sinuoso, dado que ten que salvar unha considerable diferenza de altitude. O que por outra banda lle confire un considerable atractivo paisaxístico.

A titularidade é da Xunta de Galicia e pertence á rede secundaria.

- Estrada **OU-1021** Verín (N-525)-Arcucelos (OU-113). Ten unha lonxitude ao seu paso polo concello de 1.1 km. A titularidade é da Deputación Provincial de Ourense.



- Estrada **OU-1014** Verín (N-525-Balneario de Requeixo). Permite o acceso á A-52 no concello de Monterrei. Actualmente estanse a realizar obras de mellora.

A titularidade é da Deputación Provincial de Ourense.

- Estrada **OU-1055** Acceso a Queirugás (N-525). Trátase dun viario interno do concello que dá acceso ao núcleo de Queirugás. Ten unha lonxitude de 2,1 Km, a titularidade é da Deputación.
- Estrada **OU-1007** Mandin-Feces de Cima. Viario da Deputación de Ourense que permite a comunicación da zona sueste do concello unindo o núcleo de Mandín con Feces de Cima e continuando cara o concello de Vilardevós.

Ten unha lonxitude ao seu paso polo concello de 4.37 Km. O estado de conservación é regular, non presentando intensidades de tráfico elevadas.

- Estrada **OU-1010** Oímbra-Rabal (N-532). Tramo de 1,7 Km. ao suroeste do concello.

A titularidade é da Deputación Provincial de Ourense.

- Estrada **OU-1009** Cabreiroa-Vilar de cervos (OU-1011). Viario de 6,1 Km de lonxitude que parte do de Cabreiroá cara o sueste, ata chegar ao núcleo de Vilardecervos, no concello de Vilardevós.

A titularidade é da Deputación Provincial de Ourense.

- Estrada **OU-1011** Verín (N-532)-Oímbra. Viario duns 600 m que parte da saída 160 da autoestrada A-52 en dirección ao suroeste cara o concello de Oimbra.

A titularidade é da Deputación Provincial de Ourense.

Existe no concello ademais do viario citado anteriormente, unha rede de camiños procedentes principalmente das concentracións parcelarias, que son utilizados frecuentemente por vehículos a motor e tamén por ciclistas, dadas as características orográficas da zona.

## 6.2. SERVICIOS URBANISTICOS

### 6.2.1. ABASTECIMIENTO DE AUGA

#### 6.2.1.1. Zona urbana

O concello de Verín dispón dunha estación de tratamento de auga potable, situada preto do río Támega que bombea auga ata uns depósitos que se atopan preto do castelo de Monterrei. O



principal ten unha capacidade de 3.000m<sup>3</sup> situado na cota 487m, e xa na cota 425 atópanse dous máis, cada un con capacidade de 600 m<sup>3</sup>, un deles actualmente en desuso .

Dende estes depósitos a auga potable distribúese a través dunha rede de entubado de distintos materiais (polietileno, fundición dúctil, PVC ou fibrocemento nalgúns casos).

A rede principal é de fundición e ten un diámetro de 200 mm, desta rede perimetral parten ramais de diámetros 150,100 75 e 63 mm. A rede está dotada de bocas de incendios e de rego, repartidas pola rúas da cidade.

Na zona do polígono industrial existe unha captación e un depósito, conectados á súa vez coa rede xeral.

Os depósitos cobren o servizo do solo urbano de Verín e Pazos, e dos núcleos de Abedes, Vilela, Caldeliñas e o Salgueiro.

O concello somete a rede a unha renovación sistemática e progresiva para adaptarse ás novas demandas.

#### 6.2.1.2. Núcleos.

**Abedes:** abastécese dun depósito situado ao leste do núcleo, na cota 523m.

**Cabreiroa:** Conta cun depósito situado ao suroeste do núcleo, á beira da A-52 na cota 403 m. Xusto á súa beira está o que abastece ao núcleo de Queizas, ambos empregan a mesma captación.

**Feces de Abaixo:** Na beira do Támeiga atopamos dúas estacións de bombeo que impulsan a auga ata un depósito elevado, situado no medio do núcleo.

**Feces de Cima:** A rede mantense coa auga dun depósito situado ao norte do núcleo, na cota 453.

**Mandin:** A captación recolle a auga ao noroeste do concello na cota 443 m.

**Mourazos:** A auga recóllese dunha captación preto do regato da Batuca, elevándose mediante bombeo ata un depósito situado ao leste do núcleo, na cota 423m.

**Queirugas:** Dotado dun depósito ao norte do concello, na cota 555 m

**A Rasela:** Ademais de estar conectado a rede xeral de Verín conta cunha estación de bombeo xunto ao hospital comarcal que envía a auga ata un depósito situado ao leste do núcleo na cota 448 m.

**Tamagos:** Ao leste do núcleo atopamos dous depósitos na cota 430 m, que se abastecen dun pozo de barrena, situado á súa beira.

Tamaguelos:

**Tintores:** Dispón dunha estación de bombeo que impulsa a auga ata un depósito elevado.



Aínda se conserva preto do núcleo (pero en estado de abandono) o edificio cos grupos de presión que se empregaban para subministrar auga de rego aos cultivos da concentración parcelaria.

**Vilarmaior:** Conta cun depósito situado ao leste do núcleo, na cota 489.

## 6.2.2. SANEAMENTO

Verín está dotado dun sistema de colectores de distintos diámetros e materiais que recollen as augas residuais domésticas, industriais e pluviais e as verten a un colector xeral que as conduce ata a estación depuradora de augas residuais, situada á beira do Támega. Os colectores principais son de formigón ou pvc con diámetros de 500 mm., destes parten ramais de pvc de 315 ou 400 mm.

A rede xeral recolle as augas do solo urbano de Verín e Pazos, e dos núcleos de Abedes, Cabreiroa, Queizas, A Rasela, Tintores, Vilela, Caldeliñas e O Salgueiro.

Tamén as augas do polígono industrial son vertidas nesta rede, sendo necesario elevalas ata o colector xeral, mediante varias estacións de bombeo.

Estando a facer obras e proxectos de mellora e renovación das redes, tratando de mantelas en bo estado e adaptándoas ás novas demandas.

En canto ao resto dos núcleos, a situación é a seguinte:

- **Feces de Abaixo:** dispón de catro fosas sépticas para evacuar as súas augas residuais. Unha ao norte do núcleo que verte ao Támega, outra xunto a escola infantil na Lama, a terceira atópase xunto ao paso fronteirizo, e a última ao sueste do núcleo, vertendo ao regato de río Pequeno.
- **Feces de Cima:** verte mediante fosa séptica ao río de Feces ou río Pequeno ao sur do núcleo.
- **Mandín:** verte cara o sur do núcleo no regueiro das Videiras, mediante fosa séptica.
- **Mourazos:** actualmente ten unha fosa no regato da Batoca, e estase executando a construción dunha pequena EDAR que pronto estará en funcionamento, vertendo as augas previamente depuradas o Támega.
- **Queirugas:** verte a unha fosa situada ao sur do núcleo no regueiro de Queirugas.
- **Tamagos:** dispón da súa propia EDAR, vertendo as augas, unha vez depuradas, ao río Támega.
- **Tamaguelos:** verte a unha fosa xunto ao río Támega.



- **Vilarmaior:** envía as augas a unha fosa situada ao norte do núcleo, xunto ao Regueiro de Gondulfes.

### 6.2.3. SUBMINISTRACIÓN DE ENERXÍA ELÉCTRICA.

Todos os núcleos do concello dispoñen de subministración de enerxía eléctrica. A empresa subministradora é Unión-Fenosa. O abastecemento –con tensión de 2.000 voltios, en media e 380 en baixa- é de boa calidade, por regra xeral.

Atopamos varias liñas de alta tensión (70000v V.) que penetran no solo urbano ata un centro de transformación que na actualidade está absorbido pola malla urbana, situado na Avenida de Portugal.

### 6.2.4. REDE DE GAS

Inda que Verín non se atopa dentro dos concellos aos que chega a rede de gaseodutos de Galicia, unha empresa privada encárgase de manter unha pequena rede de distribución de gas propano canalizado, que abastece dende o polígono industrial ás principais rúas da cidade de Verín.

### 6.2.5. SERVIZO DE EXTINCIÓN DE INCENDIOS

O parque comarcal de bombeiros presta servizo a comarcas limítrofes facendo un labor solidario e mancomunado, así concibido dende o punto de vista da eficiencia territorial dos recursos humanos e materiais, e para permitir unha xestión conxunta máis organizada.

### 6.2.6. TRATAMENTO DE RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS


Dentro da clasificación recollida no Plan de Xestión de Residuos Urbanos de Galicia 2010-2020 o concello de Verín, debido ao valor do seu indicador de referencia  $I_c = 0.35$  (sostido nunha serie de parámetros poboacionais, xeográficos e socioeconómicos) e polo tanto encadrado no grupo co valor entre 0,21-0,99, é considerado, co fin de facer corresponder a cada concello o custo real da recollida en función das súas características definitorias e particulares, como **Semiurbano**.

En canto ao sistema de recollida selectiva que se dá no concello poderíamos dicir, en xeral, que se trata dun modelo de instalación na beirarrúa de contedores para a recollida de envases xunto aos tradicionais para a fracción xenérica, apoiado nalgúns núcleos, de cara a resolver os problemas que presenta a recollida selectiva no ámbito rural, por outros de cartón e/ou vidro as veces conformando puntos de contribución múltiple. As características da recollida son as seguintes:

Existe servizo de recollida de lixo orgánico en tódolos núcleos, este é prestado por parte da Mancomunidade de Verín para o que conta con distintos medios e cunha frecuencia de entre dúas e tres veces por semana agás na capital onde é diaria segundo a seguinte táboa:

Materia Orgánica		
	Frecuencia de recollida	Días
A RASELA	Dous días semana	
ABEDES	Dous días semana	
CABREIROÁ	Dous días semana	
CALDELIÑAS	Dous días semana	
FECES ABAIXO	Tres días semana	Luns, Mercores e Venres.
FECES CIMA	Dous días semana	
MANDIN	Dous días semana	
MOURAZOS	Dous días semana	
O SALGUEIRO	Dous días semana	
PAZOS	Tres días semana	Luns, Mercores e Venres.
QUEIRUGAS	Dous días semana	
QUEIZAS	Dous días semana	
TAMAGOS	Dous días semana	
TAMAGUELOS	Dous días semana	
TINTORES	Dous días semana	
VERIN	Diaria	
VILAMAIOR	Dous días semana	
VILELA	Dous días semana	

Os residuos recollidos son trasladados á Ecoplanta de residuos urbanos de Verín (Polígono de Pazos) dende onde SOGAMA (Sociedade Galega do Medio Ambiente S.A.) que é unha das entidades encargadas das operacións do proceso de xestión dos residuos sólidos urbanos de Galicia, se fai cargo deles.



En SOGAMA e as súas instalacións procédese á recollida e separación previa dos residuos reciclables, e facilítase a entrega aos recicladores dos materiais que cada cidadán separou no seu domicilio, para posteriormente proceder á valorización enerxética dos non aproveitables. Segundo SOGAMA os datos da recollida facilitados para o último ano serían:





	(Tn/kg)
XANEIRO	382,08
FEBREIRO	344,64
MARZO	396,59
ABRIL	397,75
MAIO	372,79
XUÑO	413,89
XULLO	457,61
AGOSTO	555,97
SETEMBRO	450,71
OUTUBRO	411,94
NOVEMBRO	394,44
DECEMBRO	408,73

En canto á recollida de Envases, é realizada pola Deputación Provincial de Ourense en tódolos núcleos mediante un camión de 16 m<sup>3</sup> de capacidade coa periodicidade recollida na seguinte táboa:

Envases		
	Frecuencia de recollida	Nº Contedores
A RASELA	Cada 15 días	4
ABEDES	Cada 15 días	7
CABREIROÁ	Cada 15 días	2
CALDELIÑAS	Cada 15 días	1
FECES ABAIXO	Cada 15 días	3
FECES CIMA	Cada 15 días	2
MANDIN	Cada 15 días	2
MOURAZOS	Cada 15 días	3
O SALGUEIRO	Cada 15 días	1
PAZOS	1 recollida á semana	8
QUEIRUGAS	Cada 15 días	1
QUEIZAS	Cada 15 días	6
TAMAGOS	Cada 15 días	6
TAMAGUELOS	Cada 15 días	3
TINTORES	Cada 15 días	1
VERIN	Martes-Venres	122
VILAMAIOR	Cada 15 días	1
VILELA	Cada 15 días	3

As cantidades recollidas no ano 2010 e en parte do 2011 son as seguintes:

	2010 (kg)	Poboación (INE 2010)	kg/hab.	2011 (kg)
XANEIRO	6.792,73	14.633	0,46	6.226,73
FEBREIRO	5.853,52		0,40	5.917,35
MARZO	6.582,07		0,45	7.090,87
ABRIL	7.872,19		0,54	8.968,49
MAIO	6.013,43		0,41	8.036,79
XUÑO	6.973,30		0,48	5.999,14
XULLO	7.889,95		0,54	8.356,84
AGOSTO	10.037,23		0,69	10.831,88



	2010 (kg)	Poboación (INE 2010)	kg/hab.	2011 (kg)
SETEMBRO	7.546,26		0,52	8.179,03
OUTUBRO	7.444,95		0,51	
NOVEMBRO	7.095,58		0,48	
DECEMBRO	8.021,40		0,55	

Da recollida do vidro encárgase a empresa DANIGAL, que acude a demanda cando os colectores se atopan cheos. Existen puntos de recollida tanto na capital como en distintos núcleos como é o caso de Pazos, Ábedes, Tamaguelos, Mandín, Feces de Abaixo, Mourazos, Queirugás Vilela e Tintores.

No tocante á recollida monomaterial de papel-cartón, está a cargo da empresa CONGALLE, realizándose esta na capital, Pazos, Polígono de Pazos e Feces cunha frecuencia de entre 5 e 6 veces por mes. Os datos da recollida facilitados pola empresa adxudicataria son os seguintes:

	Kg/mes <sup>47</sup>
XANEIRO	9.420
FEBREIRO	9.380
MARZO	11.340
ABRIL	8.200
MAIO	8.980
XUÑO	11.480
XULLO	11.680
AGOSTO	7.840
SETEMBRO	9.620
OUTUBRO	12.040
NOVEMBRO	11.960
DECEMBRO	13.820

Para a recollida doutro tipo de materiais constrúese un punto limpo no polígono de Pazos en Verín (parcela B14 UTM x: 627.451, y: 4.643.110), coa previsión de que servise para a xestión dos residuos que non se depositan na recollida domiciliaria, tanto deste concello como dos do resto da mancomunidade (Castrelo do Val, Cualedro, Laza, Monterrei, Oímbra e Vilardevós). As instalacións que foron construídas no ano 2005 pola CMATI, son xestionadas por parte da mancomunidade. Trátase dunha central especializada no tratamento de residuos perigosos e/ou voluminosos. Está orientado para que o público en xeral teña libre acceso a el co fin de evacuar eses materiais difíciles de descartarse polas vías normais:

Cristal Poliestireno expandido Envases (latas, bricks...) Entullos de obras menores Madeira	Papel e Cartón Plásticos Restos de podas, segas e vexetais Restos metálicos do fogar Téxtil Vidro	Voluminosos Electrodomésticos con CFC Electrodomésticos sen CFC Pantallas e televisores
---	--	--

<sup>47</sup> Non se inclúe a división entre o número de habitantes ao non abarcar o servizo á totalidade de todos os núcleos do concello.



O obxectivo principal é facilitar ao cidadán e ás empresas unha alternativa que evite os vertedoiros a ceo aberto, os vertidos de desperdicios tóxicos en ríos, mares, etc, prácticas, por suposto, totalmente ilegais. O servizo está aberto aos veciños no seguinte horario:

LUNS	MARTES	MERCORES	XOVES	VENRES	SABADO	DOMINGO
10-13.30	10-13.30	10-13.30	10-13.30	10-13.30	10-13.30	
	16.30-20.15	16.30-20.15	16.30-20.15	16.30-20.15	16.30-20.15	

O Concello de Verín tamén se atopa acollido ao programa de recollida de plásticos agrícolas ( datos a 13/01/2011). Así os agricultores e gandeiros poden depositar os seus plásticos agrícolas no lugar indicado polo Concello. Os residuos acumulados deben ser exclusivamente plásticos agrícolas e estes deben de estar o máis limpos posibles e atados ou recollidos de tal xeito que faciliten a súa recollida. Unha vez que o punto de acopio ten unha acumulación superior á metade da súa capacidade o Concello ponse en contacto coa empresa de recollida para que proceda a retiralos.

A xestión destes residuos realizase nunha empresa ubicada no concello de O Pino (A Coruña). Nesta planta os residuos plásticos lixeiros e non perigosos recíclanse mediante un proceso mecánico polo que se obtén granza. A granza plástica comercialízase para utilizala como materia prima na fabricación de novos produtos plásticos, como bolsas de lixo e tubos de polietileno.

### 6.2.7. TRANSPORTE PÚBLICO

Existen diversas liñas de transporte de viaxeiros tanto de ámbito comarcal e nacional e incluso internacional que teñen como punto de paso a vila de Verín, e que dan conta da importancia e necesidade de contar cunhas instalacións de transporte de viaxeiros acaídas, neste caso da estación de autobuses. Os principais destinos posibles a día de hoxe son os seguintes:

#### **Destinos provinciais:**

- Ourense por Albarellos, Trasmiras, Xinzo de Limia e Allariz.
- Ourense por Castrelo do Val, Laza, Vilar de Barrio, Arnude e Maceda.
- Feces de Abaixo.
- Tamagos, Oímbra e Videferre.
- Lamas , Cualedro, Rebordechao, Xinzo de Limia.
- Vilaza
- Albarellos, Salgueira, Medeiros, Flariz, A Madanela e San Cristovo.
- Cabreiroá, Vilar de Cervos, Feces de Cima, Mandín, Rabal, San Cibrao.
- Arcucelos-Vences.
- Vilameá, Laza, Soutelo Verde, Castro, Naveaus.
- Vilar de Cervos, Vilardevós, Soutochao e Moialde.
- Vilarello, Florderrei e Terroso.

#### **Destinos autonómicos:**

- Vigo
- Santiago de Compostela
- A Coruña
- Destinos nacionais:
- Madrid e enlaces para Valencia.



- Valladolid, Palencia, Burgos, Logroño, Zaragoza, Lleida, Barcelona, Tarragona, e Port Aventura.
- Vitoria, Bilbao, san Sebastián, Pamplona e Irún.
- Zamora, Salamanca, Plasencia, Cáceres, Mérida, Sevilla, Cádiz, San Fernando, e Alxeciras.

**Destinos internacionais:**

- París
- Andorra
- Alemaña
- Bélxica
- Holanda
- Suiza

O Concello de Verín tamén se atopa incluído no programa de transporte escolar compartido (coñecido como Tes + bus) contando coas seguintes cinco liñas:

<b>LIÑAS PROGRAMA TES + BUS (VERIN)</b>
<b>Vences-CEIP Princesa de España</b>
Vences
Estevesiños
Mixos
A Pousa
Pazos Cuartel
CEIP Princesa de España.

<b>Salgueiro-CEIP Princesa de España</b>
Salgueiro
Caldeliñas
Tintores
Vilela
Muiño da Veiga
CEIP Princesa de España.

<b>Guimarei-CEIP Princesa de España</b>
Guimarei
Infesta
Albarellos
Vilaza
CEIP Princesa de España.

<b>Rotonda de C.I.-CEIP Princesa de España</b>
Rotonda de C.I.
Cabreiroá
Mandín
Feces de Cima
CEIP Princesa de España.



<b>Queirugás-CEIP Princesa de España</b>
Queirugás (Marquesiña)
Cruz Vermella (Marquesiña)
A Rasela (Marquesiña)
CEIP Princesa de España.

Tamén se implantaron diversas rutas de NOITE BUS que anlazan Verín con Xinzo e Allariz así como diversos núcleos da comarca con Verín.

Ademais existen 18 licenzas de taxi coas seguintes paradas : Praza do Concello, Praza da Merced, Estación de Autobuses e Hospital Comarcal tendo carácter obrigatorio todas agás a da Praza da Merced. Tamén se declara a existencia dunha parada no núcleo de Feces de Abaixo.

As estacións de ferrocarril máis próximas son as de Campobeceros no veciño concello de Castrelo do Val situada a uns 22 km, e a da A Gudiña onde teñen parada trens de longo percorrido no eixo Madrid- Coruña ou Vigo fundamentalmente e que dista uns 30 km da Vila de Verín. Con todo a principal estación da provincia segue a ser a da cidade de Ourense e aínda que se atopa a maior distancia (uns 75 km) que as outras ofrece un maior número de destinos.

#### 6.2.8. CENTROS DE ATENCIÓN SOCIAL

A continuación relacionanse os distintos centros de atención social existentes e as características máis relevantes dos mesmos:

##### **Casa da xuventude:**

Centro dende onde se prestan o conxunto de intervencións, programas, servizos e prestacións que integran o catálogo de servizos sociais. As áreas de atención son: familia, infancia e adolescencia, muller, persoas maiores, discapacidades, dependencia, minorías étnicas, ex-reclusos, inmigrantes.

Os programas básicos de actuación son:

- Programa de Información e Orientación.
- Programa de Inserción Social.
- Programa de animación, prevención e cooperación social.
- Programa de convivencia alternativa.
- Programa de Axuda no fogar.
- Dependencia: servizos complementarios, xantar na casa, teleasistencia, e transporte adaptado.

##### **Casa de servizos sociais da Mancomunidade:**

Servizos mancomunados: atención temperá, psicóloga e Logopedia.

##### **Centro ocupacional de discapacitados psíquicos:**

Dependencia: fundación para a protección de discapacitados psíquicos de Verín e comarca.

Servizos: talleres e centro ocupacional, comedor e transporte. 15 prazas.

**Centro socio-comunitario (Xunta de Galicia):**

Centro para a reunión da comunidade con actividades de información, prevención, entretenemento e actividades culturais, formativas e lúdicas. Os usuarios principais soen ser persoas maiores.

**Cruz Vermella Verín**

Centro de día Menores. Ofrece aloxamento diurno, alimentación, vestimenta, transporte, apoio escolar e actividades extraescolares e atención ás familias entre outros. Atención aos menores en réxime de centro de día como alternativa ao internamento para evita-lo desarraigo familiar favorecendo que se manteñan no seu entorno.

**Morea (Asociación de familiares e enfermos mentais)**

Titularidade privada. Centro de Rehabilitación Psicosocial e Laboral. Integración social fomentando a autoestima o autocontrol e a autonomía dos usuarios a través de diferentes módulos e programas específicos (terapia ocupacional, Psicoeducación , etc.)

**Fogar “Santa María” (residencia de anciáns).**

Centro de tipo mixto para válidos e asistidos dunhas 200 prazas. A titularidade é privada e ofrece os seguintes servizos: excursións, ATS/DUE, sala de xogos, servizo médico, perruquería, podoloxía, rehabilitación etc.

**F.E.M.U.R.O (Federación Provincial de Mulleres Rurais de Ourense)**

Información e orientación ás mulleres da comarca (asociacionismo, formativo, laboral, familiar, igualdade, etc.)

**CARITAS DIOCESANA VERIN.**

Prestación de servizos de apoio ao emprego, acollida, atención primaria e atención de base, comercio xusto, promoción dos dereitos sociais, atención ás persoas maiores etc.

**Gardería infantil “Pinocho”.**

Centro de titularidade privada de 30 prazas.

**Escola infantil O Castro-Verín.**

Centro de titularidade privada de 44 prazas.



## 7. AFECCIÓNS

### 7.1. PLANEAMENTO EXISTENTE.

#### 7.1.1. PLANEAMENTO NO CONCELLO DE VERÍN

O anterior Plan Xeral de Ordenación Municipal de Verín (PXOM) con data de aprobación definitiva do 03/08/1998, sufriu varios cambios de importante consideración a través de modificacións puntuais aprobadas con posterioridade á redacción daquel e que se citan nos seguintes apartados. Actualmente o estado dese PXOM, logo das modificacións puntuais oportunas, así como de varias incidencias xurídicas é de anulación total, estando vixentes nestes intres as NSM municipais de 1986.

Así pois, as modificacións que sufriu o Plan Xeral de Ordenación Municipal foron as que seguen:

<b>P.X.O.M.</b>	<b>03/08/1998</b>
M.P. PXOM	<b>22/11/2000</b>
M.P. PXOM NUM 1	<b>12/07/2001</b>
M.P. PXOM NUM 2/2001	<b>04/12/2001</b>
M.P. PXOM POLIGONO COMERCIAL E INDUSTRIAL	<b>26/09/2002</b>

A modo de resumo do acontecido nestes 7 últimos anos dende a aprobación do PXOM, pódese facer unha sinxela análise:

- O núcleo urbano ten acadado unha ocupación significativa do solo consolidado vacante, aínda que está pendente de execución boa parte do solo de ordenación directa, e practicamente todo o solo pendente de xestión posterior (aínda que se redactaron e aprobaron algunhas figuras de xestión) e cómpre sinalar que se ten redactado e aprobado unha das figuras de planeamento secundario previstos en grandes ámbitos, (Plan Especial do Casco Histórico).
- Algúns dos núcleos rurais si se foron ampliando nestes últimos anos (ás veces dun xeito un tanto excesivo) polo que cómpre axustar as súas delimitacións (dentro dos límites sinalados pola nova lexislación que permite regular os parámetros de expansión) á realidade edificatoria existente e a súa previsión de crecemento no horizonte de vixencia do PXOM, segundo a LOUG.
- O solo urbanizable previsto no PXOM tampouco se xestionou (agás o industrial), aínda que o centro de servizos do transporte non foi ocupado polo de agora por empresa algunha, nin tan sequera se rematou a urbanización.
- O solo rústico non se ve moi afectado neste caso polas esixencias da LOUG.



No que se refire ao planeamento de desenvolvemento do PXOM, redactado e tramitado ata hoxe, podemos recoller o seu estado na listaxe seguinte:

Figuras de planeamento de desenvolvemento:

<b>FIGURA:</b>	<b>Data (Aprob. Definitiva)</b>
P.P. POLÍGONO INDUSTRIAL C-I	02/12/1986
P.P. DE ORDENACION, CENTRO DE SERVICIOS DO TRANSPORTE	26/07/2001
P.E. DE PROTECCIÓN E REFORMA INTERIOR DO BARRIO DE SAN LÁZARO E NÚCLEO ANTIGO	27/10/2003
M.P. PP POLÍGONO INDUSTRIAL C-I	12/03/1990
E.D. POLÍGONO 01 DA AR-29	30/05/2001

### 7.1.2. PLANEAMENTO NOS CONCELLOS LIMÍTROFES

O concello de Verín linda con outros catro concellos (Oimbra, Castrelo do Val, Monterrei e Vilar de Vos) ademais de facelo coa fronteira de Portugal. Por cuestións obvias, a situación do planeamento no estado veciño non é motivo desta análise pero si os dos restantes concellos cos que linda, todos eles integrados dentro da comarca de Verín á que teríamos que engadirlle ademais os concellos de Laza, Cualedro e Riós.

Estes concellos aínda que nun ámbito territorial similar definido pola depresión de Verín e de Monterrei, acadan diferentes niveis de planeamento como se pon de manifesto no seguinte cadro:

<b>Estado do planeamento nos concellos limítrofes:</b>		
	<b>FIGURA</b>	<b>DATA APROBACIÓN</b>
<b>Monterrei</b>	NSMP	27/09/1989.
<b>Castrelo do Val</b>	PXOM	16/12/2008.
<b>Vilardevós</b>	PXOM	16/12/2008.
<b>Oímbra</b>	-	(Sen planeamento).

- Dous deses concellos (Castrelo do Val e Vilardevós) teñen aprobado un plan xeral ao abeiro da Lei 9/2002 en tanto Oímbra non dispón de planeamento de ningún tipo.
- O cuarto concello limítrofe tamén conta con algunha figura de planeamento municipal, aínda que non adaptada á LOUG é Monterrei. Non obstante dende a aprobación da dita figura (1989) xa se tramitaron dúas leis do solo e diversas modificacións da LOUG, co cal se pode considerar totalmente desfasada con respecto á realidade da lexislación urbanística.





## 7.2. LEXISLACIÓN SECTORIAL

Amén da lexislación urbanística é preciso ter en conta a lexislación sectorial que no caso de Verín afectaría aos ámbitos seguintes:

- Protección de Patrimonio
- Espazos naturais
- Estradas
- Augas
- Liñas eléctricas de alta e media tensión.
- Instalacións de telecomunicacións
- Montes.
- Farmacias.
- Gasolineiras.
- Gaseodutos

Non lle afecta a lexislación de Portos, Costas, Instalacións Aeronáuticas e Instalacións Militares, por non existir usos ou ámbitos deste tipo ou xurisdición.

### 7.2.1. PATRIMONIO HISTÓRICO-ARTÍSTICO

#### 7.2.1.1. Protección xenéricas

1.- A Lei 3/96, do 10 de maio (DOG 23 de maio), de protección dos **Camiños de Santiago**; esta lei singular dítase para a delimitación, conservación e uso dos tramos dos camiños de Santiago que discorren por Galicia: o francés, o portugués ou Vía da Prata<sup>48</sup>, o do norte, o de Fisterra, o inglés, e a ruta do mar de Arousa e Ulla.

2.- Os hórreos, cabazos ou cabaceiros de máis de 100 anos de antigüidade foron declarados Bens de Interese Cultural polo Decreto 449/1973 do 22 de febreiro.

3.- As covas, abrigos e lugares que conteñan manifestacións de arte rupestre (art. 40.2 da lei 8/1995 do Patrimonio Cultural de Galicia).

---

<sup>48</sup> Á vila de Verín chegan os camiños procedentes de Feces de Abaixo e Tomonte, respectivamente, primeiros núcleos galegos das dúas variantes do camiño procedente de Portugal.



4.- Todos os escudos e brasóns, pedras heráldicas e pezas similares de interese histórico-artístico de máis de 100 anos, están protexidos polo Decreto 571/1963, de 14 de marzo, tendo a consideración de bens de interese cultural pola disposición adicional segunda da lei 16/85, do 25 de xuño, do Patrimonio Histórico Español.

O Inventario do Patrimonio Histórico-Artístico do concello de Verín figura nas Normas Subsidiarias Provinciais das catro provincias galegas, publicado no DOGA número 134, do 15 de xullo de 1991, constando dos seguintes elementos ou conxuntos:

#### ARQUEOLOXÍA

##### CASTREXO:

- Castro da baixada de S. Jose (Cabreiroá)
- Castro da Igrexa dos Mouros ou Bouzadoiro (Cabreiroá).

#### ARTE

##### ARQUITECTURA RELIXIOSA:

- Igrexa de S. Pedro (Queizas)
- Igrexa de Sta. María (Verín)
- Igrexa de Sta. María (Ábedes)
- Igrexa de Sta. María (Feces de Abaixo)
- Igrexa de Sta. María (Mandín)
- Igrexa de S. Fiz (Pazos)
- Convento de Mercedarios – Igrexa de S. Mamede (Verín).
- Santuario Mariano (Vilarmaior do Val).
- Capela (Abedes)
- Igrexa de S. Salvador (Ábedes)
- Igrexa (Feces de Cima)
- Igrexa de Sta. María (Tamagos)
- Igrexa de Sta. María (Tamagelos)
- Igrexa de Sta. María (Tintores)
- Capela de San Lázaro (Verín)
- Igrexa de Santiago (Verín).
- Igrexa de S. Bartolomeu (Queirugas)
- Igrexa de Sta. María (Rasela)
- Igrexa de S. Martiño (Mourazos)

Ademais temos o Catálogo do PXOM DO 98, que contempla bastantes máis elementos:

- Reitoral de Verín
- Sta María a Maior
- Igrexa da Merced
- Capela de San Lázaro
- Cruceiro na estrada. Verín-Portugal
- Casa na rúa Maior 1 e 3 Verín
- Casas en García Barbón Verín
- Casa nº 26 en rúa Maior Verín
- Casa con escudo rúa Maior Verín
- Casa do asistente
- Casa nº 25 en rúa Maior



- Casa con escudo rúa Maior
- Casa Toubes rúa Luis Espada
- Casa nº 12 rúa Luis Espada
- Casa nº 11 rúa Luis Espada
- Casa nº 53 rúa Luis Espada
- Casa nº 28 rúa Luis Espada
- Casa del Perú estrada de Portugal
- Casa dos Acevedo en García Barbón
- Reitoral de Cabreiroá
- Igrexa parroquial de S. Salvador en Cabreiroá
- Templete de Cabreiroá en Cabreiroá
- Balneairo de Cabreiroá
- Casa e Cruceiro de Vilarmaior
- Igrexa parroquial de Vilarmaior
- Casa en Vilarmaior
- Cruceiro en Vilarmaior
- Santuario Mariano
- Igrexa parroquial de S. Salvador en Caldeliñas
- Reitoral en Queirugas
- Igrexa parroquial de Queirugas
- Casa reitoral de Pazos
- Igrexa parroquial de Pazos
- Cruceiro en Pazos
- Casa con escudo en Pazos
- Capela de S. Gregorio en Pazos
- Cruceiro en Pazos
- Igrexa parroquial de Tintores
- Capela de Sta Maria en Vilela
- Cruceiro en Vilela
- Igrexa parroquial en Feces de Cima.
- Muíño de aceite en Feces de Cima.
- Igrexa parroquial en Mourazos
- Igrexa parroquial en Mandín
- Peto de S. Miguel e Virxe do Rosario.
- Igrexa parroquial da Rasela
- Casa reitoral de Ábedes.
- Igrexa parroquial de Ábedes.
- Capela en Ábedes
- Capela de S. Antón en Ábedes.
- Igrexa parroquial de Tamaguelos
- Cruceiro Tamaguelos
- Casa dos Sete Frades
- Peto de ánimas de Tamaguelos
- Muíño de aceite de Tamaguelos
- Castro da Baixada de San Xosé
- Castro de Igrexa dos Mouros ou Bouzadoiro
- Casa parroquial de Queizas
- Igrexa parroquial de Queizas
- Reitoral de Tamagos
- Igrexa parroquial de Tamagos
- Casa de Granxiña en Tamagos
- Cruceiro en Tamagos
- Igrexa parroquial de Feces de Abaixo



- Casa dos Panchos en Feces de Abaixo
- Casa dos Castellanos en Feces de Abaixo
- Casa reitoral de Tamaguelos

Aínda así, coidamos que faltan elementos de grande significación, merecedores de protección máis detalladas: arqueolóxicos, edificacións de interese repartidas polo concello, muíños, fontes, hórreos, pombais, cruceiros, etc, polo tanto o PXOM vai aumentar notablemente esta relación de elementos a protexer.

### 7.2.2. ESPAZOS NATURAIS

Non se observa ningunha figura de protección dos espazos naturais para o concello de Verín no documento das Normas Complementarias e Subsidiarias de Planeamento da provincia de Ourense. No entanto, o concello conta na actualidade cunha ampla extensión de espazos de especial interese ambiental e paisaxístico sobre todo nos contornos próximos á canle do río Támega e zonas de encharcado próximas. (ver apartado de Estudo do Medio Rural da memoria informativa).

A tal efecto, aparecen recollidos no Catálogo de Humidais de Galicia (IHG. Xunta de Galicia) onde os humidais do Támega forman un Complexo Aluvial que ten catorce espazos catalogados, dos cales 11 pertencen ao termo municipal de Verín. Todos estes humidais están formando parte do espazo protexido integrante na Rede Natura 2000 río Támega.

### 7.2.3. ESTRADAS

Existen catro vías de ámbito estatal: a autovía A-52, a autovía A-75, a estrada N-525 e a estrada N-532 ás que lle será de aplicación o disposto na Lei de Estradas (Lei 22/1988, do 28 de xullo).

Nas estradas de titularidade autonómica, OU-113, OU-310, OU-115, OU-114, será de aplicación o disposto na Lei de Estradas de Galicia (Lei 4/1994 de 14 de setembro).

Para o caso das vías das que é titular a Deputación Provincial, estarase tamén ao disposto pola Administración Provincial, e máis en concreto, no contido da Ordenanza Reguladora do uso e defensa das estradas provinciais (publicada no BOP de Ourense, o 7 de febreiro do 2002) e no anuncio do BOP de 25 de Xaneiro de 2007 no que se redennominan e clasifican as estradas provinciais. O resto das estradas son locais.



#### 7.2.4. AUGAS

É de aplicación aos cursos de auga e regatos do concello o disposto sobre o réxime de augas de superficie na vixente Lei de Augas (Lei 29/1985 de 2 de agosto) e a lei de ribeiras de ríos e regatos (Lei de 18 de outubro de 1991)

#### 7.2.5. INSTALACIÓN ELÉCTRICAS DE ALTA E MEDIA TENSIÓN

Existen no concello varias liñas de alta e media tensión, séndolle de aplicación o disposto no R. D. 1995/2000 do 27 de decembro. (B.O.E. 27/12/2000 arts.157 a 162).

#### 7.2.6. INSTALACIÓNS DE TELECOMUNICACIÓNS

Posto que están instaladas no concello antenas de telefonía móbil é de aplicación a Lei 32/2003, de 3 de novembro da Xefaturas do Estado Xeral de Telecomunicacións (B.O.E. 4/11/2003).

#### 7.2.7. MONTES

Regulados pola Lei 10/2006, de 28 de abril (B.O.E. 29/4/2006), pola que se modifica a Lei 43/2003 de Xefatura do Estado de 21 de novembro, de Montes (B.O.E. 22/11/2003).

#### 7.2.8. GASODUTOS

Será de aplicación o disposto na Lei 34/1998 de Hidrocarburos (BOE: 08/10/90).